Os Eoas

Eduardo Pondal

Edición de Manuel Ferreiro

Tomo I

Letras
DA ACADEMIA

galaxia

sc 38560

LETRAS DA ACADEMIA

Con este título, a Real Academia Galega publica unha colección literaria que ten como obxectivo fundamental editar textos e documentos que obran nos arquivos da institución, certamente ricos en inéditos e en páxinas impresas de moi exigua circulación. Ó exhumarmos ou reeditarmos certos textos, ofrecemos a investigadores e estudosos páxinas que esclarecerán capítulos importantes da historia literaria de Galicia.

Primeiros títulos:

Eduardo Pondal, *Os Eoas* (ed. de Manuel Ferreiro e estudos de Manuel Forcadela e Xosé Ramón Pena).

Antonio de la Iglesia, *Poesías* (ed. de M.ª Rosa Saurin de la Iglesia).

M. Curros Enríquez, *Cartas* (ed. de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda), de próxima aparición.

EDUARDO PONDAL
POESÍA GALEGA COMPLETA
IV
OS EOAS

Edición de Manuel Ferreiro

REAL ACADEMIA GALEGA

galaxia

SC 38560

sc 38560

POESÍA GALEGA COMPLETA IV
OS EOAS

CLÁSICOS GALEGOS

EDUARDO PONDAL

POESÍA GALEGA COMPLETA
IV
OS EOAS

Edición de Manuel Ferreiro

REAL ACADEMIA GALEGA

galaxia

R 26109 RAG, 2005

Coeditan
Real Academia Galega e Sotelo Blanco Edicións, S. L.

sotelo blanco
edicións

25 anos coa cultura galega
1980-2005

© PARA ESTA EDICIÓN, SOTELO BLANCO EDICIÓNS S/L, 2005
SAN MARCOS, 77 15820 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEL. 981 582 571 FAX 981 587 290

DESEÑO DA COLECCIÓN: FRANCISCO MANTECÓN

ESTE LIBRO COMPÚXOSE NO ORDENADOR DA EDITORIAL
UTILIZANDO TIPOS GARAMOND DE VARIOS CORPOS
E CUN ENTRELIÑAMENTO DE 13 PUNTOS,
E IMPRIMIUSE SOBRE PAPEL OFFSET EDITORIAL CREMA DE TORRAS PAPEL
EN IMAGRAF ARTES GRÁFICAS, SANTIAGO DE COMPOSTELA.
A ENCADERNACIÓN REALIZOUSE EN LIBRO CARTÓN,
DE BERGONDO (A CORUÑA).

ISBN: 84 - 7824 - 477 - 8
DEPÓSITO LEGAL: C - 2824 - 2005

ESTUDO INTRODUTORIO

EDUARDO PONDAL E *OS EOAS*

O poema *Os Eoas*[1] constituíu, con certeza, o elemento axial da obsesión creativa de Eduardo Pondal, que, por razóns socioculturais, literarias e mesmo políticas, iniciou desde o principio da súa vida literaria a construción dun poema épico que funcionase como referencia fundacional para a 'nova' literatura galega que rexurdía, cunha función semellante á exercida por *Os Lusíadas* na literatura portuguesa clásica (e posterior).

As propias declaracións do poeta, así como as referencias (públicas e privadas) dos contemporáneos, foron dotando este poema épico dunha auréola mítica que se consolidou e acrecentou ao longo do século XX polo feito de aparecer como a grande obra nacional inacabada, a obra definitiva que nunca chegara a ver a luz.

Para alén de breves mostras que o poeta publicou en vida —as trece oitavas do *Ensayo (Fracmento de un poema)*[2]

[1] Con diversos títulos até chegar ao definitivo: *A América Descuberta* (1864); *Colón* (*vid.* M. MURGUÍA, *Historia de Galicia*, vol. I, Lugo, Soto Freire, 1865, p. 293); *Os Hespéridas* (*vid.* R. CARBALLO CALERO, «Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal. 'A América Descuberta'», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1968, XXIII, p. 299).

[2] *Vid.* «Ensayo. Fracmento de un poema», en R. OTERO: *Galicia Médica*. Entrega 3ª, Santiago, Imp. y Lit. de D. Juan Rey Romero, pp. 79-82. A primeira noticia sobre

en 1857 e as trinta e seis oitavas do Canto V d'*A América Descuberta* en 1864[3]—, ademais das probas de imprenta —oitenta e catro oitavas, algunhas con diferentes versións— que se conservan na Real Academia Galega [RAG] e no Arquivo Parga Pondal [APP] e que se poden datar en 1885, os materiais coñecidos d'*Os Eoas* constituían un conxunto extremadamente complexo, desorganizado e multiforme, por canto se mesturan moi diversos estratos de redacción ao longo dos millares de papeletas conservadas no arquivo de D. Isidro Parga Pondal[4] e, sobre todo, na institución académica.

Por outra parte, como veremos máis adiante, ao longo do século XX foron aparecendo inicialmente algunhas mostras moi limitadas da produción épica pondaliana: no xornal coruñés *El Ideal Gallego,* Carré Aldao reproduce o texto do canto XXV (correspondente á versión definitiva, *vid. infra*), e, posteriormente, Ricardo Carballo Calero en 1961 e 1968 e mais Amado Ricón en 1971 ofreceron ao público novas mostras (éditas ou inéditas) destes materiais previos do poema. O proceso de reapropiación da obra épica pondaliana semellou culminar en 1992 coa publicación por parte do último estudoso dunha versión «completa» (1.124 oitavas reais!) d'*Os Eoas* (prudentemente subtitulada *Unha aproximación*).

---

este ensaio pondaliano pode verse en T. LÓPEZ, / M. FERREIRO, «Pondal publicou un adianto do que foron 'Os Eoas' no 1857», *A Nosa Terra,* Vigo, 12-4-1988, p. 338.

[3] *A América Descuberta. Canto V. Fragmento,* s.l., s.d. Moi probabelmente publicado en 1864, como parece indicar a petición de comentarios a Murguía en dúas cartas de Pondal: «Dígame V. también algo sobre mi Fragmento del poema a Colón» (25-9-1864 [RAG]), ou «Espero que V. mire con ojos severos mi trabajo último. Decirme la verdad; sólo a ésta busco» (18-9-1865 [RAG]). As cartas inéditas levan a indicación RAG, mentres que as citacións da correspondencia emitida ou recibida por Pondal en que só se indica a data están tiradas das cartas (ordenadas cronoloxicamente) publicadas en M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia),* Santiago de Compostela, Laiovento, 1991, pp. 73-253.

[4] Recentemente doado á Real Academia Galega por D. Jorge Peinador Parga, fillo de D. Isidro Parga Pondal.

Fronte a esta realidade fragmentaria, reconstruída e/ou arbitraria, a afortunada recuperación do fondo pondaliano existente na Real Academia Galega permitiunos o achado, case 90 anos despois da composición final, da versión definitiva do poema que Eduardo Pondal preparara nos derradeiros anos da súa vida.

Datado entre 1912 e 1914, segundo testemuñan claramente a entrevista realizada ao poeta en *La Voz de Galicia* e mais algunhas cartas alusivas a esta versión (*vid. infra*), o texto épico derradeiro aparece no horizonte lingüístico, cultural e literario galego como a confirmación obxectiva da existencia dunha versión definitiva do poema en que Pondal traballou case sesenta anos da súa vida: «Xa sabedes que á empezou ben mozo, e que nela ocupou á vida enteira».[5]

HISTORIA D'*OS EOAS*

Desde que Eduardo Pondal, entre 1857 e 1864, isto é, aos vinte e dous e vinte e nove anos de idade, respectivamente, publicara os breves fragmentos d'*Os Eoas* que xa referimos, temos de agardar quince anos para achar as primeiras alusións ao poema épico. Efectivamente, durante este primeiro período, non aparecen referencias á obra, até que en 1880 comezan os comentarios sobre unha redacción que o bergantiñán parecía ter acabada.

Así, na coruñesa *Revista de Galicia* (10-5-1880), dirixida por Emilia Pardo Bazán, xa se fala da terminación do poema épico: «Parece que el Sr. D. Eduardo Pondal, cuyas poesías gallegas revelan tanta inspiración, ha terminado un poema que pronto verá la luz».[6] E no final deste mesmo ano, o xor-

[5] *Cfr.* M. MURGUÍA, «Eduardo Pondal e a sua obra», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1933, 248, p. 189.

[6] *Cfr.* «Un nuevo poema», p. 80.

nal santiagués *Gaceta de Galicia* (14-12-1880) confirma a noticia:

> Además del poema intitulado «Os Eoas» que en breve publicará el conocido poeta D. Eduardo Pondal, tiene este Señor escritas dos colecciones de versos destinadas igualmente á ver la luz pública.
>
> Esto nos demuestra que el Sr. Pondal no se duerme, y que á la inversa, da señales de estar bien despierto y de que no es de los que menos trabajan.

E no ano seguinte, comezan as preguntas sobre *Os Eoas*, asunto que preocupa a Rosalía de Castro (10-7-1881):

> Y a propósito de esto, ¿cuándo saldrá a luz el poema que tiene V. anunciado? Yo lo espero con ansia hace tiempo, y lo mismo les pasa a todos los amantes de la verdadera poesía y que desean refrescar el entendimiento con algo selecto y delicado. V., que es de los verdaderos elegidos, es el que no deve dormirse ni un día; no nos haga, pues, esperar mucho la publicación de su obra que supongo, a juzgar por su índole y el amor con que V. parece tratarla, ha de superar todavía en mérito a las que todos conocemos.

Pondal continúa a traballar no poema, como lle comunica en carta a Murguía (13-11-1881) desde A Ponteceso: «estoy en mi nativo y rústico albergue de Puente-Ceso, en cuya soledad paso el tiempo en dar cima a mi poema *Os Eoas* y en recordar frecuentemente aquellos amigos que, como V., tanto valen y tengo en tanta estima».

Nos anos seguintes multiplícanse os comentarios e preguntas dos amigos, que insisten con teimosía na cuestión. Deste xeito, pregúntalle Benito Losada (17-2-1883): «¿Cómo están esos *Eoas*? Sacuda un poco la pereza y háganos saborear pronto sus delicados versos»; e insiste José Valdés Díaz —amigo do Bardo e esposo de súa curmá Eduarda Abente

Lago— en dúas ocasións: a primeira, citando unha noticia de *El Clamor del País*, xornal coruñés: «Decía el *Clamor* que ya estaba acabado el poema. ¿Es cierto? Ésa sería otra buena noticia, porque ya sabe cuánto me complacerán los triunfos literarios que con los *Eoas* le esperan» (20-4-1885); a segunda, con motivo doutra noticia aparecida en *La Voz de Galicia*: «He visto en la *Voz* sus composiciones; adelante y vengan los *Eoas*. Ésta es tarea más permanente y más digna de aprecio que esos continuos trabajos de tejer y destejer en que pasan el tiempo los políticos» (19-6-1885).

Estes primeiros apelos á publicación d'*Os Eoas* semellan dar resultado, pois, no mes de outubro, unha carta de Eusebio Alonso, director de *Galicia Liberal. Periódico Republicano Independiente* (Santiago), certifica que se estaban imprimindo as oitavas do poema.

> Pongo de paso en su conocimiento que he trasladado la imprenta y demás oficinas, que antes estaban en la Virgen de la Cerca (esquina a la Enseñanza), a la Raíña, núm. 12 (mismo detrás del Café del Siglo), por si V., aunque esté fuera, quiere ir continuando las pruebas de su magnífico poema *Os Eoas* (28-9-1885).

Foi este, de todos os xeitos, un intento fracasado, como mostran os restos das probas de imprenta conservadas na RAG e no APP —xa citadas—, que constitúen un conxunto fragmentario de oitenta e catro oitavas, moitas delas con novas e obsesivas correccións autógrafas do poeta.[7]

Pouco despois, Manuel Murguía publica *Los Precursores* na colección da 'Biblioteca Gallega' de Martínez Salazar e Fer-

[7] Estas probas deben corresponder á impresión de que fala Eusebio Alonso, aínda que BOUZA BREY («Camões e Pondal», *Nós*, 15-2-1935, 134, p. 26) e CARBALLO CALERO («Os Eoas», en *Miscelánea de Estudos a Joaquim de Carvalho*, Figueira da Foz, Biblioteca-Museu Joaquim de Carvalho, 1960, 4, p. 408) as relacionen coa imprenta de Martínez Salazar, editor dos *Queixumes*.

nández Latorre. Neste volume, o historiador e amigo do poeta dedica un capítulo a Eduardo Pondal, citando, loxicamente, o seu poema aínda inacabado:

> De propósito he dejado de hablar de su poema *Os Eoas* (en griego, los hijos del sol, ó de la aurora) en que hace tanto tiempo trabaja. Esta obra, concebida y en parte escrita bajo la influencia de los antigos poetas épicos, ha sufrido antes de ver la luz una completa modificación. Ya no es lo que prometian los fragmentos publicados hace bastantes años. Nuevas ideas dan vida á la nueva composición. El descubrimiento y conquista de América no es ya la obra de un hombre, sino la de todo un pueblo. Bajo este punto de vista, puede decirse que Colón pierde lo que ganan los españoles. Como Vasco de Gama deja en *os Lusiadas* lugar para la epopeya lusitana, así el marino genovés desaparece casi en el poema de mi amigo, para que en él puedan tener la necesaria importancia los que prosiguieron la providencial empresa y la completaron, ilustrándola con sus hazañas, verdaderamente legendarias.
>
> Este libro lo escribe Pondal en gallego. Por qué? No hay una completa disparidad en celebrar aquellos memorables hechos en una lengua que no es la nacional? No, en verdad. Puesto que el poeta emprendió este trabajo ageno por completo al espiritu que anima sus demas obras, permitidle que en cambio haga á su país el honor de escribirlo en la lengua que le es propia. Es una manera delicada de probar que nuestro provincialismo no es tan estrecho como se dice, y que, amando mucho nuestra tierra, no entendemos por eso que haya de negarse á los demás el agua y la sal.[8]

No final deste ano de 1886, José Valdés continúa preocupándose pola culminación d'*Os Eoas*, inmediatamente despois da publicación de *Queixumes dos pinos* («Ánimo, amigo

[8] *Cfr.* M. MURGUÍA, *Los Precursores*, La Coruña, Latorre y Martínez, Editores, 1886, p. 451.

mío, y vengan los *Eoas*, que aún le darán más *longa fama*»; 5-12-1886), así como diversos persoeiros, que interrogan sen descanso a Eduardo Pondal sobre o poema despois de tantos anos de traballo. Así, José Antonio Parga Sanjurjo: «¿Cuándo hago otro para juzgar *Os Eoas*? Mucho me alegraría tener que hacerlo» (24-12-1886);[9] ou Emilia Pardo Bazán: «A ver cuando salen esos *Eoas*, que ya llevan tiempo de andar entre las membranas consabidas» (6-10-1887).

O propio Pondal comunica repetidamente a Andrés Martínez Salazar que *Os Eoas* están concluídos e serán axiña publicados. A finais de 1887 o autor fala de leves retoques:

> Por lo demás, por mucho que en mi campestre retiro de Puente-Ceso más momentos dedico a mero solaz y esparcimiento que al cultivo de las inconstantes Musas (porque al fin son mujeres y ¿quién se fía en ellas?), no obstante, doy de cuando en cuando un leve toque a los *Eoas*, los cuales pienso que podremos comenzar a imprimir en la próxima primavera, Dios mediante (1-12-1887).

E en 1888 xa afirma que o poema está acabado: «Mis *Eoas* están concluidos y sólo cumplen, por breve tiempo, aquel precepto de Horacio: *Membranis intus positis...*» (8-9-1888); e dous meses despois insiste no mesmo:

> Los *Eoas*, como V. sabe ha tiempo concluidos, así como dos pequeñas colecciones de breves poesías, tituladas *Dos Servos* y *Procellaria*, yacen como dos sonolientas crysálidas en el fondo de mi cartera; y le prometo que, Dios mediante, no tardarán en romper su envoltura para tender sus alas a la luz del día.

[9] Refírese a unha recensión de *Queixumes* recentemente publicada. Un pouco despois ofrécese para lle ler o texto épico: «Tendré mucho gusto en recibir sus *Eoas* como tengo, y grande, leyendo todo lo que procede de V. y que tanto me gusta» (24-4-1887).

> ¡Dios quiera, cuando sea, protejer su vuelo y que no den consigo en el santo suelo, como aconteció a nuestro amigo Ícaro de la fábula! (4-11-1888).

No entanto, a obra continúa sen ser editada, mentres seguen as noticias ou peticións de publicación. Parga Sanjurjo pregúntalle de novo «cuándo publica [...] *Eoas?* Mucho me alegraría de que lo hiciese V. pronto» (29-9-1888); pola súa banda, Pardo Bazán aconsella: «Salgan pronto esos *Eoas* y esas coleccioncitas de versos. ¿A qué llama V. ver la luz *oportunamente?* Los *Eoas* nos tienen esperando hace más de dos o tres años, que yo sepa» (6-11-1888).

En 1889 persiste a constancia documental sobre a posibilidade de finalización d'*Os Eoas*, como mostran os comentarios de Benito Losada (4-1-1889): «[...] y gracias al amigo Andrés Martínez he sabido hoy, que he tenido carta de este amigo, que está V. en Puente-Ceso, dando la última mano a sus tan deseados *Eoas* y otros trabajos en gallego».[10] E na mesma liña reaparecen os comentarios de Emilia Pardo Bazán (10-11-1889):

> Ya sé por nuestros amigos los de Pan que no tardaremos en saborear *Os Eoas*, y una *Vanguardia* cuya existencia ignoraba en la mente de su autor.
>
> *Os Eoas* vendrán muy a su tiempo, porque el Centenario de Colón se acerca.

Con efecto, arredor da data de 1892, aos catrocentos anos do descubrimento de América, abundan as peticións de publicación do poema, como celebración da efeméride desde

[10] Por estas datas, Pondal fai observacións gráficas verbo d'*Os Eoas* noutra carta a Martínez Salazar: «Como V. y el Sr. Valladares en sus conclusiones no hacen otra cosa que corroborar más y más mi sistema ortográfico seguido en la impresión de los *Queixumes* (y que pienso seguir en los *Eoas*), no me huelgo poco en tener a VV. por compañeros en esta cuestión vitalísima» (22-4-1889).

diversas instancias, por parte dos seus amigos. Dille José Valdés (31-10-1890):

> En cuanto yo pueda o se presente una ocasión propicia, he de pedir mi traslado a ese punto y como estando ahí he de tener necesidad de buscar casa en ella ha de haber un cuartito para V. y pondremos en limpio esos *Eoas*. ¿No le parece?
>
> ¡Cuánto me alegraría que eso pudiera realizarse pronto! ¡Qué buenos paseos habíamos de dar!
>
> Procure dar cuanto antes la última mano a esos *Eoas*, a fin de que no tarden en publicarse.

E publicamente tamén aparecen os mesmos comentarios. Sirva de mostra a nota do xornal lugués *Eco de Galicia* (26-5-1891), que confirma a finalización da obra:

> El distinguido poeta D. Eduardo Pondal ha terminado, por fin, después de largos años, su obra maestra *Os Eoas*, en gallego, y brevemente se iniciará su impresión, si bien, de no vencerse ciertos obstáculos, no se hará en la región ni en España, sino en Paris, lo que será de lamentar, pues una obra genuinamente regional debia imprimirse siempre en la region.

Mais a data simbólica de 1892 pasa sen que o poema vexa o lume, feito que lle lembra a Pondal o erudito español Rodríguez Marín: «¿Y ese poema en gallego sobre el descubrimiento del Nuevo Mundo? El asunto es de difícil desempeño; pero tiene V. facultades para eso y más» (9-8-1892); ou, desde Carballo, Romualdo Varela: «El centenario de Colón tuvo efecto y V., a pesar de todo, permaneció dormido, dejando pasar tan buena oportunidad para dar a luz su bien meditado trabajo literario» (17-12-1892).

A partir desta data, e para alén dalgunha outra pregunta, como a de Rodríguez Marín —de novo— o 20-9-1895

(«¿Y su poema sobre Colón?»), as alusións a *Os Eoas* concéntranse nas cartas do poeta dirixidas a súa irmá Josefa. A primeira destas referencias xa cita o *manuscrito* da súa obra épica: «Sin más por hoy, guardarme bien ese pequeño baúl-maleta que contiene el manuscrito de mi poema, el cual mandaré venir oportunamente por persona de confianza cuando llegue el caso...» (15-5-1894). Pouco despois, Pondal comenta as xestións para a súa publicación:

> Por lo demás, yo sigo muy bien por aquí; y por lo que hace a mis gestiones con estos diputados de perro chico, tengo las mejores impresiones. Moreda, presidente de estos reverendos padres, vino a saludarme en la calle y a ofrecérseme espontáneamente diciéndome: «No tiene V. más que decirnos cuando quiere que pongamos manos a la obra y tiraremos una edición hermosa». Don Vicente Cid, secretario de la misma diputación, con quien paseo frecuentemente, me dice lo mismo; Sanjurjo, Pedro Seoane, en fin, me dicen que están prontos a tomar la cosa como cosa suya y estender su influencia sobre los otros diputados (4-6-1894).

Mais en 1898 comunícalle á súa irmá que «Los *Eoas* se publicarán cuando les llegue su momento (si Dios quiere)» (23-2-1898). É en outubro deste mesmo ano que, nos medios da emigración galega en América, transparece a preocupación por *Os Eoas* en forma de pregunta que Lucas Celta lle fai publicamente ao poeta nas páxinas de *El Eco de Galicia:* «[...] ¿Quereis hacer el favor de decirnos cuando vais á ordenar la impresión de vuestra obra poética, *Os Eoas?* [...]».[11] Dun xeito semellante podemos ler os comentarios en *La Voz de Galicia* (12-2-1898), que recolle, máis unha vez, o sentir xeral sobre o poema inacabado de Pondal:

[11] *Cfr.* L. CELTA, «Os Eoas», *El Eco de Galicia*, Habana, 3-9-1898, p. 5.

Pero la obra principal de nuestro poeta —porque Pondal es por antonomasia el poeta gallego— su obra está siempre hecha y siempre por hacer. [...]

Pondal nos debe, debe á Galicia, su poema *Os Eoas*, ese poema en cuyas octavas esculturales —y ya tenemos la dicha de conocer algunas— descúbrese y se enaltece y se agiganta la gran parte que á los gallegos cupo en el glorioso descubrimiento de América.

Pondal, que hace muchos años pule, corrige y enmienda y acicala su poema, no nos lo entrega, no nos deja aspirar las emanaciones de gloria que de él han de surgir: y por su índole, por su asunto, por la fuerza poderosa del patriotismo que lo engendró y por los bríos del entendimiento que lo ha desarrollado y por la viril intelectualidad que les ofreció molde, los versos en que Pondal canta á los *Eoas*, serían hoy para la desdichada situación nuestra, para las amarguras del presente y para las tristezas que América envía á España, contraste y fuerza capaz de compensar estas dolorosísimas decadencias del espíritu público.

Y Pondal, que nos niega *Os Eoas*, su poema, su obra maestra, prepara en cambio y dará pronto á la estampa otras dos obras: *Gandreiras* y *Procelaria*.[12]

Fronte a esta preocupación, Pondal continúa a 'aperfeizoar' o texto, cavilando, asemade, na hipotética función mobilizadora desta obra despois da guerra cubana e a independencia da illa. Así se desprende das súas palabras a Josefa Pondal:

Por lo que toca a los *Eoas*, siempre corrijo y trabajo algo; y espero que Dios me conceda vida para terminarlos. Su publicación, ahora que hemos perdido nuestras colonias, es más oportuna que nunca, pues (si valen algo) vendrán a probar que si la barbarie de los americanos nos las arrebató por la *fuerza* y pudo ser posible tamaño atentado, ¡ni el *hierro ni*

[12] *Cfr.* «Retratos gallegos. Pondal», *La Voz de Galicia*, Coruña, 12-2-1898.

> *el fuego* de todas las naciones podrán borrar de las páginas de la historia del mundo la *gloria* de haber descubierto los Españoles un nuevo Mundo! Esto no podrán jamás. Y esto es lo que no puede destruirse; esto es lo sublime, esto es lo grande (31-1-1899).

Mais, como sempre, *Os Eoas* repousan sen seren publicados, por máis que os comentarios públicos continúen e a 'vontade' do autor sexa a súa definitiva edición: «Por lo que toca a la publicación de los *Eoas*, los periódicos regionales se despachan a su gusto; pero, en fin, ya no puede ni debe tardarse mucho», dille a José Valdés (19-4-1902).

Temos, outravolta, que esperar varios anos para que reaparezan, cal Guadiana, as noticias sobre o poema épico. En 1908, *A Nosa Terra* recolle a posibilidade da súa publicación:

> Hoy nos llegan gratas noticias del viejo amigo. Ojalá se confirmen y al fin veamos pronto circulando por todas partes el magistral poema *Os Eoas*, que parece va á ser impreso para gloria de Galicia y de su autor.[13]

E neste mesmo ano, coa aparición de *Vida Gallega*, impulsada e dirixida por Jaime Solá en Vigo, escríbelle este a Pondal para lle comunicar que a revista vai dedicar atención preferente ao poeta e á súa obra inédita. Nunha carta (15-11-1908), dille o director da revista:

> Los trabajos para la publicacion de VIDA GALLEGA están ya muy adelantados y antes de pocos días se anunciará oficialmente la Revista en Galicia.
>
> Espero que ésta satisfará cumplidamente, cuando menos por el valor material. Lo demás lo iremos persiguiendo despacio.
>
> No sabe usted á cuanta gratitud me tendrá obligado si me manda pronto esos datos gráficos.

[13] *Cfr.* «Eduardo Pondal», *A Nosa Terra*, Coruña, 57, 8-10-1908, p. 4.

Presumo que no faltará por ahí un fotógrafo mediano que haga una información bonita.

Mis puntos de vista informativos estarían expresados en fotografías que pudiesen llevar títulos como éstos:

EL GLORIOSO POETA GALLEGO EDUARDO PONDAL.

PONDAL ESCRIBIENDO LOS ULTIMOS VERSOS DE SU POEMA OS EOAS.

EL RETIRO DEL POETA (Puenteceso).

Efectivamente, no número de xaneiro de 1909, *Vida Gallega* publica unha reportaxe nesta liña, afirmando que a versión d'*Os Eoas* estaba acabada (estruturada en 50 cantos), mais asegurando, porén, que o poeta non pensa publicala: «Ahí está el poema, en esa maleta —ha dicho a sus amigos—. Cuando me muera hareis de eso lo que mejor os parezca».[14]

A partir deste momento, nos anos derradeiros da vida do poeta, aínda podemos achar outras referencias a *Os Eoas*, tanto nas cartas dos seus amigos como nas publicacións da época. As crises persoais de Pondal multiplicábanse, impedíndolle tomar decisións firmes sobre a publicación que tantos anos levaba agardando o país. É por isto que José Valdés o anima a imprimir definitivamente o texto:

> Por la buena forma de la letra de su grata del 1º veo que está V. muy mejorado, de lo que mucho me alegro. Ahora conviene que V. se distraiga para evitar recaídas, y una buena distracción había de ser, sin duda alguna, la impresión de su libro. Ánimo y a ello, haciendo la impresión por su cuenta y sin dar participación ni a impresores ni editores. No se pare en el gasto, que por mucho que sea no ha de arruinarnos (4-1-1910 [RAG]).

Por outra banda, con motivo da constitución en Vigo dunha 'Asociación Galega de Escritores Laureados' élle ofrecida a Pondal a presidencia de honra. O impulsor da asocia-

[14] *Cfr.* «Pondal y su nueva obra», *Vida Gallega*, Vigo, 1, 1909.

ción, Ramiro Vieira Durán, aproveita a comunicación da noticia ao poeta para lle pedir un fragmento d'*Os Eoas* a fin de publicalo na correspondente revista (*Ilustración Gallega)* e mais no primeiro tomo dunha 'Biblioteca Galega' que iniciaría a súa andaina en abril dese ano: «El primer tomo de esa Biblioteca será *Recuerdos galicianos*, en cuya obra va su retrato y biografía. Todo ello saldrá el 1º de Abril. Para la revista ¿quiere V. enviarme un fragmento de su notabilísimo poema inédito?» (10-2-1911 [RAG]).

E aínda por estas mesmas datas, Fontenla Leal reclamáballe desde Cuba a publicación definitiva do poema, que coida finalizado («No sabe usted los deseos que tengo de conocer su grandiosa obra *Os Eoas*»), para, a continuación, recomendar a súa pronta impresión e evitar deste xeito a proliferación de erros, «pues nadie como usted puede dirijirla y presentarla cuidadosamente correjida» (29-4-1910).

Por outra parte, tamén a familia se alegraba da terminación d'*Os Eoas*, tal como lle escribe súa curmá Emilia Pondal Abente: «Mucho me alegro estés tan bien de salud y que vea pronto la publicación de tu poema "Os Eoas", pues ya sé por nuestro sobrino Enrique estás arreglando las cuartillas que pediste a Puenteceso» (7-5-1911 [RAG]). Máis aínda: José Valdés (24-5-1911 [RAG]) tenta arranxarlle a publicación en Madrid, aproveitando un período de normalidade mental do poeta, aínda que con problemas visuais:

> Mucho me satisface su carta, primero porque demuestra que V. está bueno y tan de buen humor que sigue con interés la marcha política del Sr. Canalejas; 2º porque ha terminado su libro. Reciba mi afectuosa felicitación.
>
> Ahora hay que imprimirlo pronto, bien ahí si así lo estima o bien aquí en la casa Rivadeneira, que yo conozco. Si V. quiere dirigir la impresión yo le iré a buscar, vendrá V. en coche cama y aquí podrá curarse de la vista y dirigir la composición *dos Eoas*. Si esto no le parece bien, yo haré impri-

> mir el libro y le mandaré las galeradas para corregir. Disponga V., y lo que V. diga eso se hará, pero entiendo que hay que hacerlo de un modo o de otro.

A pesar destes intentos, as oitavas d'*Os Eoas* dormen nas papeletas en que durante tantos anos, ao longo de tantas horas, o seu autor as deitara. Recollemos, como significativa, un fragmento da carta que, dirixida ao «meu maeso gallego é insigne vate», lle envía desde Betanzos Xavier María Santiso (6-1-1912 [RAG]):

> Axiña sóupen q'aló n'aquil ichó q'os forasteiros miramos niño de groria, tendo en canto de berze unha maleta, x-a-staba o enxendro do noso Camoens. Qu'e dixen? Quizaves a groria do épeco lusitano adoeza por mor do lostregueo d'*Os Eoas*.
>
> Dio-l-o queira, é xa é tempo q'o gran Cristobo, gallego ou ligurio, erguido n'a fala de Pondal, teña unha mámoa mais grande é mais eterna q'as pirámides d'Exipto.

A partir deste ano, as referencias ao poema concéntranse na prensa periódica. Neste sentido, a información máis significativa, sen dúbida, procede da entrevista realizada a Eduardo Pondal por *La Voz de Galicia* o día 19 de novembro de 1912. Ao longo das súas páxinas Pondal fala da lírica inédita (a triloxía inédita *Dos Eidos, Dos Servos, Do Íntimo*), da creación poética... e d'*Os Eoas*, en proceso de selección das «trescientas y tantas» entre os millares de versións das oitavas reais de que se compón o poema.[15]

Uns días despois, poden verse novas alusións a *Os Eoas* no mesmo xornal coa proposta de Manuel Casás para unha homenaxe ao poeta que andaba a organizar a Asociación da

[15] *Vid.* a entrevista completa en M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura*, *op. cit.*, pp. 288-293.

Prensa.[16] E aínda neste mesmo mes aparece unha nova reportaxe sobre Eduardo Pondal e a súa obra na revista *Vida Gallega*, onde, combinando outra vez texto e fotografías, se ofrece un índice do poema en 20 cantos (con 320 oitavas), que será en breve publicado: «Eduardo Pondal va á publicar un nuevo libro. Lo esperaba hace tiempo la intelectualidad gallega. Será una obra original y definitiva».[17]

E aínda en abril de 1913, Eduardo Álvarez fai desde Buenos Aires unha evocación do poeta «a propósito de que el venerable bardo anuncia la publicación de su poema épico *Os Eoas*»,[18] en tanto que no país continúa a preocupación sobre a obra desexada do Bergantiñán, como mostra a pregunta de Luís García Prieto, estudante de Farmacia, que desde Ribadeo interroga o Bardo: «¿Cando bota fora, vostede, *Os Eoas?*» (7-10-1913 [RAG]).

Así pois, nesta altura de 1913, semella estar xa rematado o proceso de seleccionar e «escogitar» o texto derradeiro entre tantos milleiros de redaccións alternativas e concorrentes das oitavas reais que compuñan o poema, de modo que a versión última debía estar completa, feito que se reflicte nas dúas autobiografías pondalianas que se conservan. Na primeira delas, sen datar, conservada no Arquivo de Martínez Barbeito [AMB], xa se afirma ter escrito o poema épico: «Escribió asimismo en dialecto gallego 'Queixumes dos Pinos' y 'Os Eoas', poema sobre el descubrimiento del Nuevo-Mundo y la circunnavegación del globo por los Españoles».[19]

[16] M. CASÁS, «Un homenaje. El poeta Pondal», *La Voz de Galicia*, Coruña, 22-11-1912.

[17] *Cfr.* «La nueva obra del autor de 'A Campana de Anllons'. El poema heroico 'Os Eoas'», *Vida Gallega*, Vigo, 39, 1912, p. 5. A relación dos 'cantos' xa se aproxima á forma final, ampliada.

[18] *Cfr.* E. ÁLVAREZ, «Pondal», *Suevia*, Buenos Aires, 4, 12-4-1913, p. 11.

[19] *Cfr.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, pp. 71-72. Esta 'autobiografía' debe ser anterior á da RAG pola referencia final ás obras que está a elaborar: «Ocúpase actualmente en escribir: *Dos Servos, Os Idiotas, Os Ilotas, Ou Honra ou Ferro*».

O mesmo acontece na 'biografía' que preparou para V. Björkman, que andaba a facer un traballo sobre a literatura galega. Este solicítalle desde Lübeck unha nota biobibliográfica e mais un retrato para incluír na súa obra (23-11-1913 [RAG]):

> En attendant, je vous serais très reconnaissant de recevoir, pour l'ouvrage de critique et d'anthologie que je prépare sur la littérature régionale de la Galicia, tant votre portrait que vos dates bio- et bibliographiques que vous avez eu la bonté de me promettre.

Pondal mostra a súa conformidade, como se pode comprobar nun borrador da resposta («Oportunamente procuraré complacerle remitiéndole los datos que me pide» [RAG]) e, posteriormente, debeu enviar unha pequena biografía de que tamén se conserva o rascuño na Real Academia Galega, co título «Del poeta gallego Eduardo Pondal. Apuntes biográficos y bibliográficos», onde, despois da enumeración dos datos previos, afirma: «Prepara actualmente para dar a la prensa su poema en dialecto gallego *Os Eoas* (Los Hijos del Sol) sobre [Colón y] el descubrimiento del Nuevo [Mundo] por los Españoles [...]».

Xa que logo, o proceso de redacción d'*Os Eoas* parece concluído e o propio Pondal así o recoñece explicitamente, feito confirmado noutra carta de Emilia Pondal (24-11-1913 [RAG]):

> Veo con satisfacción que ese escritor Alemán desea que figures como poeta en su obra.
>
> ¿Y cuando imprimes los Eoas? Supongo será pronto y espero no te olvides de enviarme un ejemplar.

É nestes momentos cando aparece a decisión de pór en limpo esta derradeira versión a través dunha copia mecano-

grafada que marcase a diferenza entre os innúmeros materiais elaborados ao longo de case sesenta anos e a versión definitiva para publicar.

Neste sentido, probabelmente sexa deste ano de 1913 outro borrador fragmentario (RAG) dunha carta de Pondal que se refire á utilización dunha «máquina», supomos que para o labor de mecanografamento do poema:

> Que me place su resolución de remitirme esa máquina; lo cual me parece, sin duda, más práctico y más económico.
>
> Mándela V. pues cuando quiera, o cuando pueda, a esta estación, a la consignación del Sr. Rech como dice, bien cerrada, en su caja con su llave.
>
> La cuidaremos aún mejor que cosa propia.
>
> Sabe que en mucho, mucho le estima su muy aftº S. S.

Efectivamente, neste ano achamos na correspondencia dirixida a Pondal probas do proceso de copia dactiloscrita do poema. A súa prima Emilia Pondal confirma o proceso nunha carta escrita en Laxe o 10 de setembro de 1913: «No solo el [Antón Zapata García] te recuerda en el nuevo mundo si no otros muchos mas que desean lleguen a sus manos *Os Eoas* que supongo imprimirás pronto con el auxilio de tu nueva máquina de escribir» (RAG).

Mais a proba definitiva do proceso de copia dactiloscrita do poema achámolo na carta que seu sobriño Enrique Ferreiro Pondal envía ao poeta desde Madrid o día 26 de decembro de 1913 (RAG):

> ¿Cómo andan «Os Eoas»? Ya tendrá copiado a la máquina mucho de lo que tenía escrito. ¿Cuándo lo terminará? Ha hecho muy bien en decidirse a escribirlo a máquina, y aún a publicarlo en vida, pues de otro modo serían muchas las dificultades con que tropezarían las personas encargadas de hacerlo, aún con ser muy doctas todas ellas. En cuanto se publique, espero me enviará un ejemplar para ser uno de los

primeros en leerlo. También estoy esperando su retrato, que desde Lage le pedí.

O propio Pondal, por outra banda, na derradeira páxina conservada doutro borrador epistolar a un interlocutor descoñecido (talvez José Valdés) afirma no *post-scriptum:* «Mi poema copiado a la máquina de escribir, será dado dentro de poco a la prensa» (RAG). É por iso que, após o labor de mecanografar unha copia do poema, este podería ser impreso en Madrid, na casa editora Ribadeneyra, como lle reitera José Valdés:

> Mi muy estimado Dn. Eduardo: he recibido su grata del 19 y celebro mucho que V. se encuentre muy *farreiro,* que es lo que más importa y deseo.
>
> Ya que *Os Eoas* están en limpio, haga un esfuerzo para corregir pronto lo escrito y que se impriman cuanto antes.
>
> Si V. quiere, puede mandarme las cuartillas y yo me encargo de hacerle la edición en la casa de Rivadeneira, que trabaja muy bien. Las galeradas podían ir después a ésa para que V. les echase el último vistazo (26-4-1914 [RAG]).

Un pouco despois, o propio José Valdés insiste na viaxe a Madrid para a publicación d'*Os Eoas:*

> Dígame cuando le conviene venir, que yo iré a buscarle. Puede V. hacer el viaje en coche cama y llegará sin ninguna molestia. A la vez podíamos hacer aquí en la casa Rivadeneira la impresión de su obra, que seguramente saldría mejor que ahí (20-6-1914 [RAG]).

E Emilia Pondal confirma noutra carta (8-6-1914 [RAG]) a proxectada viaxe, xunto cunha nova constatación dos problemas visuais de Pondal:[20]

[20] Para outros indicios dos problemas de visión de Pondal no final da súa vida, *vid.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, pp. 63-64.

> Nada sé de Enrique y Manuela si pudieron seguir viaje a Lage ayer, y si te vieron como pensaban antes de su salida.
>
> Con ellos ya tendrías más tiempo de hablar sobre tu proyectado viaje, pues nos dijo Valdés que, si te determinabas, le escribieses para venir él a la Coruña para acompañarte hasta Madrid.
>
> Si te decides venir a ésta, me lo dices para buscar una casa en donde estés con comodidad y tranquilidad.
>
> No te preocupe la operación de los ojos, pues ya sabes es cosa sencilla.

Á luz deitada por todos estes testemuños adquiren todo o seu sentido as alusións finais ao «manuscrito» do poema, probabelmente referíndose á copia definitiva mecanografada, tanto na carta escrita a Andrés Martínez Salazar desde a súa derradeira pousada, o Hostal «La Luguesa» («De mi cuarto, sin demora, hay que sacar mis manuscritos para entregarlos a la Academia Gallega»),[21] como, sobre todo, na misiva dirixida a Uxío Carré Aldao e Andrés Martínez Salazar, cun estado de saúde que só lle permitiu asinar, con dificultades, a carta en que lles solicita a custodia da copia d'*Os Eoas:* «Asimismo les ruego que sigan guardando y custodiando excrupulosamente la copia de mi poema *Os Eoas*, así como todos los trabajos literarios de diverso género que lo acompañan para los fines oportunos» (3-1-1916).

Esta última situación vital explica tamén o apelo a Amalio Jimeno, Ministro de Estado na altura, nunha nota manuscrita conservada nos papeis derradeiros do poeta que achamos no AMB:

> Os ruego [encarecidamente] Sr. minis[tro] que pongáis mi poe[m]a «Os Eoas» bajo la protección de la Academia

[21] *Cfr.* Eduardo PONDAL, *Os Eoas (Unha aproximación)*. Limiar, transcrición, selección e notas de A. RICON VIRULEG, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1992, p. xxxii.

Gallega, porque andando de una en otras manos sería objeto de inevitables alteraciones.[22]

Mais Eduardo Pondal Abente morre sen ver culminada a empresa de edición d'*Os Eoas*, a obsesión épica que lle ocupou a vida enteira. Así glosaba Manuel Murguía a fixación pondaliana por este poema e mais o seu horacionismo creativo:

> Pol-o que lle oimos e pol-o que dos seus traballos poeticos se descrobe, eran OS EOAS a obra en que pensaba deixar ô seu país e as posteridades á nota superior e groriosa da sua inspiración. Xa sabedes que á empezou ben mozo, e que nela ocupou á vida enteira. Morria vello e ainda a limaba e corregia, pois tiña alí posto os seus ollos, como unica filla de quen non sabía sopararse. Cantos nos honrabamos coa sua amistade, cantos deseabamos ver impreso ó poema que debía inmortalizalo, pediamoslle ó dese a imprensa, e moitas veces estivo pra facelo mais o empeño que tiña de que a obra de tantos anos e de tantos cariños, saíse á luz perfeita e sin mancha, detiñao. O Ceo n'o quixo, quizais pra castigal-o seu empeño e non gozase de un trunfo inmaculado pois non sabemos que misteriosos movimentos ó levaban xa á dalo por feito, xa a deixalo estar hasta que os seus entusiastas lle impuxesen de golpe á obriga de que non él senón eles, o desen á estampa coroandoo de esta maneira, a obra groriosa que á sua terra lle debía.
>
> Sea o que queira, por unha ou outra causa, él deixabaa dormir acariciada por seu cariño, e seguia ora corregindo un verso que non lle parecia todo ó armonioso que desexaba, ora sustituindo unha octava por que entendia mellor, sempre, sempre, posto o seu pensamento na perfeizón dos seus EOAS. Mais chegoulle o momento en que o Ceo puxo fin ós seus soños librando o probe vello do seu traballo, e antes de

[22] *Cfr.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, pp. 66-67.

> morrer entregouna ô amor de esta Academia, pra que a gardase como cousa sagrada.[23]

Certamente, debemos preguntarnos por que, en definitiva, Pondal non publicou un poema en que traballou practicamente toda a súa vida, durante un longo percurso en que tivo dedicación case exclusiva á creación poética.

A explicación tradicional, asentada fundamentalmente desde os estudos de Ricardo Carballo Calero, insiste tanto no carácter dubitativo do poeta, no que se refire á creación, e na conseguinte arela dunha imposíbel perfección, como ao feito do hipotético anacronismo dunha tal construción épica na segunda metade do século XIX ou nos primeiros anos do século XX:

> Pero *Os Eoas* nunca arribaron a porto, e perdéronse no laberinto das indecisións, das dúbidas, dos escrúpulos, das reservas do autor. ¿Por qué Pondal, que traballóu polo menos cincuenta anos no seu poema, non o publicóu endexamáis? ¿Foi somente a arela desaforada de perfeición? ¿Ou tivo algunha inconsciente intuición de que a epopeia renacentista era espécime anacrónico nos tempos que vivía?[24]

Os dous factores poden axudarnos a achar unha explicación cabal para o silencio tipográfico d'*Os Eoas*. En primeiro lugar, existen datos obxectivos que nos confirman unha neurótica obsesión de Pondal pola perfección, razón que seguramente explica unha tan serodia publicación dos *Queixumes dos pinos* en 1886 (aos cincuenta e un anos de idade!), único volume de entidade publicado en vida,[25]

[23] *Cfr.* M. MURGUÍA, «Eduardo Pondal e a sua obra», *op. cit.*, pp. 189-190.

[24] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Versos iñorados...», p. 297.

[25] Lémbrese que nos *Queixumes* recolleu, con refaccións, os opúsculos poéticos anteriores: *A campana d'Anllóns* (1866), *A Fada dos Montes* (1872), *Rumores de los Pinos* (1877) e *Gandreiras* (1885); despois de 1886, só publicou os folletos *O dólmen de Dombate* e mais a versión amplificada d'*A campana d'Anllóns*, ambos os dous en 1895.

ficando inéditos á súa morte, para alén d'*Os Eoas*, os materiais líricos da triloxía *Dos Eidos, Dos Servos, Do Íntimo*, título final dun conxunto de textos líricos de que temos referencias múltiplas ao longo dos comentarios de prensa e mais da correspondencia persoal do autor.

Efectivamente, esa obsesión por alcanzar a perfección, sempre ligada á incomprensión do poeta e á súa consagración como Bardo do pobo galego, maniféstase tanto en notas de tipo persoal[26] como en elaboracións literarias diversas, que xa se rexistran desde os inicios do seu labor literario, como mostra a publicación[27] do poema «Orgullo» en 1859:

> Confieso mi ambición ingenuamente:
> osado aspiro a fatigar la historia.
> Tal vez me ceda la futura gente
> corona de esplendor y alta memoria:
> el lauro vencedor sobre mi frente
> despedirá relámpagos de gloria.
> Tal vez no moriré, tal vez un día
> se envanezca de mí la patria mía.
> Sostienen mis cobardes detractores
> que nunca puedo levantar la frente
> coronada de eternos resplandores.
> Pero esa turba envilecida miente:
> vergonzosa expresión de sus furores,
> porque el ajeno bien nunca consiente.
> Reptil audaz a lucha me provoca
> cuando mi frente con las nubes toca.

Certamente, como xa se ten afirmado, no noso poeta todo é «provisional»,[28] de modo que, como ben reafirma Carballo Calero noutra ocasión, o Bardo

[26] *Vid.* M. FERREIRO, *Do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, pp. 44 e 69.

[27] O poema apareceu en *La Perseverancia*, Pontevedra, 28-4-1859.

[28] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, *Versos ilorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ..., Vigo, Galaxia / Centro de Estudios Fingoy, 1961, p. 213.

> correxía incesantemente o manuscrito, aínda o impreso. A perplexidade dominábao a miudo. Unha torre de adxetivos a carón dun sustantivo, sen que o poeta chegara a unha decisión, a unha eleición antre aquiles. Cinco variantes pra un mesmo endecasílabo, sen indicios de preferencia.[29]

Neste sentido, para o profesor ferrolán, *Os Eoas* non foron publicados porque «o estremado afán de perfeición, a constante refundición e retoque, chegóu a frustrar a realización da obra. Pondal non se resolvéu a editala, embora máis dunha vez inicióu a súa impresión, nen xiquera nos deixóu un manuscrito definitivo».[30] Deste xeito, «*Os Eoas* é un exempro estremo de desacougo literario, de incesante refundición. A insatisfacción do poeta, que castigaba constantemente a súa obra, frustróu a pubricación, e mesmo a conclusión do poema».[31]

Precisamente, nesta concepción horaciana da creación literaria é onde se pode inscribir o pensamento de Pondal explicitado nunha nota manuscrita que, co título «El estilo es el éxito», apareceu entre a última documentación pondaliana recuperada na RAG:

> El éxito de todos los grandes poetas (Camoes, Tasso, Ariosto, Milton, Byron) estriba todo en la elocucion (*Ermenéias* de los griegos) y en el constante arte y *artificio* elegante.
>
> No desconocemos, no obstante, que los nobles pensamientos ¿influyen? mucho. No desconocemos su parte.
>
> Todo eso que se dice de espontanei[d]ad y salir de un tirón lo que se escribe..., es grande ignorancia.
>
> Todo es una brega, y (todo) parto laborioso, y esfuerzo obstinado y *enragé* en la colocación de las palabras.

[29] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Os Eoas», *op. cit.*, p. 406.
[30] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, *Versos mlorados ou esquecidos...*, *op. cit.*, p. 18.
[31] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Os Eoas», *op. cit.*, p. 407.

Por outra banda, tamén Carballo Calero levanta a cuestión do posíbel anacronismo dun poema épico escrito no século XIX fundamentalmente segundo os moldes da épica renacentista, quer italiana —Tasso, Ariosto—, quer, sobre todo, portuguesa —Camões:

> Só un home como Pondal, tan inxel, tan fora da realidad[e] cotián, podía pensar na posibilidade de escreber na segunda mitade do séc. XIX e a principios do séc. XX unha epopeia camoniana. Os poemas épicos renacentistas foron un pouco os libros das cabalarías diste enxeñoso fidalgo dun lugar de Bergantiños.[32]

O autor do *Pretérito Imperfeito* insiste en diversas pasaxes sobre este carácter anacrónico d'*Os Eoas*, recoñecendo, até onde era posíbel na altura cos materiais coñecidos ou parcialmente editados, importantes logros lingüísticos e literarios na elaboración do poema épico:

> Pondal acometéu a súa obra desvencellado totalmente das circunstancias do seu tempo, e se situando intencioalmente no século XVI, o século de Camoens. Así, *Os Eoas* é un poema arcaizante, e, polo tanto, anacrónico. Ao que podemos xulgar, acertóu no brío da versificación, na elevación da lingua poética, na tensión heroica do tono; pero a mentalidade cincocentista que o poema quixo ter, convírteo nunha recreación arqueolóxica de humanista, que o sitúa fora da literatura viva do seu tempo.[33]

É por isto que Carballo Calero consideraba *Os Eoas* como «unha obra demasiado anacrónica pra poseer auténtica vida», como «un poema de gabinete, un traballo arcaizante

[32] *Ibid.*, p. 412.

[33] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, *Versos inorados ou esquecidos...*, *op. cit.*, p. 21.

de humanista, cuio mérito non pode estar senón no acerto da imitación».[34]

É certo que *Os Eoas* estaban radical e directamente inspirados por *Os Lusíadas*, razón que aparentemente xustificaría afirmar que o poema pondaliano é, «malia o entusiasmo con que foron compostos os seus versos, un exercicio retórico máis ou menos brilante, pero forzosamente confinado no campo das curiosidades literarias, das recreacións arqueolóxicas, das imitacións eruditas».[35]

Efectivamente, non é difícil sorprender versos idénticos ou case idénticos, expresións comúns, léxico compartido..., en fin, unha influencia evidente do poema portugués que ecoa decote n'*Os Eoas: E vereis ir cortando o salso argento* (I,18.5); *Os ventos brandamente respiravam, / Das naus as velas côncavas inchando* (I,19.3-4); *Agora vedes bem que, cometendo / O duvidoso mar num lenho leve* (I,27.1-2); *Polas argênteas ondas Neptuninas* (I,58.2); *Os furiosos ventos repousavam / Polas covas escuras peregrinas* (I,58.5-6); *Assopra-lhe galerno o vento e brando, / Com suave e seguro movimento* (II,67.3-4); *Os mares nunca de outrem navegados* (V,37.2); *Por mares nunca doutro lenho arados, / A Reinos tão remotos e apartados* (VII,30.7-8); *Segue o temor os passos da esperança* (VII,66.3) etc.[36]

Mais tamén é certo que a influencia do clásico portugués é desigual nos abondosos materiais manuscritos do poema,[37] e mesmo foi alixeirada na versión final mecanogra-

[34] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Os Eoas», *op. cit.*, p. 411.

[35] *Ibid.*, p. 411.

[36] As citacións d'*Os Lusíadas* están tiradas de Luís de CAMÕES, *Os Lusíadas*. Leitura, prefácio e notas de A. J. da Costa PIMPÃO, Lisboa, Instituto de Alta Cultura, 1972.

[37] Un estudo detallado da influencia d'*Os Lusíadas*, así como de numerosas intertextualidades, nos materiais manuscritos e primeiros d'*Os Eoas* pode verse en X. C. VERDINI, «'Os Eoas' á luz de 'Os Lusíadas'», *Grial*, 79, 1983, pp. 1-22. Lémbrese, a este respecto, a atenta lectura —con anotacións— e seguimento que Pondal fixo d'*Os Lusíadas* (*vid.* F. BOUZA BREY, «Camões e Pondal», *op. cit.*, pp. 25-30).

fada, descoñecida até agora, como é obvio, pola crítica pondaliana, en xeral, e por Carballo, en particular.[38] Neste sentido, hoxe aparecen como excesivos os seus comentarios a teor da influencia camoniana n'*Os Eoas:*

> [...] «Os Eoas» era, estaba sendo, aspiraba a ser unha réplica pura e simple de «Os Lusíadas», edificada sobre os mesmos supostos culturais, estruturada conforme aos mesmos esquemas, executada de acordo cos mesmos estilemas e articulada segundo os mesmos princípios métricos». [...]
>
> Nestas condicións, «Os Eoas» resultaria un poema anacrónico. É verdade que hai importantes obras literárias que nacen como imitacións, pretendidamente fieis, de modelos afastados das mesmas por moitos séculos de distáncia. [...]
>
> Non ocorre isto con «Os Eoas». O poema de Pondal non é fillo do de Camoens, senón réplica do mesmo, reprodución, trasunto, reiteración. Entende-se na conceición, na execución, na técnica literária, non, claro está, no asunto en termos absolutos, Mais tamén no asunto en termos relativos, pois o asunto de «Os Eoas» está determinado polo de «Os Lusíadas». Se neste presenciamos a descoberta das Indias Orientais, naquel asistimos ao descobrimento das Indias Ocidentais. Se o protagonista do poema de Camoens é o pobo portugués, o protagonista do poema de Pondal é o pobo español. «Os Eoas», por conseguinte, aspira a ser un complemento, unha segunda parte, unha 'antístrofa' de «Os Lusíadas».[39]

Fronte a esta concepción d'*Os Eoas* como puro exercicio literario sobreposto sobre *Os Lusíadas*, tense repetida e

[38] O paralelismo e a intertextualidade entre os dous poemas é ben clara, á vista, entre outras, das oitavas 10, 22 ou 29 verbo das correspondentes camonianas (V,87, III,17, IX,40). Porén, tamén se pode comprobar como, por exemplo, a oitava 10 na súa versión definitiva se afasta máis d'*Os Lusíadas* do que outras versións previas, tanto manuscritas (*vid.* 10,5d) como mecanografadas (*vid.* 10,1b).

[39] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Camoens e Pondal», *La Voz de Galicia* (8-7-1980).

asisadamente reivindicado a creación épica pondaliana con argumentos sólidos, que contextualizan a creación do poema no seu propio tempo e contexto, nas circunstancias ben específicas do autor e da literatura galega renacente:

> Pro a verdade é que «Os Eoas» é un texto ben propio do seu tempo. É un poema épico que [...] pretende estabelecer alicerces inconmovíbeis para as letras nacionais futuras; un poema que [...] libérase do custume, dos traballos e dos días, da miudeza realista ou sentimental, para disparar o noso idioma, por «mares nunca dantes navegados». Antes que unha reconstrucción arqueolóxica extravagante ou caprichosa, «Os Eoas» practica a perfección marmórea da estrofe, a evocación do pasado e do exótico, co mesmo rigor que Leconte de L'Isle [...]. En suma «Os Eoas» é, sen dúbida, un poema parnasiano galego [...].
>
> Certamente os «Eoas» son literatura sobre literatura, como calquera obra de calquera tempo e de calquera língua. [...] «Os Eoas» dialogan na segunda mitade do século XIX coa épica culta renacentista coa mesma razón e direito —que non lle nega ninguén— que Cunqueiro cos Cancioneiros, Robert Burns coas baladas escocesas ou Alberti con Gil Vicente. «Os Eoas» son literatura feita sobre Tasso, sobre Ariosto, sobre Camoes e, coa mesma, é literatura que restitue ao noso idioma o elo perdido do Renacimento e do cultismo léxico. «Os Eoas» resgatan a nosa língua do coloquialismo e estabelecen o fundamento da língua culta que aínda non temos completamente.[40]

Finalmente, aínda fica explícita nas análises pondalianas desde a perspectiva explicativa da non publicación d'*Os Eoas* unha outra cuestión, a ideoloxía 'españolista' do poema, por canto os españois son cantados e glorificados como descubridores de América, face á ausencia de temática galega:

[40] *Cfr.* X. L. MÉNDEZ FERRÍN, «Salgan pronto esos EOAS», *A Nosa Terra*, 242, 24-3-1984.

> O poema refire un acontecimento concreto: a descoberta de América; e iste é todo o seu asunto, e non un fío conductor pra cantar as xestas nacionás, como a viaxe de Vasco da Gama en *Os Lusíadas*. O poema está encheito de esprito patriótico —español—, e non ten que ver con Galicia, como non sexa por estar escrito en galego. Así, resulta unha dobre homaxe de Pondal: á súa grande e á súa pequena patria.[41]

Tal e como Carballo Calero expón a cuestión, levantaríase un paradoxo entre a existencia, traballo e concreción literaria dun tal poema e a ideoloxía rexionalista do poeta e dos seus admiradores e amigos:

> Desde moi novo tamén, traballóu nos *Eoas*, que os rexionalistas seus admiradores e, segundo semella, el mesmo, consideraban como a obra maestra do vate. O que non deixa de ser paradóxico, porque *Os Eoas* non están inspirados polo patriotismo galego, senón polo español.[42]

A ideoloxía 'rexionalista' de Eduardo Pondal, con todas as contradicións e conflitos que se quixeren, é indubitábel á vista da permanente reivindicación nacionalista[43] manifestada tanto directamente na súa obra como noutros escritos[44] até

[41] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, *Versos iñorados ou esquecidos...*, *op. cit.*, p. 20.

[42] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Versos iñorados...», *op. cit.*, p. 296.

[43] Que atinxía, á parte da Galiza, a outras nacións en proceso de liberación nacional na altura: Irlanda (QP 77), Grecia (QP 77), Serbia (QP 77; PM 62), Polonia (PM 76) ou Cataluña (PM 21). As siglas QP (*Queixumes dos pinos*), PI (poema impreso) e PM e mais PA (poema manuscrito autógrafo ou apógrafo) correspóndense coa edición dos textos en Eduardo PONDAL, *Poesía Galega Completa*. Ed. de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, vol. I. *Queixumes dos pinos*, 1995; vol. II. *Poemas Impresos*, 2001; vol. III. *Poemas Manuscritos*, 2002.

[44] Noutro escrito autógrafo conservado na RAG, Pondal, como académico, elabora cinco propostas á institución referentes ao léxico (antigo e moderno), toponimia, literatura popular e cultura castrexa. O texto da proposta referida á toponimia resulta esclarecedor: «Restauración de todos los nombres de lugares de toda nuestra región, bárbaramente alterados y corrompidos por la punible ignorancia de nuestra administracion (de toda clase de gobernantes, casi siempre castellanos) que con una impudicia sin ejemplo plagaron las bellas eufonías de nuestros vocablos gallegos».

agora inéditos que nos subministran a fundamental chave interpretativa da súa lírica, para alén da coherencia lingüística na súa creación literaria após 1885, ano que marca o final da utilización do español como lingua de creación, salvo en textos anecdóticos.[45] Véxase a interpretación de *Queixumes dos Pinos* elaborada polo propio poeta para un dos estudosos que lle solicitaban información acerca da súa obra:[46]

> [Casi] todos los escritores que [se han] ocupado con mas [o] menos brillantez de los *[Rumo]res* y *Queixumes de [los Pinos]* del [Sr.] Pondal, casi to[dos] extienden sus estu[dios a] los elementos menos trascendentales, y no han [captado el] elemento capit[al], el elemento culminante [de su] obra.
>
> Nosotros creemos haber haber descubierto su verdader[o] sentido.
>
> Los *Rumores*, los *Queixumes de los Pinos* son un símbolo, un símbolo que revela un gran proposito latente....: el resurgimiento y la redención de su querida Galicia.
>
> Son, además, una queja, una protesta, una [.....], una rebelión contra la abrasión y despotismo castellanos por [haber] intentado borrar la [len]gua, las costumbres, [la] poesía, [el alma gallega] y la vida ¿regional? [de Ga]licia.
>
> He aquí la verdade[ra interpretación] final de los *Rumores* y de los *Queixumes*.

[45] *Vid.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, p. 41. O poema «No para que cobréis innoble encono», repetidamente datado por algúns autores en 1898 coa conseguinte errada interpretación (*vid.* Eduardo PONDAL, *Novos Poemas*. Limiar, trascrición e notas de A. RICÓN, Vigo, Galaxia, 1971, pp. 143-144; A. RICÓN, *Eduardo Pondal*, Vigo, Galaxia, 1981, pp. 129-130 —co título «Guerra hispano-norteamericana—; X. R. PENA, «Pondal desde *Os Eoas*», *A Trabe de Ouro*, 1999, 37, pp. 27-28), foi, na realidade, publicado na compostelá *Gaceta de Galicia* (2-5-1884), para celebrar a efeméride do 2 de Maio.

[46] Deste texto, con dous títulos («Concepto de los *Rumores* y de los *Queixumes* de Pondal»; «Nota. Trascendentalismo de la obra del Sr. Pondal») existen varias versións manuscritas na RAG, de moi difícil lectura por o papel aparecer extremadamente estragado polo paso do tempo e a acción da humidade. A versión que presentamos presenta, por tanto, algunhas lacunas por mor destas circunstancias.

> El arrebatado Tirteo y [el] elegíaco Calinos [son los] que palpitan prin[cipal]mente en las rimas del [Sr.] Pondal.

Esta interpretación da súa obra aínda fica máis esclarecida e confirmada se considerarmos outras afirmacións na redacción diverxente da mesma nota:

> La Sª Bazan solo atendió [a la] part[e] soñadora y amorosa [de los] *Queixumes*, mas no dio [en la] clave de esos cantos [...].
>
> Mas en los *Rumores* y en [los *Queixumes*] nosotros no vemos [más que] una cosa...: una rebelión, una protesta; [mas la] parte revolucionaria, [la parte] política, la parte [patriótica], esas no las vio la Bazán [...].

E tamén nesta mesma liña de interpretación da figura e da obra pondaliana podemos considerar as palabras que Manuel Murguía lle dedica no momento da morte do Bardo:

> Llegó un momento en que juntos recorrimos los solitarios, los agrestes caminos que surcan la dura comarca, y pues servíamos los mismos altares, un mismo amor nos unió a ellos. La poesía, la tradición, su hermana menor, eran para nosotros verdaderas diosas. Galicia y sus triunfos, la dama de nuestros pensamientos. Los horizontes que nos cercaban, como fieles amigos, limitando los campos del inspirado, le llevaban a confesar que el destino nos había unido para realizar la regeneración del país que decíamos esclavo. Nuestra tierra nos parecía, por su hermosura y por su fertilidad, la tierra de promisión; el que la trabajaba, un ser que debía libertarse, pues agonizaba bajo el yugo.[47]

Mais tamén neste caso, Méndez Ferrín, historicamente o grande defensor e reivindicador da creación pondaliana, en

[47] *Cfr.* «Don Eduardo Pondal», *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, 116, 1-4-1917, p. 201.

xeral, e d'*Os Eoas,* en particular, apunta nunha dirección que, sen dúbida, pode deitar luz sobre a cuestión. Efectivamente, só desde unha perspectiva iberista, de que Pondal era confeso partidario, se pode explicar tal aparente contradición ideolóxica no poema épico do Bardo e mais nas fileiras dos nacionalistas *avant la lettre* do momento:

> Pondal, gran definidor poético do nacionalismo galego, non escribe en «Os Eoas» unha xesta española. Coerente até o extremo, Pondal, federalista ibérico e federalista iberoamericán, escribe a crónica ensoñada do descubrimento de Colombia, a vastedade pola que se espallará a semente ibérica da que Galicia, a nosa nazón, será algún día «forte nó sen rival».[48]

O texto central de *Queixumes dos pinos* non permite outra interpretación:[49]

> Os teus fillos sin conto,
> certo, en número igual
> ás areas da ruda
> praia de Barrañán,
> que dispersos poboan,
> con forte vaguear,
> a espaciosa Colombia,
> a da forma longal,
> que soberbia s'estende
> de un a outro mar,
> coma inmensa balea
> de corpo colosal,
> que despois de naufragio

[48] *Cfr.* X. L. MÉNDEZ FERRÍN, «Salgan pronto esos EOAS», *op. cit.*

[49] As relacións Galiza-Portugal e a idea da confederación ibérica subxace tamén noutros textos pondalianos, como QP 75; PI 35; PM 41; PM 44; PM 45; PM 46; PA 17.

sobre da praia está,
desde os salvages toldos,
de mudabre acampar,
astra os ingentes cornos
do rápido Uruguai,
desde a illa qu'é erma
e nota as perlas fan
astra o frío gandreiro
onde os Andes són 'star,
como negros ferreiros,
qu'en fera rolda están
e cos rudos martelos
o val fan resoar,
forjando nas súas negras e altas covas
o precioso metal,
o lazo recio e forte
e garrido serán
qu'os fillos reconcilien
c'antiga e común nai,
e os bos pobos ibéricos
dispersos juntarán (QP 45.43-75).

Con todo, unha certa consciencia de 'españolidade' do poema ten de estar na base, xunto coas publicacións e a campaña do *Colón galego* que na altura se estaba desenvolvendo,[50] na reclamación explícita da nacionalidade galega para o navegante xenovés que se reflicte na redacción derradeira d'*Os Eoas*. Con efecto, nos materiais manuscritos anteriores á versión definitiva, Colón éranos presentado en todo o momento como *italiano* (ou, tamén, *ligur*). Mais no texto final Colón xa se define como galego, negando a nacionalidade italiana (oitavas 203-205):

[50] *Vid.* X. R. PENA, *op. cit.*, pp. 30-33.

Desperta o boo Colombo, e «Patria amada
—Lle di—, por ti a toda parte iremos;
Por ti, por túa fe santa e celebrada,
Non somente os acuáticos eremos
Cortaremos con proa denodada,
Mas ledos e contentos desceremos,
Por ti, polo teu verbo santo e puro,
Desceremos do Averno ao reino escuro.

»Ti es a miña patria. A boa Liguria
Non me dou, como dicen, nacemento;
Fora certo esto, túa e miña injuria,
E grande error e grave nocumento,
Que n'é de Breogán a raza espuria
P'ra non honrar o noso forte intento:
Oh, que dicha, s'a boa Galicia amada
Fora, por ser meu berce, celebrada!

»Que, cando Aquel que todo ordena e pode
Peregrino me fijo deste mundo,
E cual tomento qu'a súa man sacode
De corte en corte anduven errabundo,
Me dixo: "Ouh boo Colombo, a España acode,
De cabaleiros madre e amor profundo:
Ela t'escolle do eido peregrino
De Breogán. Ti cumpre o teu destino"».

A mudanza tivo que se producir despois de 1912, en que Pondal, á pregunta sobre esta cuestión, aínda responde «Yo no soy crítico histórico. El poeta no sabe nada, no quiere saber nada de los rebuscos de epigrafistas é historiadores novísimos. El poeta vuela libre...». Máis aínda, perante a insistencia do xornalista («Pero usted, ¿trata á Colón como italiano?»), o poeta responde significativamente: «Los documentos que poseo, lo que los libros dicen, me permiten asegurar...».[51]

[51] *Cfr.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, p. 281. Efectivamente, parte das redaccións manuscritas da oitava 43 presentan aínda a Colombo

Semella, pois, un cambio de última hora, á altura en que Constantino Horta, do 'Comité Colombino Pro Verdadera Cuna de Colón', envía, desde A Habana, un escrito dirixido ao «culto compañero y distinguido colega» (10-12-1912 [RAG]), cun longo informe propagandístico sobre a galeguidade de Colón, onde conclúe:

> Como usted verá, son tantos los testimonios de la prueba documental é indiciaria que se presentan para probar la verdadera nacionalidad del Almirante del Océano; son tantos los indicios lógicamente, enlazados entre sí, que parecen verdades comprobadas, por hallarse fundados en tradiciones históricas y coincidencias, expuestas de una manera clara y concreta, que prueban de un modo patente y concluyente, que no da lugar á la menor duda, que el descubridor de las Indias Occidentales, nació en Pontevedra, como podrá usted cerciorarse con la lectura del citado libro, con que tengo el gusto de obsequiarle, y, del que se dignará acusar su recibo.

Nunha segunda carta (2-2-1913 [RAG]), neste caso dirixida especificamente ao «ylustre y venerado bardo», Constantino Horta apela a Pondal para que faga galego a Colón n'*Os Eoas:*

> Con tal motivo, a usted, Dr. Pondal, que es el poeta de las virilidades celtas y el más glorioso y valiente de nuestros bardos; a usted que es el mágico cantor de «A campara [sic] d'Anllons» y de las glorias y tradiciones de nuestra sufrida y espoliada tierra; a usted que es la encarnación de la gran familia celta y que, sin claudicaciones, ni debilidades cívicas, ni abjuración de principios, enarboló la bandera de las reivindicaciones de nuestra Patria, la dulce y amorosa Galicia; a usted ocurro [sic] a nombre de medio millón de galicianos,

como italiano (1d-4d, 7f-8f), fronte á atribución da nacionalidade galega que se enxerga nas redaccións 5d e 9f.

> de origen celta, por América dispersos, en este Mundo por el galiciano Colón descubierto, y cuyas viriles energías usted siente, para que, en una de las valientes estrofas de su grandioso poema, en preparación y titulado «OS EOAS», insinúe la naturaleza o nacionalidad galiciana del Descubridor del Continente Americano, lo cual verían con agrado, no sólo los galicianos, si que y también los americo latinos.

Na contestación a esta carta, Pondal certifica por primeira vez esta atribución da nacionalidade galega a Colón no seu poema:

> Amigo muy distinguido: Contestando a su muy atenta y deferente carta última, tengo la satisfacción de manifestarle que, en mi poema «Os Eoas», presento a Colón como hijo de nuestra amada Galicia; y, desde luego, puede usted comunicar eso mismo a toda esa numerosa cuanto denodada colonia gallega de la grande Antilla, para que vea cumplo como puedo sus ideales, que son también los de éste su admirador.[52]

En fin, é certamente unha cuestión aberta a explicación 'definitiva' de tal «silenciosa fazaña de Pondal, as árduas vixílias entregadas a unha obra incomprendida, a un labor heróico».[53] Posibelmente, haxa que procurar a chave explicativa final no perfil psicolóxico de Eduardo Pondal, angustiado pola perfección, a transcendencia e o futuro da propia obra, cuestión que sempre obsesionou o Bardo bergantiñán. Máis unha vez, as conmoventes palabras de Carballo Calero poden axudarnos na comprensión de tal feito:

[52] Esta carta é reproducida no artigo —anónimo— «La patria de Colón y el poema *Os Eoas*» aparecido na revista *Galicia*, Habana, 19-4-1913, e, á súa vez, publicada en X. M. DOBARRO, «O 'noso' Colón en 'Os Eoas'», *La Voz de Galicia*, 22-9-1998, e recollida en X. R. PENA, *op. cit.*, p. 32.

[53] *Cfr.* R. RAÑA LAMA, «As angústias de Pondal», *Faro de Vigo*, 10-2-1984.

> Naturalmente perfilóuse a ideia duns «Lusíadas» españós. Pero gañado pra o cultivo da lingua da súa terra, Pondal tiña de escribilos en galego. Todo obrigóuno a seguir as pegadas de Camoens. O fervor xuvenil de aquil home que vivía unha vida de idealista contemplativo, lle non deixóu ver o erróneo do camiño encetado. Cando algunha luz se fixo na súa mente verbo das dificuldades e violencias da empresa, estaba demasiado comprometido. Consigo mesmo e cos demáis. «Os Eoas» era un vello amor, un amor de mocidade. ¿Cómo renunciar a il? Os seus amigos da Cova Céltica agardaban o miragre. ¿Cómo desenganalos? O ronco da dúbida na súa misión, segredo, mesmo negado, rillaba quezáis ao vello poeta. Elo espricaría que dera tantas voltas ao asunto da pubricación do poema, que tomara tantos acordos e trasacordos sobre il, que se non cansara de refacer a obra e non acabara de dala ás caixas. ¿Realmente *pensaba deixar cos «Eoas» ao seu país e á posteridade a nota superior e groriosa da súa inspiración?* Houbo probablemente un tempo en que foi ise o seu pensamento. Pero ¿non chegaría nunca a se decatar de que «Os Eoas» eran demasiado dóciles a «Os Lusíadas» pra seren unha obra verdadeiramente representativa do seu talento poético? ¿Non chegaría a ter a sensación non confesada de que era escravo dun anceio imposibre, de que a empresa na que se comprometera estaba mal pranteada e adoecía dun erro inicial?[54]

Mais á vista de que o poema foi concluído, moi posibelmente nos primeiros meses de 1914, aínda se debe procurar a razón última de non ter publicados *Os Eoas* cando a versión derradeira estaba xa nun proceso definitivo, mesmo coa afirmación da páxina inicial do mecanoscrito sobre o rexistro da propiedade intelectual (que non chegou a formalizar).

É aquí onde, máis unha vez, a biografía de Pondal pode deitar luz sobre este feito. Están ben documentadas as

[54] *Cfr.* R. CARBALLO CALERO, «Os Eoas», *op. cit.*, p. 411.

crises periódicas que afectaban o poeta até o punto de lle impedir a escrita e mais a toma de decisións, especialmente nos derradeiros anos da súa vida.[55] Neste período, confinado nas pousadas coruñesas, sen o ámbito amigo das tertulias da Cova Céltica, aínda que atendido polos galeguistas herculinos que o visitaban periodicamente —Lugrís Freire, Carré Aldao, Martínez Salazar etc.—, a existencia de crises cada vez máis agudas —lémbrese a paranoia final sobre o roubo dos seus manuscritos e a suplantación do seu nome[56]— semella ocupar todo o seu horizonte vital; mesmo se poden documentar obxectivamente cunha outra carta, escrita na pensión «Gran Oriente», no número 2 da Praza de Pontevedra, dirixida «Al ilustre Doctor Rodríguez Martínez, De S[u] Ad*mirador* E. P.», datada o 4 de Agosto de 1914, que nos confirma a existencia dun fondo desequilibrio que se debeu prologar até o momento da súa morte. Eis o texto (RAG), que nos certifica tamén a existencia dun período de catro ou cinco anos de lucidez que lle permitiron acabar o poema, proceso en que estaba á altura de 1912, como xa vimos:

> Amigo muy distinguido: Después de nuestra última entrevista, he pasado cinco años conpletamente repuesto de mis antiguos achaques.
>
> Estoy sufriendo una nueva crisis neuroasténica; y tengo muchas dudas y vacilaciones.
>
> Deseo consultarle.
>
> Su buen amigo que le admira, Pondal.

Esta significativa carta, que non chegou a ser enviada, pode, por outra banda, aclararnos a cronoloxía da creación pondaliana no que a *Os Eoas* respecta. Probabelmente os materiais do poema conservados na «maleta» da Real Acade-

[55] *Vid.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, pp. 61-69.
[56] *Ibid.*, pp. 64-66.

mia Galega deban na súa maioría ser datados entre 1894 e 1908, en que sofreu outra crise que, de novo, o incapacitaba para escribir, como mostra a existencia de copias apógrafas de poemas datados en 1908,[57] xunto coas cartas conservadas por volta dese ano.[58]

Así pois, a pesar da real posibilidade de publicar o seu poema épico en Madrid, na Editorial Ribadeneyra, nunca este chegou a ver a luz porque moi probabelmente o seu estado de saúde física e mental lle impediron deslocarse a aquela cidade para dirixir e/ou controlar o proceso de probas de imprenta, tal e como fixera na Coruña cos *Queixumes* en 1886.[59]

Deste xeito, Pondal morre despois de, por fin, ter elaborada unha versión testamentaria do texto que ao longo de arredor de sesenta anos fora obxecto fundamental do seu labor poético, na procura da construción dun poema fundacional, escrito cunha intención lingüístico-patriótica,[60] segundo declara o poeta no prólogo da versión derradeira e definitiva d'*Os Eoas:*

> Este trabajo poético escribí únicamente con el objeto de demostrar que nuestro antiguo cuanto ilustre verbo gallego es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sinó también de los mas arduos y arriscados y propios de mayores empeños.[61]

[57] *Vid.* Eduardo PONDAL, *Poesía Galega Completa*, *op. cit.*, vol. II. *Poemas Impresos*, p. XIV; vol. III. *Poemas Manuscritos*, p. XVIII.

[58] *Vid.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, pp. 218-222.

[59] *Ibid.*, p. 40.

[60] Confirmada tamén no texto da oitava 121 e mais en redaccións manuscritas (*vid.*, por exemplo, 119,5c-8c e 121,1c).

[61] As notas iniciais d'*Os Eoas* seguramente foron escritas en castelán pola posibilidade de publicar o poema en Madrid, xa que tamén existen versións en galego do prólogo (véxase o texto en Eduardo PONDAL, *Os Eoas*, *op. cit.*, pp. lxiii).

A FORTUNA EDITORIAL D'*OS EOAS*

Pondal morre o día 8 de marzo de 1917 legando testamentariamente todos os seus manuscritos á Real Academia Galega para a súa futura publicación, mais non achamos alusión ningunha nos numerosos comentarios, artigos, notas de prensa etc. aparecidas inmediatamente despois da súa morte, e mesmo nos anos seguintes con motivo de retratos, homenaxes ou alusións rituais, que faga referencia á existencia dunha copia definitiva do poema *Os Eoas*, a pesar de que na Academia de 1917 debía ser coñecida a versión mecanoscrita, como mostra o feito de o texto da oitava 61, correspondente a esta versión, ser editado no número do *Boletín* publicado após a morte do poeta, como pertencente ao Canto VI («O guiador e os héroes»), a numeración orixinal da Sección 7ª.[62]

Unha sección completa da versión dactilografa aparece en 1921, ano en que Carré Aldao publica en *El Ideal Gallego* o «canto XXV» que demostra, tanto polo texto editado como polos comentarios iniciais e a listaxe de «cantos», que D. Uxío estaba a manexar a copia mecanografada do poema:

> Una afortunada casualidad, que nos permitió conocer íntegro el grandioso poema «Os Eoas» (Los hijos del Sol), en el que durante su larga y fructífera vida vino trabajando el ilustre bardo don Eduardo Pondal, hace que hoy, día tan señalado en la Historia de España, podamos honrar nuestras columnas dando a la publicidad uno de los «Cantos» de aquella obra poética, que según su autor fué escrita «unicamente con el objeto de demostrar, que nuestro antiguo, cuanto ilustre verbo gallego, es no solo capaz de los más blandos y muelles acentos, sino también de los más árduos y propios de mayores empeños».

[62] *Vid.* «Don Eduardo Pondal», *op. cit.*, p. 209.

> Divídese el poema en los «XXVIII Cantos» siguientes, todos ellos en sonoras y magestuosas octavas reale[s], que nos muestran la gran inspiración de su inmortal autor: [...]
>
> Nada creemos más oportuno en esta gloriosa efemérides que dar a conocer, siquiera sea en mínima parte, la grandiosa obra que dejó inédita el ilustre poeta bergantiñán, el poeta que más intensamente penetró y sintió el alma de su patria. Hagamos votos porque en breve puedan ser conocidos en su integridad «Os Eoas», y mientras tanto nos complacemos en dar a la publicidad uno de sus «Cantos», obsequio que sabrán apreciar en todo su valor nuestros lectores.[63]

A partir de agora desaparece toda referencia, mesmo indirecta, a esta versión do poema e comézase a falar dun conxunto informe de materiais eoicos encerrados na 'maleta' pondaliana.

Os avatares histórico-culturais da institución académica non favorecían, obviamente, unha investigación detallada e criteriosa dos seus propios fondos. Dalgún xeito, a copia mecanografada estaba «extraviada» ou «oculta» nalgún dos numerosos armarios ou recantos do edificio, actualmente na rúa Tabernas. Así se explican as conclusións da Comisión formada o 25 de abril de 1955 para a edición dos materiais épicos de Pondal. En todo o momento, os membros da Comisión (Leandro Carré, Ramón de Artaza, Francisco Vales Villamarín, Gonzalo López Abente e Ángel del Castillo) aluden ás múltiplas redaccións e millares de oitavas do poema de lectura «dificilísima y casi imposible», descoñecendo a existencia dunha copia definitiva d'*Os Eoas*, mesmo na referencia que se fai ao anterior intento de Lugrís Freire e Carré Aldao que desembocou na antecitada publicación do segundo:

[63] *Vid.* «La Fiesta de la Raza. El 12 de Octubre de 1492. O Poema OS EOAS», *El Ideal Gallego*, 12-10-1921, p. [5].

> Ya anteriormente, allá por el año 1920, la Academia había encargado a los señores Lugrís Freire y Carré Aldao la realización de este estudio.
>
> El señor Carré Aldao publicó el 12 de octubre de 1921 en el diario de La Coruña *El Ideal Gallego* el nomenclador de los cantos del poema, que son los siguintes [...].[64]

E xustifican a imposibilidade de publicación do poema aludindo ao pretérito abandono dos dous persoeiros que xa o intentaran:

> Pero, para lograr la impresión del poema completa existe una gran dificultad: el tiempo.
>
> En efecto, dada la forma en que se encuentra el material y lo difícil de la transcripción de los *miles de papeletas* que contienen las estrofas del poema, se necesitaría que varias personas de capacidad adecuada para este trabajo se dedicasen exclusiva y constantemente a esa labor, y aun así creemos que su trabajo habría de durar algunos años [...].
>
> Y esto es lo que imposibilita también que cualquiera de los actuales miembros de la Comisión nombrada últimamente pueda intentarla, ya que todos ellos tienen que dedicar todas las horas del día a sus respectivos trabajos profesionales indispensables para la vida de sus familias, y los pocos momentos de que disponen en las horas de descanso son las que invierten en sus propios estudios y trabajos literarios al servicio de Galicia, cosa también interesante, aparte de que, aun dedicanto [sic] todos esos momentos a la labor requerida por el poema de Pondal, no podrían darlo concluído quizá en el resto de su vida [...].

[64] *Cfr.* «Informe que presenta a la Junta General de la Real Academia Gallega la Comisión nombrada para estudiar la posibilidad de publicar el poema «Os Eoas» de Don Eduardo Pondal». Leandro Carré. Ramón de Artaza. Francisco Vales Villamarín. Gonzalo López Abente. Ángel del Castillo (*Boletín de la Real Academia Gallega*, Septiembre 1955, núm. 301-304, p. 87). Un resumo deste Informe pode verse tamén na prensa da emigración: «La publicación del poema heroico 'Os Eoas' de Eduardo Pondal», *La Vida Gallega en Cuba*, La Habana, Enero 1955, pp. 55-56.

> Por todo lo expuesto consideramos dificilísima la publicación del poema de Pondal «Os Eoas», lo que es de lamentar, pues todos quisiéramos que esta obra pudiera darse a luz.[65]

Mais pouco despois, en 1956, Fermín Bouza Brey acepta o encargo da Academia para o labor de transcrición e edición dos materiais eoicos, tarefa a que renuncia en 1970, deixando arredor de 40 oitavas mecanografadas, nun traballo que se mostrou inútil e fracasado.[66]

Con todo, como mostras parciais do traballo pondaliano —sempre referidas a redaccións iniciais— aparecen as contribucións de Carballo Calero, que, en 1961, transcribe 45 oitavas autógrafas do APP, xunto con 41 oitavas das probas de imprenta de 1885, tamén conservadas no mesmo arquivo;[67] e aínda en 1968 dá a coñecer o fragmento publicado por Pondal en 1864, pertencente ao primitivo Canto V d'*A América Descuberta*.[68]

Por outra banda, en 1971, Amado Ricón retoma o labor de recompilación de novas oitavas, recollendo outravolta nos *Novos Poemas* o fragmento édito d'*A América Descuberta*, xa publicado por Carballo Calero, incorporando a versión de Carré Aldao de 1921 do canto XXV e acrecentando 30 oitavas manuscritas do inmenso espolio da RAG.[69]

Dúas décadas despois, en 1992, apareceu unha edición 'completa' d'*Os Eoas*, realizada por ese mesmo autor, que é cualificada como unha *aproximación*, en que se organizan e transcriben 1.124 oitavas (repartidas en 12 cantos) de entre os innúmeros materiais manuscritos existentes na RAG, deixando esquecidos os materiais autógrafos do APP.[70]

[65] *Ibid.*, p. 88.

[66] *Vid.* Eduardo PONDAL, *Os Eoas*, *op. cit.*, pp. xxxviii-xliii.

[67] *Vid.* R. CARBALLO CALERO, *Versos iñorados ou esquecidos*, *op. cit.*, pp. 209-251.

[68] *Vid.* «Versos iñorados...», *op. cit.*, pp. 303-312.

[69] *Vid.* Eduardo PONDAL, *Novos Poemas*, *op. cit.*, pp. 147-184.

[70] Eduardo PONDAL, *Os Eoas*, *op. cit.*

Como é lóxico, a posterior aparición da versión definitiva do poema invalida como tal reconstrución a edición de Ricón Viruleg, que, ademais, xa levantaba no seu momento outros graves e variados problemas ecdóticos: a) non existe unha guía segura de organización das redaccións manuscritas, posto que o poeta deixou numerosos e contraditorios índices do seu poema que corresponden a diversas épocas e diferentes concepcións da obra; b) na edición de Ricón Viruleg mestúranse textos autógrafos e apógrafos, ao tempo que conviven estratos de redacción cronoloxicamente moi afastados, como mostra, por exemplo a oitava XVII do canto I, pertencente a unha redacción inicial, con correccións posteriores,[71] ou que insira —con erros— na súa «reconstrución» as oitavas publicadas polo poeta en 1864;[72] c) nesta edición non existen criterios de selección de redacción nin tampouco non se explicitan os criterios de fixación do texto principal en relación coas redaccións que corrixen o texto inicial, como mostra o feito de estabelecer en numerosas ocasións texto riscado fronte a versións alternativas de Pondal, ou, asemade, seleccionar contraditoriamente primeiras ou posteriores redaccións, segundo os casos.

O resultado é un texto inzado de erros de transcrición (mesmo con evidentes erros de rima, versos hipo- e hipermétricos ou oitavas de sete versos), para alén de ser, no seu conxunto, unha mera aproximación reconstrutiva dun poema en que Pondal traballou case sesenta anos da súa vida.

Máis aínda. A versión riconiana, que pretendía ofrecer unha transcrición fiel do texto pondaliano segundo indica

[71] O tipo e tamaño do papel, a letra, as grafías e o modelo de lingua, así como o feito de formar parte dunha ampla serie numerada (conservada na RAG e mais no APP), indícanos que estamos, moi probabelmente, perante unha oitava pertencente a unha redacción moi temperá, de que existen bastantes restos nos dous arquivos citados.

[72] Na edición de Ricón son as oitavas LIX-LXXXVIII, pp. 407-417, agrupadas co título «Coloquio dos ríos», coa omisión da oitava 33.

insistentemente nos seus 'criterios de edición', na práctica constitúe unha continua acumulación de erros, cun incumprimento explícito dos criterios enunciados e cunha falta de respecto textual especialmente criticábel por atentar contra unha obra e un autor que coidaba e se preocupaba obsesivamente polo futuro dos seus textos. Deste xeito, limitándonos ás vinte e unha primeiras oitavas da 'reconstrución', observamos as seguintes anomalías, derivadas do confronto entre o texto editado e a reprodución dos manuscritos incluída nun opúsculo adxunto á súa edición d'*Os Eoas* («Facsímile. Selección de Amado Ricón Viruleg»):[73]

1. Erros continuos referidos ás grafías pondalianas, tanto no texto principal como nas escasas variantes recollidas (*cfr.* «Se conservou a ortografía do manuscrito autógrafo ou apócrifo [sic]»; «A grafía etimolóxica empregada por Pondal en toda a súa obra poética e aplicada na composición de *Os Eoas*, tamén se respeta nesta edición»):[74] I.7, III.1 e 5: *Direi* (vs. *Diréi*), I.8: *Máis* (vs. *Mais*); II.4: *fe* (vs. *fé*); II.5: *bóos* (vs. *boos*); III.1: *venceran* (vs. *vencéran*); III.3: *extenderan* (vs. *estenderan*); III.8: *ingenio* (vs. *ingénio*) etc. etc. Por outra banda, omítense sistematicamente os puntos suspensivos finais dalgúns versos (II.3; II.6 etc.), así como as diéreses pondalianas: VIII.8: *ruido* (vs. *ruïdo*); XV.6: *injurioso* (vs. *injurïoso*); XVI.1: *audacioso* (vs. *audacïoso*); XVII.8: *saudoso* (vs. *saüdoso*).

[73] Esta enumeración de erros non pode ser exhaustiva porque a reprodución publicada presenta unha nitidez por veces deficiente. De todos os xeitos, non é imprescindíbel termos diante os manuscritos pondalianos para detectar ao longo da 'reconstrución' incontábeis casos de vocábulos inintelixíbeis, formas alleas a Pondal, erros evidentes..., sendo difícil diferenciar, por veces, o que é gralla de imprenta do que é deficiente ou errada —e, ás veces, disparatada— lectura dos manuscritos, erros no proceso de reprodución de impresos ou, mesmo, descoñecemento do galego.

[74] O número romano indica a oitava e o arábico fai referencia ao verso, sempre seguindo a edición de Ricón.

2. Erros graves de transcrición e interpretación textual, con fondas consecuencias de tipo lingüístico, métrico e literario, que, asemade, dificultan ou, mesmo, impiden a comprensión do texto:[75] II.4: *Qu'a* (vs. *Que*); III.3: *Das naus fortes antenas q'extenderan* (vs. *Das mais fortes entenas q'estenderan*); III.7-8: *S'atanto m'a pides, doce armonía, / Cornuto ingenio e nobre fantasía* (vs. *S'á tanto m'ajudar doce armonía, / E arguto ingénio e nobre fantasía*); V.4: *dereito* (vs. *deserto*); V.6. *trogueran* (vs. *trougueran*); VI.3: *Sujetaran* (vs. *Sujeitaran*); VI.4: *nomeando* (vs. *memorando*); VIII.4: *eóo* (vs. *aóo*); IX.8: *Meus...cantos* (vs. *Teus...acentos*); XI.3: *as conquistas* (vs. *a gran* [r. *da*] *conquista*); XI.5: *q'un* (vs. *q'eu*); XI.6: *vontade* (vs. *fantasía*); XIV.3: *tremente* (vs. *tremante*); XIV.6: *ronca* (vs. *rouca*); XV.2: *meu* (vs. *non*); XV.3: *Morrer non deixes ca materia odiosa*[76] (vs. *Que non feneza ca prison odiosa*); XV.4: *fervoroso servo* (vs. *fervoroso e servo*); XVI.4: *Allóns cortas* (vs. *Anllons cortás*); XVI.8: *andar* (vs. *audaz*); XVIII.1: *vindo Dios que* (vs. *vendo Dios q'os*); XVIII.6: *límites* (vs. *lazos*); XVIII.8: *Sólo unha fe pura e inmorrente* (vs. *Haxa solo unha fe pura e fervente*); XIX.4: *terra* (vs. *Terra*); XIX.6: *o* (vs. *do*); XX.2: *Bethisade* (vs. *Bethsayda*); XX.7: *imperioso* (vs. *impetüoso*); XXI.2: *do profeta* (vs. *dos profetas*); XXI.5: *gran* (vs. *grande*); XXI.6: *Amóstrase* (vs. *Amostra*); XXI.7: *calume* (vs. *calígine*).[77]

3. Ausencia de numerosas variantes (*cfr.* «Se respetaron as variantes da oitava, finalmente seleccionada, tal como esta-

[75] Fóra das oitavas iniciais, vexamos tamén, seleccionado ao acaso, o «canto IV»: detéctanse, cando menos, erros rimáticos na oitava VII (p. 177), catro versos hipométricos (LXV. 2 e 7, p. 199; LXXV.5, p. 202; LXXXVI.6, p. 206) e tres versos hipermétricos (I.2, p. 175; VI.2, p. 176; XIII.1, p. 187).

[76] O editor refai o verso co aproveitamento de *deixes*, único vocábulo lexíbel na redacción alternativa, riscada, e mudando o orixinal *prison* en *materia* para resolver os problemas de medida do verso a partir da súa errada lectura.

[77] Na transcrición das escasas variantes recollidas percíbese a mesma acumulación de erros: n. 2: *cinguidos* (vs. *cingidos*), n. 7: *desaparceran* (vs. *desparceran*); n. 14: *a* (vs. *da*); n. 22: *desmedido* (vs. *denodado*); n. 30: *berrar* (vs. *barrer*); n. 34: *prisión* (vs. *prison*); n. 48: *afastados* (vs. *apartados*); n. 49: *nevoa* (vs. *trévoa*).

ban no orixinal manuscrito autógrafo ou apócrifo do poema, quedando anotadas ó pé da páxina»), que no conxunto analizado afectan practicamente a todas as oitavas (III, IV, VI, X, XI, XII, XIII, XIV, XV, XVI, XVII, XVIII, XIX, XX, XXI). Por outra parte, ademais de non indicar en ningún caso as marcas de preferencia, o rexeitamento de determinadas redaccións etc., aparecen variantes inexistentes (por exemplo, IX.5, n.18; XV.8, n. 38) ou deficiente fixación do texto por errada interpretación das diversas redaccións nun determinado contexto (que afectan especialmente aos vv. 7-8 da oitava XVIII no conxunto de oitavas examinadas). Dun xeito semellante, en diversas ocasións fíxase unha redacción explicitamente rexeitada polo poeta, fronte á versión alternativa que corrixe a anterior. Entre outros casos: XV.3: *Morrer non deixes* (vs. *Que non feneza*); XV.5: *follosa* (vs. *frondosa* ou *gloriosa*); XVI.3: *lindo* (vs. *ledo* ou *sesgo*); XVIII.7: *do extremo eoo* (vs. *dendes da Aurora*).

4. Omisión das observacións iniciais das oitavas incluídas polo propio poeta, que fornecen valiosa información, xamais recollida no aparato crítico, sobre a adscrición, carácter, numeración etc. de cada oitava (II: *A Musa;* III: *Proposición;* V: *O Poeta. última (mejor);* VI: *O Poeta;* IX: *Otra;* X: *Otra;* XI: *A Musa;* XIII: *A Musa 4;* XIV: *A Musa*). Do mesmo xeito, nunca se explicitan datos tan importantes como o tipo de papel, letra, modelo lingüístico etc., importantes para determinar o estrato cronolóxico de cada redacción.[78]

Se a isto lle acrecentamos a inexistencia de aparato crítico, substituída por unha acumulación pouco criteriosa de notas a rodapé, con mestura de variantes (sen indicación de colocación ou preferencia), notas aclaratorias e numerosísimos *sic* desconcertantes, a fixación textual presenta graves deficiencias e invalida en gran medida o esforzo de edición destes materiais.

[78] *Vid.* nota 71.

A DERRADEIRA VERSIÓN DO POEMA

En setembro do ano 2000, no proceso de lenta, repousada e sistemática transcrición do espolio pondaliano, localizamos e identificamos na Real Academia Galega unha versión mecanografada d'*Os Eoas* que, sen dúbida, abala os alicerces do pondalianismo por canto supón a existencia dunha derradeira versión completa do poema corrixida polo autor e preparada, *grosso modo*, para a imprenta.[79] De calquera maneira, a coidada organización do texto xunto coa presenza dunha folla inicial coa capa da obra[80] e, sobre todo, a existencia de todos os elementos necesarios para a edición impresa do poema, como o prólogo («Al lector») e a nota inicial («Nota»), así como a advertencia «Es propiedad. Queda hecho el depósito que marca la ley», indican que estamos perante a derradeira e definitiva versión do poema épico *Os Eoas*, que percorreu un longo traxecto até a versión final (1857-1914).

O conxunto dos materiais desta versión está formado por diversos elementos que describimos a seguir:

1. Un núcleo fundamental de 306 cuartillas dactilografadas, de c. 170 x 230 mm (en dúas tintas diferentes, azul e negra), organizadas, agrupadas e numeradas (con lapsos) por seccións,[81] coas correspondentes introdución e nota previas do poema. A maior parte das oitavas presentan correccións

[79] O texto apareceu, xunto con numerosos materiais anexos, na «épica maleta» de Eduardo Pondal, de certo alí depositada por mans dilixentes, no proceso de recuperación e reorganización arquivística do inmenso patrimonio documental da Academia Galega.

[80] Con tres disposicións posíbeis: *Portada del libro:* | *trés títulos a escojer* | *Os Eóas* | *de* | *Eduardo Pondal* | *Os Eóas* | *por* | *Eduardo Pondal* | *Os Eóas* | *(poema)* | *por* | *Eduardo Pondal*.

[81] Cada sección vai precedida sistematicamente dunha cuartilla inicial en que aparece, tamén con correccións, o nome do autor (Eduardo Pondal), a obra (OS EOAS), e o número e título da sección. Nas seccións 27-28 estes elementos son autógrafos.

autógrafas de Pondal,[82] moitas veces con ensaios de novas redaccións alternativas, así como esporádicas correccións manuscritas apógrafas que poderían ser do(s) copista(s),[83] normalmente de erros de máquina. Estamos, pois, perante un mecanoscrito idiógrafo complexo, xa que aparecen para algunhas oitavas redaccións mecanoscritas concorrentes con desenvolvemento total ou parcialmente diverxente.[84]

2. Entre os folios mecanoscritos existen, sen organización ningunha, 208 papeletas manuscritas que presentan o orixinal autógrafo do dactiloscrito ou, na maior parte das ocasións, redaccións diverxentes da versión mecanografada.[85]

3. Un grupo diferenciado de 30 cuartillas dactiloscritas rexeitadas con versións previas da redacción final, presentando tamén algunhas delas correccións do poeta, que apareceu fóra do conxunto eoico, entre documentación persoal e manuscritos de tipo lírico.[86] A este grupo aínda se deben acrecentar outras dúas achadas nunha derradeira recuperación de documentación pondaliana, no ano 2003.[87]

[82] Aparecen correccións do poeta nas seguintes oitavas: 1, 4, 6-16, 18-19, 21-33, 35-37, 41-42, 44, 46, 48, 50-55, 57-58, 60, 62-64, 66, 73-74, 77, 79-81, 83, 86-88, 90, 92, 95, 104, 110-112, 115, 117, 121-122, 124, 132, 139, 149, 145-155, 165, 167, 182-183, 190, 192, 194-195, 221-222, 241, 243, 245-247, 253-256, 259, 268-269, 271, 273-277, 279.

[83] Nas oitavas 3, 8, 11, 63, 68, 76, 89, 105, 106, 110, 115, 127, 129, 133, 143, 145, 146, 150, 161, 166, 167, 168, 190, 210, 223, 225, 244, 251, 264, 266, 272. Unha parte destas correccións emendan erros mecánicos de copia durante o proceso de revisión do texto mecanoscrito, e as restantes semellan responder a correccións inspiradas directamente polo poeta: todas elas necesariamente aceptadas na fixación textual d'*Os Eoas*.

[84] Para as oitavas 1 (2), 7 (3), 24, 41, 58, 61, 63, 111 (3), 118, 157, 167, 175, 176, 248 (3), 269 (Nota), 273, 275 e 278.

[85] Un grupo de doce papeletas con redaccións autógrafas apareceu dentro dun sobre, entre as follas iniciais. *Vid.* nota 114.

[86] Correspondentes ás oitavas 1, 2 (2), 3 (2), 4 (3), 5, 6, 7, 10, 13 (2), 24, 71, 91, 111, 127, 157, 212, 276, 277, 278, 280 (2), 281, 282, 283, á parte doutra redacción mecanografada da Nota da oitava 269.

[87] Correspondentes ás oitavas 15 e 44. Isto demostra, máis unha vez, que poden seguir aparecendo novos materiais cando o labor de exhumación e catalogación dos materiais da institución académica estea definitivamente culminado.

4. Un conxunto anexo de 605 papeletas autógrafas, en xeral de c. 120 x 170 mm, con redaccións totais ou parciais diverxentes, cronoloxicamente correspondentes ao período de redacción final do poema, como mostra, para alén das características formais, do tipo de letra e do modelo lingüístico, o feito de que algunha sexa produto do aproveitamento de cuartillas mecanografadas do poema.[88]

O conxunto dos materiais eoicos derradeiros ofrécenos, pois, un texto preparado para a imprenta, mais carente da 'definitiva' revisión do autor (sempre relativa en Pondal), como mostra a existencia de redaccións dactiloscritas concorrentes para a mesma oitava, concentradas nomeadamente na primeira oitava das diversas seccións, e, ao mesmo tempo, a existencia de diversos lapsos e erros de copia (sen corrección), atribuíbeis, en xeral, á(s) persoa(s) encargada(s) de teclear(en) ao ditado o texto do poema, entre 1913 e 1914 (*vid. supra*), ou á deficiente revisión do autor (a partir de abril de 1914), talvez condicionada polos seus problemas de vista (*cfr. supra*).

A teor da información de que dispomos, podemos afirmar que a versión —escolla de oitavas— derradeira d'*Os Eoas* debe ser posterior ao 19 de novembro de 1912, momento en que o poeta se sentía impotente perante o labor de definitiva selección do poema, pois el mesmo declara: «Es una labor tremenda la de escogitar, la de suprimir, la de dar por válido parte de lo que ahí hay. Yo, francamente, no me atrevo. Me abruma la tarea».[89] Moi posibelmente, entre esta data e mediados de 1914, se deberon seleccionar as oitavas (talvez

[88] *Vid.*, por exemplo, 71,2d. De todos os xeitos, unhas poucas papeletas con redaccións autógrafas deben proceder de estratos cronolóxicos anteriores, diferenciándose das escritas no período 1912-1914 na medida e mais no tipo de tinta e de letra, presentando ademais algunhas delas correccións da derradeira época.

[89] *Cfr.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura...*, *op. cit.*, p. 292. Ainda que tamén alude ao feito de que xa comezou a «poda» (*Ibid.*, p. 291).

coa axuda de Manuel Lugrís)[90] e encargar a copia dactilografada do texto, como mostra o feito de que as referencias a este proceso se concentren en 1913, mentres que en abril de 1914 semella estar na tarefa de corrección, case concluída no mes de xuño, como podemos deducir das palabras de José Valdés ao poeta: «Ya que *Os Eoas* están en limpio, haga un esfuerzo para corregir pronto lo escrito y que se impriman cuanto antes» (*cfr. supra*).[91] E, se cadra, pouco despois finalizada, aínda que incompleta, pois é de agosto a carta en que o poeta se declara, máis unha vez, en crise «neuroasténica», talvez o principio do final.

Canto ao proceso material da copia mecanográfica, o estudo atento dos materiais mecanoscritos revela algúns feitos que a seguir expomos:

1. En xeral, o texto mecanografado foi escrito non como copia dun orixinal manuscrito mais como copia ao ditado,[92] como revelan os repetidos erros cometidos no proceso de mecanografamento, só explicábeis por deficiente

[90] *Cfr.* «Si este buen amigo [Manuel Lugrís] quiere tomarse la molestia de ayudarme...» (*Ibid.*, p. 292).

[91] O derradeiro periplo vital do poeta (1915-1916) tivo de ser un período de decadencia absoluta, física e mental, de que é produto o Caderno *Postrimerías de Pondal. Sustraídas*, compendio do desespero e loucura final do poeta (*vid.* PONDAL, Eduardo, *Poesía Galega Completa*. I. *Queixumes dos Pinos*, *op. cit.*, p. XV).

[92] Non é posíbel, cos datos existentes, sabermos se foi o propio Pondal o que ditou as oitavas, ou se tivo axuda (Lugrís?, Carré Aldao?), esporádica ou de máis entidade, para acabar esta versión derradeira, como suxire o feito da existencia de diverxencias lingüísticas entre, aproximadamente, as dúas metades do poema: *deseo/desear* (33, 35, 143, 144, 177) vs. *desejo/desejar* (180, 207, 218, 253, 257, 262), salvo por necesidades rimáticas (207, 212); *Colón* (15, 43, 54, 110, 264, 278) vs. *Colombo* (192, 195, 201, 202, 203, 205, 206, 265), *-ción* (14, 34, 85, 243) vs. *-zón* (87, 128, 219, 224, 271, 278), *praneta* (60, 125) vs. *planeta* (244) ou *incrinar* (31, 32, 120, 133, 134) vs. *inclinar* (195, 236). Lémbrense as seguintes palabras de Manuel Lugrís Freire: «Eu podo asegurarvos, porque o conozo por ter sido amanuense do bardo, que o argumento do poema é dino do xenio que lle deu vida» (*cfr.* «Eduardo Pondal», in Academia Gallega, *Queixumes dos Pinos (2ª edición) y Poesías Inéditas de Eduardo Pondal*, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos, 1935, p. 277).

interpretación auditiva, xunto cunha escasa práctica na escrita en galego: *baiso* (por *baixo*), *cas* (por *q'as*), *Pauro* (por *Paulo*), *prallas* (por *prayas*), *subrime* (por *sublime*) etc.[93]

2. A existencia de dúas fases fundamentais na confección da versión final do poema, indicada pola existencia de dúas tintas (negra e azul), xunto coa combinación de texto con tinta negra e numeración con tinta azul. A análise da cualidade de copia segundo as tintas suxire que as oitavas sobreviventes dunha primeira fase serían aquelas escritas con tinta negra (cunha especial acumulación de erros de maior transcendencia),[94] aproveitadas moi parcialmente nunha segunda fase, en que o texto sería mecanografado con tinta azul e se numerarían con esta mesma tinta todas as oitavas do poema.[95]

3. Existencia de, polo menos, dous copistas, a través da análise dos erros (e da súa ausencia) de máquina, que se concentran especialmente nas oitavas tecleadas con tinta negra e

[93] Porén, nalgún caso debeu existir copia directa do autógrafo pondaliano, como mostra que na oitava 269 apareza mecanografado *alre* (no v. 7), erro posibelmente condicionado pola forma autógrafa de *aire*, e, sobre todo, o feito de a versión 2b da nota a esta oitava aparecer mecanografada en forma de «versos», que deben corresponder ás liñas do orixinal autógrafo de Pondal.

[94] Na versión derradeira, aparecen co texto escrito con tinta negra e o número en tinta azul as oitavas 8, 11-14, 16, 18-23, 25-26, 28-40, 54-55, 57, 60, 68-70, 72-75, 77, 80-90, 92-93, 95-98, 112 (ademais das versións concorrentes 24,1a; 58,1a; 63,1a), fronte ás restantes, escritas con tinta azul, que tamén aparece nas seguintes versións concorrentes: 1,1a-2a; 7,1a-2a; 61,1a; 111,1a-3a; 118,1a; 157,1a; 167,1a; 175,1a; 176,1a; 248,1a-3a; 269,1a (nota); 273,1a; 275,1a; 278,1a.

Nas cuartillas rexeitadas (grupo b) existe a combinación de texto en negro con número en azul nas seguintes versións concorrentes: 1,3b; 3,2b; 4,1b e 3b; 5,1b; 6,1b; 10,1b. Mais encontramos unicamente tinta negra nas versións dactilografadas concorrentes e rexeitadas 1,4b; 7,4b; 13,1b-2b; 15,1b, ademais das versións 71,1b; 91,1b e 111,5b, que aparecen sen numerar.

[95] E posibelmente aínda despois se teclearon versións concorrentes dalgunhas oitavas concretas cunha tinta azul máis marcada, que revela a utilización dunha fita mecanográfica nova ou con pouco uso. No texto do poema corresponde ás oitavas 1, 17, 94, 111, 123, 124, 248, 272 e 278; como redaccións concorrentes, encontramos as seguintes: 7,2a-3a; 111,3a; 167,1a; 248,2a-3a.

mais na segunda parte do poema. Aínda que é difícil establecer unha atribución certa a unha ou outra man da copia de todas as oitavas mecanoscritas, semella que estas dúas persoas foron alternando o seu traballo de copia ao longo do proceso de elaboración mecanografada do texto épico. O cruzamento e combinación de erros mecánicos e lingüísticos significativos (por presenza ou ausencia deles)[96] suxire que a maior parte da execución mecánica do texto se debe a unha mesma persoa, con tendencia ao uso das secuencias gráficas <nb> e <np> (34, 59, 60, 74, 79, 90, 92, 95, 98, 113, 119, 169, 192, 198, 201, 202, 203, 205, 277), representación de <-eu> como <-eo> (10, 26, 75, 112, 113, 240, 272), grafía <-d> no canto de <-z> (23, 41) e confusión de [ʃ] e [s] (26, 67, 80, 122, 138, 172).[97] Unha segunda persoa semella ter tecleado as oitavas 99-104, 121, 133-134, 163-169 e 207-234, en que se aprecia o intercambio *-l-/-r-* (208, 211, 212, 226), rotatización de *-bl-* en *subrime* e derivados (100, 126, 134, 169), xunto coa confusión <-y->/<-ll-> (121, 224, 226, 234).

4. O labor de revisión final do poeta presenta erros e lapsos, certamente explicábeis desde o carácter pondaliano (a súa permanente vacilación e insatisfacción creativa) e, mesmo, dos seus problemas de visión, obxectivamente documentados:

• a sección sexta *Os Nomes* aparece numerada tamén como *5ª*, número que xa tiña a sección anterior (*Ignotus*), co conseguinte e sistemático deslocamento, canto á numeración, de todas as seccións seguintes.[98]

[96] De todos os xeitos, débese ter en conta para ponderar axeitadamente esta hipótese que a atribución certa ás diferentes mans resulta dificultosa pola probábel mestura de distintos estratos e etapas no proceso de elaboración final d'*Os Eoas*.

[97] Esta persoa tamén presenta tendencia, entre outros erros, á omisión de <n> implosivo interior (26, 34, 60, 69, 82, 83, 125, 127, 150, 151, 161, 255), confusión [f]/[θ] (35, 142, 199, 246) e separación gráfica do *e-* inicial dalgúns vocábulos (15, 50, 60, 61, 263, 267).

[98] Que xa non recollemos no aparato crítico.

• ao longo do poema aparecen diversas oitavas coa numeración duplicada nalgunhas seccións, por lapso de corrección do poeta (57-58, 64-65, 94-95, 123-124, 259-260), feito que obriga a renumerar de maneira correlativa o resto de cada sección afectada.[99]

• existencia de oitavas sen numeración ningunha (2-5, 41, 181) ou sen renumerar (6, 78, 212).

• erro de ordenación (e numeración), tal e como o sentido esixe, das oitavas 59-60 da sétima sección.[100]

• ausencia do v. 5 na versión dactilografada da oitava 72, lacuna resolvida co texto manuscrito autógrafo da mesma oitava existente na 'maleta' pondaliana.

• inexistencia de copia dactilografada de dúas oitavas (56 e 120), esixidas pola numeración e pola liña argumental, substituídas polas correspondentes papeletas autógrafas, que aparecen no dactiloscrito colocadas no lugar que lles correspondería ás copias mecanografadas.

CRITERIOS DE EDICIÓN

Perante estes materiais, e tendo en conta as características da copia dactiloscrita, o labor de edición do texto levanta algúns problemas que tentamos resolver nesta edición. A análise do mecanoscrito e a fixación textual do poema levou consigo:

[99] O necesario acrecentamento da oitava 56, co número 3, obriga a renumerar as seguintes da sección, a pesar de que Pondal só muda o número da inmediata seguinte (-3- > 4), ficando as outras coa numeración antiga. As oitavas 94 e 123, con tinta azul máis marcada, deberon ser introducidas posteriormente sen renumeración da seccións correspondentes. As oitavas 64-65 e 259-260 presentan a mesma numeración (-2-).

[100] Neste capítulo de deslocamentos temos de incluír tamén o desprazamento de dúas redaccións concorrentes, correspondentes ás oitavas 175-176 (da sección 17ª), que aparecían na sección 15ª, despois da oitava 147, coa mesma numeración que as oitavas 148-149.

1. Reordenación das series de oitavas en que, polas diversas correccións de numeración feitas polo poeta, ás veces descoidada ou contraditoria, se produciron erros na secuencia lóxica.

2. Supresión dalgunhas oitavas que, con numeración aparentemente correcta, son necesariamente concorrentes, tanto por razóns textuais como pola liña argumental do poema.

3. Acrecentamento de dúas oitavas manuscritas autógrafas dispostas para a súa inclusión no lugar correspondente, como indica a disposición e numeración da sección correspondente.

4. Selección da redacción preferente cando contamos con versións dactiloscritas concorrentes, estabelecendo como criterios de escolla a escrita con tinta azul, a existencia de redacción autógrafa, numeración, título, correccións autógrafas, representatividade nas redaccións manuscritas diverxentes e a coherencia interna do poema (ás veces de difícil determinación).[101]

5. Fixación textual cando o poeta corrixe o texto dactilografado ou reescribe total ou parcialmente un ou varios versos dunha oitava: seguindo os criterios aplicados na lírica manuscrita, seleccionamos o texto seguindo indicacións externas de Pondal, isto é, as marcas de preferencia (normalmente coas indicacións + ou -). Cando non existiren estas, acollemos sempre a redacción mecanografada se non está riscada, ou a primeira redacción (salvo circunstancias puntuais que aconsellen o contrario) se existiren varias redaccións autógrafas alternativas.

6. Depuración textual dos erros do(s) copista(s) que ficaron sen corrección no labor de revisión do texto mecano-

[101] Así mesmo, escolla do texto en 85.5, en que o copista mecanografou dúas versións sucesivas do verso (en 86.2, 168.7 e 230.7 xa aparecen riscadas as dúas ou unha delas), sen aparecer rexeitada ningunha das dúas.

grafado: *seo* 'seu', *subrime* 'sublime', *audad* 'audaz', *pralla* 'praia', *au* 'ao', *Pauro* 'Paulo' etc. (*vid. supra*). Así mesmo, emenda dos lapsos do poeta, sempre a partir do *usus scribendi* de Eduardo Pondal, moitas veces detectábeis pola estrutura métrica (6.6, 41.5, 65.8, 91.7, 98.7, 112.2, 129.4, 146.7, 149.1, 161.6, 173.5, 216.3, 223.8, 262.8)[102], e evidentes cando afectan á estrutura rimática (20.5, 82.5, 101.6, 122.1, 155.1, 171.7, 230.5, 244.5, 249.5).[103]

A presente edición d'*Os Eoas* vai acompañada de todos os textos complementarios da versión mecanografada básica do poema. Deste xeito, incluímos a transcrición sistemática das versións concorrentes dactilografadas de cada oitava (secundarias, do noso punto de vista, verbo do texto estabelecido), así como os materiais manuscritos aparecidos con esta versión e cronoloxicamente correspondentes ao período de elaboración final do poema épico.

A transcrición dos materiais dactilografados concorrentes tenta respectar escrupulosamente o orixinal (cos seus lapsos e erros), utilizando unha tipografía menor para indicar as correccións pondalianas e/ou apógrafas (cando existiren)[104] e utilizando a negra para mostrar as correccións acentuais realizadas polo poeta nos textos dactiloscritos.

Canto á transcrición dos materiais manuscritos, ofrécese unha versión fiel ao orixinal, coas emendas exixidas por lapso evidente ou faltas do papel, e a utilización dun corpo menor tipográfico nas redaccións ou variacións alternativas ou entreliñadas introducidas posteriormente polo autor.

En ambos os casos, as indicacións iniciais dos textos (título, numeración, observacións...) que se encontran tanto

[102] En todo o poema só existe un verso hipermétrico, *Seu pé sumiso Mediterráneo baña* (202.5), e tres versos con deslocamente do necesario acento na sexta sílaba: *O gran Colón, e decir tanto basta* (15.2), *De si deitando a común lei da morte* (126.3), *Ben dignos foran d'eternas coronas* (282.6).

[103] Mais fica irredutíbel o erro de rima na oitava 211.

[104] Sempre facendo constar a que man pertencen.

en oitavas dactiloscritas rexeitadas como en redaccións autógrafas son recollidas en letra itálica, a continuación da referencia alfanumérica de cada texto ou fragmento.

Igual que acontece coa lírica manuscrita, os materiais eoicos leváronnos á confección dun aparato crítico complexo que responda á multiplicidade e variedade dos materiais desta versión derradeira d'*Os Eoas*.

Así, a continuación do texto de cada oitava presentamos un duplo aparato que recolle, antes das notas explicativas, de carácter ecdótico, lingüístico e/ou cultural que o texto do poema esixe, a descrición de cada cuartilla xunto coas correccións mecanografadas, as emendas ou correccións apógrafas[105] e as correccións do poeta,[106] e, por outra banda, as diverxencias gráficas en relación ao mecanoscrito[107] debidas á aplicación dos criterios editoriais que preside a edición que realizamos da poesía do bergantiñán.[108] Obviamente, as indicacións abreviadas son as mesmas que xa foron utilizadas na edición da lírica: as redaccións pondalianas alternativas a un verso, parte do verso ou vocábulo van precedidas das seguin-

[105] Talvez do mesmo responsábel do labor de mecanografado. Por outra parte, non recollemos as correccións mecánicas sobrepostas, efectuadas de xeito inmediato polo copista, xa que só nos informan da habilidade mecánica do tecleador, mais si anotamos as correccións dactilografadas con riscamento previo.

[106] No orixinal, algunhas correccións de Pondal presentan forma tipográfica. Téñase en conta, por outra parte, que ás veces é difícil a atribución a unha ou outra man das correccións manuscritas, sobre todo canto son de pouca entidade.

[107] E na sección 25ª o confronto coa edición de Carré Aldao en 1921 (*vid.* nota 63), coa sigla *IG*.

[108] Os criterios aparecen expostos en Eduardo PONDAL, *Poesía Galega Completa, op. cit.*, vol. I (*Queixumes dos pinos*), no apartado «Criterios de edición» da introdución, pp. XLIV-L.

No referente aos signos de interrogación e admiración, resolvemos as contradicións do texto inclinándonos polo seu exclusivo uso final, en liña cos costumes maioritarios pondalianos e atendendo ás últimas indicacións da revisión normativa aprobada pola RAG en 2003. Canto aos textos introdutorios e as notas ás oitavas 269 e 277, redactadas en español, regularizamos a acentuación.

tes indicacións: *r.* (= riscado);[109] *p.* (= escrita ao principio do manuscrito); *l.* (= escrita no lateral), *f.* (= escrita ao final); *A., B., C...* (= primeira, segunda, terceira... redacción entreliñada por cima da forma inicial); *a., b., c...* (= primeira, segunda, terceira... redacción entreliñada por baixo da forma inicial).[110] A cantidade e complexidade das alternativas redaccionais, xunto coa necesidade de simplificar no posíbel este aparato de variantes, levounos a utilizar as parénteses para formar grupos paralelos de redaccións alternativas, suprindo elementos ausentes nalgunha(s) delas e mais a incluír entre chaves ([...])[111] as alternativas de redacción parciais a outras redaccións que tamén son alternativas en relación coa escrita inicial do poeta. Por outra parte, continuamos a utilizar as parénteses angulares (<...>) para recollermos unha escrita inicial corrixida por medio da súa reescritura.[112]

Finalmente, na presente edición incluímos todos os abondosos e múltiplos materiais manuscritos correspondentes a esta versión d'*Os Eoas*, con referencia alfanumérica abre-

[109] A indicación simple *r* aparece cando o texto dactilografado foi riscado por Pondal e substituído por unha redacción manuscrita. Os acrecentamentos redaccionais do poeta sempre levan indicación de posición (*a, b..., A, B...*). Por outra banda, as referencias en que o número de oitava e verso vai seguido de *r* indica que se está a citar unha forma dactilografada que o poeta riscou e substituíu por outra. Ademais, as variantes que fan referencia ás notas das oitavas 269 e 277, van referidas ao número de liña seguido da indicación *n*.

[110] Incluímos a indicación *add.* nos casos de duplicación mecanografada dalgún verso (85.5, 86.2, 230.7).

[111] Estas chaves tamén serven para indicar a inclusión dalgún elemento no verso que foi escrito a posteriori cando non existía espazo material para o colocar no seu lugar.

[112] As restantes indicacións son as habituais: a barra inclinada (/) separa versos (ou partes do verso que no manuscrito aparecen en liñas diferentes), mentres que os colchetes ([...]) indican elementos textuais, quer apagados no manuscrito ou mecanoscrito, quer ausentes por lapso de escrita, mantendo os puntos suspensivos cando son ilexíbeis; cando a lectura é dubidosa indicámolo cos signos de interrogación, sinalando con *sic* os principais lapsos textuais. Nos textos en prosa e nos títulos das oitavas utilizamos a barra vertical (|) para separar as liñas.

viada (con número e letra indicativa do grupo de redaccións) que permita nas notas a citación áxil de cada variante de redacción, completa ou fragmentaria, existente:[113]

1. Primeiramente recollemos, indicadas sempre coa letra *a*, as versións dactilografadas concorrentes, cando existiren, diferenciando estas incluídas no núcleo inicial daqueloutras redaccións mecanografadas excluídas explicitamente (indicadas coa letra *b*) por teren aparecido no seo da documentación anexa á copia principal —basicamente elaboracións líricas e textos documentais— recuperada xunto coa versión d'*Os Eoas*.

2. A continuación incluímos, seriadas en orde crecente de aproximación á versión definitiva —sempre relativa e discutíbel—, as redaccións autógrafas completas de cada oitava, indicando coa letra *c* as incluídas no núcleo principal entre as oitavas mecanoscritas[114] e con *d* as aparecidas nos materiais anexos.

3. Finalmente, as redaccións fragmentarias (xeralmente para os vv. 7-8 de cada oitava), aparecen como *e* (as do núcleo inicial) e *f* (as dos materiais anexos), tendo en conta que, en numerosas ocasións, a atribución a cada oitava é dubidosa e/ou discutíbel. A ordenación destes fragmentos faise pola orde dos versos, situando ao final as variacións que afectan a varias oitavas.

4. Ao final dos Materiais Complementarios incluímos un Anexo con aquelas redaccións en que non achamos correspondencia clara con ningunha oitava, seguramente por procederen de versións pertencentes a estratos cronolóxicos anteriores á fixación derradeira do poema.

[113] Cando nunha papeleta convive o texto dunha oitava con fragmentos doutras ou, tamén, fragmentos de diversas oitavas, a referencia fundamental faise con relación á oitava completa ou, nos outros casos, ao primeiro fragmento existente.

[114] Neste núcleo principal existe un sobre que contén as papeletas correspondentes ás seguintes redaccións: 8,2c e 7c; 17,4c; 26,2c-3c; 27,4c; 118,2c; 242,4c; 244,2c; 283,1c-3c. *Vid.* nota 85.

RAMO

O labor de edición d'*Os Eoas* permitiu fixar un texto que coidamos reflexo da derradeira vontade pondaliana: un poema constituído por 285 oitavas (nótese a proximidade coas declaracións do propio poeta a *La Voz de Galicia* en 1912),[115] cunha brevidade e esquematismo narrativo (o ton lírico só se manifesta plenamente na Sección 13ª) que o afastan da falida «reconstrución» efectuada en 1992, en que o número de oitavas ultrapasaba amplamente o millar, ademais de presentar graves deficiencias na lectura e interpretación dos autógrafos pondalianos. Ao mesmo tempo, a existencia dun texto final d'*Os Eoas* permite, por unha banda, valorar a evolución lingüística do poeta ao longo dos anos,[116] con grafías e formas que se ían consolidando, na súa maioría, na literatura galega.

Deste modo, o coñecemento cabal de toda a produción pondaliana, mesmo daqueles textos inacabados ou diverxentes que son recollidos no aparato crítico, amplía os horizontes lingüístico-literarios da literatura galega renacente, en que Pondal cumpre ou, máis ben, podería ter cumprido unha función semellante, gardando as distancias, á de Camões na literatura portuguesa ou de Dante na literatura italiana, realizando unha importación masiva de vocabulario clásico que nas culturas normalizadas se produciu entre os séculos XV e XVI e actualizando literariamente o noso idioma. Só a partir da verdadeira textualidade da produción de Pondal se poderá

[115] «Trescientas y tantas», responde Pondal á pregunta do xornalista («¿Muchas?») (*cfr.* M. FERREIRO, *Pondal: do dandysmo á loucura*, *op. cit.*, p. 291). Este número, por súa vez, remite tamén ás 320 oitavas que aparecen citadas en *Vida Gallega* en 1912 (*vid.* nota 18).

[116] É claramente perceptibel a diminución das crases vocálicas por fonética sintáctica, a presenza dun único caso de asimilación do artigo a unha forma verbal precedente (3.7), xunto con mudanzas gráficas (*povo* > *pobo*) ou seleccións vocabulares diverxentes dos usos predominantes na lírica: *auga* > *agua*, *despois* > *dispois*, *bastra* > *basta*, *ola* > *onda*, *zolás* > *solaz* etc.

avaliar completamente a súa función neste ámbito e se poderá recuperar para o presente unha obra que pode contribuír a marcar o camiño no necesario proceso de actualización, normalización e expansión do galego.

Para rematar, cómpre manifestarmos que a intención da edición presentada nas páxinas que seguen é a de exhibir e preservar para o futuro a obra que máis ocupou e preocupou o noso autor, esperando ser fieis instrumentos do manifestado por Eduardo Pondal Abente na súa derradeira composición, «A obra do Poeta» (PA 27):

> Eis a obra exhibín, que non o ardente
> raio destruïdor, non o desterro,
> non o decreto de tirano urgente,
> non poderán o fogo nin o ferro
> p'ra sempre destruír..., nin aparente
> envidia, nin prisón, nin duro encerro,
> nin odio escuro, nin soberbia adusta,
> nin a morte, nin longa edá vetusta.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

ÁLVAREZ, E., «Pondal», *Suevia*, 4, 12-4-1913, pp. 11-12.

ANÓNIMO, «Retratos gallegos. Pondal», *La Voz de Galicia*, Coruña, 12-2-1898.

ANÓNIMO, «Eduardo Pondal», *A Nosa Terra*, Coruña, 57, 8-10-1908.

ANÓNIMO, «Pondal y su nueva obra», *Vida Gallega*, Vigo, 1, 1909.

ANÓNIMO, «El poeta de los 'Queixumes' será el cantor de 'Os Eoas'», *La Voz de Galicia*, Coruña, 19-11-1912.

ANÓNIMO, «La nueva obra del autor de 'A Campana de Anllons'. El poema heroico 'Os Eoas'», *Vida Gallega*, Vigo, 39, 1912.

ANÓNIMO, «La publicación del poema heroico 'Os Eoas' de Eduardo Pondal», *La Vida Gallega en Cuba*, La Habana, Enero 1955, pp. 55-56.

BOUZA BREY, F., «Camões e Pondal», *Nós*, Ourense, 134, 15-2-1935, pp. 25-30.

CAMÕES, Luís de, *Os Lusíadas*. Leitura, prefácio e notas de A. J. da Costa PIMPÃO, Lisboa, Instituto de Alta Cultura, 1972.

CARBALLO CALERO, R., «Os Eoas», en *Miscelânea de Estudos a Joaquim de Carvalho*, Figueira da Foz: Biblioteca-Museu Joaquim de Carvalho, 4, 1960, pp. 406-413.

CARBALLO CALERO, R., *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ..., Vigo, Galaxia / Centro de Estudios 'Fingoy', 1961.

CARBALLO CALERO, R., «Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal. 'A América Descuberta', *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIII, 1968, pp. 296-312.

CARBALLO CALERO, R., «Camoens e Pondal», *La Voz de Galicia*, Coruña, 8-7-1980.

[CARRÉ ALDAO, E.], «La Fiesta de la Raza. El 12 de Octubre de 1492. O Poema OS EOAS», *El Ideal Gallego*, Coruña, 12-10-1921.

CASÁS, M., «Un homenaje. El poeta Pondal», *La Voz de Galicia*, Coruña, 22-11-1912.

CELTA, L., «Os Eoas», *El Eco de Galicia*, Habana, 845, 3-9-1898.

DOBARRO, X. M., «O 'noso' Colón en 'Os Eoas'», *La Voz de Galicia*, Coruña, 22-9-1998.

FERREIRO, M., *Pondal: Do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia)*, Santiago de Compostela, Laiovento, 1991.

LÓPEZ, T. / FERREIRO, M., «Pondal publicou un adianto do que foron 'Os Eoas' no 1857», *A Nosa Terra*, Vigo, 338, 12-4-1988.

LUGRÍS FREIRE, M., «Eduardo Pondal», in Academia Gallega,

Queixumes dos Pinos (2ª edición) y Poesías Inéditas de Eduardo Pondal, La Coruña, Imp. Zincke Hermanos, 1935, pp. 257-278.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L., «Salgan pronto esos EOAS», *A Nosa Terra*, Vigo, 242, 24-3-1984.

MURGUÍA, M., *Historia de Galicia*, vol. I, Lugo, Soto Freire, 1865.

MURGUÍA, M., *Los Precursores*, La Coruña: Latorre y Martínez, Editores, 1886.

MURGUÍA, M., «Eduardo Pondal e a sua obra», *Boletín de la Real Academia Gallega*, Coruña, 248, 1933, pp. 184-193.

PENA, X. R., «Pondal desde *Os Eoas*», *A Trabe de Ouro*, Vigo, 37, 1999, pp. 13-35.

P[ONDAL], E[duardo], «Ensayo. Fracmento de un poema», en OTERO, R.: *Galicia Médica*. Entrega 3ª, Santiago, Imp. y Lit. de D. Juan Rey Romero, 1857, pp. 79-82.

PONDAL, Eduardo, *A América Descuberta. Canto V. Fragmento*, s.l., s.d. [1864].

PONDAL, Eduardo, *Novos Poemas*. Limiar, trascrición e notas de A. RICÓN, Vigo, Galaxia, 1971.

PONDAL, Eduardo, *Os Eoas (Unha aproximación)*. Limiar, transcrición, selección e notas de A. RICÓN VIRULEG, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1992.

PONDAL, Eduardo, *Poesía Galega Completa*. Ed. de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995 (vol. I. *Queixumes dos Pinos*), 2001 (vol. II. *Poemas Impresos*), 2002 (vol. III. *Poemas Manuscritos*).

RAÑA LAMA, R., «As angústias de Pondal», *Faro de Vigo*, Vigo, 10-2-1984.

RICÓN, A., *Eduardo Pondal*, Vigo, Galaxia, 1981.

VERDINI, X. C., «'Os Eoas' á luz de 'Os Lusíadas'», *Grial*, Vigo, 79, 1983, pp. 1-22.

OS EOAS

Nota: Es propiedad. Queda hecho el depósito que marca la ley.

Nota

De la voz griega *eoos* he formado *eoas;* y con ésta me he propuesto |[2] significar los bellos y esplendentes nombres de |[3] «Hijos del Sol, de la luz, de la Aurora», con que los maravillados indíge|[4]nas americanos designaron a los Españoles, descubridores del Nuevo-Mun|[5]do. |[6] N. del A.

* Tinta azul.

1: he...he] *r.* e...e - 2: esplendentes nombres] *r.* por todo estremo significantes apelativos - 3: Hijos] *r.* [Los] - 6: N. del A] *add.*

Al lector

Este trabajo poético escribí únicamente con el objeto |[2] de demostrar que nuestro antiguo cuanto ilustre verbo gallego |[3] es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sinó |[4] también de los más arduos y arriscados y propios de mayores |[5] empeños.

No se me oculta, en verdad, que por falta de idóneo, ardido |[7] ingenio no me ha sido posible conseguirlo; y ruego al lector |[8] benévolo perdone tamaño acometimiento, en gracia de mi buen |[9] propósito.

El autor

* Tinta azul. A ordenación dos adxectivos de *acentos* aparece indicada cos números *1* e *2*.
3: muelles y blandos] blandos y muelles - 10: El autor] *add.*

Sección 1ª

O Poeta

1.1/1

Daqueles héroes fortes e barudos,
Qu'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran,
Que de todo indefensos e desnudos
De ferro combateran e luitaran,
E por fe grande intrépidos e rudos
Venceran, e as edades admiraran,
A morte destemidos desdeñando,
A vida coa fama dilatando...;

* Tinta azul. O título é autógrafo.
0: O Poeta - 7: destemidos] *A*. valerosos.

1: D'aqueles - 2: Q'a.

* Selecciónase esta versión da oitava por ser a única que presenta numeración, para alén de presentar unha tinta azul de trazo máis groso que semella corresponder á derradeira redacción.
1. N'*Os Eoas*, como no resto da produción pondaliana, *héroe* sempre conta como dúas sílabas métricas. O comportamento métrico das secuencias de dúas vogais fortes é variábel (*vid.* nota a 5.7 e 16.8) na lingua do poeta: fronte á norma xeral, isto é, o hiato, aparecen frecuentes sinéreses en todas as secuencias, quer tónicas (*boa*, 59.2, 61.1, 74.5 etc.; *ceo*, 11.6, 18.4, 36.1, 4, 5, 6 e 8 etc.; *cheas*, 113.3; *entoa*, 190.8; *voas*, 207.2; *feas*, 84.6; *hebrea*, 50.2, *persoa*, 21.3; *proa*, 143.1, 183.4, 223.5; *proeza*, 9.7, 42.5), quer átonas, tanto en posición pretónica (*arrezoadamente*, 186.4; *creazoes*, 41.1; *realidade*, 160.7; *soedade*, 35.1), como en posición postónica (*corpóreo* 87.1; *férreo*, 148.5; *terráquea*, 8.8; *trêboa*, 8.8, 142.8, 251.4, 273.4). A modo de exemplo, véxase o comportamento métrico de *Oceano* na oitava 37, en que existe sinérese nos vv. 1, 4, 5 e 7, fronte ao hiato nos vv. 2 e 3. *Vid.* nota a 9.3.

1.[2]/2

Que, deixando as iberas demoranzas,
Do ignoto Ocaso as nunca ousadas vías
'Cometeran, e d'arduas esperanzas
Traballados sin fin nuites e días
Foran, e de mil dudas e triganzas
Grandes, e mil durezas e vigías...,
Direi, se tanto alento me for dado
D'emular o seu curso celebrado.

* Tinta azul. Cuartilla sen numerar.

3: Cometeran.

1. *Demoranza* (tamén en 26.3) ten de ser sinónimo de 'eido, terra', segundo indica o contexto.
Para alén de formas consolidadas historicamente (*confianza, desconfianza, esperanza, mudanza, ordenanza, sembranza, somellanza, triganza, veciñanza, venturanza, vinganza*) e mais dalgúns empréstimos do español (*añoranza*, 115.6; *bonanza*, 78.7) e do italiano (*lontananza*, 5.6, 26.5, 98.6 etc.), o gosto pondaliano polas formacións lexicais co suf. *-nza* (<-NTIAM) lévao a utilizar formas arcaicas, documentadas desde o séc. XIII, como *demoranza* (tamén en 26.3) e *moranza* (209.6) e mais *abondanza* (104.6). *Vid.* nota a 5.2 e 50.7.
2. No texto d'*Os Eoas* alternan as denominacións *Ocaso* (13.4, 15.5 etc.) e *Occidente* (31.4, 69.5, 70.7 etc.) como sinónimos de *Oeste*, rexistrándose aínda *Ponente* en versións manuscritas (222,1d e 4c, 248,8c e 13d, 278,37f).
3. A métrica explica a forma *cometeran* (tamén en 40.6), fronte a *acometestes* en 49.6, en liña con outras vacilacións como *mostrar/amostrar* (*vid.* nota a 84.2), *somellar/asomellar* (*vid.* nota a 181.4) ou *tormentar/atormentar* (*vid.* nota a 128.6).
5. Na familia lexical de *dūbida*, conforme ás necesidades métricas, en Pondal alternan os castelanismos coas formas galegas: *duda* (2.5, 105.6, 109.7, 128.4, 196.6, 218.7, 262.6), *dudar* (110.2, 177.4), *dudanza* (92.2, 110.3, 152.3), *dudoso* (134.5, 177.5) vs. *dubidar* (104.7, 193.7), *dubidanza* (5.2, 279.1), *dubidoso* (10.8, 78.1, 104.5, 125.1, 178.4, 197.4 e 8, 268.6). De todos os xeitos, nótese que *duda* aparece no título da sección 17ª.
7. *Direi* fai referencia a *daqueles béroes*... (1.1).

S[ección] 2ª

A Musa

O *S* de *S[ección]* é autógrafo.

2.[1]/3

Diosa gentil, de casta e pura frente,
A quen a antiga edá dou culto boo,
E n'habitas en cúspide eminente,
Como inventara o bello ingenio Aoo,
Mas habitas en min, e nobre e ardente
Muito soas en min cando estou soo,
E estreméce-lo peito generoso
Con un ruído grande e sonoroso.

* Tinta azul. Cuartilla sen numerar. Corrección apógrafa: 7: estrémecel'o > estremécel'o.
0: A Musa.

7: estremécel'o - 8: ruïdo.

* Invocación a Calíope, musa da elocuencia e da poesía épica, apelada polos poetas clásicos con preferencia por ser esta a máis augusta e poderosa.
1. Sobre a forma *frente vid.* nota a 12.2.
2. A solución reducida do suf. lat. -TATEM só se documenta, sempre por necesidades métricas, en *edá* (3.2, 28.4, 57.4, 132.6) e mais en *saudá* (102.3), fronte á solución xeral *-dade* presente nestes mesmos vocábulos: *edade* (29.1, 34.4, 42.3, 47.2, 48.2, 57.3, 76.3, 211.5), *saudade* (102.7, 165.8, 255.3). O resto das palabras que presentan este sufixo aparecen sempre coa solución lexítima galega: *ciudade, humanidade, necesidade, verdade* etc. *Cfr.* nota a 15.3 e 48.5.
Na lingua pondaliana, *dou* é a forma correspondente á P1 do Pretérito de *dar* (*vid.* 204.2 e 210.8), fronte a *deu*, só en 272.8, talvez por razóns eufónicas (*deu o trmán*). Por outra parte, na versión definitiva d'*Os Eoas* non é frecuente a secuencia gráfica *-oo*, de carácter etimolóxico (que conta sempre como unha sílaba métrica), rexistrándose unicamente en *boo* (22.5, 25.3 etc.) e mais en *soo* (v. 6). *Vid.* nota a PM 85.6.[1]

[1] Na presente edición, citamos a lírica pondaliana a través das siglas QP (poema de *Queixumes dos pinos*), PI (poema impreso) e PM e mais PA (poema manuscrito autógrafo ou apógrafo), seguindo a edición dos textos presente en Eduardo PONDAL, *Poesía Galega Completa*. Ed. de Manuel FERREIRO, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, vol. I. *Queixumes dos pinos*, 1995; vol. II. *Poemas Impresos*, 2001; vol. III. *Poemas Manuscritos*, 2002.

3. Como é habitual, rexístrase a crase do adv. *non* con formas verbais comezadas por vogal, se as necesidades métricas o esixiren. *Vid.* tamén *n'alcanzaran* (60.7), *n'é* (148.3 e 204.5), *n'estés* (216.2) e *n'afundes* (237.7). *Cfr.* nota a 73.7.

4. *Aoo* debe ser unha forma equivalente a *aonio*, necesaria pola rima con *boo* e *soo*. *Vid.* nota a 10.2.

5. A forma adversativa *mas* xeneralízase na produción pondaliana a partir de 1895. *Vid.* nota a PI 8.21.

7. N'*Os Eoas, estreméce-lo* constitúe o único caso de aparición da forma alomórfica *-lo* do artigo cunha forma verbal precedente, a diferenza da lírica, en que este fenómeno se documenta con certa frecuencia (*cfr.* nota a PI 9.15 e PM 34.2). Na realidade, mesmo nos materiais manuscritos da versión versión definitiva d'*Os Eoas* só se rexistra a asimilación nunha var. de 16.7 (*que tel'o rumbo ardido*), así como na redacción alternativa 2e desa mesma oitava (*que soes movel-os montes*), que aparece aínda coa alternativa *que mover soes os montes*, corrixindo un anterior *soel'os*.

Por outra parte, *estremecer* mostra, xunto con *esp'rimentar, estinguir* e *estremo*, e os minoritarios *escelente, escelso* e *esplorar*, a tendencia pondaliana á popularización do prefixo *ex-* cando seguido de consoante (cuxa única excepción é *extensión*). *Vid.* nota a 45.5.

8. Nótese como, máis unha vez, como a métrica forza a ausencia de crase da prep. *con* co indef. *un(ha)* (13.7, 69.1, 252.7, 279.6), fronte ás formas contractas en 27.6, 42.2, 82.5, 83.8, 91.1 e 133.6.

2.[2]/4

Ti sabes ben que feitos roburentos
Despertaran intrépidos sonidos,
E que p'los teus magníficos concentos
Fono os héroes erguidos e subidos:
Ti uns robustos e férvidos acentos
M'inspira, no teu fogo escandescidos,
Tal qu'eu erga daqueles a memoria,
Que tanto sublimano a hispana gloria.

* Tinta azul. Cuartilla sen numerar.
3: *r.* E que foran pl'os teus nobres concentos - 4: Fono os héroes] *r.* Grandes feitos; *f. r.* Foran aos ceos os héroes subidos / + Fóno os antigos [*a.* insígnes] heroes subidos [*A.* erguidos] - 5: férvidos] *A.* férreos - 8: hispana gloria] *r.* pátria historia.

3: pl'os - 6: encandencidos - 7: q'eu...d'aqueles.

1. Para alén da súa presenza en latinismos como *roburento* (*vid.* nota a PI 33.13), o suf. *-ento* aparece en numerosas formacións lexicais pondalianas, algunhas delas certamente innovadoras. *Cfr.*, ademais de formas como *avarento* (150.3, 174.1) ou *medorento* (30.7), con tradición na lingua, outros adxectivos como *ferrento* (84.8, 174.5, 189.5), *fervorento* (206.1), *figueirenta* (47.4), *palmento* (230.6), *radiento* (238.5, 284.3), *vagorento* (106.3, 109.1, 118.5, 240.6, 284.1), *vigorento* (12.8). *Cfr.* nota a PI 14.70.
3. A voz *concento* 'harmonía de voces ou de instrumentos; canto simultáneo' xa aparece documentada na lírica (QP 79.8; PI 8.59, 14.28).
6. *Inspira* é forma imperativa, a pesar da anteposición do clítico. *Vid.* unha construción moi semellante en 118.2.
7. A forma *escandescidos* (de *escandescer*, latinismo procedente de EXCANDESCERE 'tornar candente, inflamar') é indubitábel, como mostran as redacións manuscritas (*vid.* nº 6d, 13d-14d, 17d-23d, 24c, 25e, 27f e 30f).
8. A desinencia *-no* na P6 de Pretérito de Indicativo é xeral en Pondal. *Vid.* nota a 70.2.

2.[3]/5

Muito sufriran, muito soportaran
Con vagas e pungentes dubidanzas,
Muito confiaran e desconfiaran
Con confianzas e desconfianzas,
Muito s'enardeceran e gelaran
Con incertas e vanas lontananzas,
Antes de que coas lonas fatigadas
Arribaran ás praias ensoñadas!

* Tinta azul. Cuartilla sen numerar.

3: desconfiaran - 4: confianzas e desconfianzas - 8: prayas.

2. Na lingua pondaliana son moi abundantes certas formacións lexicas inusuais co suf. *-nza* sobre bases verbais; alén de *dudanza/dubidanza* (tamén en 92.2, 110.3, 152.3, 279.1), localízanse n'*Os Eoas* as seguintes: *alegranza* (229.7), *alonganza* (217.5), *baldanza* (43.7), *costumanza* (138.4), *delonganza* (26.1, 34.1, 98.4, 219.1), *mancanza* (107.4), *memoranza* (39.2, 112.8), *partenza* (24.2), *procuranza* (31.7), *recordanza* (50.8, 116.7), *renombranza* (34.3; mais *cfr. renomanza* en 42,1d), *temenza* (92.1), *testimonianza* (43.8). *Vid.* nota a 2.1 e 50.7.[2]
5. Resulta sorprendente o constante uso da forma *gelar* n'*Os Eoas* (*vid.* tamén 81.8, 82.5 e 146.5), fronte á lírica, onde se documenta unicamente *giar* (QP 33.35) e *giada* (QP 41.83; PM 56.8), á parte do castelanismo *helado* en QP 16.6 por razóns métricas.
7. Agás nesta pasaxe, e tamén seguramente en 251.4, a contracción *coa* conta sempre como dúas sílabas métricas, fronte á forma reducida *c'a*. *Vid.* nota a QP 6.22.
Lonas, o mesmo que *cotonías* (*vid.* nota a 68.2), *panos* (*vid.* nota a 66.1) ou *liños* (*vid.* nota a 70.3), aparece n'*Os Eoas* funcionando sistematicamente como unha metonimia por *velas*.

[2] Se consideràsemos as redaccións manuscritas, ainda poderían acrecentarse formas como *cometenza, cuidanza, demandanza, emulanza, estimanza, liberanza, mostranza, ousanza, tribulanza, turbanza*.

2.4/6

Di, oh Diosa, daqueles nomeados
O grande curso e ardido, e como os fortes
Os camiños ousaran nunca ousados,
Librándose da lei d'escuras mortes;
Como en ligeiros, como en espalmados
Leños venceran do Oceano as sortes;
Como levaran ás favonias zonas
O hispano verbo nas amigas lonas.

* Tinta azul. Papeleta encabezada con tres cruces.
7: favonias] *A.* ignotas.

1: d'aqueles - 5: expalmados - 7: fabonias.

5. *Espalmados*, forma documentada desde a Idade Media, equivale a 'planos como a palma da man' (tamén en 65.5, 93.6, 215.5, 272.4, 273.6, 277.3). Por outra parte, a grafía <x>, o mesmo que en 52.5 (*esclarecido*) e 170.8 (*estrenuo*), debe ser responsabilidade do copista, como demostran as formas correctas que aparecen sistematicamente nas redaccións manuscritas.
6. *Leños* constitúe unha metonimia por *barcos*, xa presente n'*Os Lusíadas* (I.27, IV.102, V.41 etc.).[3] *Cfr.* nota a 32.3 e 64.4.
7. O adx. *favonio* (tamén en 284.7) é sinónimo de *occidental* ou *do Oeste*, de onde sopra o vento Favonio. *Vid.* nota a 40.4.

[3] As referencias ao texto d'*Os Lusíadas* están tiradas de Antônio Geraldo da CUNHA, *Índice Analítico do Vocabulário de* Os Lusíadas, Rio de Janeiro, Presença/INL-MEC, 1980, 2ª ed.

S[ección] 3ª

Os Héroes

r. Os Fortes.

3.1/7

De peitos indomabres e sufridos,
E de traballos grans soportadores;
Nos peligros intrépidos e ardidos,
E da humana natura vencedores...
Foran estes, e en todo destemidos,
E da vida e da morte contemptores,
Cuios nomes e feito asinalados
No escuro Letes non serán deitados.

* Tinta azul.
0: Os HÉroes - 1: *A*. D'ánimos esforzados e sufridos - 2: grans] *A*. boos - 3: Nos] *r*. E nos; intrépidos] *r*. férvidos - 5: e en todo destemidos] *r*. e expertos e aguerridos - 7-8: *r*. Cuyos nomes da fama celebrados, / No escuro Letes non serán deitados.

7: Cuyos.

* A versión escolleita para esta oitava vén suxerida pola existencia de título e por ser a máis representada, xunto con 3a (talvez versión posterior, mais con só leves variacións estilísticas), nas elaboracións manuscritas autógrafas.
2. A forma anómala *grans*, equivalente a *grandes*, só se rexistra condicionada por necesidades métricas (*vid.* tamén 92.8). *Vid.* nota a PA 18.4.
6. O grupo consonántico latino *-mpt-* unicamente aparece no latinismo *contemptores* ('desprezadores'), convivindo con *contemtores* en redaccións manuscritas desta oitava (3a, 27c, 30c), así como en *sumptuoso*, que tamén se documenta en redaccións alternativas de QP 58 e PM 72.
7. Igual que acontece na lírica, Pondal descoñece a forma *cujo*, utilizando *cuio* como forma do relativo posesivo, como mostra claramente a versión do orixinal camoniano feita en 22.3.
8: *Letes:* río do Inferno cuxas augas provocaban o esquecemento.

3.2/8

Foran estes aqueles valerosos
De quen soa no mundo eterna fama,
E non polos combates sanguinosos
Que todo siglo rudo ensalza e aclama;
Mas por ousar, ardidos e animosos,
Do almo sol emular a ruta e a flama,
E por obter victoria non crüenta
Sobre a terráquea tréboa inda irredenta.

* Tinta negra agás o número en azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-2- > 2). Corrección apógrafa: 8: in|dla.
1: valerosos] *a.* vigorosos; *r.* + Aqueles feitos [*A. r.* peitos] boos e valerosos, *A. r.* Peitos de ferro boos e valerosos, *a. r.* + Peitos boos e indomabres e gloriosos - 7-8: *f.* Q'afrontaran a treboa medorenta / Da inexplorada Terra non redenta [*a.* inda irredenta].

3: po-los - 7: cruenta.

3. A forma *sanguinoso* (<SANGUINOSUM), frecuente na lírica (QP 16.12, 59.13; PM 75.6, 89.4, 90.7), é outro cultismo da familia lexical de *sangue* (*cfr.*, por exemplo, *sanguíneo*).
6. O adx. *almo* procede do lat. ALMUM 'que cría ou alimenta, benéfico, natural' (*cfr. Os Lusíadas* IX.88).
Por outra parte, na versión definitiva d'*Os Eoas* aparece o cultismo *flama*, tamén en 55.2 (e mais en 7,10d), fronte ao castelanismo *llama*, presente nunha redacción manuscrita (3,6d). *Cfr. Os Lusíadas* II.36, III.49, VI.13 etc.
8. Nótese a aparición da forma bisilábica *tréboa* (tamén en 142.8 e 251.4, xunto con 273.4, onde corrixe un anterior *trevas*), xa documentada na lírica pondaliana (*vid.* PA 7.17 e 15.7; mais *tenebra* en PA 7.6, igual que na redacción de 138,1d), fronte a *treba* en 100.6.

3.3/9

Do seu feito grandísima memoria
Deixaran os famosos Argonautas;
Mas eclipsada fui súa gran victoria
Destes, de quen as Musas como estautas
Quedaran, e súa grande e ilustre gloria
Perdeno aqueles fortes, priscos nautas,
Pois daqueles a proeza celebrada
Por sempre fora destes ofuscada.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-4- > 3). Corrección de Pondal: 2: famososArbonáutas > famosos Arbonáutas.
2: famosos] *A*. antigos - 8: ofuscada] eclypsada - 7-8: *r*. Pois fóran os seus feitos boos e ardídos, / D'estes eternamente escurecidos, *f. r*. Por estes fora [*a*. fuil na Estígia deitada / + Por estes fora por sempre eclipsada.

2: Arbonáutas - 4: D'estes - 7: d'aqueles - 8: d'estes.

2. *Argonautas:* navegantes gregos que na nave Argos foron á Cólquida, comandados por Xasón, en busca do velo de ouro que gardaba un dragón.
3. As secuencias formadas por vogal fraca tónica seguida de vogal forte son habitualmente bisilábicas, agás no caso de *súa(s)* en que a sinérese é maioritaria (9.3 e 5, 18.2, 24.2, 62.4 etc.); nos outros casos esta licenza métrica é inusual, rexistrándose dúas veces en *aínda* (184.5, 265.5), e, tamén, nalgunhas secuencias *-ía-* e *-ío-: días* (115.2), *enfían* (125.1), *envía* (236.5), *babía* (92.2), *Harpías* (109.1), *iría* (183.3), *quería* (192.6), *sería* (54.3, 240.2), *vigía* (216.1 e 4). *Vid.* nota a 1.1.
4. A prep. *de* (aquí en contracción co dem. *estes*, isto é, 'os españois', que reaparece no v. 8) equivale neste contexto a 'por', como é relativamente frecuente no poema. *Vid.*, por exemplo, 250.2, 259.2 ou 273.3.
Musas: cada unha das nove deusas alegóricas que presidían as Ciencias, as Letras e as Artes liberais baixo a dirección de Apolo.
A forma metatizada *estautas* vén condicionada pola rima con *Argonautas* e *nautas*.
6. O adx. *priscos*, presente tamén n'*Os Lusíadas* (VIII.65), procede do lat. PRISCUM 'moi antigo, vello'.
8. Seleccionamos a redacción manuscrita supraliñada *ofuscada*, por *eclipsada* aparecer anteriormente no v. 3. Nótese ademais como o contido semántico corresponde ao lat. OFFUSCARE 'escurecer' (*cfr. fusco*).

3.4/10

Estes non celebrara facilmente
O que tanto bebeu da fonte aonia,
Por quen houberan controversia ingente
As ciudades da antiga e bella Jonia,
Nin aqueloutro que con son potente
Tanto honrara a gloriosa e nobre Ausonia,
Tal qu'as boas Meonias sonorosas
Ben foran do seu canto dubidosas.

* Tinta azul.
2: *A*. Aquel que bebeu tanto da agua aonia - 3: *A*. (Por quen) tuvéran contenzon ardente.

2: bebeo - 7: q'as.

* Esta oitava presenta grande semellanza con *Os Lusíadas* V.87.
1-4. Os versos fan referencia a Homero, máximo exemplo de inspiración (*vid*. nota ao v. 2), cuxo lugar de nacemento foi obxecto de controversias (*vid*. especialmente as redaccións 5d, 7c e 8f). O demostrativo inicial *estes* refírese, de novo, aos españois.
2. A *fonte Aonia* é a fonte de Aganipe, consagrada ás Musas e a Apolo, que inspiraba os que dela bebesen tomándoos poetas. Esta fonte estaba situada na Aonia, nome antigo de Beocia, cuxo rei foi Aón (fillo de Neptuno e de Pitania, ou de Xúpiter e unha ninfa); a fonte estaba no pé do monte Helicón, xunto da fonte Hipocrene; o seu manancial brotou dunha patada de Pegaso, cabalo alado de Belerofonte.
3. A utilización arcaizante de *haber* co sentido de *ter* tamén aparece en 42.1. *Vid*., tamén, a vacilación *houberan/tuveran* en 10,9f.
4. *Jonia:* rexión de Asia Menor, no litoral do mar Exeo.
5-6. *Aqueloutro* é Virxilio, autor da *Eneida*, constituíndo *Ausonia* unha denominación poética de Italia, polo antigo pobo dos ausóns, estabelecido entre a Campania e o Lacio.
7. As *Meonias* ou *Meónides* (*vid*. 49.2) son as musas (*cfr*. 9,1d). A orixe da denominación reside no nome do pobo que habitou a antiga Lidia, na Asia Menor, no territorio homérico.

3.5/11

Poucos foran; mas certo mereceran
Que muitos polo esforzo se contaran,
E polo grande feito que figeran,
Do que os poucos da fama lle chamaran,
Pois de tal modo os feitos seus se ergueran
Aos altos ceos qu'os ceos o alumearan,
En donde máis que todos navegantes
Erguidos fono aos astros rutilantes.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-3- > 4 > 5). Correccións dactilografadas: 2: polo esforzo] *r.* por esforzo - 3: polo] *r.* que - 6: ceos] *r.* seus.
5: os feitos seus] *r.* os nomes seus - 6: [o] - 7-8: *r.* En donde foran mais que os boos e ardidos / Argonautas, erguidos e subidos, *f. r.* En donde foran mais que os boos e ousados / Argonautas, aos ceos [*a.* aos astros] levantados, *f.* ++ En donde a Fé seus nomes coruscantes, / ++ Escrebera con astros rutilantes.

2: po-lo - 3: po-lo...fixeran - 6: q'os.

4. Nótese como o uso de *lle* por *lles* é practicamente sistemático, documentándose a forma plural só en 54.8, 84.7 (así como moi esporadicamente en redaccións manuscritas: 8,10e, 157,1a e 3d, 278,4d). *Vid.* nota a PI 14.369. Por outra parte, aínda que a crase da conx. *que* coa vogal inicial da palabra seguinte é o máis común, esporadicamente encontramos n'*Os Eoas* contextos en que se mantén a forma plena da conxunción. *Vid.* 12.5, 62.8, 85.6, 91.7, 117.7, 124.1, 149.5, 197.1, 199.6, 215.2.
5. A forma proclítica pronominal *se* contrae sempre coa forma verbal seguinte cando iniciada por vogal, agás en 11.5, 36.5 e 176.2. *Vid.* nota a 54.7.
6. O pronome *o*, interpolado polo poeta sobre o dactiloscrito, fai referencia ao *grande feito* (v. 3)
7. Sobre a concorrencia de *onde* co castelanismo *donde*, moitas veces condicionada pola métrica (nótense, por exemplo as variantes de 87.7-8), *vid.* nota a PI 8.29. De todos os xeitos, n'*Os Eoas* o castelanismo é moito máis frecuente do que na lírica, aparecendo a forma galega só en 29.3 e 7, 40.4, 58.3, 61.5, 93.7, 111.6, 131.5, 134.8, 149.5, 155.7, 273.6.

3.6/12

Non de terrenas armas se cubriran
Inutilmente o rudo peito e a fronte;
As rutilantes armas que cingiran
Non as forjaran Esterope e Bronte;
As armas con que os peitos oprimiran
Forjadas foran en máis alta fonte:
Outra forza, outro arnés, outro portento
Defenderan seu peito vigorento.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-5- > 6).
3: rutilantes] *r.* poderosas - 7-8: *r.* Que (á) todo peito intrépido e desnudo / Soe ser a fe potente e forte escudo - 8: *A. r.* Torna o peito hispano roburento.

4: Non-as forxaran - 6: forxadas.

2. *Fronte* só aparece condicionado pola rima (*vid.* 99.7, 220.4), rexistrándose *frente* tanto en posición rimática como en interior de verso: 3.1, 32.8, 101.6, 133.2, 217.5, 219.3, 223.7, 225.1, 227.2, 236.4. *Cfr.* nota a 101.6.
3. N'*Os Eoas* só se utiliza a forma *cingir*, fronte á lírica, onde esta forma convive coas formas, esporádicas, *cinguir* e *cenguir*. *Vid.* nota a PI 8.9.
4. *Esterope* e *Bronte* eran cíclopes, irmáns de Arxes e fillos de Urano e Xea.
7. O *arnés* é o conxunto de armas defensivas para protexer o corpo.

3.7/13

Máis que de robre e triplicado aceiro
Fono os hispanos peitos reforzados,
E d'inaudito esforzo, que primeiro
Ousar do Ocaso os reinos nunca ousados
Intentaran, e novo derroteiro
Á humanidade abriran, e esforzados
Con un lazo fortísimo e profundo
Unino ao vello mundo un novo mundo.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-6- > 7). Corrección de Pondal: 5: Intentara[n].
2: *r.* Foran aqueles boos e asinalados [*A.* denodados] - 8: *r.* Uniran novo mundo áu bello [*a.* ao vello] mundo.

7: um.

1. Sobre *robre, vid.* nota a PI 56.42.

3.8/14

E destes só direi, porque dos feitos
Todos do alto e ilustre peito hispano,
E dos seus fortes e robustos peitos
O esforzo sin igual..., sería en vano,
Anque tuvese uns cantos máis perfeitos,
Anque tuvese un estro soberano,
Anque tuvese inspiración sin erro,
Anque tuvese voz de duro ferro.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-7- > 8).

1: d'estes.

5. Os tempos de pretérito do verbo *ter* presentan case sistematicamente a raíz *tuv-* (*vid.* nota a 266.5), ao contrario do que acontece na lírica, en que existen alternancias entre a raíz galega e as formas castelanizadas. *Vid.* nota a PI 10.3.
A aparición da forma *perfeitos* pode deberse á rima con *feitos* e *peitos*. *Cfr.*, de todos os xeitos, a nota a 38.5.

3.9/15

Estes dirige con prudente freo
O gran Colón, e decir tanto basta;
O cual, cumprindo a voluntá do ceo,
Con Dios a súa voluntá contrasta,
E por romper do Ocaso o denso veo
Sobre todos magnánimo sobrasta:
Colón d'ilustre e estrenua memoria,
E da nobre Galicia eterna gloria.

* Tinta azul. Cuartilla numerada por Pondal.

8: e eterna.

* Existe base manuscrita autógrafa (4d), tamén numerada como 9.

2. A forma *Colón* presenta a mesma proporción de uso que *Colombo*, predominando esta na parte final do poema.

Do punto de vista métrico, este verso presenta o acento na sétima sílaba, no canto da sexta, como é norma na oitava real utilizada por Pondal.

3. Na épica pondaliana acentúase a tendencia á conservación da vogal labio-velar do grupo latino inicial QU-, rexistrándose sistematicamente a forma *cual* (ou *cuais*) para o relativo, mentres que vacila cando esta forma ten valor comparativo, aparecendo entón tamén a forma *cal* na mesma proporción. *Cfr.* nota a 17.7, 20.3 e 87.1. *Vid.* nota a PM 66.16.

A terminación *-tade* presenta a forma plena n'*Os Eoas* (*magestade, tempestade*, mais tamén *libertade*), agás na forma *voluntá* (*cfr.* nota a 3.2 e 48.5), por motivos métricos (15.3 e 4, 94.6, 123.2, 153.5, 207.8, 211.3), que convive con *voluntade*: 16.4, 34.2, 35.5, 99.2, 179.1. A forma correcta *vontade* (*cfr.* tamén *vontás* na oitava 14 do Anexo) só se documenta nunha única ocasión (19.6). *Cfr.* nota a 3.2 e 48.5.

5. *Velo* é forma xeral en Pondal (97.8, 178.8, 225.1, 246.3) como mostra a corrección realizada polo poeta en 246.3. No presente verso, a presenza da forma galega (descoñecida na lírica) débese á rima con *freo* e *ceo*.

6. *Sobrastar*, sinónimo de *sobrancear*, é unha formación parasintética (<*sobre-*+*basta* ou *haste*+*-ar*).

7. Sobre o latinismo *estrenuo* (<STRENUUM) 'valente, coraxoso', tamén en 170.8, *vid.* nota a PI 59.13.

8. O lapso do copista parece evidente, confirmado tamén polas redaccións manuscritas (*vid.* 4d, 5d, 6f).

3.10/16

Mas, quen pudo inspirar tanta proeza,
Tan nobre arriscamento sin quebranto,
Tan ousado propos'to e fortaleza,
Tan forte voluntade e esforzo tanto
Que venceran a grande Natureza
E dignos foran dun eterno canto?
Ti fostes, Fe, qu'os vastos horizontes
Iluminas, e soes mover os montes.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-8- > 10).
8: soes] *r.* fas - 7-8: *f. r.* Ti solo fostes, Fé, q'os mundos notos / Alumbras, e revelas os ignotos, *f.* Ti fostes, Fé, que tel'o rumbo ardido, / Do conocido e do desconocido.!, *l.* Ti foches, Fé, que todo intento ardido / Moves, e alumbras o desconocido / Ti foches, Fé, que todo o conocido / Sabes, é mostras o desconocido.

3: proposto - 6: d'un - 7: q'os.

1. Ao contrario do que acontece na lírica, na épica pondaliana só se documenta *pud-* como raíz dos tempos de pretérito de *poder*. *Vid.* nota a PI 64.9.
3. *Propos'to* é forma única n'*Os Eoas*, fronte ao xeral *propósito* da lírica (QP 2.2, 16 e 30, 5.35, 45.115, 70.17, 75.2, 77.30; PM 87.46), en liña con outras síncopes vocálicas en termos como *crepusc'lo* (*vid.* 102.8), *espectac'lo* (*vid.* 156.6), *esp'rimentar* (*vid.* 51.4), *sob'rano* (265.6) ou *Vesp'ro* (*vid.* 190.1). *Cfr.* nota a 22.6.
5. N'*Os Eoas*, os termos *natura* e *natureza*, independentemente do seu matiz semántico, aparecen en xeral grafados en minúscula, agás en 16.5, 87.2, 156.6 e 183.8.
7. Excepto *constringiche*, con *-che*, en 139.8, para posibilitar a sinalefa, na lingua d'*Os Eoas* o morfema de P2 de Pretérito de Indicativo é sempre *-stes*: *destes* (257.5), *fostes* (257.4), *juzgastes* (49.3), *quedastes* (30.4), *rompestes* (257.3), *viñestes* (257.1). *Cfr.* nota a PI 20.9.
8. Neste verso, *soes* é monosilábico (*cfr. sois* na redacción 41,4d), a pesar da oposición métrico-fonética *soe* (138.2 e 6, 163.2, 189.4, 251.2, 267.7) vs. *soi* (56.8, 190.4, 224.3). *Vid.* nota a 35.1. *Cfr.* nota a QP 34.8 e PM 2.6.

3.11/17

Era o tempo en qu'o sol almo e fulgente
No ardente signo do León entraba,
E co seu costumado fogo urgente
Os sitibundos campos requeimaba;
Tétiga ociosa con ruído estridente
O bosque e o seco monte importunaba,
Cuando C[o]lombo as lonas arriscadas
Dispor manda, ao gran curso aparelladas.

* Tinta azul.

1: q'o - 7: Clombo - 8: aoe.

2. O *signo de León* é unha constelación e signo zodiacal; representa o león de Nemea, morto por Hércules e transportado por Xúpiter para o ceo. Alúdese, pois, ao mes de Agosto.
4. *Sitibundo*, tamén presente n'*Os Lusíadas* (IV.44), constitúe un latinismo procedente de SITIBUNDUM 'que ten sede, sedento'.
5. *Tétiga* é a cigarra, tirado por Pondal do gr. *tettix,-igos*.
7. Ao contrario do que acontece con *cual*, a forma *cuando* é minoritaria con relación a *cando*. *Cfr.* nota a 15.3, 20.3, 87.1.

3.12/18

Mas antes de tentar a longa vía
Súas culpas confesaran, e devotos
En procesión humilde, sacra e pía,
Do ceo invocaran os amigos votos;
Aos cantos da fervente Letanía
Respondían os caros eidos notos;
O pobo que con eles vai rogando
Ás surtas naos os vai acompañando.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-9- > 12).
5: Aos] [A]Os - 6: Respondían] *r.* Repercuten, *A. r.* Devolvian; eidos] *A.* eidos - 7-8: *r.* E o devoto pobo co eles rogando / Os van ás surtas naos acompañando, *f.* As gentes que piadosas se ll'uniran, / Rogando as surtas naos [*a.* naves] os seguiran / + O pobo derramando forte pranto, / + Os acompaña no piadoso canto. / + Detrás devoto o pobo os ségue en tanto, / + Acompañando o seu piadoso canto, *l.* A gente que comparte seus empeños / Os vai acompañando aos surtos leños / Rogando os segue [*A.* Devota os segue aos] aos surgidos leños.

6. O latinismo *notos* 'coñecidos, manifestos, sabidos' aparece tamén con frecuencia n'*Os Lusíadas* (II.28, V.12, VIII.47, X.140). Do mesmo xeito aparece o seu antónimo *ignoto*, de altísima frecuencia no poema pondaliano.
8. *Surtas* ('ancoradas') é adxectivo derivado da forma *SURCTUM (por SURRECTUM), do verbo SURGERE.

S[ección] 4ª

O Éxodo

4.1/19

Mas dispois que con pío rogamento
Os pïadosos ceos invocaran,
E no seu peito forte e roburento
Os dispersos esp'ritos ajuntaran...,
S'arriscan, e a un gale[r]no e fresco vento
Qu'as celestes vontades ll'envïaran...,
E «Adiós!» á heroica España proferiran,
E da pequena Palos se partiran.

* Tinta negra, agás o número e os títulos en minúscula.
0: O ÉXODO. Mauritania | As Fortunadas - 5: galerno e fresco] *A*. propicio, amigo - 6: as celestes vontades] *r*. os ceos favorables; *a*. As mais ardidas lonas despregaran - 7: heroica] *a*. cara; *r*. As lonas mais intrepidas abríran.

4: espritos - 5: galeno - 6: Q'as...enviaran - 7: Espana - 8: palos.

1. *Dispois* é a forma xeral n'*Os Eoas* (*cfr*. nota a 131.3), fronte a *despois*, dominante na lírica (*vid*. nota a PI 14.129). Véxase, de todos os modos, esta vacilación en 219,1e-2e.
5. *Galeno* constitúe un erro de copia por *galerno* ('propicio'), do fr. *galerne*, xa utilizado por Camões n'*Os Lusíadas* («Assopra-lhe galerno o vento e brando, / Com suave e seguro movimento», II.67.3-4). Nótese, ademais, que *matinal* e *propicio* son tamén alternativas de redacción en 19,2c.
6. Sobre a forma *vontade*, *vid*. nota a 15.3.
8. Da vila de Palos, na costa de Huelva, é de onde partiron, no día 3 de Agosto de 1492, as carabelas dirixidas por Cristovo Colombo.

4.2/20

De ti, pequena Palos, se partiran,
Que tan pequena cousa neste mundo
Ti es, por cuanto os ceos consentiran
Que do teu eido prácido e jocundo
Saíse tanta gloria, p'ra que viran
As edades de ti surgir un mundo.
Que dos pequenos, fe, doquer que mandes,
Acostuman saír as cousas grandes.

* Tinta negra, agás o número.

2: n'este - 5: pra...visen.

3. A forma antiga e dialectal *cuanto* é a única rexistrada n'*Os Eoas*, ao contrario do que acontece coa concorrencia das formas *cual/cal* e *cando/cuando*. *Cfr.* nota a 15.3, 17.7, 87.1. *Vid.* nota a PI 20.30.
4. Para alén dos casos consolidados historicamente —*(com)pracer, cumprir, (des)pregar, praia, pranto, remprazar, soprar*—, Pondal continúa mostrando certa tendencia ao tratamento semiculto do grupo *pl-* (ou *-pl-*): *compreto, contemprar, prácido, praneta* (*vid.* nota a 244.7), *pranura, tempro*); mais mantén, en xeral, o grupo latino en vocábulos de carácter erudito: *aplauso, esplendor* (e *esplendoroso, espléndido, esplendente, esplender*), *explorar* (e *inexplorar*), *periplo, plegaria, Pléiades, pleno, resplandor* (e *resplandecer*), *triplicado*. *Cfr.* nota a 45.3, 100.4, 195.2.
O cultismo *jocundo* 'agradábel, suave; alegre' tamén se rexistra n'*Os Lusíadas* (II.105, V.79, VI.8, VII.25, IX.59).
5. N'*Os Eoas* sempre se utiliza a forma *saír*, fronte á lírica, en que conviven formas verbais derivadas de *saír* e *salír*. *Vid.* nota a PI 4.21.
A forma orixinal *visen*, aínda que sintacticamente a correcta, constitúe un lapso evidente por *viran*, forma esixida pola rima con *partiran* e *consentiran*.
7. Neste verso, así como en 139.5 e 7, *fe* aparece en minúscula (como en moitas redaccións manuscritas desta oitava), aínda que neste tipo de apóstrofes Pondal tamén utiliza a maiúscula (*vid.* 16.7, 228.1). *Vid.* nota a 94.8. *Cfr.* nota a 16.5. Por outra banda, tamén neste verso se rexistra a única documentación do castelanismo *doquer que*, concorrente con *donde quer que* (75.1, 97.7, 194.3) e *donde queira que* (36.3, 254.7). *Cfr.* nota a 11.7.
8. As necesidades métricas explican a aparición de *acostumar* (tamén en 108.8), fronte ao xeral *costumar* e *costumanza*, alén de *costume*.

4.3/21

Pártense; e a pena evitan da partida
Porque saben mui ben que quen se parte,
Se procura abrazar persoa querida,
Un duro ferro o corazón lle parte:
Así o mutuo dolor da despedida
Evitan con piadoso e sutil arte,
Qu'o corazón que despedirse soe
Cuanto má[i]s se despede, má[i]s se doe.

* Tinta negra, agás o número.
3: persoa] *A.* gente - 6: sutil] *A.* nobre.

2: Por que...muy - 7: Q'o - 8: mas...mas.

5. Nótese a alternancia *dolor/dor* (29.5), ambos os dous masculinos, semellante á vacilación *cor/color*. *Vid.* nota a 38.6.
6. Na lingua pondaliana, *arte* ten sempre xénero masculino.
8. Sobre o lapso no adverbio de cantidade, *vid.* nota a PM 37.36.
Por outra banda, Pondal é un autor que se caracteriza por presentar un modelo lingüístico en que se manteñen as alternancias vocálicas dos verbos con alternancia máxima; así, n'*Os Eoas*, para alén de *despede* neste verso, aparecen as formas *acode* (205.5), *consome* (56.3), *dorme(n)* (80.7, 111.6, 141.1), *sacode* (205.3), *seguen* (44.1, 62.8), *sente(n)* (169.8, 180.6, 232.7, 234.1), *serven* (57.7), ademais doutras formas verbais só documentadas en versións manuscritas, como, por exemplo, *fere* (157,1a e 3d). *Vid.* nota a 176.1.
Sobre *doe* (vs. *doi*), *vid.* nota a PM 2.4.

4.4/22

Partiranse da forte e nobre España,
Como cabeza alí da Europa toda,
En cuio poderío a gloria estraña
Muitas voltas ten dado a fatal roda,
—Como di o boo Luso—; *a forza ou maña*
Nunca lle pod'rán pór escura noda
Que non lla tire o esforzo e ousadía
Dos belicosos peitos qu'en si cría.

* Tinta negra, agás o número. A paráfrase de Camões aparece subliñada a máquina.
5: bool *A.* gran.

1: noble - 3: cuyo - 6: podran - 8: q'en.

* Esta oitava constitúe unha paráfrase e/ou versión ao galego dunha oitava d'*Os Lusíadas* (III.17) de Camões (*o boo Luso*, v. 5):

Eis aqui se descobre a nobre Espanha,
Como cabeça ali de Europa toda,
Em cujo senhorio e glória estranha
Muitas voltas tem dado a fatal roda;
Mas nunca poderá, com força ou manha,
A Fortuna inquieta pôr-lhe noda
Que lha não tire o esforço e ousadia
Dos belicosos peitos que em si cria.[4]

1. A forma *noble* do texto dactilografado ten de constituír un lapso do copista, pois é universal o uso de *nobre* na produción pondaliana.
4. A *fatal roda* é o fado ou destino.
6. Como noutros casos, na lingua pondaliana percíbese a vacilación entre as formas *pór* e os seus derivados (*pór*, 22.6, 262.3; *pón*, 94.5; *opón*, 165.7;

[4] *Cfr.* Luís de CAMÕES, *Os Lusíadas*. Leitura, prefácio e notas de A. J. da Costa PIMPÃO, Lisboa, Instituto de Alta Cultura, 1972, p. 63.

dispondo, 40.1) e os derivados de *poñer*: *opoñen* (133.4), *dispoñendo* (141.5), *opoñer* (147.2), *repoñían* (158.8). *Cfr.* nota a 45.1.

A medida hendecasilábica do verso forza, como xa acontecía na lírica (*vid.* nota a PI 20.14), a aparición da síncope da vogal pretónica en *pod'ran*, tamén en 283.4 e 285.1 e 5. *Cfr.* nota a 16.3.

A forma *noda* constitúe unha variante, xa antiga, de *nódoa* 'mancha', tamén utilizada n'*Os Lusíadas* (III.17, VII.60, X.47).

7. Nótese como na versión de Pondal desaparece a interpolación pronominal, a pesar de ser unha construción existente na lingua do bardo berguntiñán. *Vid.* nota a 42.7.

4.5/23

As boas nais hispanas magoadas
P'ra sempre por perdidos os tuveran,
E as doncellas gentís e delicadas
Un pranto piadosísimo verteran;
Os máis fortes, con mostras refreadas,
Muito dentro de si s'estremeceran,
Temendo qu'un tan grande e audaz intento
D'audaces fose célebre escarmento.

* Tinta negra, agás o número.

2: Pra - 7: q'un...audad.

3. Contra a norma pondaliana no relativo aos plurais das palabras acabadas en *-l* (*vid.* nota a 63.3), a forma *gentís* (28.7, 97.1, 159.3, 177.1, 207.1, 209.3) é maioritaria en relación con *gentiles* (63.1, 231.3). *Vid.* nota a 91.2.

4.6/24

O Odïel e Tinto pesarosos
Da súa longa partenza se mostraran,
E da Rábida os pinos rumorosos
Tristemente os seus nomes nomearan;
Ceibando mil suspiros saüdosos
Da patria os altos montes os chorараn,
E foran os seus ecos murmurando,
Polos iberos eidos retumbando.

* Tinta azul.
7-8: *f.* E [*r.* Van] os ecos seu pranto [*a.* os van] compañando, / Po-las cóncavas covas retumbando / Os ecos van seu pranto acompañando, / Po-las concavas covas retumbando.

5: saudosos - 8: Po-los.

* Existe redacción manuscrita autógrafa (2d), tamén numerada como 6.
1. Na foz do río Tinto, e do Odiel, é onde está situada Palos, o punto de partida da expedición a América.
3. No convento franciscano da Rábida foi acollido Colombo e, segundo a tradición, alí foi e rezou a tripulación na véspera da partida das carabelas.

4.7/25

Consigo levan a española gloria,
Os feitos de gentil caballería;
Dos boos antepasados a memoria,
E a proverbial, antiga cortesía;
O esforzo generoso, a patria historia,
A prez, a fama, a intrépida ousadía;
O celo da evangélica verdade,
E o grande ideal da humanidade.

* Tinta negra, agás o número. Corrección de Pondal: 1: Con sigo > Consigo.

3: ante pasados.

2. *Caballería* constitúe un castelanismo extremo na lingua pondaliana, xunto con outros como *denuedo, desalado, dichoso, estrella, hacia, hollado* ou *temprano*, por citar só algúns exemplos significativos.

4.8/26

Ja deixan nu[n]ha grande delonganza
Do patrio, noto Estreito, a foz angusta;
Ja din «Adiós» á patria demoranza,
Qu'a todo peito humano tanto custa;
Queda difuminada en lontananza
Ampelusa, c'a súa costa adusta,
Mentras fían, con fíos adamantinos,
Os fados, para España, os seus destinos.

* Tinta negra agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-1- > 8), encabezada con tres cruces.
3: â patria] *r.* da patria a - 4: *r.* Adios q'a todo peito tanto custa - 5: *r.* Ja deisan en non longa lontananza - 7-8: *r.* Mentes os duros fados mogrebinos, / Fian pr'a nobre España os seos {*l.* seus} destinos.

1: n'uha - 4: Q'a - 6: ca.

2. O *Estreito* refírese ao de Xibraltar.
Nótese a presenza do cultismo *angusto* (<lat. ANGUSTUM 'estreito, apertado, limitado, mesquiño'), de amplo uso n'*Os Eoas*.
3. Para a semántica de *demoranza*, *vid.* nota a 2.1.
6. *Ampelusa:* o promontorio (*vid.* 27.2) de Ampelusa é o cabo Espartel, en Marrocos, entre Ceuta e Tánxer. Tamén pode referirse máis en xeral a África (*cfr.* 28.2).
7. Resulta inusual a forma *mentras*, posíbel lapso do poeta, xa que contrasta coa forma *mentres*, xeral na lírica (*vid.* nota a PM 28.35), aínda que se rexistra unha forma *namentras* en 78,4c (á parte de, por necesidades métricas, *mentre* en 27,1d e 283,5d).
Adamantino, do lat. ADAMANTINUM 'de aceiro, duro como o aceiro; invencíbel' ou 'co brillo e dureza de diamante' tamén se documenta n'*Os Lusíadas* (II.95, IX.42).

4.9/27

Deixan á esquerda a ruda Tingitania,
Co rudo promontorio conocido,
E da bárbara e bruta Mauritania
O desolado litoral temido,
En donde a valerosa Lusitania
Caerá cun combate esclarecido,
Do cual España con aguda lanza
Co tempo tomará dura vinganza.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-2- > 9). Os vv. 1-4 aparecen aspados polo poeta.
7-8: *r.* Mentres as Parcas con adamantinos / Fios, fian pra España os seus destinos.

1: Tingitanea - 3: mauritania - 6: c'un.

* A acumulación de erros de máquina explica o inicial riscamento do comezo da oitava.
1. *Tingitania:* Marrocos (ou Mauritania), de *Tinge*, nome antigo de Tánxer (*cfr. Os Lusíadas*, III.18).
2. O *rudo promontorio coñecido* debe ser o cabo Espartel. *Vid.* nota a 26.6.
3. *Mauritania* refírese, por extensión, a África. *Cfr. Os Lusíadas* V.4.
5. Como acontece coa lírica, *Lusitania* continúa a ser a única denominación de Portugal utilizada por Eduardo Pondal. *Vid.* nota a QP 75.23.
5-6. Seguramente se refire á batalla de Alcácer-Quibir (1578), que supuxo o final da dinastía de Avís, coa morte do rei portugués D. Sebastião e, ao final, a ocupación do trono portugués por Filipe II de España.

4.10/28

Deixan tamén aquelas saüdosas,
D'Ampelusa non muito delongadas,
Bellas e nobremente montüosas,
Qu'antiga edá chamara Fortunadas,
Tal qu'ao parto do fruito ubertüosas
Voluntarias juzgara e non aradas:
Hespé[r]ides gentís, qu'ao doce jugo
Hispano trougo un tempo o forte Lugo.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-3- > 10).
1: Deixan tamén] *r.* E [*r.* Já] pasaran, *A. r.* Dispois pasan, *B. r.* Pasa despois - 2: Ampelusa] *r.* antelusa - 8: tempo] *r.* dia.

1: saudosas - 3: montuosas - 4: Q'antiga edad...fortunadas - 5: q'ao...u vertuosas - 7: Hespeides...q'ao.

2. *Ampelusa: vid.* nota a 26.6.
4. As *Fortunadas* son as illas Canarias, xa chamadas en latín *Insulae Fortunae. Vid.* nota ao v. 7.
5. O adxectivo *ubertüoso* ('fértil, abundante') ten a súa orixe na derivación con *-oso* sobre a base lexical latina UBERTAS,-TIS. *Cfr.* nota a 221.3.
5-6. Estes versos presentan unha expresión algo confusa: as illas son tan afortunadas que semellan producir voluntariamente os froitos, sen necesidade de cultivo.
7. *Hespérides*: ninfas que deron nome ás Canarias. Estas ninfas eran fillas de Atlas e de Héspero (a estrela vespertina), encargadas de custodiaren as mazás de ouro que Xea (a Terra) deu a Hera (Xuno) ao casar con Zeus. Precisamente, un dos traballos de Hércules foi o roubo desas mazás.
8. Igual que acontece na lírica (*vid.* nota a PM 38.5), a raíz *troug-* é a única existente nos tempos de pretérito de *traguer* (29.7, 113.1).
Lugo debe referirse ao galego Alonso Luís Fernández de Lugo, conquistador das illas Canarias.

4.11/29

As cuais chamadas fono justamente
Tamén felices pola prisca edade,
Onde vivira fortunada gente
En fácil vida e doce libertade;
Que non sentiran nunca o dor pungente,
Nin o afán da vital necesidade;
Onde trougſu]eran ja longa demora,
En idilio gentil, Céfiro e Fſl]ora.

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-4- > 11). Correccións de Pondal: 3: jente > gente – 8: jentil > gentil.
2: prisca] *r.* prisque.

1: quais - 2: po-la - 5: jentiran...punjente - 6: davitar - 7: trougeran - 8: Fora.

1. A aparición da forma plural *cuais* (tamén en 105.7) dębese á necesidade de o relativo plural contar como unha única sílaba métrica. *Vid.* nota a 63.3.
7. Para a corrección do erro do copista, *vid.* nota a 28.8.
8. *Céfiro:* personificación do vento do Oeste, fillo de Eolo e de Aurora e esposo da ninfa Cloris (a Flora romana), a quen raptou das illas Afortunadas e trouxo para Grecia. *Cfr. Os Lusíadas* IX.40, IX.61.
Flora: deusa romana da Primavera e das flores, esposa de Céfiro.

4.12/30

Mas Ti, Teyde magnífico!, espantado
Dos propos'tos e intrépida ousadía
Dos Españoles peitos, mui turbado
Quedastes, ao pensar na profecía
Grande do duro, inexorable fado,
Qu'o gran veto vigila noite e día,
E abordar o Ocaso medorento
Prohibe a todo ardido bastimento!

* Tinta negra, agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-5- > 12). Corrección apógrafa: 6: graln̄l. Correccións de Pondal: 1: ti, teyde > Ti, Teyde - 6: Q'ogran > Q'o gran.
2: Dos propostos e] *r.* Da fortuna e da - 4: *r.* Te mostras por antiga (profecía) - 5: Grande do duro] *r.* D'esquivo, duro e - 7: E] *r.* Q'.

2: propostos - 3: muy - 6: Q'o.

1. *Teyde*: o monte máis alto das illas Canarias.
5. O uso da solución *-ble* (<-BILEM), esporádica na lírica, normalmente na serodia (*vid.* nota a PM 6.16), é máis frecuente na épica pondaliana, talvez como produto da intervención do copista (*vid.* nota a 154.2 e 155.1). Con todo, na versión definitiva d'*Os Eoas* documéntase *-ble* en *comparable* (194.8), *indomable* (124.4) e *inexorable* (30.5), para alén de *irremisiblemente* (90.4) e mais de *favorable* en 19.6r. Fronte a estes casos rexístrase *-bre* en *formidabre* (35.2, 101.6, 155.5, 178.2, 258.8), *inacababre* (106.4, 155.3, 167.4), *indomabre* (7.1, 155.1), *inquebrantabre* (140.2), *interminabre* (154.2, 183.4) e *pracibre* (232.8).[5]
6-8. O suxeito de *vigila* (v. 6) e *prohibe* (v. 8) é *fado* (v. 5).
6. Neste verso aparece, xuntamente con 100.1, a única documentación da forma *noite*, fronte ao xeral *nuite*. *Cfr.* nota a PI 49.1.
8. *Bastimento*, substantivo derivado do ant. *bastir* 'edificar' é moi frecuente n'*Os Eoas*, co significado de 'nave', constituíndo, probabelmente, un galicismo semántico. *Cfr.* nota a 107.4.

[5] Nas redaccións concorrentes e alternativas aínda se poden documentar *admirable* (9,8f), *imposible* (2,1b; 139,6c), *inflexible* (196,1d) e *(in)visible* (65,1d; 139,6c). Mais tamén *afabre* (44,5d), *amabre* (4,2b, 3b, 5d), *bonancibre* (78,2c), *infatigabre* (1,61f; 2,2b, 11d, 15f-17f, 20f; 8,2c, 6e; 155,1d; 283,16d), *insensibre* (99,1d), *insufribre* (7,3a), *memorabre* (283,16d) e *mudabre* (283,16d).

S[ección] 5ª

Ignotus

5.1/31

Mas ja os fortes as proas incrinaban
En demanda do ignoto, e con fe ardente
As partes alongadas demandaban
En donde o sol s'oculta no Occidente;
Os corazóns nos peitos palpitaban
De temor e alegría juntamente,
Qu'e[n] toda empresa e grande procuranza
En nós luita o temor coa esperanza.

* Tinta negra, agás o número. Corrección de Pondal: 0: IGNOTOS > IGNOTUS.
0: IGNOTUS - 4: *A*. En donde ten o sol sua meta ardente.

7: Que.

3. O adx. *alongado*, o mesmo que o verbo *alongar* (*vid.*, por exemplo, 36.6), presenta a súa forma e significación antigas ('afastado, distante'). *Cfr. Os Lusíadas* V.3, V.13, VIII.61.
7. O sentido esixe considerar a ausencia da prep. *en* como un lapso do copista.

5.2/32

Incrinaban as proas aguzadas
En demanda das praias largacías
—Aquelas proas fortes e arriscadas,
Máis de cuantas ousaran longas vías—,
E as terras demandan ensoñadas
Das hispanas, ardentes fantasías:
Enfiaban do Ocaso o vasto imperio,
O cual na frente escrito ten «Misterio!».

* Tinta negra, agás o número.
7: *r.* E enfian do ignoto o grande imperio.

2: prayas largazias - 7: Enfiaban.

3. O mesmo que acontece n'*Os Lusíadas*, en certas pasaxes do poema pondaliano, *proas* constitúe unha clara metonimia de *barcos*, máis evidente aínda en 66.4 ou 80.1, entre outros casos. *Vid.* nota a 6.6 e 64.4.

5.3/33

Non navegan con eles tan somente
A intrépida ousadía, o boo contento,
O deseo de gloria nobre e ardente,
O denodado e férvido ardimento;
Mas navegan con eles juntamente
O pálido receo, o sufrimento,
Os futuros temores, a inquietude,
Enemigos da heroïca virtude.

* Tinta negra, agás o número.
2: o boo contento] *r.* a confianza - 4: *r.* E unha nobre e legítima esperanza - 6-8 *r.* Os pálidos receos, a dubidanza / Pungente, e a férrida ansiedade, / O temor vago, a inseguridade.

8: heroica.

8. Introducimos diérese en *heroïca*, no canto de considerar un hiato con *da*, ficando, deste xeito, o acento métrico na sexta sílaba. *Vid.* nota a 44.2.

5.4/34

Con eles fan a i[n]mensa delonganza
Resolución e forte voluntade,
Esforzo, bizarría, renombranza,
Que receberan da pasada edade;
Amor das propias glorias, confianza
No propio esforzo e generosidade;
Os propios feitos boos e asinalados,
E as proezas dos boos antepasados.

* Tinta negra, agás o número.

1: imensa - 3: renonbranza.

1. *Imensa* é lapso do copista. *Cfr. inmenso* en 68.8, 72.2, 150.2 etc., alén de *inmensidade* en 69.4, 99.4 etc.
Por outra parte, neste verso *delonganza* aproxímase ao contido semántico de 'camiño', máis do que a 'distancia', que é o seu significado habitual no poema (26.1, 98.4, 219.1).
3. Nótese o castelanismo *renombranza* (e *nombradía* en 264.6), fronte a outros elementos da mesma familia lexical, como *nome, renome* ou *nomear* (para alén de *renomanza* en 42,1d).
4. Tanto a forma *receberan* deste verso, como *perceben* en 231.1, mostran unha adscrición destes verbos á segunda conxugación, en contraste con usos de iguais ou semellantes formas pertencentes á terceira conxugación: *concebiran* (184.2), *percibían* (235.2).

5.5/35

Por todas partes a soedade acuosa
O seu imperio formidabre estende;
En vano a vista férvida, afanosa,
Súa acuidade polos mares tende;
Treme vencida a voluntade ansiosa;
E ante a proa qu'os mares corta e fende,
Contestando a seu púngido deseo,
Aparecen somente mar e ceo.

* Tinta negra, agás o número. Corrección de Pondal: 6: cende > fende.[6]
4: acuidade] *r.* acuteza.

4: po-los - 5: volundade - 6: q'os.

1. O vocábulo *soedade* é trisilábico, fronte a 237.4, en que se computa como cuadrisilábico. *Vid.* nota a 1.1.
4. O substantivo *acuidade* 'agudeza' (*cfr.* a var. *acuteza*), procedente do lat. tard. ACUITATEM, está documentada a finais do século XIX en portugués (a través do fr. *acuité*).
7. *Púngido*, como *mólido*, constitúe unha derivación adxectival co suf. átono *-ido*, sobre a base verbal *pungir* (do lat. PUNGERE 'ferir, atormentar'). *Vid.* nota a PI 5.34.

[6] Na realidade, só riscou o *c* sen chegar a reescribilo como *f*.

5.6/36

Mar e ceo tan somente aparecían,
Que longamente se desenrolaban;
Donde queira qu'os ollos se volvían
Mar e ceo tan somente divisaban;
Mar e ceo pola proa se estendían,
Mar e ceo pola proa s'alongaban;
E no horizonte lóbrego e sin fin
É o mar do ceo, o ceo do mar confín.

* Tinta negra, agás o número.
7-8: *r.* E por todal'as [partes] longamente, / Mar e ceo se estendían tan somente.

3: q'os - 5: po-la - 6: po-la - 8: Hé.

5. Para a ausencia de crase en *se*, *vid.* nota a 11.5.

5.7/37

Pola proa tan solo o Oceano ingente,
Pola popa o Oceano delongado;
Por babor o Oceano solamente,
Por estribor o Oceano nunca ousado;
Por donde quer o Oceano tan somente,
Sublime, silencioso, inexplorado:
Por todas partes o temido Oceano,
Por todas partes o profundo arcano.

* Tinta negra, agás o número.
7-8: Por todas partes o profundo arcano, / por todas partes o temido Oceáno.

1: Po-la - 2: Po-la.

1. O castelanismo *solo* aparece por necesidades métricas en diversas ocasións, fronte ao maioritario *só*. *Vid.* nota a QP 14.10. *Cfr.* nota ao v. 3.
3. O mesmo que acontece coa vacilación *solo/só*, a forma *solamente* (de novo en 241.2) contrasta co xeral *(tan) somente*, convivindo as dúas formas nesta oitava para non repetir a palabra rimante.
7-8. O poeta inverteu a orde dos vv. 7-8 por medio da numeración *1* e *2*.

5.8/38

Reina o vasto Oceano, e os fortes peitos
Ao ver tanta longura s'estremecen;
Os corazóns, cual vasos estreitos,
Os [o]usados esp'ritos lle fallecen;
Mudados por tan férreos afeitos,
Os colores dos rostros des'parecen,
Tanta extensión ao ver, tanta grandura,
Qu'os dioses convertera en pedra dura.

* Tinta negra, agás o número.

4: usados espritos - 8: Q'os.

4. Os *[o]usados esp'ritos* (v. 4) é aposición de *corazóns* (v. 3). Téñase en conta que o adx. *ousado* xa aparecía cualificando a *esp'rito* en PI 6.19, á parte duns lapsos de escrita moi semellantes nalgunha redacción autógrafa: 42,2d, 90,1d.
Fallecer e *desfallecer* (168.8) son as únicas formas empregadas por Pondal, máis outro castelanismo (<*FALLESCERE, de FALLERE 'faltar') en liña con *bello, doncella* etc. *Cfr.* nota a 107.6.
5. Como acontece nunha ocasión na lírica (*vid.* nota a PI 35.10), *afeito* aparece condicionado pola rima (igual que acontece n'*Os Lusíadas* VI.47 e 99), fronte ao xeral *afecto* da lingua pondaliana (QP 2.26; PI 20.5; PM 12.6). *Cfr.* nota a 14.5.
6. Nótese a presenza de *color*, masculino, como en 113.3 e 168.4, fronte á forma feminina *cor* en 188.4, 272.7. *Cfr.* nota a 21.5.
Por outra parte, as necesidades de contaxe métrica explican a síncope da vogal pretónica en *des'parecen*, xa documentada en QP 6.11. *Vid.* nota a 16.3.
8. *Os dioses* é C.D. de *convertera*, cuxo suxeito é *extensión* e *grandura* (v. 7).

5.9/39

Por detrás os afeitos tan queridos,
As alegres e doces memoranzas,
Os parentes e amigos conocidos,
As bellas e amorosas esperanzas;
Por diante os mares nunca redimidos,
As penas, os temores, as triganzas,
Os presagios sin conto, as longas vías,
Os esquivos traballos e vigías.

* Tinta negra, agás o número.

5.10/40

Así dispondo o peito denodado,
Ben enfiada a proa cortadora,
E muito máis o ánimo esforzado,
Prá parte onde o Favonio sopra e mora,
Comenzan a gran ruta, qu'outro ousado
Leño capaz de 'cometer non fora,
Sintindo ao comenzar a longa vía
Triganza mesturada d'alegría.

* Tinta negra, agás o número.

2: enfiada - 4: Pr'a - 5: q'outro – 6: cometer.

4. *Favonio:* vento brando do Oeste ou Occidente; vento propicio. *Cfr.* nota a 6.7.
7. *Sintindo,* tamén en 62.5, é a única forma harmonizada vocalicamente na conxugacion de *sentir* ou dos verbos derivados. *Vid.* 20.3, 29.5, 103.8, 105.5 etc. *Vid.* nota a 142.2.

S[ección] 6ª

Os Nomes

6.[1]/41

Mas ti, oh Diosa das creazoes puras,
Qu'as cousas leves e as cousas graves
Ti sabes, e as pasadas e futuras,
E as máis sublimes e grandiosas sabes,
E do Oceano as ásp[e]ras e duras
Rutas, e o curso das hispanas naves,
Os nomes di daqueles celebrados,
Qu'o Ocaso venceran denodados.

* Tinta azul.
0: Os Nomes - 5-6: *r.* E do ignorado Oceano as longuras, / E o curso audad das arriscadas naves.

2: Q'as - 5: áspras - 7: d'aqueles - 8: Q'o.

* Entre as dúas copias dactilografadas da oitava, seleccionamos aquela máis representada nas elaboracións manuscritas.
1. A *Diosa* debe ser Calíope (*vid.* nota á oitava 3).
Creazoes, igual que *mansioes* en 129.3 e *nazoes* en 285.5, presentan formas plurais antigas e/ou dialectais pola necesidade de acrecentamento de unha sílaba métrica no verso (*vid.* nota a PI 33.12). Estes esporádicos plurais aparecen tamén noutras formas presentes en elaboracións manuscritas: *accioes*, 148,2d-3d; *cycloes*, 84,1d; *regioes*, 41,1a.
5. A pesar da aparición de *aspro* como forma reducida de *áspero* (189.5, 196.3 vs. 51.8, 84.7, 90.3), a forma plena xa vén suxerida por *áspras* no dactiloscrito, con til, para alén das necesidades métricas do verso.

6.2/42

Así meu verso forza houbese, come
Ben me fatigarei!, e cun sonido
Grande que toda edade admire e dome...
Do negro esquecemento e do olvido
Escuro, toda proeza e todo nome
Daqueles que no grande éxodo ardido
Parte tomaran, como os eu cantara,
E o olvido vencera e morte avara!

* Tinta azul. Correccións de Pondal: 2: fatigarei > fatigarei! - 3: dome > dome...

2: c'un - 6: D'aqueles.

* Esta oitava presenta unha desconexión sintáctico-conceptual pola presenza da prep. *de* no v. 4, impedindo que o *negro esquecemento* e o *olvido* sexa a construción paralela do *olvido* e *morte avara* (v. 8). De todos os xeitos, existe a versión manuscrita autógrafa (5d) coincidente coa versión dactilografada, agás en detalles insignificantes.
1-2. A frase ten de ser exclamativo-desiderativa, como mostra que Pondal introducise o signo final de admiración.
1. Para o contido semántico de *houbese*, *vid.* nota a 10.3.
A conx. *como*, por outra parte, aparece baixo a forma antiga *come*, con modificación condicionada pola rima, dun modo semellante ao que acontece con *argente* en 101.2.
4. N'*Os Eoas* a vogal temática nas formacións substantivas co suf. *-mento* nos verbos da segunda conxugación vacila entre o mantemento de *-e-* (*batemento, esquecemento, merecemento, nacemento*) e a utilización de *-i-* (*ardimento, mantimento, movimento, proponimento*).
7. Sobre a interpolación pronominal na lingua pondaliana, *vid.* nota a PM 21.17.
8. *Vencera* ten como suxeito *toda proeza e todo nome* (v. 5), interpretando a primeira conx. *e* como pleonástica (*vid.* nota a 45.2).

6.3/43

É o primeiro o gran Colón famoso,
Qu'o alto comando en todo asume e imprime,
E en comandar tal bando belicoso
Do olvido e da morte se redime;
Severo no mandar, mas generoso,
Como convén a capitán sublime;
Da cuna deste Italia fai baldanza,
Mas só Galicia dá testimonianza.

* Tinta azul.

1: Hé - 2: Q'o - 7: d'este.

* Consérvase a redacción autógrafa desta oitava (5d).
7. *Baldanza* é derivado de *baldar* 'frustrar, empregar sen bo resultado', de *baldo* 'frustrado, inútil; que no xogo non ten cartas de certo naipe'.

6.4/44

Deste seguen a sorte destemidos
Os dous irmáns heroïcos Pinzóns,
Por longo navegar fortes e ardidos,
D'intrépidos e fortes corazóns,
E daquel siglo rudo conocidos,
Dos mares cual fortísimos leóns:
O fogoso Martín, e o boo Vicente;
Un, irrequieto e audaz; o outro, prudente.

* Tinta azul. Corrección de Pondal: 1: os destemidos > destemidos.

1: D'este - 2: hirmans heróicos - 5: d'aquel.

* A versión manuscrita autógrafa (9d) presenta o adxectivo *famoso* no v. 7.
2. Neste verso é necesaria a diérese no ditongo de *heroïcos* para evitar a hipometría, o mesmo que en *Símoïs* (187.4), en liña coa frecuente diérese nas formas *saüdade* e *saüdoso* na obra pondaliana. *Cfr.* nota a 176.7.
Entre a oitava 44 e 52 aparecen citados numerosos tripulantes que interviñeron nas viaxes colombinas a América, sen dúbida tirados dos dous volumes da obra de Roselly de Lorgues, presente na biblioteca do poeta, sobre as viaxes de Cristobo Colombo a América.[7] A utilización desta fonte histórica condicionou a aparición de diversos erros e confusións nos nomes dos tripulantes (*cfr.*, por exemplo, Juan d'Ungría por Juan d'Umbría, en 51.2).[8]
8. *Irrequieto* ('que non ten paraxe, turbulento'), tamén en 175.3 e 252.4, constitúe outro latinismo do poema (<IRREQUIETUM).

[7] A súa ficha completa é a seguinte: *Monumento á Colon. Historia de la vida y viajes de Cristóbal Colon*, escrita en frances por el Conde Roselly de Lorgues, continuada con documentos inéditos importantes relativos al segundo matrimonio de Colon con Doña Beatriz Enríquez de Córdoba, traducida por D. Pelegrin Casabó y Pagés, intérprete jurado, anotada y publicada bajo la direccion del M. R. Padre D. Ramon Buldú, lector de Teología. Barcelona. D. Jaime Seix. MDCCCLXXVIII. A maior parte dos nomes citados concéntranse nas pp. 176-178.

[8] Para a actualización e documentación dos tripulantes das viaxes colombinas, *vid.* GOULD, Alicia B., *Nueva lista documentada de los tripulantes de Colón en 1492*, Madrid, Real Academia de la Historia, 1984.

6.5/45

Con estes vén tamén, da fama amigos,
E Salcedo e Roldán, e o forte Arana,
Da flota alto Alguacil, e os dous Rodrigos,
Un d'Escobedo, e o outro de Trïana
—Este, esperto vigía—, e dos antigos
Eidos, da ilustre terra castellana...,
Pedro Ruíz e Ruy Gómez asumidos
Da flota aos cargos altos e subidos.

* Tinta azul.

4: d'escobedo...Triana.

1. Como xa acontecía na lírica (*vid.* nota a PM 94.4), na lingua pondaliana utilízanse as formas contractas a carón das analóxicas da P6 do Presente de Indicativo dos verbos *vir* e *ter* (*cfr.* tamén *pón*, 94.5, e *opón*, 165.7), segundo as necesidades de medida do verso: *vén* (45.1) vs. *veñen* (242.4), como *(de)tén* (138.4, 151.3) vs. *teñen* (128.2, 140.4). *Cfr.* nota a 22.6.
2. Documéntanse na obra pondaliana algunhas anticipacións pleonásticas da conxunción copulativa *e* a sintagmas bimembres unidos por esta mesma conxunción. *Vid.* tamén 42.8, 49.7, 171.5, 206.6 e 278.4.
3. No grupo *fl-* só aparece rotatización na familia lexical de *fraco* (*fraqueza, enfraquecer*), resultando sorprendente o mantemento da consoante lateral en *flota*, o mesmo que *flotar* e *flotante* (*cfr.* a forma tradicional *frota*), igual que *flores* (*vid.* nota a 113.1), cun tratamento semellante ao dos cultismos (*flama, inflamar, efluvio*). *Vid.* nota a 20.4, 100.4, 195.2.
5. Nótese o uso de *esperto* (tamén en 50.7 e 215.3), fronte a *experto* (48.4, 98.2, 250.7), talvez con distinción semántica, aínda que podería constituír tamén máis outro caso de vacilación *ex-/es-* (*vid.* nota a 3.7). *Cfr.* nota a 126.7, 202.2 e 216.5. *Vid.* nota a 3.7.

6.6/46

Vén o cortés Gutiérrez, distinguido
Polo porte e p'la estirpe e p'lo denuedo;
E Arias, que se comprace andar vestido
Do ben forjado aceiro de Toledo;
E Pedro Maldonado, alto e subido,
Todos eles honor do Tajo ledo;
E o forte Rodrigo de Segovia,
A quen temor da morte non agobia.

* Tinta azul.
3: se comprace andar vestido] *r.* sempre anda guarnecido - 4: Do ben forjado aceiro] *r.* Do rutilante ferro - 8: *r.* A quen o duro ferro non agovia.

2: Po-lo...pl'a...pl'o - 8: agóvia.

1. Interpretamos a forma *vén* como P6 do Presente de Indicativo de *vir*, en liña con 45.1.
2. *Denuedo* é un castelanismo extremo condicionado pola rima. *Vid.* nota a 25.2.
3. A necesidade de sinalefa explica talvez a ausencia da preposición, como acontece con certa frecuencia na lingua pondaliana. *Vid.* nota a QP 1.22.
4. O aceiro das espadas fabricadas en Toledo era moi apreciado.

6.7/47

E ti, a grandes destinos destinado,
Na túa edade ruda e turbulenta,
Diego de Lepe, forte e celebrado,
Fillo da breve Lepe figueirenta;
Rodrigo de Jerez, un afamado
Mendoza, qu'unha ilustre estirpe alenta;
E Esquivel e Roldán, máis refulgentes
Nas armas que no mar inteligentes.

* Tinta azul.

6: q'unha.

6.8/48

E o sapiente e boo Juan de la Cosa,
En edade provecta aventureiro
Audaz, e de pericia prodigiosa,
E experto en todo longo derroteiro;
E Sancho Ruíz, de juventú fogosa;
E Alonso Niño, nunca derradeiro;
Bartolomé Roldán e o boo Xalmiento:
Todos nautas d'intrépido ardimento.

* Tinta azul.
1: sapiente] *r.* prudente.

7: Roldal..Jalmiento.

1. *Sapiente* constitúe outro dos frecuentes cultismos tirados de part. activos latinos (<SAPIENTEM, de SAPERE 'saber').
2. *Provecto* é un cultismo derivado de PROUECTUM 'que progrediu, experiente; adiantado en anos, experimentado'.
5. A métrica explica *juventú*, o mesmo que *lasitú* en 195.6, fronte ao xeral *-tude* (á parte das formas plurais): *actitude, incertitude, inquietude, juventude* (114.1 e 2), *magnitude, multitude, senectude, solitude, virtude*. *Vid.* nota a 3.2 e 15.3.
7: Nótese a grafía do segundo apelido de Cristóbal García Xalmiento (ou Sarmiento).

6.9/49

E ti, de Tapia, nobre Bernardino,
Ás Meónides bellas consagrado,
Tamén juzgastes ser millor destino
O navegar o Océano alongado;
E vós tamén, qu'o abismo ponentino
Acometestes con ánimo ousado,
E Córdoba e Francisco de Guevara,
Contra quen nada pode a morte avara.

* Tinta azul.

5: q'o.

* A versión manuscrita autógrafa desta oitava (1d) presenta unha insignificante variación no v. 8.

2. *Meónides:* Musas, obxecto de culto na Meonia (*vid.* nota a 10.7).

4. *Oceano* é sempre vocábulo paroxítona na lingua pondaliana, aparecendo neste verso (e mais en 259.1 e 273.5) como vocábulo proparoxítono polo necesario acento fixo da sexta sílaba do hendecasílabo.

5. *Ponentino,* de frecuente aparición no poema, é adxectivo derivado de *Ponente,* isto é, do Oeste. *Cfr.* nota a13.4.

6. Na redacción definitiva d'*Os Eoas, -stes* aparece como forma única para a P5 do Pretérito de Indicativo, fronte á lírica (*vid.* nota a PI 31.3 e PM 62.51) e, mesmo, fronte a redaccións manuscritas. *Vid.*, por exemplo, as seguintes formas en redaccións alternativas da oitava 283: *fostes* (2c, 3c) e *ousastes* (8d, 14d) vs. *fixeches* (1b, 7d, 9d-12d, 15d) e *ousaches* (5d, 6d, 9d, 13d) vs. *fóchedes* (3c) vs. *fóstedes* (4c).

7. A conx. inicial do verso é pleonástica. *Vid.* nota a 45.2.

6.10/50

E Luís de Torres nobre e valeroso,
Na lingua hebrea e arábiga corrente
Intérprete da flota generoso,
Na palabra sutil, cauto e prudente;
E Juan de Logrosán, qu'o fulguroso
Arnés cingío desde adolescente;
E ti, esperto Esquivel, de cuia constanza
Terá Bohío eterna recordanza.

* Tinta azul. Corrección de Pondal: 8: e terna > eterna.
4: Na palabra] *r.* E no verbo - 5-6: *r.* E Logrosan q'o ferro riguroso / Cingío, desde edade adolescente.

5: q'o - 7: cuya.

5. A formación lexical *fulguroso*, tamén en 86.3, convive co cultismo *fúlgido*. *Cfr.* nota a 100.2.
7. Na lingua pondaliana rexístranse algúns casos de tratamento popular de cultismos co suf. lat. -NTIAM. Así, fronte á súa conservación en *arrogancia* (151.6), *constancia* (151.4), *existencia* (105.6), *inconstancia* (151.2), *infancia* (116.8), *providencia* (105.2), *prudencia* (135.5, 268.8) e *sentencia* (105.4), rexístrase *aparenza* (193.6), *constanza* (tamén en 138.6) e *fallenza* (107.6).[9] *Vid.* nota a 2.1 e 5.2.
8. *Bohío* refírese a Haití: «[...] el Almirante [...] descubrió al Sudeste una tierra que los indios le dijeron ser Bohio, donde se comia á los hombres. [...] Unos la llamaban *Bohio*, que significaba 'casa ó vasta habitación'; otros, en menor número, la llamaban *Haiti*, que quiere decir 'tierra elevada'».[10]

[9] Nas redaccións manuscritas rexístranse tamén formas como *arroganza*, *competenza*, *constanza*, *distanza* e *preferenza*, mais tamén *alongancia* en 26,4c (por rima con *distancia* e *arrogancia*).
[10] *Cfr.* R. de LORGUES, *op. cit.*, pp. 232-233.

6.11/51

E Tallarte de Lages e Bermeo,
E Juan d'Ungría, forte e denodado;
E o inquieto Mateos, e Mateo,
Contramestre maior esp'rimentado,
Capaces de descer ao reino feo
Do Cocito, e seu lago celebrado:
Peitos endurecidos e barudos,
Por mil traballos ásperos e rudos.

* Tinta azul. Corrección de Pondal: 4: Contra mestre > Contramestre.

4: mayor esprimentado.

* A versión manuscrita autógrafa desta oitava correspóndese textualmente co texto mecanografado.

4. A forma sincopada *esp'rimentar*, presente tamén na lírica (PI 46.44, 52.31), é a única que se rexistra n'*Os Eoas* (*vid.* tamén 233.3), xunto coa forma *exprimentado* na redacción 47,3f, o mesmo que n'*Os Lusíadas*, onde tamén é forma xeral. *Cfr.* nota a 16.3.

6. *Cocito*: un dos ríos do Inferno, afluente do Aqueronte, cuxas augas eran formadas polas bágoas dos condenados, que vagaban polas súas marxes durante cen anos.

6.12/52

E Pedro Villa, en todo arrisco ardido,
E Rodríguez Bermejo, boo vigía,
Que nos excelsos mástiles subido
Costumaba explorar a longa vía,
En cuio menester esclarecido
Muito co boo Tríana competía;
E os demais, cuia gloria e prez sin erro
Non borrarán unidos fogo e ferro.

* Tinta azul. Correccións de Pondal: 3: m ástiles > mástiles - 8: borraran > borrarán. Corrección apógrafa: 7: [fama].
7: *r.* E os demais, cuya [fama] e prez sin erro.

5: cuyo...exclarecido - 6: Triana - 7: cuya.

* Consérvase a redacción manuscrita autógrafa (1d) desta oitava.
1. A forma protética *arrisco*, tamén en 93.1 e 136.6, convive con *risco* (98.7), seguramente tentando diferencialo de *risco* 'penedo' (81.8, 87.5, 88.4).
3. Aínda que na versión definitiva d'*Os Eoas* só se documenta o castelanismo *mástiles*, na redacción manuscrita 4,29f aparece repetidamente a forma galega *mastros*.
5. Nótese a presenza do castelanismo *menester*, fronte á forma galega (*míster*) en 52.5 e mais en numerosas redaccións manuscritas (1,53f, 61f-62f, 65f, 67f-68f, 72f; 2,1b-5d, 7d-8d, 10d-11d, 13f, 15-21f).
6. Rodrigo de Triana (xa citado en 45.3-4) é o nome máis coñecido de Juan Rodríguez Bermejo (v. 2).[11]

[11] *Vid.* A. B. GOULD, *op. cit.*, pp. 201-211.

6.13/53

Foran estes os nomes dos famosos,
Daqueles Españoles esforzados,
Que deixaran, ardidos e animosos,
Da doce patria os campos celebrados,
Por revelar os reinos misteriosos
Do Ocaso, e seus camiños nunca ousados;
Daqueles qu'honra foran, en verdade,
Non só d'España..., mas da humanidade.

* Tinta azul.
1: dos famosos] *r.* gloriosos - 3: ardidos] *r.* robustos - 4: celebrados] *r.* celebrados, *l. r.* tan amados - 7: honra] *r.* honrra.

2: D'aqueles - 7: D'aqueles q'honra.

S[ección] 7ª

O Guiador e os Héroes

7.1/54

O boo Colón, prudente e generoso,
Dirige aqueles rudos e esforzados,
Que máis fácil sería do mar undoso
Os torbellinos refrear airados,
E o Aqueloo i Erídano famoso,
Qu'ao mar correndo van apresurados;
E lle inspira de fe forzas vehementes,
E lles di con palabras elocuentes:

* Tinta negra agás o número.
0: O GUIADOR E OS HÉROES. ~~O INFINITO~~ - 5: i Erídano] *r.* e erídano.

5: y - 6: Q'ao.

3. O cultismo *undoso* (<UNDOSUM), tamén en 224.4 e 235.5, xa aparece utilizado con frecuencia n'*Os Lusíadas*.
5. Neste verso aparece o único rexistro da forma *i* da conxunción copulativa *e*, aparición esporádica que ten o seu correlato na lírica (*vid.* nota a PA 26.22), para alén de presenzas puntuais en redaccións manuscritas, sempre perante vocábulo iniciado por *e-*: 63,2c, 76,6d, 118,2c, 282,13f.
Aqueloo: o principal río de Grecia, fillo do Oceano e de Tetis e pai das Sereas. *Vid.* 79.7.
Erídano: un dos fillos do Sol, o mesmo que Faetonte, que foi fulminado por Xúpiter cando conducía por un día o carro de seu pai (Apolo) —achegábase e queimaba a Terra porque os cabalos non o coñecían—, caendo no Erídano, río de Italia (act. Po), onde se tranformou en cisne e súas irmás en álamos. A Vía-Láctea é o trazo do carro de Faetonte.
7. Certamente é anómala a ausencia de crase de *lle*, universal perante forma verbal comezada por vogal. Posibelmente sexa atribuíbel ao copista (*vid.* nota a 11.5).
7-8. Nótese a alternancia *lle/lles*, no primeiro caso forma necesaria pola sinalefa. *Vid.* nota a 11.4.

7.2/55

«Da humana vida os días son contados,
Presto s'estingue a nosa vital flama;
Nosos propos'tos quedan ignorados
Cando a fatal, postrema lei nos chama;
Mas estender con feitos denodados
A breve vida con eterna fama...,
Eso é vivir, e con propos'to forte
Se libertar da lei d'escura morte.

* Tinta negra agás o número.
1: humana] *r.* nosa - 7-8: *a.* Esto he vivir, non vidas pasageiras, / Mas vivir nas edades venideiras.

3: propostos - 7: he...proposto.

2. Obsérvese o tratamento do prefixo *ex-* en *estinguir,* fronte á lírica, en que se mántén o grupo latino (QP 76.22 e 38, 81.24 e 46). *Cfr.* nota a 3.7.

[7.3/56]

»Forte non é quen seu temor non dome
E ocioso vive en mólidos afeitos,
E brandamente o tempo seu consome,
Dormindo en brandos, regalados leitos;
Mas quen procura un glorïoso nome
Por valerosos e robustos feitos...,
Ese non pasa vida transitoria,
E de si soi deixar longa memoria.

* Oitava manuscrita e numerada.
4: regalados] *A.* e mulidos - 8: *a.* E ocupa [*a.* alumbra] os fastos da futura historia.

1: hé.

* Acrecentamos esta oitava manuscrita (nunha papeleta de 130 x 100 mm, máis pequena do habitual), tendo en conta o contido, a súa colocación e a numeración, que explica a corrección realizada polo poeta no número da seguinte oitava dactiloscrita, aínda que as restantes da sección ficasen sen renumerar. *Cfr.* 120.
2. *Mólido* (tamén 57.7, 148.4 etc.) é unha formación adxectival pondaliana co suf. átono *-ido*. *Vid.* nota a 35.7.
4. *Dormindo*, xunto con *dormía* en 260.2, mantén a vogal radical etimolóxica.

7.4/57

»Nobres fillos do Cid! Que con verdade
No tempo venideiro non se diga,
Cando no[s] siglos da futura edade
A esta nosa edá chamen antiga...,
Qu'os españoles peitos, que piedade
E fe e amor da patria tanto obriga,
Solo serven p'ra mólidas brandezas,
Non p'ra sufrir traballos e rudezas».

* Tinta negra agás o número. Cuartilla renumerada por Pondal (-3- > 4).

5: Q'os - 7: pra - 8: pra.

1. A forma *Cid* convive con *Cide* (173.7) por razóns métricas, como tantas outras veces.

7.5/58

«Ouh boo Colón, contigo a toda parte
—Lle tornan os intrépidos— iremos,
Onde gloria e peligro se comparte:
Contigo gloria e honor compartiremos.
Contigo a fe no ibérico estandarte
Ás máis longincuas partes levaremos,
Emulando p'las rutas largacías
Do sol cadente as nunca ousadas vías».

* Tinta azul.
3-4: *r.* Contigo, onde o peligro se comparte, / Como fortes e boos combatiremos.

5: estardante - 7: pl'as...largazias.

* A copia dactilografada seleccionada presenta menos correccións, para alén de aparecer mecanografada con tinta azul.
6. Nótese o uso de *longincuo* (tamén en 76.8, 81.4 e 235.4), do lat. LONGINQUUM, aparecendo os castelanismos *lexano* só en 74.1 e *lexanía* en 161.7, ambos os dous en rima. Este adxectivo, por outra parte, tamén se rexistra n'*Os Lusíadas* (II.54, IV.69, VII.30).[12]

[12] N'*Os Eoas* tamén aparece o seu antónimo *propincuo* na variante de 268.7.

7.6/59

Din. Mas ll'ordena o gran Colón subido
Que sempre en boa conserva navegasen,
Que se seu rumbo fose interrumpido
E por forza maior se delongasen...,
Unha vez tal evento preterido
Novamente a conserva procurasen
A nao Capitana demandando,
Uns dos outros non muito s'alongando.

* Tinta azul.

3: interrunpido - 4: mayor - 8: S'alongando.

* Existe versión manuscrita autógrafa (3d), sen variacións en relación á versión definitiva. Por outra parte, invertemos a orde orixinal das oitavas 59-60, como esixe o contido e a narración.
2. *Navegar en conserva* é 'navegar acompañado doutro(s) navío(s)'.
5. *Preterido* é participio de *preterir*, do lat. PRAETERIRE 'deixar atrás, omitir, desprezar, rexeitar'.

7.7/60

Así, con gra[n]de esforzo e fe fervente,
Enfía aquela parte do praneta
O bando forte, donde o sol cadente
Ten súa costumada, eterna meta,
Para facer no ignoto longamente
Da fe de Cristo a difusión compreta,
E o que Pedro e que Paulo n'alca[n]zaran,
As iberianas lonas acabaran.

* Tinta negra agás o número. Corrección de Pondal: 4: e terna > eterna.
8: *r*. As lonas españolas acabaran.

1: grade - 6: conpreta - 7: n'alcazaran.

7. Pedro e Paulo son os dous Apóstolos máis coñecidos.

7.8/61

Das outras diante vai a boa Gallega
Nao, e de todas forte Capitana,
Que será pola fe con que navega
Eterno honor da terra galiciana:
A enseña leva en alto, onde lostrega
A gloria e prez da forte gente hispana,
Qu'a empresa de tan ardua ousadía
Solo a tal nome e nao correspondía.

* Tinta azul.

3: po-la - 4: E terno - 7: Q'a.

* Consérvase a versión manuscrita autógrafa (6d) desta versión, razón por que a seleccionamos fronte á concorrente mecanoscrita.
1. A *Gallega* era a carabela «Santa María».
4. O adxectivo *galiciano* (tamén en 121.3) non estaba documentado na restante produción pondaliana.

7.9/62

Os outros breves leños van seguindo
O rumbo do gallego baxel forte,
E detrás dela os mares van abrindo
Como atraídas da súa grande sorte,
E a gloria e fe daquela van sintindo,
Se librando do olvido e escura morte:
Como pequenas aves que voando
Tras da nai seguen, que as vai guiando.

* Tinta azul.
1-2: *r.* E a Pinta e a Niña van seguindo, / O rumbo que lle marca o leño [*r.* a nao] forte - 7-8: *r.* Como costuman as marinas aves, / Seguir da nai, voando, os gritos graves, *f. r.* + A Gallega seguíndo as breves [*a.* duas] naves, / Como costuman as marinas aves / + Cal a nai siguen as marinas aves.

2: bagel - 3: d'ela - 5: d'aquela.

S[ección] 8ª

Os Alisios

8.1/63

Mas j'aqueles gentiles e animosos
Fillos do Oriente e da radiante Aurora,
Qu'habitan, jogorales e dichosos,
Do sol cabo da porta brilladora...,
Cumprindo alto mandato, presurosos
Saíndo da súa cova soadora,
Dos leños van sobre das lonas dando,
Qu'os iberos destinos van levando.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 3: jogorale[s].
0: Os Alisios - 2: radiante] *r.* brillante - 4. brilladora] *r.* encantadora, *a.* q'o ceo mora, *b.* [q']a luz dora.

3: Q'habitan - 5: Comprindo - 8: Q'os.

* A versión autógrafa 4c parece corresponder a esta versión dactilografada, con mudanza de adxectivación nos vv. 2 e 4, seleccionada por a versión mecanoscrita concorrente aparecer escrita con tinta negra.
1. *J'aqueles* constitúe o único exemplo de crase do adv. *ja* na lingua pondaliana.
2. *Aurora* é a deusa romana do amañecer, equivalente á grega *Eos*. En xeral, funciona como sinónimo do *Oriente*.
3. *Jogorales*, igual que *boreales, cendales, españoles, fanales, fatales, ideales, iguales, (in)mortales, juveniles, occidentales, señales/siñales, tropicales* e *virginales*, presenta acrecentamento do morfema *-es* de plural sobre a base singular, como acontece case sistematicamente na lingua pondaliana. *Vid.* nota a 23.3, 29.1 e 91.2.
Nótese, ademais, a presenza doutro castelanismo lexical extremo, como *dichoso*. *Vid.* nota a 25.2.
5. Semella que a forma *comprindo* é un lapso de escrita por *cumprindo*, á vista da forma xeral *cumprir*, así como da corrección apógrafa en 264.8 (*comprido* > *cumprido*) e a súa presenza en 3d e, sobre todo, 4c, a redacción manuscrita autógrafa da oitava.
6. Os ventos eran gardados por Eolo, o deus do vento, en covas (*cfr.* 81.4).
7. A concorrencia e distribución de *sobre* (só neste verso e mais en 116.2 e 240.6) e *sobre de* responde sempre a motivos métricos, o mesmo que o uso de *baixo* e *baixo de*. *Cfr.* nota a 66.4.

8.2/64

As ráfagas eoas sonorosas
Cruxir fan as hispánicas entenas,
Máis que todas entenas animosas;
E aquelas audacísimas carenas,
Fortes máis qu'as antigas e famosas
Que turbaran Harpías e Syrenas,
Os mares con sonido van abrindo,
En derredor d'argento se cubrindo.

* Tinta azul.
7: van abrindo] *r.* as...sentindo - 8: *r.* Do branco e crespo argento se cubrindo.

3: tadas - 5: q'as.

1. O adx. *eoo* 'oriental', tirado do gr. a través do lat. EOUM, tamén aparece n'*Os Lusíadas* (VI.38, VIII.84).
2. O castelanismo *cruxir* presenta propositadamente a grafía <x>, como acontece con algunhas outras voces procedentes do español, como *lexano*. *Vid.* nota a QP 2.2.
A forma antiga *entena* (do lat. ANTENNAM) refírese a unha verga fixa ao mastro, na cal se prende a vela latina (*vid.* nota a 213.4)
4. Como acontece nalgúns casos con *leño* (*vid.* nota a 6.6) e *proa* (*vid.* nota a 32.3), o uso de *carenas* ('quillas') por *barcos* (*vid.* tamén 65.5 e 68.7) é outra metonimia.
6. *Harpías:* monstros con rostro de muller, orellas de burro ou de oso, asas e garras nos pés (ou, senón, con corpo de voitre). As principais eran Belo, Ocípete e Celeno. Xuno mandounas infectar con inmundicies e arrebatar os manxares da mesa de Fineo (*vid.* PA 18). *Cfr.* a oitava 109.
Syrenas: as sereas son seres mitolóxicos que atraían os navegantes para destruílos. Ulises, avisado por Circe, conseguiu evitalas tapando con cera os ouvidos dos mariñeiros e atándose el mesmo ao mastro do navío. N'*Os Eoas* alterna a grafía *Syrena* e *Sirena*, constituíndo a primeira unha falsa grafía etimolóxica, aínda que tamén presente en Camões (V.88, X.5, X.45).
8. A voz *argento* (do lat. ARGENTUM 'prata'), frecuente n'*Os Lusíadas* (I.18, II.67, III.63 etc.), fai alusión á cor prateada da auga do mar cando é batida polas proas. *Vid.* nota a 101.2.

8.3/65

Móvense as fortes naos ben corredadas
E ligadas p'lo mesmo sentimento,
Como se todas fosen animadas
Da mesma fe, do mesmo pensamento:
As ardidas carenas espalmadas
Nos mares fan máis presto movimento,
E por virtude das potentes velas
Deixan detrás [as] máis longas estelas.

* Tinta azul.

2: pl'o.

* A copia dactilografada desta oitava correspóndese exactamente coa versión autógrafa 3d, mesmo coa omisión do artigo no v. 8.
1. A voz *corredadas* semella unha forma anaptítica de *cordadas* ('atadas con cordas, unidas'). *Cfr.* nota a 277.8.
8. A omisión do artigo por lapso é clara pola hipometría do verso, así como polo necesario acento na sexta sílaba.

8.4/66

Os brancos panos, fortes e arriscados,
Enchen os ventos das regións eoas;
Gemen aqueles mares alongados
Baixo do peso das hispanas proas;
Os ánimos a todo aparellados
Dispostos van, e [n]as pranuras soas,
P'ronde as hispanas proas van fendendo,
Geme o mar, os seus ombros encollendo.

* Tinta azul.
2: Enchen] *r.* Hinchan.

6: as - 7: Pr'onde - 8: hombros.

* Existe versión autógrafa (1d) desta oitava, cunha variación no v. 2 (inchan > enchen).
1. *Panos* constitúe outra metonimia por *velas*, igual que *cotonías* (*vid.* nota a 68.2), *lonas* (*vid.* nota a 5.7) ou *liños* (*vid.* nota a 70.3).
4. Nótese a concorrencia de *baixo de/baixo*, sempre por motivos métricos. *Cfr.* nota a 63.7.
6. A corrección no texto do verso vén esixida polo sentido, a pesar de o mecanoscrito coincidir coa redacción manuscrita. Deste modo tamén se evita o inusual hiato *e* | *as*.

8.5/67

Non geme o mar, magnífico e estendido,
Baixo de cousa leve e transitoria;
Mas geme con grandísimo sonido
Baixo do peso da española gloria,
E parez que confese con gemido
D'España a fe fortísima e notoria,
Pola que tanto combatido había
Da moura Agar c'a gente vagadía.

* Tinta azul.

2: Baiso - 4: Baiso - 7: Po-la - 8: ca.

* Existe a versión manuscrita autógrafa (1d) desta oitava. *Cfr.* a oitava 259.
5. A forma *parez*, variante de *parece* condicionada pola métrica, é maioritaria n'*Os Eoas*: 69.3, 160.3, 200.1, 226.1, 273.8 vs. 177.4, 214.1.
7. Os tempos compostos aparecen con relativa frecuencia no poema, case sempre na forma correspondente ao copretérito, coa orde invertida: *creado había* (72.7), *cortado habían* (77.5), *había deixado* (92.2), *sustentado habían* (185.2), *soportado habían* (261.4); só nun caso aparece un tempo diferente: *haber terminado* (254.3).
8. *Agar*: escrava e criada de Sara, muller de Abraham, nai de Ismael, con quen foi residir a Arabia. Os seus descendentes son os árabes. N'*Os Eoas* aparece sempre formando parte dunha frase preposicional, indicando pertenza ao pobo árabe: *doncellas* (147.7-8), *fillos* (186.4), *gente(s)* (67.8, 185.3).
O adx. *vagadío*, tamén en 106.6 (*flota vagadía*), constitúe unha creación lexical pondaliana sobre o verbo *vagar*.

8.6/68

Enchidas p'lo seu sopro soberano
Encúrvanse as hispanas cotonías;
Ante as proas vencido o Oceano
Levanta súas argénteas ardentías;
Levando aquelas o gran genio hispano
Cortando van as non cortadas vías,
E as fortes carenas con sonido
Vencen o inmenso mar nunca vencido.

* Tinta negra agás o número. Corrección apógrafa: 8: Vence[n].

1: pl'o.

2. *Cotonías* ('velas') é voz de proveniencia árabe, co significado orixinario de 'panos de algodón'. É máis un caso, pois, de metonimia por *velas*. *Vid.* nota a 5.7.
4. *Argénteo* é un cultismo procedente do lat. ARGENTEUM 'de prata; branco como prata', xa utilizado n'*Os Lusíadas* (I.58, II.20). *Vid.* nota a 101.2.

8.7/69

Con un linguage misterioso e ardente,
E cheas de fervor e de piedade,
Parez que cu[n]ha fe gra[n]de e fervente,
Dirigíndose á grande inmensidade,
Vaian decindo: «Terras do Occidente,
Do voso torpe sono despertade:
Nova fe, novo Dios vos aportamos,
E amor e paz tan solo vos levamos».

* Tinta negra agás o número.

2: Echéas - 3: c'uha...grade - 5: vayan.

8.8/70

Mas os genios do ignoto temerosos,
Qu'escuitaron as proas que cortaban
E que viran os liños candorosos
Qu'ao ignoto de Cristo a fe levaban...,
Pavo[r]aran de espanto, e presurosos
Nas alas fugitivos se libraran,
E nos profundos antros do Occidente
Se refugiaban máis que brevemente.

* Tinta negra agás o número.

2: Q'escuitaron - 4: Q'ao - 5: Pavoaran.

2. Como xa acontecía na lírica, o morfema número-persoal *-no* para a P6 do Pretérito de Indicativo é xeral, aparecendo a forma *-ron* só en 70.2, 76.4, 5 e 8, 115.1, 3 e 5, 211.7, fronte a 4.4 e 8, 9.6, 11.8, 13.2 e 8, 29.1, 114.4, 115.2, 119.8, 189.8, 260.8 e 284.6. *Vid.* nota a PI 20.1.
3. *Liños*, como *lonas* (5.7), *panos* (66.1) ou *cotonías* (68.2), é outra metonimia por *velas*, como xa acontecía no propio latín, en que podía presentar esta acepción.
Candorosos, obviamente, presenta o sentido etimolóxico de 'brancos', igual que *cándidos* (211.2). *Cfr.* nota a PI 48.2.
5. A mellor hipótese textual e semántica para a corrección do orixinal *paboaran* é o verbo *pavorar*, variante de *apavorar* 'causar pavor a; asustar, aterrar', documentado en portugués.[13]
A ausencia de crase en *de espanto*, o mesmo que na secuencia *de España* (153.7) e *de heroícas* (163.7), é anómala, talvez produto da intervención do copista, pois é universal a crase da prep. *de* co vocábulo seguinte cando comeza por vogal. *Cfr.* nota a 101.5.

[13] *Cfr.* FIGUEIREDO, C. de, *Dicionário da Língua Portuguesa*, Lisboa, Livraria Bertrand, 1978, 13ª ed., s.v.

8.9/71

Cegos fillos do ignoto! Non sabías
Qu'as españolas, arriscadas lonas
Levaban as antigas profecías
Da fe de Cristo ás máis remotas zonas;
Que levaban nas brancas cotonías
O puro verbo das regións eonas,
Como hostia de paz e de ventura,
Dos seus seos envolto na brancura.

* Tinta azul.

2: Q'as.

* Consérvase a redacción autógrafa (3d) desta oitava, con inversión da orde dos adxectivos no v. 2.
1. *Sabías* é P5 de Copretérito de *saber*. *Vid*. nota a 88.7.
6. O adx. *eonas*, variante de *eoo* (*vid*. nota a 64.1) condicionada pola rima, só se rexistra, tamén cualificando a *regións*, en 209.5, máis unha vez en rima con *lonas* e *zonas*.

S[ección] 9ª

O Sol Cadente

9.1/72

Mas já as proas ibéricas cortaban
O inmenso, ignoto Oceano, e demandando
Aquelas partes van, donde s'acaban
Os camiños do sol, que vai buscando,
[Cual baxel prodigioso, os fins que lavan]
Súa ruta costumada, procurando
Cumprir a lei de quen o creado había
De levar aos antípodas o día.

* Tinta negra agás o número. O título riscado é autógrafo.
0: O SOL CADENTE. ~~O infinito.~~

5: bagel - 8: a os.

5. Recuperamos o texto do verso ausente no dactiloscrito a partir do acrecentamento posterior feito polo poeta sobre a versión manuscrita conservada nos materiais previos d'*Os Eoas* (*vid.* 72,1d).

9.2/73

Mutuamente en si ben apoiada,
E ben bojeadas as audaces lonas,
Navega a hispana flota denodada,
Demandando do Ocaso as longes zonas;
E iba tanto no esforzo confiada
Qu'as Sirenas e Harpías e Gorgonas
N'a puderan deter, tanto potente
Forza impelía o seu velame ardente.

* Tinta negra agás o número.
1: *r.* Ben apoyada en todo e corredada - 2: bojeadas] *r.* tendidas.

1: apoyada - 5: confiada - 6: Q'as - 8: impedía.

1. *Bojeadas* é participio de *bojear*, variante de *bojar* 'xirar, dar voltas; facer sobresaír'.
4. A utilización de *longe* como adxectivo (*vid.* nota a PM 37.1), tamén presente en 209.3, convérteo en sinónimo de *longincuo* (*vid.* nota a 58.6).
6. *Sirenas: vid.* nota a 64.6.
Harpías: vid. nota a 64.6.
Gorgonas: as tres fillas de Forcis e de Ceto, chamadas Euriale, Estenio e Medusa, monstros arrepiantes, case sempre alados, con serpes nos cabelos e cintura e mais dentes enormes. Tiñan o poder de converter en pedra a quen para elas ollase.
7. A contracción do adv. *non* coas formas do pron. persoal C.D. só se rexistran en 73.8 (*n'a*), 92.7 (*n'os*) e 207.6 (*n'as*). *Cfr.* nota a 3.3.
8. A corrección textual efectuada vén condicionada polo sentido do verso e da oitava, para alén da existencia deste verbo en redaccións manuscritas (*cfr. Impelidos tan so de fe fervente*, en 276,2d) e impresas, n'*A América Descuberta: Como caiman horrendo que impelendo / O hórrido corpo no pantano undoso* (vv. 58-59).
A forma *velame*, igual que en 81.6, aparece pola necesidade de sinalefa, fronte á habitual *velamen*, como mostra a corrección da forma galega feita polo poeta en 80.5. Na lírica só aparece *velamen*, en PA 19.4.

9.3/74

Mas cando o sol na regïón lexana
Do misterioso Ocaso s'afundía,
A súa lei eterna e soberana
Cumprindo, e súa costumada vía...,
Entonces a boa gente iberïana,
Ao ceo entrambas palmas, lle decía
Con voz fervente: «Oh sol esplendoroso,
Ti alumbra o nunca ousado curso noso!

* Tinta negra agás o número. Corrección dactilografada: 3-4: *r.* E [.....] ponpa e soberana, / Cumprindo a sua costumada via. Corrección de Pondal: 5: A o > Ao.
7: voz] *r.* acento - 8: *r.* Se noso guia po-lo abismo undoso, *a. r.* [Ti] a<A>lumbra noso curso dubidoso!

1. Para *lexano*, *vid.* nota a 58.6. Sobre a grafía <x> neste castelanismo *vid.* nota a 64.2.
8. O castelanismo *alumbrar* (tamén en 181.6 e 281.7) compite con *alumear* (11.6, 221.8, 227.4) e, mesmo, co cultismo *iluminar* (16.8, 201.7), que non se rexistraba na lírica (só a forma *iluminada* en PI 39.6).

9.4/75

»Que donde quer que, grande e refulgente,
Dirijas o teu curso nunca ousado...,
Alí te seguirá con fe fervente
O iberïano peito denodado,
P'ra que se cumpra o noso voto ardente
De ser o escuro Ocaso revelado:
Ti nos guía, e nosas fortes lonas
Te seguirán ás máis remotas zonas.

* Tinta negra agás o número.

2: Dirixas o teo - 3: seguira - 5: Pra - 8: seguiran.

9.5/76

»P'ra que digan un tempo con verdade,
Cuando a estes chamar antigos días:
"Os Españoles, na pasada edade,
Emularon do sol as longas vías;
E competiron súa claridade
Cos seus feitos e grandes ousadías,
E con ardidas e ferventes lonas
Demandaron as súas longincuas zonas"».

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 6: competiran > competiron.

1. Pra.

* A versión autógrafa 6d é a base do texto dactilografado, en que se nivelou sobre o pretérito as formas de antepretérito dos vv. 4-5.
2. O uso dunha forma de futuro de subxuntivo en singular en lugar do plural necesario pola concordancia xa aparece noutras ocasións na lingua pondaliana. *Vid.* PI 16.15 e 44.22.

9.6/77

Así as proas ibéricas fendían
As ondas que sin termo s'alongaban,
Que dun ao outro pólo s'estendían
E a ningún poder se sujeitaban,
Qu'outros leños cortado non habían
E solo feos mostros habitaban,
Para daren cumprido testimonio
Das alongadas partes do Favonio.

* Tinta negra agás os números. Cuartilla renumerada por Pondal e tamén a máquina (-5- > 6 > -6-).
7-8: *r.* E como os altos ceos habian prescrito, / Os reinos demandaban do infinito - 8: alongadas] *a.* incognitas.

3: d'un - 4: sugeitaban - 5: Q'outros.

7. O infinitivo flexionado ten escasa utilización na obra de Pondal, documentándose n'*Os Eoas* unicamente en 77.7, 122.4, 138.3, 148.4 e 262.2.
8. *Favonio: vid.* nota a 40.4.

9.7/78

Ledos a un mesmo tempo e dubidoso[s],
Navegando temían e esperaban,
Qu'en empresas e feitos valerosos
Mil pungentes afáns os peitos cravan;
Con todo, aqueles boos e generosos
Alegres e esforzados navegaban.
Mas, quen pode fiarse da bonanza
Dos mares, e de pérfida sembranza?

* Tinta azul. Esta oitava ficou sen renumerar (-9-).

1: dubidoso - 3: Q'en - 7: fiarse.

* Existe versión autógrafa (5c) desta oitava.
8. A voz *sembranza* ('aspecto'), probábel provenzalismo, constitúe un arcaísmo, documentado, por exemplo, nas *Cantigas de Santa María* (9.63).

9.8/79

Así rompendo as ondas apartadas,
Qu'outros audaces leños non romperan,
Van as iberas gentes denodadas,
Qu'os Argonautas ao olvido deran,
Tal qu'as fillas de Forco celebradas
Torcer seu grande curso non puderan,
Nin as tres Aqueloides sonorosas
Cesaran do seu canto temerosas.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal e despois tamén a máquina (-6- > 8 > -8-).
4: *r.* (Q'os) priscos (Argonactas) esqueceran - 6: Torcer] *r.* Deter - 7: Nin] *r.* E - 8: *A.* Os deter cas suas nobas engañosas, *a.* Foran mais que d Ulises temerosas, *b.* Quedaran do seu canto dubidosas, *c.* Do seu pdor calaran dubidosas.

2: Q'outros...ronperan - 4: Q'os Argonactas - 5: q'as.

4. *Argonautas: vid.* nota a 9.2.
5. *Forco:* fillo de Neptuno e unha das personificación do oceano, pai, entre outros, de Scyla (*vid.* nota a 95.7) e das Gorgonas (*vid.* nota a 73.6).
7. *Aqueloides:* sereas, fillas de Aqueloo; ou, en xeral, as ninfas. *Vid.* nota a 54.5.

S[ección] 10ª

A Visión

10.1/80

Baixo das proas o Oceano geme,
As ignoradas rutas demandando;
O corazón, que tanto espera e teme,
A un tempo vai temendo e vai esperando;
O vento no velamen brúa e treme,
As brancas lonas cóncavas inchando;
Os héroes, que non dormen, mas vigían,
Un amante saúdo á patria envían.

* Tinta negra agás o número. Corrección de Pondal: 5: bento > vento. 0: A VISION - 2: demandando] *r.* escumando - 5: velamen] *r.* velame - 6: brancas] *A.* fortes - 7-8: *r.* Os espritos [*A.* héroes] a pátria recordaban, / E a facéla gloriosa s'aprestaban.

1: Baiso - 6: hinchando - 8: suudo.

10.2/81

Era alta nuite, e confïadamente
Aqueles esforzados navegaban,
E os ventos, do seu roldar frecuente,
Nas súas covas longincuas repousaban;
Reina grande silencio, e tan somente
No velame os Alisios murmuraban,
Cando p'la proa surge un gran corisco
Que gelara de medo un duro risco.

* Tinta negra agás o número. Corrección de Pondal: 5: tan somente > tansomente.
3-4: *r.* (E os) feros (ventos), do seu curso ingente, / Po-las cóncavas covas repousaban - 5: grandel *r.* un alto - 7-8: *r.* Cando unha nube grande e misteriosa, / Pl'a proa ll'aparece, temerosa, *a.* Cando pl'a proa a modo de corisco, / Surge un grande<nubrado> nubrado, fero e arisco.

1: confiadamente - 5: tansomente - 7: pl'a.

4. *Cfr.* 63.6.
6. Os *Alisios* son ventos tropicais.
7-8. Estes versos lembran o inicio de PM 93.
7. A voz *corisco* 'tormenta' é derivado regresivo de *coriscar,* variante de *coruscar,* do lat. CORUSCARE 'bater, agitar; brillar, faiscar'. *Cfr. coruscante* en 199.5 e 277.7.

10.3/82

Iba o nocturno, alerta centinela,
No seu posto de proa sublimado,
Os mares vigïando, e a ruda vela
Soportando con ánimo esforzado;
O cual, cun grito grande que [con]gela
Os máis fortes, escrama conturbado:
«Oh, que cousa tan gra[n]de e tan enorme
Vejo, de toda cousa desconforme!».

* Tinta negra agás o número.

3: vigiando - 5: c'un...gelaba - 7: grade - 8: Vexo.

2. O adxectivo *sublimado* ('elevado á maior altura, engrandecido') ten unha ampla utilización n'*Os Lusíadas* (I.4, I.74, II.51 etc.), aparecendo tamén na lírica pondaliana (QP 68.19; PI 14.249, 54.3, 59.1; PA 7.17).
3. Neste caso, *vela* é derivado regresivo de *velar* (<UIGILARE) 'vixiar, pasar sen durmir'.
5. O obvio lapso do copista altera o sistema rimático (*centinela-vela-gelaba*), que repomos por medio da utilización de *congela* en posición de rima, xa que este verbo aparece documentado no poema (baixo a forma *congelados* en 162.6, e en diversas redaccións manuscritas, especialmente en 81,5f, onde se rexistran *helar, gelar* e *congelar*), evitando deste xeito o desenvolvemento da contracción *cun* que impediría o necesario acento na sexta sílaba.

10.4/83

Cando un fantasma, prodigioso e ingente,
Con lento paso crúzalle por diante;
Comparado con este certamente
Pequena cousa fora o monte Atlante:
Envolto en torbellino, escuramente,
Mostra o seu escurísimo sembra[n]te,
Que ceiba luminosa escuridade
Cunha gra[n]de e sublime fealdade.

* Tinta negra agás o número.
1-3: *r.* Cando un fantasma grande e desusado {*A. r.* grandioso e ingente}, / Lentamente lle cruza por diante: / Con este grande e feo comparado {*A. r.* Comparado con este alto e potente} - 5: escuramente] *r.* sublimado - 7: Que] *r.* E.

6: sembrate - 7: escurideda - 8: C'unha grade.

4. *Atlante:* o Atlas, en Marrocos (na mitoloxía, era Titán que sustentaba as columnas do Ceo), que lle dá nome ao Oceano Atlántico.

10.5/84

No escuro rostro manchas espantosas
Amostra, como d'illas delongadas,
De mares e de terras prodigiosas,
De terras nunca vistas e apartadas,
De bancos prolongados, e areosas
Syrtes, e feas restingas infamadas.
E así lles di con ásperos acentos
Que tremer fan os peitos máis ferrentos:

* Tinta negra agás o número.

2. A aparición de *amostrar* (tamén en 132.3), fronte ao xeral *mostrar* (24.2, 83.6, 110.2, 117.8, 121.5 etc.) explícase por necesidades métricas, se ben noutros dous casos semella opcional a presenza de *a-*: 200.2, 253.5.
5. Nótese a forma *areosas* fronte ao cultismo *arenosas*, que en 90.6 cualifica tamén a *syrtes*.
6. O vocábulo *syrtes* 'recifes ou bancos de area' (coa mesma grafía n'*Os Lusíadas* VI.81, VI.82) procede do grego, polo lat. SYRTEM 'areal'.
As *restingas* son 'escollos ou bancos de area ou de rocha'
7. Sobre *lles*, *vid.* nota a 11.4.

S[ección] 11ª

Os Fados

11.1/85

«Oh vosoutros, non homes, mas estraños
De cuantos cría a natureza humana,
Que por camiños longos e tamaños
Do Ocaso demandás o gran Nirvana:
A donde ides guïados só d'engaños?
Por que a vosa ambición tanto s'afana?
Ou dos homes vos crendo non iguales
De condición vos credes inmortales?

* Tinta negra agás o número e o título. A oitava é encabezada por tres cruces.
0: Os Fados - 5: *add. a*. Condicion procurades sobre humana.

4: demandas - 6: guiados.

3. Nótese o contido semántico do adxectivo *tamaños*, que responde á súa orixe (<TAM MAGNOS 'tan grandes'). *Cfr.* QP 4.6 e PI 14.210.
4. O copista mecanografou dúas redaccións diferentes para este verso, reflectindo as dúbidas redaccionais pondalianas.
Sobre *Nirvana*, *vid.* nota a PM 3.3.

11.2/86

»Nas armas certamente os máis famosos,
Dos fillos do deserto vencedores,
Que, cingidos d'arneses fulgurosos,
Emulades do sol os resp[l]andores,
Hasta cuando seredes audaciosos,
E dos mares e terras turbadores?
Hasta cuando oirá o mundo estremecido
Das vosas armas o grande sonido?

* Tinta negra, agás o número. Correccións de Pondal: 7: oira > oirá - 8: bosas > vosas.
2: *r.* Ouh dos fillos d'Agar debeladores! / *add. r.* De tantísimos pobos vencedores, *a.* De tantos pobos grandes vencedores - 3: *r.* Que de bruñido ferro esplendorosos, *A. r.* Que cingidos de ferro radiosos.

4: respandores.

2. A redacción alternativa mecanografada deste verso foi riscada polo poeta.
4. A corrección do lapso de escrita só nos pode levar a *resplandores*, sen rotatización. *Vid.* nota a 20.4.
5. *Audacioso* mostra o gosto pondaliano polas formacións adxectivais con *-oso*, na liña de *fulguroso*, no v. 3 (*vid.* nota a 50.5).
Neste verso, como no v. 7 rexístrase a prep. *hasta*, forma única n'*Os Eoas* (tamén en 210.5), que se documenta unha única vez na lírica (*vid.* PM 113.23), fronte á xeral *(h)astra*.

11.3/87

»Oh! Cuan diverso ese corpóreo encerro
Da humana Natureza demostrades!
A donde ides con ese gran desterro,
Que con tanta ousadía procurades?
De que lei, de que risco, de que ferro
Vós sodes, pois que tanto, tanto ousades?
Oh nova e fera criazón d'Hircania,
A donde vos conduce tanta insania?

* Tinta negra agás o número.
7-8: *r.* Oh raza, non degentes, mas d'Hircánia, / Onde vos leva uha tan grande insania? - 8: *a.* A onde vos leva unha tan grande [*a.* tamaña] insania?

3: Adonde - 7: criazon.

1. N'*Os Eoas* non se rexistra a forma exclamativa *cân*. *Cfr.* nota a 15.3, 17.7, 20.3. *Vid.* nota a PM 82.1.
5. *Cfr.* PM 81.21-24.
7. A presenza de *-zón* na lingua pondaliana continúa a ser levemente inferior á solución *-ción: criazón* (87.7), *nazón* (278.6), *redenzón* (219.5 e 224.2), *tribulazón* (128.4) e *vegetazón* (271.7), ademais de *turbazón* no título da sección 12ª, fronte a *ambición* (85.6), *condición* (85.8, 243.2), *decepción* (162.5), *inspiración* (14.7), *resolución* (34.2) e *rotación* (99.5, 171.1). De todos os xeitos, considerando todos os materiais eoicos finais conxuntamente, aínda se documentan outras formas co resultado tradicional: *abnegazón, adorazón, contenzón, devozón, inspirazón, interrogazón, mandazón, navegazón, recordazón, revelazón, vacilazón.*
Hircania: rexión de Asia.
8. Nótese o latinismo *insania* 'demencia, loucura' (<INSANIAM), tamén presente n'*Os Lusíadas* (VI.19, VI.89, VIII.61).

11.4/88

»Tornade aos vosos eidos con presteza,
Tornade ao voso patrio, doce aprisco,
S'é que non sodes vós da natureza
Do despiadado ferro e duro risco,
E temedes dos mares a longueza,
Duros ventos e férvido corisco;
Se non temés perder os fillos caros,
E os fados non temés, duros e avaros.

* Tinta negra agás o número. Correccións apógrafas: 2: boso > voso - 8: abaros > avaros. Corrección de Pondal: 1: a os bosos > aos vosos.

3: S'he...bos - 7: temes - 8: temes.

5. Sobre *longueza*, *vid.* nota a 265.5.
7. Como é norma na lingua pondaliana, a solución conservadora convive co resultado innovador na desinencia de P5 dos diversos tempos verbais (*tornade*, vv. 1-2; *temedes*, v. 5, vs. *temés*, v. 7), segundo as necesidades de contaxe métrica. *Vid.* nota a QP 21.16. *Cfr.* nota a 71.1.

11.5/89

»Vejo dun bando, generoso e forte,
O éxodo gloriosísimo e fervente;
Vejo cambiar do Oceano a fatal sorte,
E descubrir un novo continente;
E se librar da lei d'escura morte,
Por grande esforzo, un pobo alto e potente;
E saír do[s] seus liños audaciosos
Novos pobos ilustres e famosos.

* Tinta negra agás o número. Corrección apógrafa: 2: exsódo > éxodo.

1: Vexo d'un - 3: Vexo - 7: do.

11.6/90

»Ai! Que ja vejo nos días futuros
Uns grandiosos trofeos esparcidos;
Vejo uns destinos, ásperos e duros,
Ir[r]emisiblemente ser cumpridos;
Vejo uns leños, undívagos e impuros,
En arenosas syrtes ser rompidos;
E destruído un poderoso imperio
Con estrépito grande, e vituperio...».

* Tinta negra agás o número. Corrección apógrafa: 8: gra[n]de.
7-8: *a*. E vexo un grande e celebrado imperio / Caér con grande méngua e vituperio...

1: vexo - 3: Vexo - 4: Iremisiblemente...cunpridos - 5: Vexo - 8: vitumperio.

5. *Undívago* 'que vaga polas ondas', do lat. UNDIUAGUM 'que camiña sobre as ondas, que navega', constitúe un latinismo xa utilizado n'*Os Lusíadas* (VIII.67), alén da súa presenza en 277,10d e 280,12d. Mais tamén aparece con acentuación paroxítona en redaccións anteriores d'*Os Eoas*, tanto en versións manuscritas (*Ja cre abrazar, intrépido undívago, / A namorada súa o ardente mozo*, vv. 5-6), como nas probas de imprenta conservadas: *Non queren soportar os undívagos / Os pungentes abrazos da partida*, vv. 1-2.
6. Nótese o cultismo *arenosas*, fronte a *areosas* no mesmo sintagma en 84.5.

11.7/91

Dixo aquel duro, e cunha voz amara
Taes ditos dixo; e fórase apartando...,
E grandioso e terrible s'alongara,
Mil esquivos augurios anunciando;
E grande espanto tras de si deixara,
D'España os duros fados murmurando,
[E] futuros, que aos fortes navegantes,
Por ser escuros, foran máis punzantes.

* Tinta azul.

1: c'unha.

* A redacción autógrafa 3d corresponde exactamente á versión mecanografada desta oitava.
1. *Cfr.* o cultismo *amaro*, do lat. AMARUM 'amargo, acre; difícil', tamén presente n'*Os Lusíadas* (II.28, IV.57, IV.90 etc.).
2. Como noutros casos, máis unha vez a métrica explica a aparición da forma plural *taes*, fronte á xeral *tales* (139.5). *Vid.* nota a 23.3.
3. Sobre *-ble* en *terrible* (tamén en 92.3 e 185.6), *vid.* nota a QP 83.5. *Cfr.* nota a 95.1 e 30.5.
Alongar presenta o significado etimolóxico de 'afastar'. *Vid.* nota a 31.3.
7. A introdución da conxunción no inicio do verso vén esixida polo ritmo acentual e avalada pola redacción manuscrita da oitava.
8. *Escuros* ('enigmáticos') cualifica a *fados* (v. 6.).

S[ección] 12ª

Turbazón e Inquietude

12.1/92

Non pouco de temenza certamente,
Non pouco de dudanza había deixado
Do terrible fantasma o verbo ingente
Do boo Colombo no ánimo esforzado;
Non menos da súa ruda e forte gente
Fora o ánimo ardido conturbado,
Que retornar os fados n'os deixaban,
Posto qu'uns grans destinos os chamaban.

* Tinta negra agás o número.
0: Turbazon [*r.* Tribulazon] e Inquietude - 5: súa ruda e] *r.* española - 8: chamaban] *a.* levaban.

4: Colonbo - 8: q'uns.

3. Sobre *-ble* en *terrible*, *vid.* nota a 91.3.
8. Para a anómala forma *grans*, *vid.* nota a 7.2.

12.2/93

Mas contra todo arrisco, boos e ardidos,
As arriscadas proas enfiaran
Para as partes dos mundos non sabidos,
Qu'os corazóns ousados ensoñaran;
A donde nunca peitos destemidos
Nin leños espalmados arribaran,
Onde Febo buscando seus abrazos
Costuma descansar nos thetios brazos.

* Tinta negra agás o número.

2: enfiaran - 4: Q'os - 5: Adonde.

7. *Febo:* deus do Sol e xefe das Musas.
8. Os *thetios brazos*, isto é, o mar (de Thetis, deusa do mar), onde o sol (*Febo*, v. 7) se afunde cando o solpor.

12.3/94

Da Visión desdeñando os duros fados,
Soportando da gloria a vía angusta,
Rompendo aqueles mares ignorados,
Qu'aos peitos españoles tanto custa...,
Pón a mente nos ceos sublimados,
E a voluntá grandísima e robusta,
Qu'en todo gran traballo ilustre e rudo
Tan solo Fe, tan solo Dios é escudo.

* Tinta azul. Corrección dactilografada: 8: Fel *r.* Dios.

4: Q'aos - 5: Pôn - 7: Q'en - 8: he.

* Consérvase a base manuscrita autógrafa (3c) desta oitava, que a versión mecanografada alterou levemente no v. 8.

5. Sobre a forma verbal *pón*, *vid.* nota a 45.1.

8. Habitualmente, salvo no caso de apóstrofes e mais en 227.5, *fe* aparece escrito con minúscula. *Vid.* nota a 20.7.

12.4/95

Non o horrible sembrante de Medusa,
Non a gran tea da infernal Megera;
Non o feo deserto d'Ampelusa,
Non a Gorgona ou hórrida Quimera;
Non o fogo do irmán de Lampetusa
Tan insigne valor deter pudera;
E s'Scyla e Carybdis o intentaran,
Tanta forza deter non alcanzaran.

* Tinta negra agás o número. Corrección de Pondal: 6: de ter > deter.
4: ou] *r.* e, *a.* ou - 5: o fogo] *r.* a treboa - 7-8: *r.* Que se Scyla e Caribdis s'opuxeran, / Deter seu curso ousado non puderan, *a.* Que se deter seu curso intentáran, / Tanta forza deter non alcanzáran.

1: senbrante - 3: Anpelusa - 5: hirmán.

1. Sobre *-ble* en *horrible* (tamén en 125.8 e 175.6), *vid.* nota a QP 83.5. *Cfr.* nota a 91.3 e 30.5.
Medusa: filla de Farco, unha das Gorgonas, a quen Minerva disputou o premio de beleza e fixo que os seus cabelos se transformasen en serpes. Neptuno abusara dela no templo de Minerva. Perseo cortou a cabeza de medusa, de cuxo sangue naceu Pegaso, que, cunha patada, fixo brotar a fonte de Hipocrene (*vid.* nota a 10.2).
2. *Megera:* unha das Erinias ou Furias, deusas infernais da vinganza. Con cabezas toucadas de cobras, perseguían os criminosos.
3. *Ampelusa: vid.* nota a 26.6.
4. *Quimera:* monstro formado de partes de león, dragón e cabra. Foi morto por Belorofonte, montado sobre o Pegaso.
Gorgona: vid. nota a 73.6.
5. O *irmán de Lampetusa* é Faetón ou Faetonte, fillo do Sol ou Apolo e mais de Climene.
7. *Carybdis:* filla de Neptuno e da Terra que foi fulminada por Xúpiter por lle ter roubado os bois a Hércules. Despois foi convertida en abismo, supostamente nun lugar próximo de Sicilia, onde as ondas brúan con ruído impresionante. En fronte existe na costa de Italia o rochedo de Scyla, a pouca distancia, habendo o risco de, ao fuxir do abismo de Caribdis, ir despedazarse nese rochedo. *Cfr. Os Lusíadas* II.45, VI.82.

Scyla: filla de Forco a quen Circe, nun acceso de ciúmes, transformou en monstro mariño, ou, segundo outros, en rochedo monstruoso: desde entón converteuse no terror dos mariñeiros que pasan polo estreito de Mesina, en fronte do abismo de Caribdis. *Cfr. Os Lusíadas* II.45, III.32, IV.6, VI.24, VI.82.[14]

[14] Resulta curioso que na poesía de Curros se ache tamén unha alusión a Escila e Caribdis, na composición «Nun abaníco», vv. 5-8: «El, por entre as Scilas / e Caribdis que enchían os Océanos, / sacaba sempre a porto / as naos dos argonautas inpertéritos» (*cfr.* E. LÓPEZ VARELA, *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*. Estudio, edición, notas e apéndices, Deputación da Coruña, 1998, vol. I, pp. 964-965).

12.5/96

Levando á esquerda o Trópico candente,
O cual non mui distante lle demora,
O misterioso e lóbrego Occidente
Enfiaban c'a proa cortadora;
Mas navegan con eles juntamente
Os ditos da visión aterradora,
Que, seguindo o seu curso peregriño,
Co'eles facendo van o gran camiño.

* Tinta negra agás o número.

4: Enfiaban ca - 8: Co eles.

1. *Trópico:* cada un dos círculos menores, paralelos ao Ecuador, que separan a zona tórrida das zonas temperadas.
2. Como verbo intransitivo, *demorar* presenta o significado etimolóxico de DEMORARI 'ficar, permanecer'.
7. *Peregriño* é forma única condicionada pola rima con *camiño*, fronte ao xeral *peregrino*. *Vid.* nota a PM 3.1.
8. A métrica explica a aparición da crase da prep. *con* coa forma *el(es)* do pron. persoal (tamén en 202.7), como esporadicamente acontece co demostrativo. *Vid.* nota a PM 39.4.

12.6/97

Os Alisios gentís con forte alento
As súas lonas cóncavas enchían;
Os camiños do líquido elemento
As proas escumaban e fendían;
Os fortes o apenado pensamento
Á doce patria con amor envían;
E donde quer qu'as proas van fendendo
Vai o ignoto seus velos recollendo.

* Tinta negra agás o número.

1: alisios jentis - 7: cas.

1. Repomos a maiúscula en *Alisios*, coherente cos usos pondalianos (*vid.* 81.6, 207.1).
7-8. A sintaxe e o sentido destes versos levan consigo a consideración dun erro no copista, que interpretou como prep. a conx. *que* (v. 7) na contracción co artigo.

12.7/98

En debida conserva navegaban,
Según a experta e rígida ordenanza
Do navegar, e cautos conservaban
Navegando prudente delonganza;
E navegar alerta procuraban
Para avistarse sempre en lontananza,
P'ra que de risco en caso d'encontrarse
Mutuamente pudesen ajudarse.

* Tinta negra agás o número.

1: conserba - 6: senpre - 7: Para.

2. A pesar de que no texto d'*Os Eoas* só aparece a forma preposicional *según* (xa rexistrada en QP 79.35 e PI 14.365), nas redaccións manuscritas tamén se documenta a foma galega *segundo* (61,8f; 132,2f; 194,3d).
7. A corrección de *para* en *p'ra* vén esixida pola métrica. Este mesmo lapso do copista vai aparecer en 129.4 e 173.5.

12.8/99

Sempre c'aguda proa ao Occidente,
Posta nos ceos a forte voluntade,
Demandando do sol a ruta ardente,
Cortando a ignota e salsa inmensidade...,
A rotación do ceo constantemente
Vendo van, e con grande magestade
Como as dúas Osas, con radiosa fronte,
Pouco a pouco descenden no horizonte.

* Tinta azul. Oitava mecanografada a dobre espazo.

1. A contracción de *coa* cun nome é un fenómeno esporádico na lingua pondaliana, rexistrándose nesta única ocasión n'*Os Eoas*, xunto con *co'aguillada* (QP 1.3) e *c'antiga* (QP 45.74). *Cfr.* nota a 123.8.
4. O adxectivo *salso* ('salgado'), abondosamente utilizado n'*Os Lusíadas* (I.18, II.2, II.14, III.6 etc.), presenta este único rexistro no texto definitivo do poema, aínda que é moi frecuente en versións previas manuscritas.
7. As *Osas* son a dúas constelacións boreais (do Norte).
Radioso 'que emite raios de luz, esplendoroso' é un cultismo antigo, documentado xa desde o século XIV e utilizado tamén na lírica de Pondal (QP 2.8, 45.77, 64.1, 66.2; PM 55.14 e 34).
8. Este verso achéganos o único rexistro de *descender* (xunto con 169.3), fronte ao xeral *descer*: 51.5, 112.1, 203.6 e 8, 228.7, 242.2. Na lírica aparecen as dúas formas (PI 55.1 vs. PI 10.15).

12.9/100

Durante a noite levan encendidos
Os fúlgidos fanales —que quen leva
Tanta luz sobre os mástiles subidos
A luz dun ideal sublime eleva—
Para anunciar aos reinos estendidos
Do Oceano, e súa grande e escura treba,
Qu'España non somente ao mar profundo
Leva a luz, mas a ignoto e novo mundo.

* Tinta azul. Oitava mecanografada a dobre espazo.

4: d'un..subrime - 5: a os - 6: treva - 7: Q'España.

2. O adxectivo *fúlgido* (156.1, 202.3) constitúe outro latinismo co suf. átono *-ido* (<FULGIDUM), de que Pondal fai unha ampla utilización. *Vid.* nota a PI 5.34. *Cfr.* nota a 50.5.
4. Sen dúbida, as formas *subrime* e *subrimado*, que aparecen no dactiloscrito en 100.4, 126.2, 134.3 e 169.1 (á parte de 1,4b, corrixido polo poeta, e 111,3a), responden a lapsos do copista, en liña con outros erros e intervencións alleas á vontade do poeta. O mantemento da consoante lateral do grupo *-bl-* nesta familia lexical é universal na produción pondaliana, tanto na lírica como na épica. Ademais, na derradeira versión d'*Os Eoas* aparece o mesmo grupo en *blasfemador* (184.1) e *establecer* (187.2), fronte á rotatización presente en *sembranza* e *sembrante*, *tembror* e *nebrina*, para alén dos casos consolidados historicamente, como *branco* e *embranquecer*, *brando*, *nobre*, *obrigar*, *redobrar* e *robre*. *Cfr.* notas a 20.4, 45.3 e 195.2.

12.10/101

Á destra van levando as dúas Osas,
Que marcándolle van o pólo argente;
Levan á esquerda as partes luminosas
Do recurvado Trópico candente;
Sobr'eles as estrellas misteriosas,
O formidabre arcano pola frente;
No peito, a fe que todo afán comparte:
Dios por todo lugar e toda parte.

* Tinta azul. Oitava mecanografada a dobre espazo.

6: po-la fronte.

1. *Osas: vid.* nota a 99.7.
2. A forma *argente*, no canto de *argénteo* (*vid.* 68.4), vén condicionada pola rima con *candente* e *frente*, cunha deformación fonética semellante á que se producen en *come* (42.1). *Cfr.* nota a 42.1.
3-4. *Cfr.* 96.1.
5. Ao contrario do que acontece coa prep. *de* (*vid.* nota a 70.5), é inusual a crase da prep. *sobre* con vocábulo seguinte iniciado por vogal (*vid.* 8.8, 100.3, 108.3, 179.6, 215.4 e 7, 237.6), que só se rexistra neste verso e mais en 199.2. O mesmo acontece coas prep. *ante* (*vid.* nota a 284.6) e *desde* (*vid.* nota a 210.3).
O castelanismo *estrella*, ao contrario do que acontece na lírica (*vid.* nota PI 12.29), é forma única neste poema. *Vid.* nota a 25.2.
6. Nótese o lapso na palabra rimante, face á predominancia do castelanismo *frente*. *Vid.* nota a 12.2.

12.11/102

Mas á hora en qu'o vago navegante
Recorda seus amigos e parentes,
Cando recorda con saudá punzante
A hora en que dixo «Adiós» ás propias gentes...,
A gente iberïana, que constante
Demanda as praias do Ocaso ingente[s]...,
Se conturba, qu'a hora da saudade
Fai do crepusc'lo a vaga escuridad[e].

* Tinta azul. Oitava mecanografada a dobre espazo.

1: ahora en q'o - 6: prayas...ingente - 7: q'a - 8: crepusclo...escuridad.

* *Cfr.* 168 e 190. Existen, ademais, claras concomitancias desta oitava con algunhas pasaxes de PI 14, especialmente cos vv. 316-320.
7-8. O suxeito de *fai é a vaga escuridade*
8. Igual que *espectac'lo* (*vid.* nota a 156.6), *crepuscl'o*, tamén documentado en 168.1, presenta unha síncope vocálica condicionada pola métrica. *Vid.* nota a 16.3.

12.12/103

Cando o sol no Oríente aparecía
Muito s'alborozaba a forte gente,
Qu'o navegar á bella luz do día
Ll'era caro e lle daba esforzo ardente;
Mas cando o sol gigante s'afundía
Nas temerosas sombras do Occidente...,
Na alma a gente qu'a nuite temía
Como ferro fortísimo sentía.

* Tinta azul. Oitava mecanografada a dobre espazo.

3: Q'a - 7: q'a.

3. A sintaxe e o sentido esixe a corrección do orixinal *Q'a* a prol de *Qu'o*, probábel lapso do copista.
7. Como acontece en xeral na lírica, a ausencia de crase da aglutinación *na* co vocábulo seguinte cando comezado por vogal *a-* (*cfr. n'África*, 186.6) indica a pronuncia con hiato, o mesmo que en 169.8. *Cfr.* nota a 123.8.

12.13/104

Mas como en todo empeño generoso
E denodado, con grande triganza,
O pálido temor e pavoroso
Seguindo vai os pasos da esperanza,
E esta tamén do peito dubidoso
Vertendo vai süor en abondanza,
Muito os fortes soportan dubidando,
Juntamente esperando e tribulando.

* Tinta azul. Oitava mecanografada con espazo duplo.
2: denodado] *r.* esforzado.

3: paboroso - 6: suor.

6. *Abondanza* semella continuar o antigo *avondança*, forma utilizada aínda n'*Os Lusíadas* (V.54), xunto coa variante *abundança* (VII.62).
8. Pontal utiliza unicamente a forma *tribular* (<TRIBULARE 'esmagar coa grade; atormentar'), sen *a-* protético. *Vid.* 145.3, 167.2, 170.3, 172.4. *Cfr.* nota a 128.6.

12.14/105

Mas como é lei constante dos mortales
E dunha misteriosa providencia
Qu'a duros males sigan novos males,
Como unha crúa e férrea sentencia...,
Destes que máis sentían as fatales
Dudas da humana e mísera existencia,
As cuais constantemente navegaban
Con eles, o seu peito atanazaban.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 2: providencian > providencia - 6: exsistencia > existencia.

1: he - 2: d'unha - 3: Q'a - 5: D'estes.

7. Para *cuais*, *vid.* nota a 29.1.
8. Nótese o uso da forma *atanazar* (e *atanazado* en 252.1), con asimilación progresiva, documentado xa no portugués do s. XVI.[15]

[15] *Cfr.* J. P. MACHADO, *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, Lisboa, Confluência, 1967, 2ª ed., s.v. *atenazar*.

12.15/106

Mil traballos futuros forja e aumenta
A inquieta e temerosa fantasía:
Quen augura qu'a flota vagorenta
Cortará sempre inacababre vía,
Quen teme fera e súbita tormenta,
Quen enemiga flota vagadía:
Navegan, mas con duro pesimismo
Cada esp'rito atorméntase a si mismo.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 7: con] *r.* un.

3: q'a - 4: Cortara - 8: esprito.

8. *Mismo* aparece condicionado pola rima, mais tamén se rexistra o castelanismo en 134.6 e 171.2, sempre precedido do pron. pers. *si* (*cfr.* a forma correcta *mesmo* en 65.2 e 4, 78.1, 155.7). Na lírica acontece algo semellante (*vid.* nota a PI 14.139).

12.16/107

Quen teme polo gran navegamento
Vencida a flota ser e quebrantada;
Quen teme da vitualla o acabamento,
Quen, mancanza de doce e fresca aguada;
Quen teme d'enemigo bastimento,
Quen, fallenza de porto e d'enseada
En donde poda a flota refugiarse
En caso necesario, e repararse.

* Tinta azul.

1: po-lo - 8: necerario.

4. Na versión definitiva d'*Os Eoas* aparecen algúns galicismos directos que mostran a tendencia pondaliana aos acrecentamentos vocabulares que ultrapasen o dominio da lingua española. Para alén de *mancanza* (*vid.* nota a 2.1 e 50.7) e *mancar* (167.8), rexístranse *incertitude* (192.1), *mirage* (156.5, 157.6) e *solitude* (173.2, 180.3), prohíbeis galicismos directos.
6. *Fallenza* ('falencia') é forma híbrida derivada do castelanismo *fallir* (*cfr.* nota a 38.4), representado por *fallidas* en 279.4. *Vid.* nota a 50.7.

12.17/108

Que con sorpresa grande van notando
A marítima agulla, que tremante
Sobre o punzón de ferro vai roldando,
Qu'agora máis que nunca vacilante
Do pólo boreal vai decrinando
Con tembror, cal quen teme algo cortante;
E mal augurio juzgan, e ventura,
A lei acostumada de natura.

* Tinta azul. O v. 6 está entreliñado a máquina.

4: Q'agora.

2. *Tremante* supón un infinitivo *tremar* que contradí o xeral *tremer* (35.5, 80.5, 84.8). Mais no v. 6 aparece o castelanismo directo, rotatizado, *tembror*. *Vid.* nota a PI 3.40.

12.18/109

Cal das Harpías os bandos vagorentos,
Que pola casa de Phyneo entraran,
E os regios e lautos mantimentos
En inmundo tropel arrebataran...,
Tal daqueles os maos presentimentos
Os fortísimos peitos conturbaran,
E dudas e temores, navegando
Con eles, van seus ánimos turbando.

* Tinta azul.

2: po-la...phyneo - 5: d'aqueles.

* *Cfr.* PA 18.
1. *Harpías: vid.* nota a 64.6.
2. *Phyneo: vid.* nota a PA 18.2.
3. *Lauto* é un latinismo procedente de LAUTUM 'suntuoso, magnificente'.
5. Nótese a utilización da forma histórica *maos* (<MALOS), tamén presente na redacción 259,3d, así como en 280,12d-13d.

12.19/110

En tanto o boo Colón a súa triganza
Non mostra do que duda e do que teme,
Qu'oculta o seu temor, e súa dudanza
Dentro do valeroso peito preme:
Quezais suspira, e algún salaio lanza
A soas; e quezais s'acucia, e geme;
E seu 'sprito magnánimo tortura
O augurio da Visión esquiva e dura.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 4: suspiro > salayo - 7: Que > mas.
1: Colón] *r.* Colombo - 2: Non mostra] *r.* Oculta - 7-8: *r.* Que do duro comando a rédea dura, / Manifestar ll'empede a sua tortura - 8: augurio] *a.* veto.

1: Entanto - 3: Q'oculta - 5: salayo - 7: sprito.

5: Na produción pondaliana anterior non se rexistraba *salaio*, que nesta pasaxe aparece por unha corrección apógrafa do inicial *suspiro*.

S[ección] 13ª

O Bardo. Os Acentos

a. A arpa do bardo. Os acentos.

13.1/111

Diosa dos nobres eidos verdejantes
De Breogán, que rápida e fugente
Voar costumas..., filla dos radiantes
Celtas, de bello arnés e refulgente,
Qu'a historia sabes dos dolmens gigantes,
Onde dos nosos dorme a forte gente,
Fai qu'eu diga nos verbos sublimados
Daqueles nosos boos antepasados.

* Tinta azul.
7-8: *a*. Fai q'eu diga n'aqueles sublimados / Verbos, dos nosos boos antepasados.

1: verdexantes - 5: Q'a...jigantes – 7: q'eu - 8: D'aqueles...ante pasados.

* Seleccionamos esta versión por ser a máis representada nas redaccións manuscritas, ao tempo que semella a máis recente pola tinta e por incorporar as correccións do poeta sobre a versión 3a.
2. *Breogán: vid.* nota a QP 1.26.
5. No texto definitivo d'*Os Eoas* só se rexistra o plural *dolmens*, mais as redaccións alternativas mostran a presenza doutras formas que xa se documentaban na lírica (*vid.* nota a PM 30.1): *dólmenes* (111,3a), *dolmes* (111,11c, 13c, 14c, 17d).

13.2/112

Van os anos descendo, e vai descendo
Co[n] eles o solaz alegre e brando;
Os cabelos do bardo embranquecendo
Van, un adiós ás alegrías dando;
O gusto do vivir que vai perdendo
Vai os seus días solo acompañando:
Daquelas juveniles esperanzas
Tan só quedaran tristes memoranzas.

* Tinta negra agás o número.
1: vai] *r.* van - 2: solaz alegre e brando] *r.* sosego e gozo brando.

2: Co eles - 5: vay - 6: Vay os seos - 7: D'aquelas.

* Esta oitava presenta o mesmo desenvolvemento temático que aparece en PI 9.1-8.
2. A corrección textual vén indicada pola necesidade de evitar o encontro vocálico en *co'eles*, que faría hipométrico o verso (*vid.* nota a 96.8).
Por outra parte, neste poema épico Pondal utiliza a forma *solaz* (tamén en 263,2d), no canto do xeral *zolás* da lírica (*vid.* nota a PM 81.17).
3. O proceso de embranquecemento dos cabelos do bardo polo paso do tempo é un motivo repetido na lírica pondaliana. *Vid.* QP 56.9-10, 61.10-11; PM 7.3-4.

13.3/113

Trouguera Abril as súas tempranas flores,
Bellas e delicadas e molentes,
Cheas de luz e magníficos colores
E de promesas férvidas e ardentes;
Veu o estío dispois cos seus ardores,
E murchou súa pompa verdecente;
Veu o inverno, e seus tallos gornecidos
Secos quedaran, e descoloridos.

* Tinta azul.

5: seos - 6: ponpa.

1. Nótese o castelanismo *tempranas*, coa mesma utilización que en PA 16.2. *Vid.* nota a 25.2.
Flores, tamén en 114.2 e 3 e mais 149.3, mostra conservación de *fl-*, a diferenza da lírica, en que predomina a forma rotatizada (*cfr.* nota a PM 56.4). *Vid.* nota a 45.3.
7. O castelanismo *tallo* é tamén forma única na lírica (QP 41.79; PA 16.1).

13.4/114

Pasou a doce e leda juventude,
Pasou da juventude a flor e o verde;
As flores do Amor que nos ilude
Pasano, e seu verdor que se deperde:
Vejo vir desengaño e senectude,
Que todo gusto e todo encanto perde;
Do bardo as alegrías desertaran,
Os duros desengaños lle quedaran.

* Tinta azul.

5: Vexo.

3. O cultismo *iludir* 'causar ilusión, enganar', do lat. ILLUDERE, tamén presente n'*Os Lusíadas* (VIII.99), ten unha ampla utilización n'*Os Eoas*: 161.6, 162.4, 163.8, 164.3 e 8. *Cfr.* nota a PM 70.6.
4. O verbo *deperder* é un arcaísmo equivalente a 'perder, arruinar' (xa documentado nunha redacción alternativa de PM 101).

13.5/115

As doces alegrías s'ausentaron,
Pasano os bellos días, pasano os anos;
Os ardentes ensoños se pasaron,
Só quedaran os duros desenganos;
As doces esperanzas me deixaron,
As añoranzas foran meus tiranos:
É mister o partir, cousa é debida
Á natureza. É próxima a partida.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 1: s'ausentar[o]n - 5: deixar[o]n. Corrección de Pondal: 8: e > hé.

5: espenranzas - 7: He...he - 8: hé.

4. Os castelanismos *(des)engaño* e *engañar* son xerais na obra pondaliana, rexistrándose neste verso a forma correcta pola necesidade de rima con *anos* e *tiranos*.
7. Sobre *mister*, *vid.* nota a 52.5.

13.6/116

Os pasos sin destino, os vagorosos
Soños sobre das canles montesías;
As proezas dos celtas animosos,
Nobres recordos dos antigos días;
O dolmen, o lüar, os rumorosos
Pinos, e súas rudas harmonías:
Todo recorda ao bardo as recordanzas
Da súa infancia, e doces esperanzas.

* Tinta azul.

5: luar - 6: armonías.

* *Cfr.* PI 29.

13.7/117

Do bardo o corazón cual verdejante
Val é, cando tormenta non o acaba;
Mas dispois que sufrío é somellante
Aos penedos hórridos que Traba
E Pasarela cercan, qu'o pasante,
Cual feos restos de fervente lava,
Admira, e que embozados en nebrina
Mostran súa grandísima ruína.

* Tinta azul.
4: Aos penedos hórridos] *r.* Aos penedos áridos.

1: verdexante - 2: nono - 5: q'o.

4. A diferenza do que acontece na primeira época pondaliana (*vid.* nota a QP 2.37), a aglutinación *ao* conta en xeral como unha única sílaba métrica, agás neste verso e mais en 198.7.
Traba: vid. nota a QP 12.42.
5. *Pasarela: vid.* nota a QP 15.1.

13.8/118

Mas ti, oh Diosa, os boos, nobres acentos
Me dá de Breogán, qu'o curso ousado
Poda cantar, e uns ecos roburentos
M'inspira, para que no delongado
Tempo sea daqueles vagorentos
O feito aos altos ceos levantado.
Qu'os pobos digan: «Certo os verbos rudos
De Breogán son fortes e barudos».

* Tinta azul.

2: q'o - 5: d'aqueles - 7: Q'os.

* A versión mecanografada escolleita non presenta dúbidas de redacción. 2-4. *Dá* e *inspira* son formas imperativas, como acontece con *inspira* en 4.6, nunha oitava de contido semellante.

13.9/119

E ti unha voz concédeme animosa,
Qu'os máis retuzos peitos move e anima;
Fai qu'a voz do teu bardo generosa
En todo nobre ánimo s'imprima;
Fai qu'eu erga con tuba sonorosa
O feito, digno da meonia rima,
Daqueles esforzados que, cruzando
Os mares, fono a patria dilatando.

* Tinta azul.

2: Q'os - 3: q'a...generoso - 4: s'inprima - 5: q'eu - 7: D'aqueles.

* A versión dactilografada alterou nalgún detalle menor a redacción manuscrita autógrafa (9c) desta oitava.
2. O adxectivo *retuzo* (que tamén se documenta en PI 56.5) é un probábel derivado de RETUSUM, part. de RETUNDERE ('esbicar; rebaixar, humillar'), co sentido, pois, de 'brando, mol' (*vid.* PI 56.5).
5. *Tuba* ('trompeta'), tamén en 120.7, é un cultismo frecuente n'*Os Lusíadas* (I.5, III.48, III.77, VI.63, IX.45).
6. Sobre a *meonia rima vid.* nota a 10.7.

[13.10/120]

Non me des un acento melodioso,
Non un acento saüdoso e brando
Qu'o peito torna mol e saüdoso,
O ánimo a feitos brandos incrinando;
Mas un acento, forte e sonoroso,
Que vai da morte os feitos libertando,
Cal de tuba qu'os aires vai rompendo
E as cores do sembrante vai tollendo.

* Oitava manuscrita.
8: tollendo] *a*. barrendo - 7-8: *f*. E n<N>on de lira molida e cornuta [*A*. gentil e ben cornuta] / Mas de tuba q'a cor do rostro inmuta [*a*. q'as cores barre e inmuta] / Que fai robustos os imbeles peitos / E os move e anima a valerosos feitos.

2: saudoso - 3: Q'o...saudoso - 7: q'os.

* Esta oitava debe ser incorporada, como demostra o feito de que Pondal renumerase a seguinte, e derradeira, desta sección. *Cfr.* 56.

13.11/121

E como a prole férvida, espartana
O boo Tyrtheo a combatir movía,
Así eu mova a boa gente galiciana
A cumprir feitos d'alta valentía,
Mostrándolle da patria iberïana
O grande esforzo e intrépida ousadía,
Para qu'emule con feitos millores
A gloria dos seus ínclitos maiores.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-10- > 11). Corrección dactilografada: 3: (mova). Corrección de Pondal: 8: íncritos mallores > ínclitos mayores.

7: q'emule - 8: mayores.

2. *Tyrtheo: vid.* nota a PM 16.0.
8. O erro do copista, corrixido polo poeta, en *ínclitos maiores* é evidente, á vista tanto da redacción manuscrita como da documentación dos dous vocábulos na lingua pondaliana. *Ínclito* ('egrexio, celebrado, ilustre'), cultismo procedente do lat. INCLITUM e presente n'*Os Lusíadas* (IV.47, IV.50, IV.61 etc.), xa aparecía en QP 81.106; PI 16.14, así como na redacción manuscrita 47,1d.

S[ección] 14ª

O Infinito

r. das Aguas.

14.1/122

Mas aqueles, qu'a tanto s'arriscaban
Da doce patria pola eterna gloria,
E mil duros traballos soportaban
Por deixaren de si longa memoria...,
O repouso cortaban, e esquivaban,
Na ruda luita, tregua dilatoria,
Novas rutas e mares navegando,
D'España a fe e o imperio dilatando.

* Tinta azul. Algunhas correccións nos títulos da oitava están moi apagadas. 0: O Infinito ~~das Aguas~~ [*A.* Esforzo e sufrimento, *B.* Atlántida]. Combate co desconocido. | Tribulazon [*a.* Combate, *l.* Heroicidade] e Incertidume, *a. r.* Luita e o Ignoto | *r.* [*add.* O Gran] Deserto das aguas [*A. r.* Infinito das aguas]. Luita co D<d>esconocido. | Atlántida. Tribulazon e Incertidume - 5: cortaban] *r.* esquivaban, *A. r.* deixaban; e esquivaban] *A.* e esquivaban - 6: dilatoria] *r.* infamatoria - 7-8: *r.* E pra donde os fabonios asovian [*A. r.* E as proas fortísimas enfian] / A proa audaz constantemente enfian [*A. r.* Pr'a donde Fabonio e Cefiro asubían], *a.* E as proas q'ardidas conducían / O verbo hispano, os mares dividian.

1: q'a...s'arriscaran - 2: po-la - 4: deisáren.

1. A rima esixe a corrección da forma dactilografada *arriscaran* a prol de *arriscaban*, en paralelo con *soportaban* e *esquivaban*.

14.2/123

Co misterio luitando do praneta,
A todo a firme voluntá disposta,
P'ra donde a natureza a longa meta
Do almo sol no Ocaso tiña posta,
Con grande esforzo, mas con mente inquieta,
Pr'aquela parte a forte proa encosta,
Confïando na gloria iberïana,
E muito máis n'ajuda soberana.

* Tinta azul.

3: Pra...alonga - 7: Confiando - 8: na ajuda.

* Existe a redacción manuscrita autógrafa (2c) desta oitava, que se corresponde con exactitude co texto mecanografado.
6. O contexto implica que *pr'aquela* encobre unha contracción coa prep. *p'ra* e non coa prep. *por* (*vid.* tamén QP 67.4), como é máis frecuente en Pondal (*vid.* nota a PM 21.12).[16]
7. O acento na sexta sílaba esixe a diérese en *confïando*.
8. De acordo cos hábitos pondalianos e a base autógrafa da oitava, establecemos a crase na secuencia *n'ajuda*, semellante a *n'bora* (168.1 e 5) e *n'África* (186.6). *Vid.* nota a 103.7.

[16] Nas redaccións manuscritas aínda aparecen novos contextos en que se produce crase entre a prep. *por* ou *p'ra* e o vocábulo seguinte: *pr'alcanzar* (53,5d), *pr'arribar* (261,4d; 262,3d), *pr'esforzo* (1,27d; 8,5d), *pr'estender* (1,50f).

14.3/124

Que aqueles boos, da fama levantados
Aos altos ceos, fortísimos baróns,
De peitos belicosos e arriscados
E fortes e indomables corazóns...,
A morrer ou vencer aparellados,
Abordan as incógnitas regións;
Fortes, enfían polo abismo horrendo
O misterio magnífico e estupendo.

* Tinta azul. Corrección de Pondal: 1: [boos].
6: *r.* A todo trance van; e cal leons, *a. r.* Van, cual soen fortisimos (leons) - 7-8: *a. r.* E no olvido os antigos Argonautas / Van deitando [*A. r.* Deitando van], e os futuros grandes nautas.

2: A os - 7: po-lo.

4. Para *-ble* en *indomables*, *vid.* nota a 30.5.
6. O adxectivo *incógnito* é máis un latinismo (<INCOGNITUM) tamén usado n'*Os Lusíadas* (IV.65, IV.101, V.45 etc.).
7-8. Inicialmente, Pondal riscou a versión mecanoscrita, acrecentando a redacción alternativa, despois riscada, e acabou pondo o signo + na versión inicial.
8. Nótese o contido semántico de *estupendo*, que corresponde ao lat. STUPENDUM (de STUPERE) 'que causa estupor; marabilloso', tamén utilizado n'*Os Lusíadas* III.100, V.49, VIII.83, X.33. *Cfr.* nota a 133.5.

14.4/125

Enfían do Ocaso a parte dubidosa
E máis temida cuanto máis escura,
Qu'inspira toda cousa misteriosa
Cuanto menos sabida máis pavura:
Solo a Esfinge do ignoto tenebrosa
Se demostra no Ocaso esquiva e dura
E silenciosa, e esconde o seu sembrante
Horrible á vista cual ferro corta[n]te.

* Tinta azul.

3: Q'inspira - 8: cortate.

5. *Esfinge:* a Esfinxe grega tiña cabeza e seo de muller, corpo de can, garras leoninas, asas de aguia e cauda gornecida cunha aguda lanza. Habitaba sobre un rochedo, preto de Tebas, desde onde propuña aos viandantes un enigma para, se o non descifraban, seren devorados por ela.
Pondal utiliza esta figura, tamén denominada *Esfinge do Ocaso* (141.0, 142.7) e *Esfinge do Occidente* (179.5) como representante do destino misterioso que agardaba aos navegantes (*cfr.* as variacións redaccionais 8,2c-5d).
8. Sobre *-ble* en *horrible, vid.* nota a 95.1.

14.5/126

Vencendo van o fado e esquiva sorte
Qu'anunciara o fantasma sublimado,
De si deitando a común lei da morte,
Erguendo aos ceos o hispano nome ousado,
Que tanto fora dado ao peito forte
Hispano, a grandes cousas destinado,
E nos duros traballos escelente,
Máis que de bronce e ferro rigente.

* Tinta azul.

2: Q'anunciara...subrimado - 4: a os - 5: a o.

2. Para a corrección de *subrimado, vid.* nota a 100.4.
3. Neste verso o acento métrico recae na sétima sílaba (*vid.* nota a 15.2).
7. *Escelente* presenta tratamento popular en *es-* fronte ao xeral *excelente* (170.8, 201.8, 218.5), aínda que a primeira forma tamén aparece na redacción mecanoscrita 7,1a. *Cfr.* nota a 202.2 e 216.5. *Vid.* nota a 3.7.
8. O adx. *rigente* constitúe un latinismo procedente de RIGENTEM 'teso, ríxido, irto, xeado', part. pres. de RIGERE.

14.6/127

Navega o bando forte e generoso,
Ben despregados os audaces liños,
Do sol ponente grande e luminoso
Demandando os i[n]cógnitos camiños;
E vogaba robusto e valeroso
Cuanto distante dos seus patrios niños,
Buscando aquelas partes donde o día
Cumpre a diúrna e delongada vía.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 4: Demandaba > Demandando - 6: dista[n]te - 7: Busca[n]do.

1: vando - 4: igcónitos - 5: bogaba.

3. Talvez se deba interpretar *ponente* (<PONENTEM) como outro latinismo máis, que conta tamén con documentación antiga.[17] *Cfr.* nota a 13.4.

[17] *Vid.* J. P. MACHADO, *op. cit.*, s.v. *poente*.

14.7/128

Van o seu curso audaz acompañando
Pertinaces, cal teñen por costume,
Nuite e día fatídicas voando,
Duda, tribulazón e incertidume;
Voan tamén ceñudos se mostrando,
E os tormenta d'afán e d'acedume,
Temor e Honor, dos feitos boos e ingentes
Dous enemigos, grandes e potentes.

* Tinta azul.

3: fatídicos - 6: tromenta.

3. A concordancia co v. 4 esixe o feminino en *fatídicas*.
6. O ausencia de casos de metátese na familia lexical de *tormenta* leva a considerar un erro mecánico de escrita a forma *tromenta* do mecanoscrito. Por outra parte, como na lírica (*vid.* nota a PM 55.21), as formas con aférese (*tormentan*, 128.6, 197.5; *tormentados*, 152.3) conviven coas formas xerais: *atormentan* (154.8, 156.8). *Cfr.* nota a 104.8.
7. Nótese a personificación de Temor e Honor, que voltará a aparecer en 188.1 e 189.3, respectivamente.

14.8/129

Levando van as proas arriscadas
Das partes en demanda donde o día
Súas áureas mansioes costumadas
Ten, e p'ra donde funga e asobía
O tépido Favonio, nas soñadas
Praias qu'o peito hispano tanto ansía:
Praias qu'os esforzados nunca viran,
Mas no fondo do esp'rito presentiran.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 5: trepido > tepido.

4: para...asovía - 5: Fabonio - 6: Prayas q'o - 7: Prayas q'os - 8: esprito.

3. Para a forma plural *mansioes, vid.* nota a 41.1.
O acento métrico na sexta sílaba esixe considerar unha sinérese en *súas* ou en *áureas. Cfr.* nota a 1.1.
4. O desaxuste métrico indica un erro na secuencia *para donde* en lugar de *p'ra donde*, que resolve a medida do verso (*vid.* nota a 98.7). A posibilidade dunha secuencia *para onde*, con sinalefa, non aparece en ningún caso, mais si *p'ra donde* en 123.3, para alén de 122.7r, 123,1d-2c e 167,3d.
5. *Tépido* (<TEPIDUM 'morno') constitúe outro latinismo máis d'*Os Eoas*.
Favonio: vid. nota a 40.4.

14.9/130

Contempra o sol aquelas fortes lonas,
A luita gloriosa e denodada,
Seguindo audaces súas remotas zonas,
Emulando súa ruta nunca ousada,
E máis qu'as qu'as Harpías e Gorgonas
Venceran, dunha prez máis celebrada;
E admira, boo testigo e gloriöso,
Aquel combate heroico e grandïoso.

* Tinta azul.

5: q'as q'as - 6: d'unha - 8: grandioso.

2. Este verso é complemento directo de *contempra*, en aposición a *aquelas fortes lonas* (v. 1).
5. *Harpías: vid.* nota a 64.6.
Gorgonas: vid. nota a 73.6.

14.10/131

Pouco s'espera na española flota
E muito con razón se desespera,
Que despois de longuísima derrota
Señal de doce terra non tuvera,
Onde cada un consigo cuida e nota
Burlados ser da Esfinge e da Quimera,
E aínda delas juzga a fantasía,
Sentadas no Ocaso nuite e día.

* Tinta azul.

6: esfinge - 7: de-las.

3. Neste verso aparece a única documentación da forma *despois* na versión definitiva d'*Os Eoas* (*vid.* nota a 19.1).
Por outra parte, *derrota* é sinónimo de *derroteiro* (voz utilizada en 13.5, 48.4, 253.3), isto é, 'camiño, rumbo, rota, distancia'.
4. Sobre *señal*, *vid.* nota a 269.6.
6. *Esfinge*: *vid.* nota a 125.5.
Quimera: *vid.* nota a 95.4.

14.11/132

Cruzando van aquela espacïosa,
Nos mares sumergida, cuia augusta
Grandeza ben amostra a prodigiosa
Catástrofe daquela gran venusta:
Ela jaz sepultada e silenciosa
Nas aguas, desde longa edá vetusta,
E de tanta belleza e gloria ingente
Un grande nome queda tan somente!

* Tinta azul.
4: daquela gran venusta] *r.* antiquisima e vetusta - 6-8: *r.* Da oceánica mole fea e onusta [*f.* ¡Tanto pode mudar edá vetusta!]; / Já de pobos ilustres poboada, / Antigamente Atlántida chamada - 7-8: *f.* Nas aguas; e da ruina sublimada, / Solo queda a memoria celebrada.

2: cuya - 4: d'aquela - 8: tansomente.

* Esta oitava fai referencia á Atlántida, explicitada con máis clareza nas redaccións manuscritas previas.
4. *Venusto*, tamén en 245.6 (*luz venusta*), constitúe un latinismo (<VENUSTUM 'moi fermoso, cheo de encanto') tamén presente n'*Os Lusíadas* (V.95).
6. N'*Os Eoas* só se rexistra a forma *agua* (*vid.* tamén en 160.6, 173.2, 180.5, 229.4, 283.8) e *aguada* (107.4), ao contrario do que acontecía coa lírica, onde *auga* é forma única (*vid.* nota a QP 25.21).
6-8. Estes versos reescritos por Pondal aparecen numerados, substituíndo o texto mecanografado, en que ficou sen riscar, por lapso, o v. 6.

14.12/133

Non p'las nuites a un sono doce e brando
A frente incrinan no seu duro leito;
Mas, os fríos agudos soportando,
Opoñen o robusto e forte peito,
Que non s'alcanza un nome memorando
Cun sono brando ou regalado afeito:
Non a gloria s'alcanza en vil moleza,
Mas sufrindo dos mares a long[u]eza.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 2: doro > duro.

1: pl'as - 4: O poñen - 6: C'un - 8: longeza.

5. N'*Os Eoas* son moi frecuentes os adxectivos procedentes dos xerundivos latinos (<-NDUM), constituíndo todos eles latinismos introducidos, en xeral, no portugués do século XVI. Así, para alén do frecuente *memorando* 'digno de memoria, glorioso' (133.5, 165.2, 172.6, 186.5, 201.4, 208.8, 220.3, 242.6, 259.4, 280.3), rexístranse tamén outros como *infando* (263.7, 280.1), *miserando* (145.1, 181.6), *venerando* (280.5), ou *vitando* (201.6). Comparten, aínda, a mesma orixe *estupendo* (*vid.* nota a 124.8) e *horrendo*.

14.13/134

Mas constante o Oceano dividía
Aquel ardido e generoso bando,
Cuia sublime e intrépida ousadía
Irá por sempre a fama celebrando;
E escumando a dudosa e longa vía
E en si mismo e no ceo confiando
Navegan, incrinando a aguda proa
Prá parte onde o Favonio funga e soa.

* Tinta azul.

2: vando - 3: Cuya subrime - 4: Ira - 6: ensimismo...confiando - 8: Pr'a...Fabonio.

1. *Oceano* é C.D. de *dividía*, cuxo suxeito é todo o v. 2.
3. Para a corrección de *subrime*, *vid.* nota a 100.4.
6. Sobre *mismo*, *vid.* nota a 106.8.
8. *Favonio*: *vid.* nota a 40.4.

14.14/135

Vigiando van con férvid'ansiedade
Os mares, e o nocturno firmamento,
Por temor d'improvisa tempestade
Ou golpe d'enemigo bastimento,
Que prudencia lle mostra a veleidade
Da ventura, e do líquido elemento,
Qu'a ruda empresa e mar desconocido
Redobra seu vigor e esforzo ardido.

* Tinta azul.

4: O u - 7: Q'a.

1. As secuencias *férvid'ansiedade*, tamén en 158.3, e *prácid'aura* en 274.2, constitúen os únicos exemplos de crase vocálica por fonética sintáctica nos encontros adxectivo + substantivo.
3. O adxectivo *improviso* 'imprevisto, repentino, súbito' é palabra erudita proveniente do lat. IMPROUISUM.

14.15/136

Durante a escura nuite e a luz do día
Os guardas e vigías se suceden:
Os do cuarto primeiro a gran porfía
Aos de segundo o duro posto ceden;
Estes, cal quen tal gloria lle doía,
O arrisco aos de terceiro lle conceden:
Qu'en vigïar ser queren os primeiros
Todos, mas ningún ser dos derradeiros.

* Tinta azul.

7: Q'envigiar.

2. N'*Os Eoas*, igual que acontece con *cuan*, a familia lexical de *guardar* mantén sempre a vogal labio-velar latina. *Vid.* nota a PM 76.5. *Cfr.* nota a 15.3.

3. O *cuarto* é cada período de catro horas en que está de vixía un mesmo grupo de xente. *Vid.* a oitava 137.

14.16/137

Os de cuarto primeiro comenzaban,
Os ceos e horizontes vigïando;
Os de cuarto segundo os remprazaban,
Os duros fríos nocturnos soportando;
Os de cuarto terceiro os relevaban,
Do seu repouso leve despertando:
Qu'os camiños da gloria, arduos e angustos,
Fan os peitos sofridos e robusto[s].

* Tinta azul.

7: Q'os - 8: robusto.

8. Para *sofridos*, *vid.* nota a 176.1.

14.17/138

Constantemente, á hora vespertina,
Cando soe deixarnos a esperanza,
De rogaren aquela boa e divina
María tén por boa costumanza:
Entonces toda a flota peregrina
S'ajonlla, e rogar soe con constanza,
E a boa plegaria entoa juntamente,
Que di *Salve, Regina!,* en voz fervente.

* Tinta azul.

2: deisarnos - 4: Ten.

* A redacción autógrafa (2d) da oitava é literalmente reflectida na versión dactilografada, agás no v. 6, en que *rogar* substitúe o inicial *orar.*
4. Sobre *tén, vid.* nota a 45.1.
Para *costumanza, vid.* nota a 5.2.
5. *Todo* vai sempre sen artigo con moi poucas excepcións: *toda a flota* (138.5, 190.7), *toda a humanidade* (153.8, 281.8), *toda a gente* (168.7, 254.5) e *tod'a gente* (169.7), *toda a súa virtude* (173.6). *Vid.* nota a PI 14.178.
6. Nótese o uso da forma galega (dialectal) *ajonllar(se),* fronte ao castelanismo *arrodillados,* en 18,1d, e *de rodillas,* utilizada en QP 47.5 e 6.
Sobre *-nza* en *constanza,* con terminación forzada pola rima, *vid.* nota a 50.7.
8. *Salve, Regina* (tamén en 190.8) é o comezo latino da popular oración da autoría de S. Pedro de Mezonzo.

14.18/139

Non vogan os hispanos bastimentos,
Aínda que dispersos, desunidos;
Mas da fe polos fortes atamentos
Eles son fortemente constringidos:
Tales son, fe sublime, teus portentos,
Qu'os objectos dispersos fas unidos;
Tanto podes, oh fe, nos teus empeños,
Qu'a tanto constringiche uns vagos leños!

* Tinta azul.
8: vagos] *a*. breves - 7-8: *r*. Pois que ligaches con lazos ferreños, / E forte voluntade, uns rudos leños!

1: bogan - 3: po-los - 6: Q'os - 8: Q'a...lenos.

6. A grafía de *objectos* contrasta coa forma *objeto* de PI 14.25, mais debe de se ter en conta que n'*Os Lusíadas* (II.7) este vocábulo xa aparece co grupo consonántico latino *-ct-* conservado.
8. En *constringiche*, a medida do verso explica a aparición de *-che* para a P2 do Pretérito. *Vid.* nota a 16.7.

14.19/140

Ti os esp'ritos unes máis distantes
Con atamento inquebrantabre e forte;
Os teus lazos robustos e posantes
Máis forza teñen que contraria sorte;
Teus ligamentos fortes e constantes
Non ceden nin ao ferro nin á morte:
Ti os átomos levas vagorosos,
P'ra cumprir seus destinos misteriosos!

* Tinta azul.

1: espritos - 8: Pra.

* Existe versión manuscrita autógrafa (7c) desta oitava.
3. *Posante* 'vigoroso, poderoso' debe proceder do port. *possante*, de *possar*, forma ant. e pop. formada analoxicamente sobre *posso* (P1 do Presente de Indicativo de *poder*) ou *posse*; é voz que se rexistra en numerosas ocasións n'*Os Lusíadas* (II.112, IV.23, V.66 etc.).

S[ección] 15ª

Inmensidade e Monotonía

15.1/141

Muito traballa e pouco dorme a gente
Da nobre España, e boo sosego brando
Non cuida, mas arrostra o Oceano ingente
Con suor do peito forte navegando,
E dispoñendo o ánimo valente
A todo evento voga s'aprestando,
Buscando a patria honra e fama súa,
Por quen o peito hispano tanto súa.

* Tinta azul.

0: Inmensidade e monotonía. A Esfinge do Ocaso. Alento e desalento.

6: boga.

4. É excepcional o feito de *suor* funcionar como unha única sílaba métrica, sendo este o único caso no poema pondaliano.

15.2/142

Así os ousados, con sublime intento,
Siguindo van da gloria a vía angusta,
Por sustentar o gran arriscamento
Qu'aos boos peitos hispanos tanto custa,
Diante vendo do férvido elemento
A gran pranura, silenciosa e adusta;
Mas muda jaz do fusco Ocaso a Esfinge,
A cual d'escura tréboa o rostro cinge.

* Tinta azul.

4: Q'aos - 8: finge.

2. Esta é a única documentación da forma harmonizada *siguindo* no texto definitivo d'*Os Eoas*, sendo maioritaria a forma histórica *(per)seguindo* (62.1, 96.7, 104.4 etc.). *Vid.* nota a 40.7.
7. *Esfinge: vid.* nota a 125.5.
8. No copista existen algunhas confusións entre /f/ e /θ/, como mostran as correccións de Pondal en 35.6 (*cende* > *fende*) e 246.6 (*fingida* > *cingida*). Neste verso é tamén necesaria a corrección *finge* > *cinge* se temos en conta unha redacción autógrafa en 273,2f: *Q'o Ocaso gardou cal dura Esfinge / Que de lobregas treboas se cinge. Vid.* nota a 199.3.

15.3/143

Cada vez máis dïante da proa ousada
Despregándose vai a vía longa;
Cada vez máis da patria doce e amada,
Cada vez máis s'aparta e se delonga;
E cada vez de terra deseada
O martirio s'alonga e se prolonga,
E ante as proas qu'os mares van cortando,
Novos mares se van desenrolando.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 7: fortes > mares.

1: diante - 7: q'os.

1. O necesario acento métrico na sexta sílaba implica *dïante* (forma xa rexistrada en, por exemplo, 83.2r) e, por tanto, considerar unha sinérese en *proa* (*vid.* nota a 1.1), ao tempo que sinalefa con *ousada*.

15.4/144

Todos dispostos van resoltamente
A vencer ou morrer, que non en vano
Juraran pelear p'la fe fervente
E pola gloria do gran nome hispano;
E non en vano a seu deseo ingente
Dios interpujo o férvido Oceano,
Para que digan: «O genio fecundo,
Hispano descubrío un novo mundo».

* Tinta azul.

3: pl'a - 4: po-la - 6: interpuxo.

15.5/145

Mas como é decreto miserando
Qu'en toda empresa e denodado afeito
O home vaia sempre tribulando
Con gran süor do traballado peito,
E o frío temor vaia calcando
Os pasos da esperanza, e en todo feito
Siga a esta o temor, estes sufrían
A dura lei qu'os ceos nos envían.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 7: sufrílan].

1: hé - 2: Q'en - 3: vaya - 4: suór - 5: vaya - 8: q'os.

1. *Miserando* 'digno de piedade', tamén presente en 181.6, é un cultismo co suf. *-ndo*. *Vid.* nota a 133.5.

15.6/146

Os ollos e os ánimos ousados,
Fitos sempre no incógnito Occidente,
E aínda máis os peitos indomados;
Paralelos vogando á Liña ardente,
Levando a un lado os dous Trïóns gelados,
Levando ao outro o Trópico candente,
Navegan, mas bañando os propios feitos
En ilustre süor dos fortes peitos.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 8: ldlos.

4: bogando - 5: Trions - 6: au - 7: Navegaban - 8: suor.

4. A *Liña ardente* é o Ecuador (tamén en 275.5), sintagma presente n'*Os Lusíadas* (III.71, VI.55, X.141).
5. *Trions*: antigo nome de cada unha das estrelas da Osa Maior e da Osa Menor. *Vid.* nota a 99.7.
6. *Trópico*: *vid.* nota a 96.1.
7. A forma *navegaban* do orixinal, que convertería o verso en hipermétrico, ten de ser un lapso por *navegan*.

15.7/147

Muitas veces en corros ajuntados,
Por s'opoñer á gran monotonía
Do navegar, e mares alongados...,
Mil feitos de gentil caballería
Van contando, e combates desusados
Cos Mouros, e d'intrépida ousadía,
E d'amores e justas por doncellas
Cristianas e d'Agar, puras e bellas.

* Tinta azul.

8: Puras e vellas.

8. *Agar: vid.* nota a 67.8.

15.8/148

Como os mares navegan estendidos,
D'amores non discurren, e branduras,
Que n'é propio de peitos boos e ardidos
O trataren de mólidas dozuras;
Mas de férreos combates nunca oídos,
E d'empresas intrépidas e duras:
Que branduras e amores envilecen
Os peitos, e os esp'ritos enfraquecen.

* Tinta azul. Correccións dactilografadas: 3-4: *r.* Que non deben os peitos boos e ardídos / De branduras tratar e formosuras.

3: n'he - 8: espritos.

* Consérvase a redacción autógrafa (5c) desta oitava, sen variacións verbo da copia dactilografada.

15.9/149

E nada di[ce]n de cousas molentes,
Nin de doces afeitos saudosos;
Nin de mólidas flores e pracentes,
Qu'afeminan os peitos valerosos:
Que onde traballos duros e rigentes
Se soporten, e casos traballosos...,
Só ecos convén qu'os brandos fortalezan,
E os torpes e remisos enardezan.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada (-10- > -9-).
1: *r.* E non direi d'amores e brandezas - 2: *r.* (Nin) d'imbeles [*a.* garridas] e mólidas ternezas - 5: *r.* (Que) donde quer que férreas asperezas - 7: fortalezan] *r.* fortalecen - 8: enardezan] *r.* enardecen - 7-8: *a.* Os remisos [*A.* tímidos] e brandos fagan fortes / E saban desdeñar escuras mortes / E desdeñen morrer d'escuras [*A.* indignas] mortes.

1: din - 4: Q'afeminan - 7: q'os.

1. Aínda que a versión mecanografada riscada e a redacción autógrafa conservada presentan *direi*, estabelecemos *dicen* (*vid.* nota a 188.5) como corrección do orixinal *din*, prolongando o uso da P6 nesta oitava e resolvendo a hipometría do verso.

15.10/150

Coa vista cravada no Occidente,
Os inmensos espacios explorando
Con avarentos ollos..., vai a gente
Denodada, vogando e soporta[n]do;
En vano a inquieta, a traballada mente
S'alonga, leve indicio procurando
De terra, p'la pranura inmensa e vouga,
Que torna desalada, e non acouga.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 5: e > a.

1: crabada - 4: bogando e soportado - 7: pl'a.

7. N'*Os Eoas*, o adxectivo *vougo*, de ampla utilización na lírica (QP 25.7, 33 e 56, 58.6, 63.9 etc.), só se documenta nesta pasaxe.
8. A voz *desalada*, tamén en 179.2, nun contexto semellante (*voluntade anhelante e desalada*), é un castelanismo (do lat. EXHALARE), co sentido de 'vehemente, anhelante, inquieta'. *Vid.* nota a 25.2.

15.11/151

As espaldas volver á ignota vía
Ás veces aconséllalle inco[n]stancia;
Mas os detén intrépida ousadía,
Tesón e honor e férrea constancia;
Vergonza, prez, esforzo e valentía,
O renome e a ibérica arrogancia;
O recordo dos feitos denodados
Dos ilustres e boos antepasados.

* Tinta azul.

2: incostancia.

2. A existencia do grupo consonántico culto en *inconstancia* semella indubitábel á vista de *constancia* no v. 4, ademais de 151.4 (e *constanza* en 50.7 e 138.6), para alén da aparición frecuente de *constante(mente)* ao longo do poema.

15.12/152

Durante a longa ruta traballados,
Agora se mostraban boos e ardidos;
Agora de dudanzas tormentados,
Agora d'esperanzas só nutridos;
Agora d'esperar desesperados,
Agora vencedores e vencidos...:
Van procurando sempre a hispana gloria,
E a súa longuísima memoria.

* Tinta azul.

3. Sobre *tormentados, vid.* nota a 128.6.

15.13/153

Así aqueles ousados van seguindo
Os camiños da gloria arduos e estreitos,
E os mares nunca ousados van abrindo
Con gran süor dos esforzados peitos,
E a voluntá dos ceos van cumprindo
Con esforzo, e os feitos nunca feitos,
E os feitos de España levantando,
E os de toda a humanidade honrando.

* Tinta azul.

4: suor - 5: cumplindo - 8: umanidade.

5. Corriximos a forma *cumplindo* do mecanoscrito, lapso seguro da copia tendo en conta a universalidade da solución rotatizada na familia lexical de *cumprir*, tanto na lírica como n'*Os Eoas*. *Cfr.* nota a 20.4.

15.14/154

Ja lasos de vogar tan longamente,
Juzgan interminabre a longa vía;
E con eles navegan juntamente
O duro nojo e a melancolía,
As fondas inquietudes, o pungente
E torpe tedio, e a gran monotonía
Do longo navegar. E afáns constantes
Atormentan os tristes navegantes.

* Tinta azul.
7-8: *f.* Do longo navegar. E afans punzantes, / Torturan os audaces navegantes.

1: bogar - 2: interminable - 4: noxo.

* A redacción manuscrita autógrafa (1d) da oitava só difire da copia mecanoscrita en detalles insignificantes.
2. Para a corrección de *interminable* tivemos en conta o testemuño da versión autógrafa da oitava e mais o lapso de 155.1. *Vid.* nota a 30.5.

15.15/155

Así aqueles, d'espírito indomabre
Máis que de bronce e ferro, navegando
Soportaban a ruta inacababre,
Novos mares e ceos lle mostrando
Constantemente, aspecto formidabre!,
Por todas partes se desenrolando
Sempre o mesmo horizonte, onde sin fin
É o mar do ceo, o ceo do mar, confín.

* Tinta azul.
1: d'espírito] *r.* de peito, *A. r.* d'ánimo.

1: indomable - 8: He...con fin.

* Existe redacción manuscrita autógrafa (3c) desta oitava.
1. A solución *-bre* en *indomabre* é segura, pola rima con *inacababre* e *formidabre*. *Vid.* nota a 30.5.
7-8. *Cfr.* 36.7-8.

S[ección] 16ª

Falsas Lontananzas

16.1/156

Mas os fúlgidos ceos tropicales,
Que de cores magníficas se tingen,
De mil brillantes formas ideales
Aos ollos dos intrépidos se cingen:
Prodigiosos mirages inmortales
De Natura, qu'espectac'los mil lle fingen;
Mil formas atraientes lle presentan,
Qu'os ánimos ll'incitan e atormentan.

* Tinta azul.
0: Falsas lontananzas.

4: A os - 6: q'espectaclos - 7: atrayentes - 8: Q'os.

2. A utilización de *tingir*, con fricativa palatal, é coherente coa preferencia pondaliana por *cingir*. *Vid.* nota a 12.3.
5. *Mirage*, tamén en 157.6, constitúe un claro galicismo. *Vid.* nota a 107.4.
6. *Espectac'los*, tamén en 161.6 (e xa rexistrado en PM 110.11 e PA 8.6), presenta a mesma síncope vocálica que *crepusc'lo*, condicionada pola medida do verso. *Vid.* nota a 16.3.
7. *Atraientes* forma parte dun grupo de vocábulos que constitúen castelanismos extremos. *Vid.* nota a 25.2.

16.2/157

As brétomas do Ocaso vagorosas,
As nubes, as inmensas lontananzas
Lle fingen maravillas engañosas,
De terras mil garridas somellanzas;
Lle fingen verdes selvas prodigiosas,
Mirages mil; e ledas esperanzas
Constantes os iluden: que cuidamos
Facilmente atopar o que soñamos.

* Tinta azul.

* Seleccionamos a versión numerada, fronte á concorrente, que presenta, ademais, erros na rima.

16.3/158

Por aparente signo de verdade
Ás veces as cortantes proas giran,
E por temp'rar súa férvid'ansiedade
Do falso indicio na demanda tiran;
Desengañados da gran falsedade
Rapidamente as fortes lonas viran;
E o seu error de ruta corregían,
E o rumbo do Ocaso repoñían.

* Tinta azul.

3: temprar.

3. *Temp'rar* presenta a mesma síncope vocálica que *esp'rimentar* (*vid.* nota a 16.3) ou *Vesp'ro* (*vid.* nota a 190.1), documentándose con certa frecuencia nas redaccións do poema, con vacilación entre a forma sincopada (*temprados*, 277,2d; *cfr.* tamén *tempranza*, 232,2d) e a forma plena (*temperado*, 12,1d, 242,2d).

16.4/159

A cada paso mundos misteriosos
Os incendios do Ocaso lle mostraban;
Novos mundos gentís, maravillosos,
Con qu'os ousados ánimos soñaban,
Novas terras e mundos prodigiosos
Fingindo, qu'os esp'ritos inflamaban,
Mas qu'en cuanto ll'as proas dirigían
Diante das proas se desvanecían.

* Tinta azul.

4: q'os - 6: q'os espritos - 7: q'encuanto llas.

7. Sobre a interpolación pronominal, *vid.* nota a 42.7.

16.5/160

Quezais algún, das terras figuradas
Juzga distante estar breve longura,
E ja parez das terras alongadas
Gozar das frescas frondas e verdura,
E sentir súas brisas regaladas
E das correntes aguas a frescura;
Mas pronto realidade o desengaña,
Que muito o noso corazón s'engaña.

* Tinta azul.

16.6/161

Constantemente os fortes engañados,
Constantemente ilusos os sentidos;
De novas lontananzas defraudados,
De novo desengaño escarnecidos,
Novas terras señalan admirados,
De novos espectac'los iludidos:
Así as visións da gra[n]de lexanía
Rescaldaban a súa fantasía.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 3: defrau[d]lados - 4: escarnecido[s].

4: novo o - 6: espectáculos - 7: grade.

4. A supresión do artigo de *desengaño* vén condicionada polo necesario paralelismo co v. 3.
5. Para *señalar*, *vid.* nota a 269.6.
6. A forma plena *espectáculos*, do orixinal, converte en hipermétrico o verso, sendo necesaria a presenza da síncope, xa rexistrada neste mesmo vocábulo en 156.6.
8. *Rescaldar* é verbo derivado de *rescaldo*, co sentido de 'queimar, inflamar'.

16.7/162

Non poucas veces ja «Terra!» gritaran,
De súbita alegría alborozados;
E outras tantas se desengañaran,
Crüamente iludidos e engañados;
E decepción cortante soportaran
Nos ánimos, de nojo congelados;
E d'ira e de vergonza suspiraran,
E novamente o curso repararan.

* Tinta azul.

4: Cruamente - 6: noxo.

7-8. Resulta sorprendente a repetición da rima *-aran* nestes versos despois de ter aparecido nos vv. 1, 3 e 6. *Cfr.* nota a 188.1.

16.8/163

Ti, radiante Ilusión!, e misteriosa,
Ti nos soes turbar, ti nos engañas
Constantemente, e mágica e radiosa
Da túa luz e teu fulgor nos bañas,
E como unha visión maravillosa
Pola ruta vital nos acompañas,
E enemiga de heroïcas virtudes
Con vanas esperanzas nos iludes.

* Tinta azul.

4: furgor - 6: Po-la - 7: heroicas.

7. Para a diérese de *heroïcas*, que evita a hipometría do verso, *vid.* nota a 44.2.

16.9/164

Así, dos falacísimos sentidos
E de tantos engaños engañados,
De tantas lontananzas iludidos,
De tantas esperanzas defraudados,
De vergonza vencidos e corridos,
Do[s] seus propios errores soportados,
Tornan, e a gente forte ja creía
Qu'algún genio fatal os iludía.

* Tinta azul.

6: Do - 8: Q'algun.

7. As necesidades métricas explican a aparición de *creer*, fronte ao xeral *crer*. *Vid.* nota a PM 121.17.

16.10/165

Ás veces, por da gran monotonía
Se sustraer, no curso memorando,
Recordan a española bizarría,
Os combates cos Mouros relatando,
E os feitos de gentil caballería
Con robustos aplausos celebrando;
Outras, opón do mar á gravedade
Mil recordos d'alegre saüdade.

* Tinta azul.
2: sustraer] *r.* distraer - 8: *r.* Relatos de ingeniosa hilaridade.

8: saudade.

* Esta oitava, moi semellante a 147, conta cunha base manuscrita autógrafa (2d) en que aparece unha diferente redacción para o v. 8.
7. Sobre a forma plural *opón*, *vid.* nota a 22.6 e 45.1.

16.11/166

Quen s'acorda das nuites de Trïana;
Quen, dos praceres da gentil Sevilla;
Quen, de Toledo regia e soberana;
Quen, dun lugar escuro de Castilla;
Quen, da doce Moguer; quen, da murciana
Terra; quen, de Granada a maravilla;
Quen, de Córdoba ilustre e súa campaña;
Quen, dun outro lugar da nobre España.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 5: Mogluler.

1: Triana - 4: d'un - 8: d'un.

1-7. Nótese que as referencias xeográficas remiten sempre a lugares españois, sen que apareza Galiza por ningures: Triana, Sevilla, Toledo, un lugar escuro de Castilla, Moguer, a murciana terra, Granada, Córdoba.
7. *Campaña*, do lat. CAMPANIAM 'os campos, planicie', é sinónimo de *campo*.

S[ección] 17ª

Dudas e Zozobras

17.1/167

Tal se navega, e as almas generosas
Dos fortes van cuidando e tribulando,
As marítimas rutas espaciosas
Inacababres con razón juzgando;
As férreas voluntades animosas
Pouco a pouco tamén lle van fallando,
E no intento dos boos exploradores
Manca a esperanza, crecen os temores.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 7: {d}os.
0: Dudas e zozobras | Interrogazon da Esfinge {*A*. Interrogazon da Esfinge} | A Esfinge permanece muda {*A*. A Esfinge permanece muda}.

8. Sobre *mancar* (<fr. *manquer* 'faltar'), *vid.* nota a 107.4.

17.2/168

Mas n'hora do crepusc'lo en que se funden
As sombras e do sol os resplandores,
E no espacio s'esfuman e confunden
En un solo color todos colores;
N'hora en que nos esp'ritos se difunden
Os recordos e antigos torcedores,
Toda a gente se turba, e s'estremece
Todo espírito forte, e desfallece.

* Tinta azul.
7: *add. r.* Os fortes se conturban; e pungente.

1: crepúsclo - 5: espritos.

* *Cfr.* 102 e 190.
4. A ausencia de aglutinación *en un* ten raíz métrica, como en 186.5.
6. Nesta pasaxe volve aparecer *torcedor* como substantivo, cun contido semántico de 'angustia, pesar'. *Cfr. [...] cando escutto o teu son, / asalta o meu corazón / meu antigo torcedor, / cal improviso ladrón, / cal nocturno salteador* (PI 14.131-135).

17.3/169

Mas cando o sol sublime e esplendoroso,
O seu disco magnífico aumentado,
Descende no Occidente misterioso,
Simulando un incendio sublimado,
Cal monarca sublime e magestuoso,
Da súa regia pompa rodeado...,
Entonces s'estremece tod'a gente,
E cal férreo punzón na alma sente.

* Tinta azul.

1: subrime - 3: descendo - 6: ponpa.

1. Para a corrección de *subrime*, *vid.* nota a 100.4. *Cfr.*, ademais, *sublimado* no v. 4 e *sublime* no v. 5.
3. É necesaria a corrección de *descendo* a prol de *descende*, forma persoal introducida por *cando* (v. 1). O lapso do copista explícase pola presenza dun xerundio no v. 3 (*simulando*).
7. Tal como acontece na lírica (*vid.* PM 63.11), é certamente esporádica a crase do indef. *todo* co artigo, constituíndo *tod'a* a única documentación existente n'*Os Eoas*. *Cfr.* nota a 138.5.
8. Para o hiato en *na alma*, *vid.* nota a 103.7.

17.4/170

Así duros traballos soportando
Voga o bando español que tanto ousa,
E o peito que navega tribulando
Muito soporta, e pouco repousa,
E o temor vencendo e refreando;
E en facer esto non fai leve cousa,
Que quen muito soporta, ese é valente,
E en todo intento estrenuo e excelente.

* Tinta azul.

2: Boga o vando - 7: he - 8: extrénuo.

8. Posibelmente a grafía <x> en *extrenuo* constitúe lapso de escrita (*cfr.* nota a 6.5) condicionado por *excelente* (*cfr.* nota a 3.7). *Vid.* nota a 15.7.

17.5/171

P'la rotación da terra costumada,
Qu'en si misma se vai sempre volvendo,
D'estrellas multitude sublimada
Lle vai sempre p'la proa aparecendo;
E vendo van e unha e outra miriada,
Que do Ocaso longal se vai erg[u]endo,
E como os seus exércitos levanta,
Qu'o ánimo suspende e a mente espanta.

* Tinta azul.

1: Pl'a - 2: Q'ensimisma - 4: Llevai...pl'a - 6: ergendo - 7: ejércitos - 8: Q'o.

2. Sobre *mismo*, *vid.* nota a 106.8.
5. Para a anticipación da conx. *e*, *vid.* nota a 45.2.
A rima condiciona a acentuación paroxítona do helenismo *miriada* 'en número altísimo, en grande cantidade'.
7. Corriximos o plural *levantan*, imposíbel pola rima con *espanta*, talvez inducido por *exércitos*; mais o suxeito é *miriada* (v. 5).

17.6/172

Constantemente o sol e vaga lúa,
Constantemente admiran navegando
O gran peito español, que tanto súa,
P'la fe e pola patria tribulando,
E como luitan pola honra súa,
E por deixar un nome memorando,
Sufrindo os días férvidos e ardentes,
E as gélidas nuites, e rigentes.

* Tinta azul.

4: Pla...po-la - 5: po-la - 6: deisar.

5. *Luitan* constitúe outro caso de concordancia *ad sensum* con *españois*, pois o suxeito gramatical é *peito español* (v. 3).

17.7/173

O esp'rito que ve desenrolarse
Das aguas a grandiosa solitude,
E non pode abrigarse ou repararse
Contra tanta sublime magnitude...,
P'ra poder da súa forza libertarse
En si recolle toda a súa virtude;
Mas dos fillos do Cide belicosos
Vacilan os intentos animosos.

* Tinta azul.

5: Para.

2. Sobre *solitude* 'soidade' (tamén en 180.3), *vid.* nota a 107.4.
5. A medida hendecasilábica do verso esixe, como noutros casos, a corrección da forma plena de *para* a prol da forma sincopada. *Vid.* nota a 98.7.

17.8/174

Muitas veces os ollos avarentos
O horizonte mudo interrogaban,
Os corazóns con fortes batementos
No misterioso Ocaso se cravaban,
Qu'os destinos escuros e ferrentos
Dos ousados propos'tos ocultaban;
Mas sempre en vano, qu'os ollos vencidos
Son sempre, e de derrota escarnecidos.

* Tinta azul.

5: Q'os - 6: propostos - 7: q'os.

17.9/175

En vano a denodada e forte gente
O gran misterio penetrar procura
Con irrequieto afán... O Occidente
Constantemente a súa faz escura
Lle mostra, como enigma escuro e ingente,
Como horrible Gorgona esquiva e dura,
Como aquela antiquísima e famosa,
No deserto tendida e silenciosa.

* Tinta azul.

6. Sobre *-ble* en *horrible*, *vid.* nota a 95.1.
Gorgona: vid. nota a 73.6.
7-8. Estes versos aluden á Esfinxe (*vid.* nota a 125.5).

17.10/176

Muito a bordo se sofre, e justamente,
Outro tanto se espera e desespera,
E non pouco se teme. A Esfinge ingente
Surge no escuro Ocaso esquiva e fera;
E nada di a gigante: o esp'rito ardente
Agora cede, agora persevera:
Así van, de continuas triganzas
Nutridos, e de tristes esperanzas.

* Tinta azul.

1: abordo - 5: giganti...esprito.

1. Máis do que a unha alternancia vocálica, *sofre* debe corresponder á P3 do Presente de Indicativo de *sofrer*, como mostra o uso –minoritario– de formas correspondentes á segunda conxugación: *sofridos* (137.8), *sofrimento* (206.3), para alén de *sofreran* en 1,21d e 37d. Polo contrario, as formas correspondentes á terceira conxugación son maioritarias, como indica especialmente a forma do infinitivo *sufrir* (57.8, 263.6). *Cfr.* nota a 21.8.
2. Para a ausencia de crase de *se*, *vid.* nota a 11.5.
3. *Esfinge*: *vid.* nota a 125.5.
7. En *continuas*, o mesmo que acontece con *arduos* en 250.3, non existe ditongo do punto de vista métrico. *Vid.* nota a 44.2.

17.11/177

As estrellas gentís e numerosas,
Que nos nocturnos ceos centellean,
Cual miradas de virges pudorosas,
Que parece que dudan e arrecean...,
Ll'interrogan quezais polas dudosas
Terras de que saber tanto desean;
Mas as fulgentes nada lle responden,
E o gran secreto e misterioso esconden.

* Tinta azul.

5: po-las.

5. Neste verso aparece o único caso de lleísmo documentado na produción pondaliana.

17.12/178

Que como aquela misteriosa e alada
Do tempo antigo, formidabre diosa,
Que cando era da gente interrogada
Ambigua se mostraba e dubidosa...,
Tal aquela gigante e sublimada
Do Ocaso se mostra silenciosa
Ás preguntas dos fortes, seu imperio
Envolvendo no velo do misterio.

* Tinta azul.

1-4. Nova alusión á Esfinxe. *Cfr.* 175.7-8.
5-6. A *gigante e sublimada do Ocaso* é a *Esfinge do Occidente* (179.5).

17.13/179

En vano, en vano a voluntade ardente
Interroga, anhelante e desalada,
Aquela parte donde o sol cadente
Acaba súa sólita jornada,
Grande e gloriosa... A Esfinge do Occidente,
Sobre o seu trono férreo sentada,
Nada responde; mas con nebulosa
Faz permanece esquiva e silenciosa.

* Tinta azul.

* Esta oitava presenta un contido moi semellante a 214.
2. Para o significado de *desalada, vid.* nota a 150.8.
4. O adx. *sólito* é un cultismo procedente de SOLITUM 'habitual, usual'.
5. *Esfinge: vid.* nota a 125.5.

17.14/180

Ja lasos de vogar as latitudes
Do Ocaso, e vendo os rumbos seus incertos,
Solitudes a inmensa[s] solitudes
Sucederse, e desertos a desertos
Das aguas..., súas heroïcas virtudes
Decaer senten, vendo os mares certos:
Ja defraudados do que tanto ansiaban
Tornar á doce patria desejaban.

* Tinta azul.

1: bogar - 3: inmensa.

5. Para a diérese de *heroïcas, vid.* nota a 163.7.
8. A partir desta oitava comeza a aparecer a forma correcta *desejar* e *desejo* (*vid.* 207.1, 218.2, 253.6, 257.8, 262.2), agás por necesidades de rima (207.7 e 212.6), fronte aos anteriores *desear* e *deseo* (33.3, 35.7, 143.5, 144.5, 177.6).

17.[15]/181

Mas cando o sol nos mares s'afundía
Consigo as esperanzas se levando,
E o horizonte espléndido encendía
A grande e vasto incendio asomellando,
Cuidando que mañán so tornaría
Para alumbrar seu curso miserando...,
Muito os ánimos fortes s'entregaban
A duro pesimismo, e s'inquietaban.

* Tinta azul. Cuartilla sen numerar.

* Existe unha versión manuscrita autógrafa (3d) desta oitava.
3. O cultismo *espléndido* (<SPLENDIDUM) presenta o significado latino de 'brillante, claro, resplandecente', formando parte dunha familia lexical moi representada n'*Os Eoas*: *esplendente* (218.1, 271.7), *esplender* (245.4), *esplendor* (245.6), *esplendoroso* (74.7, 169.1, 197.6 etc.), e tamén *resplandecer* (199.4, 232.6) e *resplandor* (168.2, 219.4, 221.1).
4. Como acontece noutros casos (*vid.* nota a 2.3), na familia lexical de *somellar* Pondal vacilou historicamente entre as formas básicas (*somellar*, 198.5; *somellante*, 117.3; *somellanza*, 157.4 e 217.3) e as formas con *a*- protético (*asomellar*). *Vid.* nota a QP 14.47.

17.16/182

Ben quigeran torcer o rumbo invito
Da doce patria aos eidos saüdosos,
Ben quigeran romper o qu'está escrito
No gran libro dos fados rigurosos;
Mas a bella Syrena do infinito
Os atrae con cantos misteriosos,
E súa indigna decisión interna
Temen pagar con ignominia eterna.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-15- > 16).
5: bellal *r.* grande - 8: pagarl *r.* perder.

1. quixeran - 2: saudosos - 3: quixeran...q'está.

* A versión autógrafa desta oitava (1d) responde á versión definitiva, agás na adxectivación de *Syrena* no v. 5 (*grande* > *bella*).
5. Neste caso, *Syrena* refírese á *Esfinge* (*cfr.* nota a 125.5).
6. *Atrae* é trisilábico (o mesmo que *trae*, bisilábico, non rexistrado no poema), fronte a *trai* (188.4) e *atrai* (219.7). *Vid.* nota a QP 34.8 e PM 2.6. *Cfr.* nota a 271.1.

S[ección] 18ª

Íntimas Torturas

18.1/183

E ja todos na flota iban cuidando
Qu'a súa ruta nunca fin tería,
E que sempre s'iría desenrolando
Diante das proas interminabre vía,
E sempre navegando, navegando,
Ningún deles á patria tornaría,
E que levados dunha audacia insana
Morrerán de Natura no nirvana.

* Tinta azul.
0: ~~Intimas torturas~~ [*A*. Intima tormenta] | ~~Luita interna~~. Vacilazon. | ¡Salve, Regina!

2: Q'a - 6: d'eles - 7: d'unha.

8. *Cfr. Nirvana* en 85.4, con maiúscula. *Cfr.* nota a 16.5.

18.2/184

E ja con lingua din, blasfemadora,
Da empresa qu'insensatos concebiran,
E maldecindo van da fatal hora
En que da cara Palos se partiran;
E aínda decindo van que mellor fora,
Antes que tal quimera perseguiran,
Que morreran luitando nuite e día
Contra os fillos da esquiva Berbería.

* Tinta azul.

2: q'insensatos.

4. *Palos: vid.* nota a 19.8.
8. *Berbería:* denominación que se aplicaba ao conxunto das terras altas da África do Noroeste, entre o Mediterráneo, as Sirtes, o Atlántico e o Sahara. Comprende os actuais estados de Marrocos, Alxeria e Tunicia.

18.3/185

O ético combate, e glorïoso,
Qu'en siglos oito sustentando habían
Coas gentes d'Agar, de generoso
Estímulo, e potente, lle sirvían;
Mas os reinos do Ocaso misterioso
Terribles pola proa lle surgían,
Contra quen nada poden os brillantes
Escudos, nin as armas rutilantes.

* Tinta azul.

2: Q'en - 6: po-la.

1. Obsérvese a posibilidade de constituír *ético* un erro por *épico*.
4. A forma verbal *sirvían* presenta harmonización vocálica, fenómeno esporádico en formas verbais no poema pondaliano. *Vid.* nota a 40.7 e 142.2. Por outra banda, *sirvían* presenta unha falsa concordancia condicionada polas necesidades rimáticas, pois o suxeito é *combate* (v. 1).
6. Sobre *-ble* en *terrible*, *vid.* nota a 91.3.

18.4/186

«Prouguera a Dios —consigo razoando
Vai ja decindo a fatigada gente—,
Prouguera a Dios que, fortes peleando
D'Agar cos fillos arrezoadamente,
En un combate grande e memorando,
Morréramos aló n'África ardente,
Antes qu'un van fantasma perseguindo,
Que diante as proas de nós vai fugindo».

* Tinta azul.

1: con sigo - 6: Morreramos - 7: q'un.

4. A forma *rezoar* xa se documenta nas *Cantigas de Santa María*, así como na literatura portuguesa clásica.
5. Para a ausencia de aglutinación na secuencia *en un*, *vid.* nota a 168.4.
6. Aínda que en *morréramos* falta o til, na lingua pondaliana é sistemática a acentuación proparoxítona nas P4 e P5 do copretérito, antepretérito e pospretérito verbais.
7. O correcto adxectivo *van* en lugar de *vano* explícase polas necesidades métricas, xa que é xeral o uso do castelanismo na poesía de Pondal.

18.5/187

E un interno combate estrepitoso
Nos fortes peitos s'establece, e tanto
Cual nunca viran Luco belicoso
Nin os famosos Símoïs e Xanto,
Tal qu'o cego de Chíos sonoroso
Non os cantara no seu nobre canto:
Combate do esp'rito de tal sorte,
De tódolos combates o máis forte.

* Tinta azul.

4: Símois e Janto - 5: q'o - 6: No-nos - 7: esprito - 8: todol-os.

3. *Luco:* río de Marrocos que desce dos montes do Rife para desembocar en Larache. Nas súas marxes morreu D. Sebastião na batalla de Alcácer-Quibir (*cfr.* nota a 27.5-6).
4. *Símoïs: vid.* nota a QP 74.5. *Cfr.* nota a 44.2.
Xanto: río de Troia, tamén chamado Escamandro.
5. *Chíos:* Quíos, illa do Exeo, suposto berce de Homero, o «cego de Chíos».
8. O encontro do indef. *todos* co artigo resólvese sempre coa aparición do alomorfo *-lo* do artigo. *Cfr.* nota a 3.7.

18.6/188

O pálido Temor, torpe enemigo
De toda empresa grande e asinalada,
[Qu]e sosego jamais non ten consigo
E trai constantemente a cor mudada,
Lle dice: «Do Oceano enemigo
Fugide, e ruta nunca navegada.
Oh, cuanto mellor fora o lar querido
Que non o Ocaso demandar temido!».

* Tinta azul. O v. 4 aparece entreliñado a máquina.

3: E.

1. *Enemigo* (adx.) volve a aparecer en rima no v. 5 como substantivo. *Cfr.* a rima *súa* (pos. e verbo) en 141.7-8. *Vid.* nota a 162.7-8.
3. A presenza do relativo vén esixida polo contexto.
4. A forma *trai* é monosilábica, fronte a *trae*. *Vid.* nota a 182.6.
5. A métrica explica a forma *dice(n)*, tamén presente en 190.2 e 204.2, ademais de 149.1. *Cfr.* nota a PI 32.9.

18.7/189

Quezais algún retroceder intenta,
Espantado da ignota e longa vía;
Mas, iracundo, Honor se lle presenta,
Qu'aos peitos inspirar soe ousadía,
O cual lle di con voz asp'ra e ferrenta:
«É este voso esforzo e valentía?
Sodes vós prez e nobre orgullo certo
Dos que venceno os Fillos do Deserto?».

* Tinta azul.

4: Q'aos - 5: aspra - 6: He.

8. Os *Fillos do Deserto* son, obviamente, os árabes.

18.8/190

Mas á hora do Vesp'ro misteriosa,
Cuando tódalas cousas dicen «Ave!»,
E toda alma triste e vagorosa
Soi suspirar baixo a súa carga grave;
Cuando o nauta a súa patria saüdosa
Recorda, e toda gente e toda nave...,
Toda a flota iberiana peregrina
O sacro canto entoa «*Salve, Regina!*».

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 4: brabe > grave. Corrección de Pondal: 1: ahora do vespro > a hora do Vespro.

1: Vespro - 2: todal'as - 5: saudosa.

* *Cfr.* 102, 168.
1. A síncope vocálica en *Vesp'ro* (isto é, a estrela da tarde), moi semellante á de *esp'rimentar* (*vid.* nota a 16.3), aparece tamén en 227.6 e 230.3, sempre condicionada pola métrica (*cfr.* a forma *véspero* en 224,2d e 3d, á parte de QP 65.2 e PI 1.21).
2. Sobre *dice(n), vid.* nota a 188.5.
4. O acento métrico recae na sétima sílaba (*vid.* nota a 15.2), salvo se consideramos un acento secundario na prep. *a. Cfr.* 262.8.
Grave 'pesado', como en 270.5, constitúe un latinismo semántico. *Cfr.* nota a PM 26.22.

18.9/191

Invocaban aquela bella e pía
Qu'en Séphoris nacera, e fora criada
En Nazareth escura e montesía,
E fora a grandes cousas destinada,
E á estrella purísima do día
Fora por súa belleza comparada,
E nai fora d'Aquel que tanto amaban,
E p'lo seu verbo tanto navegaban.

* Tinta azul.

2: Q'en - 8: pl'o...vervo.

2. *Séphoris:* antiga cidade de Palestina, capital de Galilea, patria de S. Xoaquín e S. Ana, pais da Virxe María.
3. *Nazareth: vid.* nota a PI 12.3.

18.10/192

A común e pungente incertitude
Tamén do boo Colombo o peito oprime;
Mas conserva dignísima actitude,
Como convén a capitán sublime:
Quezais dos seus afáns a multitude
Quería decir, mas cauto se reprime,
Que sabe que quen manda en toda sorte
Debe mostrar en todo o peito forte.

* Tinta azul.
1: incertitude] *r.* (incerti)dume - 7-8: *f.* El [*r.* Mas] se refréa; e todo mol afeito / Preme no forte e valeroso peito [*a.* dentro do nobre e forte peito].

2: Colonbo.

1. Sobre *incertitude* ('incerteza'), *vid.* nota a 107.4.

18.11/193

Así foran aqueles esforzados
Do Ocaso cortando as longas vías,
De mil duros traballos traballados,
Sufrindo mil internas agonías:
Agora d'esperanzas engañados,
Agora d'aparenzas largacías;
Ora esperando, ora dubidando,
Ora confiando, ora desconfiando.

* Tinta azul.

18.12/194

Así aqueles ardidos navegaban,
Pola fe, pola patria s'arriscando;
E donde quer qu'as proas escumaban
Iban a fe e a patria dilatando,
E co süor ilustre que süaban
Se van da lei da morte libertando:
No soportar os máis esquivos males,
Comparables a dioses inmortales.

* Tinta azul.
7-8: *r.* E por traballos grandes e mortales, / Asomellando a dioses inmortales, *a. r.* E no sufrir os mais esquivos males / Comparables aos dioses inmortales, *f.* ¡Tanto pudo unha forte voluntade, / E o amor da patria e humanidade!

2: Po-la...po-la - 3: q'as - 5: suor...suaban.

* Existe redacción manuscrita autógrafa (4d) desta oitava, posteriormente alterada polo poeta na versión dactilografada.
8. Para *-ble* en *comparables, vid.* nota a 30.5.

S[ección] 19ª

Visión da Patria

19.1/195

Era alta nuite, e ao lóbrego Occidente
Ja as lentas, bellas Pléiades s'inclinan;
E seus pesares a mundana gente,
A qu'os esquivos fados a destinan,
No sono olvida. Na flota somente
Solo repouso e lasitú dominan;
Mas Colombo esforzado non repousa,
Que non repousa aquel que muito ousa.

* Tinta azul.
0: Vision da Patria. | Revelazon de Colon - 2: *r.* Já muito as lentas Pléyades s'inclinan - 5: *r.* (Olvida); e en toda a flota tan somente - 7-8: *f.* Mas Colombo que grandes cousas ousa, / Pouco soe dormir, pouco repousa.

2: Pléyades - 4: q'os.

2. *Inclinar* (tamén en 236.4) mantén o grupo *-cl-* face ao xeral *incrinar, decrinar* e *escramar* (xunto co consolidado *cravar*), únicos casos de rotatización neste grupo, que se mantén normalmente: *(a)clamar, eclipsar, esclarecer, claro (e claridade), ínclito, clima, clemente, claustro. Vid.* nota a 20.4, 45.3, 100.4.
Plëiades: as sete fillas de Pléione e de Atlas, metamorfoseadas en estrelas e colocadas sobre o peito do Touro, un dos signos do Zodíaco, por seu pai pretender ler nos ceos para descubrir os segredos dos deuses.
6. Para a terminación de *lasitú vid.* nota a 48.5.

19.2/196

Qu'o peso do comando riguroso
Perturba do que manda o boo contento;
E insomnio pertinaz, asp'ro e nojoso,
Aumenta do que manda o sufrimento;
E roedor cuidado doloroso
Agita coa duda o seu tormento,
Que non s'alcanza un nome ilustre, e feito,
Sin gran süor do traballado peito.

* Tinta azul.

1: Q'o - 3: aspro e noxoso - 6: co a - 8: suor.

7. A puntuación indica que *feito* é un substantivo paralelo a *nome*.

19.3/197

Porque a vida daqueles denodados,
Qu'a patria lle fiara generosa,
E os longos traballos e cuidados
Da ruta, prolongada e dubidosa,
Muito o tormentan, e dos boos e ousados
Cuida do honor e gloria esplendorosa,
E do forte e do gran proponimento
O éxito, e dubidoso cumprimento.

* Tinta azul.

1: d'aqueles - 2: q'a...fiara.

5. Sobre *tormentan*, *vid.* nota a 128.6.
7. O derivado *proponimento* semella construído sobre a base latina PROPONERE, en lugar de o derivar de *propor* ou *propoñer*.

19.4/198

Cando, en soños, das partes do Orïente
Ve matrona surgir esplendorosa:
Ela é d'aspecto magestuoso e ingente,
E sembranza demostra generosa,
E a luna somella refulgente,
Cuando se mostra plena e nubilosa
No fulgor. Aos pés ten Ampelusa,
A cual da súa gloria está confusa.

* Tinta azul.

3: he - 7: furgor...Anpelusa - 8: esta.

5. Nótese o castelanismo *luna*, fronte á forma correcta *lúa* en 172.1, condicionada pola rima con *súa*. *Vid.* nota a PM 71.3.
6. *Nubiloso* é outro latinismo, procedente de NUBILOSUM 'cuberto de nubes'.
7. Sobre o carácter bisilábico de *aos* neste verso, *vid.* nota a 117.4.
Ampelusa: vid. nota a 26.6.

19.5/199

Como torre sublime e culminante
Sobr'o horizonte lóbrego aparece
Cingida d'armadura rutilante,
Que no vasto Oceano resplandece,
E co brazo, de malla coruscante
Cingido, de que o Mouro s'estremece,
E coa man, qu'o signo sustentaba
De Cristo, o escuro caso lle mostraba.

* Tinta azul.

3: Fingida - 5: courruscante - 6: Fingido - 7: q'o.

3. Para a corrección de *fingida*, tamén no v. 6, *vid.* nota a 142.8. De todos os xeitos, alén do sentido do contexto, rexístranse con frecuencia n'*Os Eoas* os sintagmas, con variacións, *cingido(s) d'armadura* (246.5; 242,3d, 4c e 6d) e *cingidos de malla* (277,2d e 281.2 e 281,4d).
5. A forma *coruscante* é indubitábel (*vid.* 277.7 e 277,9d, ou a var. de 11.7), constituíndo *courruscante* un erro do copista. Este adxectivo ten a súa orixe no lat. CORUSCANTEM, part. de pres. de CORUSCARE. *Cfr.* nota a 81.7.
7. *Signo* é sinónimo de 'estandarte' ou 'símbolo' (*vid.* 200.1), fronte ao uso do vocábulo cun sentido máis xeral de 'sinal, mostra, indicio' (158.1) ou de 'cada unha das divisións do zodíaco' (17.2).

19.6/200

E parez que lle diga: «Neste sino,
—E decindo ll'amostra a cruz de Cristo—,
Por este ja vencera Constantino,
Como dos altos ceos fora provisto;
P'reste, do Mouro bárbaro e cetrino,
E por fe, figen o glorioso aquisto;
Por este, s'é que grande fe vós tedes,
Do ignoto e do Oceano trunfaredes».

* Tinta azul.

1: N'este - 5: Pr'este - 6: fixen - 7: s'he.

1. Máis unha vez, a rima condiciona a lingua: *sino* aparece cun tratamento popularizante que difire do habitual *signo* 'estandarte' (199.7, 226.1 e 5).
3. Constantino o Grande (s. IV) legalizou e oficializou o cristianismo no Imperio Romano.
5. As contraccións da prep. *por* con formas demostrativas ou co indef. *un* (283.2) aparecen sempre por necesidades métricas. *Cfr. por este* no v. 6. *Vid.* nota a 123.6.
6. *Aquisto* 'conquista' é derivado regresivo do ant. *aquistar.*
7. Pondal utiliza *tedes* no canto do habitual *tendes* condicionado pola rima con *trunfaredes. Vid.* nota a PA 4.16.

19.7/201

Ben conoce Colombo a generosa
E ilustre nai d'Alfonsos e Fernandos;
Ben conoce a grandísima e famosa
P'las proezas e feitos memorandos,
Que contuvo d'Arabia belicosa
Os fillos, celebrados e vitandos:
Ela ilumina as sombras ingentes
C'as armas e cos feitos excelentes.

* Tinta azul.

1: Colonbo - 4: Pl'as - 8: Cas.

2. A *nai d'Alfonsos e Fernandos* que *contuvo d'Arabia belicosa / os fillos* (vv. 5-6) é España (*vid.* 202.1), en tempos en que *Alfonso* e *Fernando* foi nome de varios reis.
6. O adx. *vitando* 'que debe ser evitado' é máis un latinismo utilizado por Pondal, acorde co gosto polos derivados cultos do xerundivo latino. *Vid.* nota a 133.5.

19.8/202

Ben conoce Colombo a nobre España
Na escelsa magestade e portamento,
E no fúlgido arnés, que non empaña
A máis pequena noda e nocumento:
Seu pé sumiso Mediterráneo baña,
E o Atlántico grande e turbulento;
Co'el preme d'Ampelusa o colo ingente,
E non lle val o seu deserto ardente.

* Tinta azul.

1: Colonbo - 7: Co el...Anpelusa.

2. *Escelso* é forma única fronte a *excelso* (52.3, 217.8). *Cfr.* notas a 126.7 e 216.5. *Vid.* nota a 3.7.
Portamento (<portar+-mento) é sinónimo de *porte*.
4. *Nocumento* é un derivado nominal de NOCERE 'danar, prexudicar', de NOCUUS 'nocivo'.
5. Este verso é hipermétrico (12 sílabas), mesmo con sinérese en *Mediterráneo*. O *pé sumiso* debe aludir ao promontorio de Xibraltar, entre o Mediterráneo e o Atlántico.

19.9/203

Desperta o boo Colombo, e «Patria amada
—Lle di—, por ti a toda parte iremos;
Por ti, por túa fe santa e celebrada,
Non somente os acuáticos eremos
Cortaremos con proa denodada,
Mas ledos e contentos desceremos,
Por ti, polo teu verbo santo e puro,
Desceremos do Averno ao reino escuro.

* Tinta azul.

1: Colonbo - 7: po-lo.

4. Sobre o cultismo *eremos, vid.* nota a PI 52.12.
8. *Averno:* Inferno.

19.10/204

»Ti es a miña patria. A boa Liguria
Non me dou, como dicen, nacemento;
Fora certo esto, túa e miña injuria,
E grande error e grave nocumento,
Que n'é de Breogán a raza espuria
P'ra non honrar o noso forte intento:
Oh, que dicha, s'a boa Galicia amada
Fora, por ser meu berce, celebrada!

* Tinta azul.

5: n'hé - 6: Pra.

1. *Liguria:* rexión da Italia antiga.
2. Sobre *dice(n), vid.* nota a 188.5.

19.11/205

»Que, cando Aquel que todo ordena e pode
Peregrino me fijo deste mundo,
E cual tomento qu'a súa man sacode
De corte en corte anduven errabundo,
Me dixo: "Ouh boo Colombo, a España acode,
De cabaleiros madre e amor profundo:
Ela t'escolle do eido peregrino
De Breogán. Ti cumpre o teu destino"».

* Tinta azul.

2: fixo d'este - 3: q'a tua - 5: Colonbo.

3. Sobre *tomento, vid.* nota a PI 3.29. Por outra parte, o sentido esixe a presenza do posesivo de 3ª persoa.
4. En liña con *tuv-* para os tempos de Pretérito de *ter* (*vid.* 14.5), a forma *anduven* deste verso e mais *anduveran* en 276.2 mostran unha raíz analóxica castelanizada (*cfr. andivera*, QP 83.7, vs. *anduvera*, QP 68.20).
5. A construción sintáctica dos vv. 1-5 é complexa, xa que *dixo* é o verbo principal de todo o período, introducido polo *que* inicial con *Aquel* (v. 1), isto é, Deus, como suxeito.
6. Como xa acontecía na lírica, *madre* é forma metricamente condicionada, fronte ao xeral *nai* (23,1, 62.8, 191.7, 201.2). *Vid.* nota a PI 55.8.

19.12/206

Dixo Colombo, e, pío e fervorento,
Conforta o forte peito iberïano,
Que comparte con el con sofrimento
Do longo navegar o nojo insano.
E a seu fervoroso mandamento
Máis se desprega e un e outro pano,
De quen tanto se honra a Cristiandade,
E coa Cristiandade a Humanidade.

* Tinta azul.

4: D o...noxo.

3. Para *sofrimento, vid.* nota a 176.1.
6. Para a anticipación da conx. *e vid.* nota a 45.5.

S[ección] 20ª

Coloquio das Lonas

20.1/207

Os Alisios gentís e desejados,
Fillos boos das eoas regións serenas,
Cos seus amigos sopros costumados
Fatigan as ibéricas entenas,
Tal que das súas rutas delongadas
N'as deteran Harpías nin Sirenas;
E mostran ardentísimos deseos,
Como quen cumpre a voluntá dos ceos.

* Tinta azul.
0: Heróica constanza. Colóquio das lonas. | O verbo.

2. Para evitar o acento na sétima sílaba é necesaria a sinérese *e-oas* e manter bisilábico *regións*. *Vid.* nota a 1.1.
6. *Deteran* (tamén en 208.3) é forma analóxica do antepretérito de *deter*, necesaria pola medida hendecasilábica do verso. *Vid. detuvera(n)* en redaccións manuscritas (7,6d e 8d; 8,13e; 79,1d).
Harpías: vid. nota a 64.6.
Sirenas: vid. nota a 64.6.

20.2/208

Quigeran Pedro e Paulo fervorosos
A fe levar ao lóbrego Occidente,
E deteran os pasos temerosos,
Qu'era interposto o Oceano ingente;
Mas as hispanas lonas, nos formosos
Seos, levando van a fe fervente
Con intrépido voxo, compretando
De Pedro e Paulo o intento memorando.

* Tinta azul.

1: Quiseran...Pauro - 4: Q'era - 8: Pauro.

3. Para *deteran*, *vid.* nota a 207.6.
4. *Que* funciona como conxunción causal.
7. Sobre *voxo* 'voo', *vid.* nota a PI 14.389. *Cfr.*, de todos os xeitos, *voo* en 238,1d.

20.3/209

E van decindo as españolas lonas,
Entre si s'animando: «Compañeiras
Gentís, ás longes e apartadas zonas
Do escuro Ocaso ledas mensageiras
Vamos, boas fillas das regións eonas,
Do Favonio ás moranzas derradeiras;
Levemos aos misterios ponentinos
Da nobre España os próvidos destinos.

* Tinta azul.

6: Fabonio - 8: próbidos.

6. *Favonio*: *vid.* nota a 40.4.
8. *Próvido* debe ser un cultismo procedente do lat. PROUIDUM 'que prevé o futuro; prudente', aínda que a grafía orixinal suxire a posibilidade dunha formación lexical sobre *probo*, co suf. átono *-ido* (*cfr.* nota a 35.7).

20.4/210

»Pola fe, pola doce patria amada,
Que tanto fijo pola fe de Cristo,
Iremos desd'a Aurora marchetada
A donde dos profetas fui previsto,
Hasta donde o Favonio súa morada
Ten: o mundo buscamos nunca visto,
Presentido por nós, que pensamento
O ceo nos dou, e boo presentimento.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 8: tal > boo.

1: Po-la...po-la - 2: fixo po-la - 5: Fabonio.

3. A crase da prep. *desde* coa vogal inicial do vocábulo seguinte só se produce neste contexto, fronte a 215.5, 275.7 e 284.7. *Vid.* nota a 101.5 e 284.6.
Sobre *marchetada* ('matizada, esmaltada, colorida') e *marchetar* (246.4), *vid.* nota a PI 54.4.
5. *Favonio: vid.* nota a 40.4.

20.5/211

»A boa fe de Cristo generosa
Nos nosos seos cándidos levemos,
Para qu'a nosa voluntá famosa
Sea, e p'lo grande feito que figemos;
Para qu'en toda edade delongada
Digan de nós, do globo nos estremos:
"Acabaron con férvido ardimento
De Pedro e Paulo o generoso intento"».

* Tinta azul. Cuartilla renumerada a máquina (-6- > -5-).

3: q'a - 4: pl'o...fixemos - 5: q'en - 8: Pauro.

2. Para o contido semántico de *cándidos*, *vid.* nota a 70.3.
5. Mantemos o orixinal *delongada*, a pesar de romper a estrutura rimática da oitava. Nas diversas redaccións d'*Os Eoas* non aparece ningunha alternativa axeitada, xa que os sintagmas *edade presurosa* e *edade poderosa*, documentados noutros contextos, non corresponden ao sentido do verso.

20.6/212

As bellas lonas có[n]cavas facendo
Van os amigos ventos aliseos,
Ao Ocaso levando, escuro e horrendo,
A fe de Cristo nos ferventes seos:
Os mares van en torno encanecendo,
Con tanta forza cumpren seus deseos!,
E o que Pedro e que Paulo non habían
Cumprido, con fe grande elas cumprían.

* Tinta azul. A cuartilla ficou co número -5-, sen renumerar.

1: cócavas - 7: Pauro.

2. O adx. *aliseo* (tamén en nas redaccións 1b, 3d, 4f e 5f desta oitava) é forma concorrente con *alisio* (*vid.* nota a 81.6).

20.7/213

Así de navegar non fatigadas,
Levando o Verbo ás partes ponentinas,
Van todas bellas lonas despregadas,
E cuadras e agudísimas latinas,
Cóncavas polos ventos e encurvadas,
E treos e bonetas peregrinas;
E ante as proas que fortes van cortando
D'España van o imperio dilatando.

* Tinta azul. Oitava renumerada a máquina: -6- > -7-.

5: po-los.

4. As *cuadras* son velas rectangulares, mentres que as velas *latinas* teñen forma triangular (*vid.* v. 6).
6. *Treos*, voz procedente do catalán, é outra denominación das velas latinas (*vid.* v. 4).
As *bonetas* (do fr. *bonnette*) son pequenas velas que se xuntan á grande e descen até o vibordo.

20.8/214

E parece que griten con verdade
Á Esfinge que se senta no seu trono
De ferro, e con tan grande intensidade
Qu'erguera os fríos corpos dos que fono:
«Pobos do ignoto Ocaso! Despertade
Dese voso profundo e letal sono:
Novo Dios, nova fe que profesamos
Nos nosos puros seos vos levamos!».

* Tinta azul.

4: Q'erguera - 6: D'ese.

2. *Esfinge: vid.* nota a 125.5.
2-3. *Cfr.* o *trono / de ferro* co *trono férreo* de 179.6.

S[ección] 21ª

O Vigía de Gavia

21.1/215

Mas Sancho Ruíz, piloto denodado,
Que a vigía nocturna comandaba,
Ao esperto vigía, qu'apostado
Sobre a verga de gavia vigïaba,
Así, desde o combés curvo e espalmado,
Con rouca voz de mando lle gritaba,
Non fose de que sobre a verga prono
Non prudente cedese a torpe sono:

* Tinta azul.
0: O vigía de gávia. Augurios do futuro. | Profecía do grumete.

3: q'apostado - 4: vigiaba - 6: ronca.

4. A *verga*, tamén no v. 7 e mais en 248.1, é o pau que se atravesa no mastro e onde se prende a vela do navío.
5. *Combés*, do cat. *combés*, é o pavimento superior do navío, entre o mastro grande e o de proa.
6. A inexistencia de documentacións do castelanismo *ronco* na lingua pondaliana en xeral (*vid.* QP 34.8, 57.10, 78.47; PI 8.20, 14.382, 26.14; PM 35.2 e 13, 44.29, 58.4 e 18, 67.3, 7 e 11, 87.18, 113.8, 122.2) e n'*Os Eoas* en particular lévanos a considerar esta forma como un lapso do copista. *Vid. rouco* en 64,4e, 111,16d, 119,1d, 3d e 4d, 183,1c-2c, 212,2d, 231,1d e 280,3c.
7. O cultismo *prono* ('dobrado para diante, inclinado'), do lat. PRONUM, xa aparece documentado en QP 6.21 e PM 55.10.
A construción *(non) ser que* seguramente presenta a prep. *de* por motivos métricos.

21.2/216

«Vigía de gavia, alerta! Silencioso
N'estés, quezais dormente, centinela;
Di, q[ue] é o que ves?». E, presuroso:
«Alerta! —di o vigía que alerta vela—.
'Stou esplorando o Ocaso misterioso,
Qu'un non sei que de grande me revela:
E aló en min silencioso vou cuidando,
Os destinos d'España contemprando.

* Tinta azul.

1: Alerta - 2: N'estes - 3: q'he - 4: Alerta - 5: Stou - 6: Q'un.

3. A medida xustifica a restauración da forma plena de *que*, sendo aínda necesario o hiato para o hendecasílabo.
5. *Esplorar* tamén mostra un tratamento popularizante de *ex-*, fronte á forma xeral *explorar* (37.6, 52.4, 150.2 etc.), coherente co mantemento de *-pl-* (*vid.* nota a 20.4). *Cfr.* nota a 126.7 e 202.2. *Vid.* nota a 3.7.

21.3/217

»Oh, que grandes e bellas lontananzas
Eu vejo! —o boo vigía lle responde—.
Que bellas e radiantes somellanzas
De terra, p'ronde o sol oculta e esconde
A frente nas ignotas alonganzas!
Donde s'oculta o claro día, e donde
Resurge a nuite misteriosa e escura,
Oh, cuanta luz eu vejo excelsa e pura!

* Tinta azul.

2: vexo - 4: pr'onde - 8: vexo.

8. *Cfr.* QP 45.141.

21.4/218

»Oh, que terras, que praias esplendentes,
Que ceos aló finge o meu desejo!
Non as vejo cos ollos contingentes,
Mas cos ollos do esp'rito as miro e vejo,
Despregándose terras excelentes;
E grandes cousas ja vejo e prevejo,
E fugir nosa duda matadora,
E cumprirse esperanza [h]alagadora!

* Tinta azul.

1: prayas - 2: desexo - 3: No-nas vexo - 4: esprito...vexo - 6: vexo e prevexo - 8: alagadora.

1. O cultismo *esplendente* 'brillante' (<lat. SPLENDENTEM), tamén en 271.7, forma parte da familia lexical de *esplender*. *Vid.* nota a 181.3 e 245.4.
8. A grafía *alagadora* semella remitir ao adxectivo derivado de *alagar*, mais na obra pondaliana non se documenta esta familia lexical, ao contrario do que acontece co castelanismo *halago* e os seus derivados, rexistrados, entre outras pasaxes, nas probas de imprenta conservadas deste poema épico. Así:

E nas ermas, equóreas alonganzas,
Os halagos cas pátrias relembranzas (vv. 7-8)

E tamén:

Deixou do mozo os últimos halagos,
Dos bicos inda a boca humedecida (vv. 5-6)[18]

[18] O primeiro verso presenta a seguinte versión alternativa autógrafa: Deixa do mozo os sólitos [*A.* prácidos, *a.* molidos, *b.* fervidos] halagos.

21.5/219

»Vejo na prodigiosa delonganza,
Aló nas partes donde o claro día
A frente esconde, vejo d'esperanza
Un resplandor, qu'o noso curso guía;
Vejo de redenzón e venturanza
Un non sei que que soña a fantasía;
Vejo un mundo qu'atrai un mundo noso,
Como un imán gigante e poderoso.

* Tinta azul.

1: Voxo - 3: vexo - 4: q'o - 5: Vexo - 7: Vexo...q'atrai.

2-3. *Cfr.* 217.4-5.

21.6/220

»Vejo qu'a nosa proa vai deixando,
Tendido no magnífico horizonte,
Un camiño grandioso e memorando,
Qu'a gloria leva na radiosa fronte;
E que tras de nosoutros vai quedando
Como gentil, maravillosa ponte,
Como lazo que deixa o genio hispano
Co ponentino, misterioso arcano.

* Tinta azul.

1: Vexo q'a - 4: Q'a.

5. Igual que na lírica, a forma pronominal *nosoutros* é absolutamente esporádica. *Vid.* nota a PM 87.29.

21.7/221

»Vejo no Ocaso un resplandor grandioso,
Como de vasto incendio, que correndo
Do Bóreas vai ao Austro sibiloso,
Qu'os ceos e os mares envolvendo
En luz, qu'o irredento globo noso
Vai con eterna luz esclarecendo:
Est'é o genio hispánico qu'entea
Nun mundo, e novos mundos alumea.

* Tinta azul.
2: Como de vasto incendio] *A*. Cal de fulgentes armas - 3: sibiloso] *A*. sonoroso.

1: Vexo - 4: Q'os - 5: q'o - 7: Est'he...q'entea - 8: N'un.

3. *Bóreas*: *vid*. nota a PI 3.16 (*cfr*. *Os Lusíadas* I.35, III.49, V.9 etc.).
Austro: *vid*. nota a PM 117.10 (*cfr*. *Os Lusíadas* I.21, I.35, I.42 etc.).
Sibiloso ten de ser un derivado do verbo *sibilar* ('asobiar') co suf. *-oso* (*vid*. nota a 28.5), igual que, por exemplo, *pensoso* (*vid*. 3,13f-15f).
4. Suponse o verbo *vai*, presente nos vv. 3 e 6.
7. *Entear*, o mesmo que a forma concorrente *atear*, é 'avivar o fogo, incendiar, inflamar' (*cfr*. *Os Lusíadas* VI.78).

21.8/222

»Vejo os futuros e sublimes fados
Dos fortes Españoles no Occidente;
Vejo o[s] seus feitos boos e asinalados
En apartado e inmenso continente,
E surgir novos pobos celebrados
Das súas lonas, e esforzo prepotente;
Vejo dun novo mundo en toda parte
Flotar trunfante o ibérico estandarte».

* Tinta azul.
5: celebrados] *r.* sublimados - 6: Das súas lonas] *r.* Pl'o seu valor - 7: dun] *r.* un.

1: Vexo - 3: Vexo o - 6: Dar - 7: Vexo d'un.

6. Talvez o erro *dar* por *das* constitúa unha mostra de rotacismo no copista, en liña coa tendencia á confusión *-l->-r-* (*Pauro, subrime*).

S[ección] 22ª

Visión da Fe

22.1/223

Mas cando, presa de grande ansiedade,
Máis turbados os ánimos estaban,
Por cuanto a luz formosa da verdade
Ao Ocaso levar desconfiaban...,
Pola proa, na nocturna inmensidade,
Surgir unha figura contempraban:
Unha figura de pálida frente,
Que c'a destra lle mostra o Occidente.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 8: Que ca man {*A.* destra} lle señala o Occidente > Que ca destra lle mostra o Occidente.
0: Vision da fé.

4: desconfiaban - 5: Po-la - 8: ca.

1. *Presa* é substantivo, aposición de *ánimos* (v. 2).
8. Recollemos a versión a man do copista para este verso, con acento na sexta sílaba na redacción corrixida. Semella que inicialmente o copista ía emendar a versión dactilografada e despois acabou reescribindo o verso completo.

22.2/224

Ela s'apoia, pensativa e bella,
Da redenzón no arbre victorioso;
E como soi a vespertina estrella,
Cuando se pon no Oceano undoso...,
D'inmaculada e mística doncella
Ela o aspecto ten, doce e piadoso:
Seus ollos cinge misteriosa venda,
Cal quen non veja a Dios, a Dios comprenda.

* Tinta azul.

1: s'apolla - 8: vexa.

2. A árbore da redención (*arbre* en Pondal é sempre masculino) é a cruz. *Vid.* tamén 231.5.

22.3/225

Albos seus velos son, alba a súa frente,
Alba a súa celeste vestidura;
Albo o seu rostro triste docemente,
E de virgínea e celestial albura;
Mas do seu rostro mágico e palente
Sae un efluvio bello de tristura,
E esparce da súa mágica beldade
Un non sei que d'amor e de piedade.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 4: alfblura - 5: idlo.

4: virginia.

4. A forma *virginia* do texto mecanografado debe ser unha gralla por *virgínea* (do lat. UIRGINEAM 'virxinal'), forma presente tamén n'*Os Lusíadas* (IX.56) e mais en redaccións anteriores d'*Os Eoas*. Así, aparece tanto nas probas de imprenta (*De molente espesura ben cuberta / E virgíneos encantos de natura*, vv. 3-4), como en diversas oitavas manuscritas que corresponden a estratos redaccionais anteriores á presente versión definitiva: *E queimaba de Lybia a ardente area, / Desde o seo virgíneo radiento* (vv. 3-4); *[...] Os virgíneos seos / Encúrvanse o velamen imitando* (vv. 3-4) etc.
5. *Palente* é un latinismo procedente de PALLENTEM 'pálido'.

22.4/226

Parez que daquel signo os boos e amados
Brazos se tendan píos e constantes
Aos pobos máis diversos e apartados,
Ás praias máis ignotas e distantes,
E diga: «Neste signo libertados
Serán da terra os pobos qu'ignorantes
Están da fe, p'ra que con fe figeran
O que Pedro e que Paulo non puderan».

* Tinta azul.

1: d'aquel - 4: prallas - 5: N'este - 6: q'ignorantes - 7: pra...fixeran - 8: Pauro.

1. O *signo* debe ser a árbore da redención (*vid.* 224.2), isto é, a cruz.
7. O uso do antepretérito, obrigado pola rima con *puderan*, é forzado, en relación con *serán* (v. 6).

22.5/227

Ben conocen nos raios divergentes,
Que da súa bella frente irradïaban
E qu'ás regións dos ceos eminentes
Cos seus puros fulgores alumeaban...,
Ben conocen a Fe, qu'os refulgentes,
Boos camiños do Vesp'ro revelaban:
Ben conocen aquela qu'entendemos,
Por quen cremos aquelo que non vemos.

* Tinta azul.

1: radios - 3: q'ás - 5: q'os - 6: Vespro - 7: q'entendemos.

1. A redacción manuscrita conservada, aínda que diverxente, demostra que *radios*, hipotético cultismo presente na copia dactilografada, é un erro por *raios*, talvez inducido pola consoante inicial de *divergentes* ou por *irradiaban* (v. 2).

22.6/228

«Por ti, oh Fe, por ti só navegamos
—Lle din—. Por ti a toda parte iremos;
Por ti, por túa fe que profesamos,
Noso grande mandato cumpriremos;
Por ti, por túa luz que tanto amamos,
Non só da terra aos lóbregos estremos,
Mas con peito descéramos seguro
Do profundo Aqueronte ao reino escuro».

* Tinta azul.

7. *Seguro* é adxectivo que cualifica a *peito*.
8. *Aqueronte*: un dos catro ríos do Inferno, ou o Inferno en xeral. Fillo do Sol e da Terra, forneceulle auga aos Titáns e por iso o castigou Xúpiter lanzándoo ao Inferno e transformándoo en río, cuxas augas, cheas de lodos, tiñan un sabor amargo.

S[ección] 23ª

Señales de Terra

23.1/229

Polas herbas nadantes, que só cría
A doce terra..., e as aves peregrinas
Que se retiran coa luz do día
Dos traballos das aguas neptuninas...,
Adiviñaran pola longa vía
Veciñanza de terras ponentinas;
E os corazóns con boas alegranzas
S'entregan a mil doces esperanzas.

* Tinta azul.
0: Señales de terra.

1: Po- las erbas - 5: Adeviñaran po-la.

4. Consideramos un erro do copista a forma *adeviñaran*, xa que os testemuños de *adiviñar* son unánimes, tanto na lírica (QP 11.15, 91.12; PI 14.81; PM 71.8), como da redacción manuscrita desta oitava (*vid.* 2d), a pesar que que nunha proba de imprenta de 1885 que corresponde case literalmente a esta redacción aparece a forma *adeviñaran*.
Neptunino é adxectivo derivado de *Neptuno*, o deus dos océanos.

23.2/230

Eran aquelas aves vagorosas
Das que toman dos mares mantimento,
Que nas horas do Vesp'ro silenciosas
Buscan na terra seu reparamento:
Palmípedas de voxo rumorosa[s],
De pico delongado e pé palmento,
E alcatraces que voan agrupados,
E outras nos vastos mares costumados.

* Tinta azul.
7: *add. r.* E outras nos vastos mares costumadas.

2: D'as - 3: Vespro - 6: rumoroso - 8: outros.

5. A ruptura da estrutura rimática co adxectivo *rumoroso* concertando con *voxo* é un lapso, como demostran as dúas redaccións alternativas presentes en 1d, en que o cualificativo concerta con *palmípedas* en non con *voxo*, tanto na primeira redacción (*Pe[l]icanos de voxo perezosos*) como na segunda (*Palmípedas de voxo rumorosos*).
8. *Outras* debe referirse a *aves* (v. 1).

23.3/231

Ja perceben os lasos navegantes
Boos señales de terra conocidos:
Verdes canas gentiles, e flotantes
Paus, con rudo arte feitos e pulidos;
E verdes ramos d'arbres verdejantes,
Recén do amado tronco desprendidos.
E nestes boos señales que notaran
Confiaran, e non pouco s'alegraran.

* Tinta azul.

5: verdexantes - 7: n'estes.

1. Para a forma *perceben*, *vid.* nota a 34.4.
2. Sobre *señal* (tamén no v.7), *vid.* nota a 269.6.

23.4/232

Os tropicales ceos luminosos
Pouco a pouco se van desenvolvendo,
E de día e de nuite máis formosos
E máis claros e puros se facendo,
E seus bellos cendales vaporosos
Con novos astros van resplandecendo:
Ja se senten dos Trópicos ardentes
As brisas máis pracibres e tepentes.

* Tinta azul.

8. *Tepente* é un cultismo procedente do lat. TEPENTEM, do verbo TEPERE 'estar tépedo'.

23.5/233

Já os lasos navegantes van notando
Novos temperamentos, novos ares;
Novos climas e ceos esp'rimentando,
Novos ceos e estrellas, novos mares;
E na natura ambente contemprando
Novas aves e seres singulares:
Novos temperamentos e mudanzas,
Que ll'inspiraban novas esperanzas.

* Tinta azul.

3. esprimentando.

2. Máis unha vez a rima condiciona a aparición dunha forma diverxente, *ares*, fronte a outra xeral, *aire(s)*, tamén en 120.7 e 269.7.
5. O adxectivo *ambente* supón unha redución do ditongo crecente, por hiperenxebrismo, fenómeno inusual na lingua pondaliana. *Vid.* nota a PI 14.77.

23.6/234

Ja senten os ca[n]sados navegantes,
P'los tropicales ventos aportados,
Os süaves efluvios odorantes,
Como de bellos bosques n'alongados
Que s'erguesen en terras non distantes,
De nativos aromas impregnados,
Como ja os sentira a prisca gente
Nas praias da Pancaia antigamente.

* Tinta azul.

1: casados - 2: Pl'os - 3: suaves e flúvios - 8: prallas da Pancaya.

4. A crase do adv. *non* cun adxectivo seguinte que comece por vogal é fenómeno inusual na lingua pondaliana en xeral e particularmente n'*Os Eoas*. *Cfr.* nota a 3.3.
8. *Pancaia:* rexión de Arabia (citada n'*Os Lusíadas* II.12), onde se producía moito incenso e de magnífica cualidade.

23.7/235

Estas e outras señales venturosas
Percibían aqueles esforzados,
Qu'os ánimos lle tornan, amorosas,
De tan longincua ruta traballados;
Que lle prometen das vías undosas
Repousar, e de penas e cuidados;
Que contento lle brindan e alegría,
E descansar da esquiva e longa vía.

* Tinta azul.

3: Q'os.

1. Sobre *señal*, con xénero feminino condicionado pola rima, *vid.* nota a 269.6.

23.8/236

Cal verdejante mies adolescente,
Que leda ao sol de primavera crece,
Se sobrevén quezais sequía ardente,
Mustia a súa frente inclina, e languidece,
E se dispois o ceo ll'envía clemente
Doce chuvia, s'alegra e reverdece...,
Tal dos indicios boos muito s'alegra
A flota, e de valor se reintegra.

* Tinta azul.

1: verdexante.

1. Sobre o castelanismo *mies*, con ditongo de procedencia allea, *vid.* nota a PI 53.6.
4. Nótese tamén a presenza do castelanismo *mustia*, fronte á forma correcta do verbo *murchar* en 113.6. *Vid.* nota a 25.2.

S[ección] 24ª

Os Dioses Temen

24.1/237

—Tezcatlipoca!, ti, a quen obedecen
Os ventos, e as sonoras tempestades,
E os volcáns turbulentos qu'estremecen
Do Anahuac as vastas soedades,
E as brétomas vagantes que se mecen
Dos montes sobre as altas sumidades,
Por que n'afundes co teu sopro airado
Eses fortes no curso celebrado?

* Tinta azul.
0: Os dioses temen. Profecia dos | Dioses.

3: q'estremecen.

1. *Tezcatlipoca:* un dos tres grandes deuses aztecas, criador do mundo e vixilante das conciencias. Identificado coa noite, a morte e as artes máxicas, tiña como símbolo un espello.
4. *Anahuac:* meseta volcánica dos arredores da cidade de México, situada na rexión das «terras frías». Na época precolombina chamouse país de Tenochtitlán; despois estendeuse o nome impropiamente a toda a meseta mexicana.
6. *Sumidade* procede do lat. SUMMITATEM 'a parte máis alta, o punto culminante, cume'.

24.2/238

—Pachacamac —con dolorido acento
Tezcatlipoca cruento lle responde—,
Ben vejo vir un e outro bastimento
Á parte donde o almo sol s'esconde;
Un fulgor vejo erg[u]erse radïento
Do estremo donde á Aurora corresponde,
Que vén das armas deses peregrinos
Héroes, que deitarán nosos de[s]tinos.

* Tinta azul.

3: vexo - 5: vexo ergerse - 7: d'eses - 8: deitaran...detinos.

1. *Pachacamac:* deus inca, o grande creador; as ruínas do seu templo aínda se conservan no val de Lurín, ao sur de Lima (Perú).
8. O acento métrico na sexta sílaba esixe a consideración da forma verbal *deitarán* ('destruirán, anularán') como futuro, máis acaído, por outra banda, ao contexto e á oitava seguinte.

24.3/239

Do escuro Ocaso os dioses misteriosos
Con grande oprobio van a ser vencidos;
Os nosos tempros, os altares nosos,
A ser van para sempre destruídos:
Novos dioses e reinos poderosos
Serán ao ceo erguidos e subidos,
E os feitos destes héroes celebrados
Non poderán deter os duros fados.

* Tinta azul.

7: d'estes heroes - 8: de ter.

7. Repoñemos o til omitido en *héroes*, forma proparoxítona na lingua pondaliana. *Vid.* nota a PM 17.6.

24.4/240

Que máis fácil os rápidos torrentes
Sería deter, e os animosos ventos,
Que do Anahuac os seos ardentes
Conturban cos seus sopros truculentos,
E os condores que voan eminentes,
Sobre dos altos Andes, vagorentos...,
Que deter esa gente vencedora
Do Oceano, e do Ocaso redentora.

* Tinta azul.

4: seos.

3. *Anahuac: vid.* nota a 237.4.
4. O cultismo *truculento* (<TRUCULENTUM 'atroz, terríbel, cruel, bárbaro') tamén aparece documentando n'*Os Lusíadas* V.2.
5. *Condores* é vocábulo paroxítono, confirmado pola sistemática ausencia de acento gráfico nas tres redaccións manuscritas conservadas desta oitava.
6. *Andes: vid.* nota a QP 45.64.

24.5/241

Estes, duns grandes fados imperantes,
Foran non solamente destinados
A debelar os fillos arrogantes
De Javel, vagabundos e atezados,
Mas os berces da Aurora rutilantes
Descubrirán, e Ocaso, delongados,
E alabarán das súas fortes lonas
O trunfo... todos mares, todas zonas.

* Tinta azul.
5. Mas os berces] *r.* Os thálamos.

1: d'uns.

* Consérvase a base autógrafa desta oitava (3c), tamén numerada como 5.
2. Sobre *solamente*, *vid.* nota a 37.3.
3. *Debelar* ('vencer, destruír') constitúe un cultismo procedente do lat. DEBELLARE 'acabar vitoriosamente unha guerra'.
3-4. Os *fillos arrogantes / de Javel*, un dos fillos de Caín (*vid.* 241,1c, baixo a forma *Gebal*), debe facer referencia aos árabes.
5. Como en 243.5, a conx. *mas* deste verso equivale a 'senón (tamén)'.
6. *Ocaso*, xunto con *berces da Aurora*, é o C.D. de *descubrirán*.

24.6/242

E dioses deben ser esclarecidos,
Descidos do Turey, qu'abandonando
Os almos ceos, altos e subidos,
Veñen os longos mares navegando,
Para que sean deles redimidos
Nosos reinos con verbo memorando,
Cal ja nos priscos tempos que pasaran
Nosos grandes zemíes anunciaran.

* Tinta azul.

2: q'abandonando - 5: d'eles.

* A versión manuscrita autógrafa (7c) desta oitava é absolutamente coincidente coa versión mecanografada.
2. *Turey*: o Ceo, na mitoloxía precolombina de Cuba e Haití.
8. Os *zemís* (a forma plural *zemíes* do poema explícase por necesidades métricas, *vid.* nota a PI 14.232; *cfr. zemís* en en 260,1c-2c), son figuras antropomorfas veneradas polos indíxenas antillanos (taínos). Crían que nelas se encarnaban os espíritos dos antepasados defuntos ou doutros seres poderosos.

24.7/243

E non será esta gente vagadora
Da baixa condición contaminada,
De dioses e d'altares destructora,
A marítimos roubos costumada;
Mas héroes inmortales que, da Aurora
Deixando os ricos berces, e súa amada
Patria do ilustre Tajo, van buscando
Os reinos donde o sol se vai deitando.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-6- > 7).
1: será] *r.* he – 2: Da baixa] *r.* (Da) humana, *a.* D'innobre - 5: inmortales] *A.* gloriosos, *a.* generosos.

5: heroes.

5. Sobre *mas* 'senón', *vid.* nota a 241.5. Para a corrección do orixinal *heroes*, *vid.* nota a 239.7.

24.8/244

Estes súas intrépidas entenas,
Seguindo o almo sol qu'acaba o día,
Abrirán, e dispois hacia as serenas
Regións da Aurora qu'o aroma envía,
E vencendo as Harpías e Syrenas...,
Os primeiros na grande e longa vía,
Rodearán o planeta dilatado
Con glorioso periplo celebrado.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 3: Abríran > Abrirán.

2: q'acaba - 4: q'o - 5: e Gorgonas.

* Consérvase a redacción manuscrita autógrafa (5c) da oitava.
3. A prep. *hacia*, castelanismo extremo, só se rexistra n'*Os Eoas* (*vid.* tamén 253.2), sendo practicamente descoñecida na lírica, onde aparece un único rexistro en PM 87.28. *Vid.* nota a 25.2.
5. A rima indícanos que a aparición de *Gorgonas* é un lapso por *Strenas* ou *Syrenas*, que xa formaba parella con *Harpías* en 64.6 e 207.6 (*vid.* nota a 64.6).
7. *Planeta* conserva o grupo consonántico orixinal fronte á xeral *praneta* (60.2, 123.1). *Cfr.* nota a 20.4.

24.9/245

Tempo virá qu'o noso continente,
Qu'ao grande esforzo hispano tanto custa
Deixando a súa patria nobre e ingente,
Por sempre esplenderá con luz augusta,
E verá toda fe e toda gente
Tanto esplendor e tanta luz venusta:
Irradiará no Oriente luminoso
Un gran fulgor sublime e esplendoroso.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-7- > 9).
6: tanta] *r.* sua - 7-8: *a. r.* Verá surgir d'excelsas naos industres, / Novos pobos fortísimos e ilustres.

1: q'o - 2: Q'ao.

4. Nótese o verbo *esplender*, do lat. SPLENDERE 'brillar, faiscar', en liña con outros cultismos da mesma familia lexical. *Vid.* nota a 181.3 e 218.1.
8. Este verso aparece riscado polo poeta, se cadra arrastrado polo rexeitamento da redacción manuscrita alternativa dos vv. 7-8.

24.10/246

Ben vejo nestes a gloriosa gente,
Qu'os antigos zemíes anunciaran,
Daquela parte donde o velo ardente
Da Aurora os ceos d'estrellas marchetaran...,
Cingida d'armadura refulgente,
A cual do sol os raios tanto amaran:
Nova fe, novos dioses sublimados
Traguerán a estes reinos apartados!

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-5- > 10). Corrección de Pondal: 5: Fingida > Cingida.
1: gloriosa] *A.* famosa; *r.* Ay!, que já vexo unha robusta gente - 3: velo] *r.* veo - 7-8: *r.* Novos numes [*A. r.* dioses] e fé nas brancas lonas / Traguen[do] ás nosas apartadas zonas.!, *f.* Que traen os ibericos destinos / Envoltos nos seus liños peregrinos.

1: vexo n'estes - 2: Q'os - 3: D'aquela - 6: rayos.

8. Sobre *traguer* e a conxugación correspondente, *vid.* nota a PI 59.4. *Cfr.* nota a 28.8.

24.11/247

Ai, que ja vejo nos futuros días,
Das edades nos lóbregos cendales,
Facer ilustres as escuras vías
Das ignoradas praias Occidentales,
E surgir destas terras largacías
Nova fe, novos dioses inmortales,
E caer dos abismos nos profundos
Nosos altares sórdidos e inmundos!

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-8- > 11).

1: Ay...vexo - 4: prayas - 5: d'estas...largazias.

4. *Praias* conta como unha única sílaba métrica, feito insólito na produción pondaliana.
7. O plural en *nos profundos* parece forzado pola rima.

S[ección] 25ª

O Vigía de Tope

25.1/248

De juanete na verga debruzado,
Coa vista cravada no Occidente;
Soportando con ánimo esforzado
Os rigores do Trópico rigente,
O nocturno horizonte dilatado
Devorando cos ollos e c'a mente...,
Vai de tope o vigía, e d'esperanza
O corazón lle bate, e de triganza.

* Tinta azul.

1: Do Juanete *IG* - 2: Co a *IG* - 3-4: Cal salvage falcón, alto perchado, / No marchapé sostido tan somente *IG* - 5: e dilatado *IG* - 6: c'os...co a *IG*.

* Seleccionamos a que semella versión posterior pola tinta, coincidente coa versión autógrafa 14d, que presenta a advertencia *Vale*.
1. O *juanete*, con ditongo gráfico fronte a *xoanete*, forma xeral, é a vela superior da gávea.
3-4. A versión seleccionada para estes versos por Carré Aldao procede da redacción 2a.

25.2/249

Do corazón contendo os batementos
Que torturaban seu robusto peito,
Que con profundos golpes turbulentos
Romper querían como vaso estreito...,
En vano seu[s] tormento[s] vïolento[s]
Refrear intenta de valor constreito,
Que no momento da felicidade
O corazón nos salta d'ansiedade.

* Tinta azul.

5: En vano seu tormento violento *MS*, En van os seus tormentos violentos *IG* - 8: Corazón *IG*.

5. A corrección neste verso é necesaria por razóns de rima.
6. *Constreito* (de CONSTRICTUM) é part. irregular do verbo *constringir*.

25.3/250

Era este valente e generoso
De Colón nobremente distinguido;
Nos arduos peligros animoso,
Na gran luita marítima curtido;
De vista perspicaz, e do espacioso,
Vasto horizonte explorador ardido:
Diligente, expertísimo e ligeiro,
Forte lobo de mar e boo gavieiro.

* Tinta azul.

3: E nos *IG* - 4: Da *IG* - 6: esplorador *IG* - 7: espertísimo *IG* - 8: *om.* e *IG*.

2. Para o valor da prep. *de*, *vid.* nota a 9.4.
3. Para a consideración de *arduos* como trisílabo, *vid.* nota a 176.7.
8. *Gavieiro* fai referencia ás *gavias* navais.

25.4/251

Era a hora en que Progne vagorosa
Despertar soe. Aínda non luitaba
No Oríente a bella luz radiosa
Coa terráquea tréboa. Só reinaba
No horizonte fusco a tenebrosa
Nuite, e a vista nada divisaba.
Mas de tope ao vigía, qu'está en vela,
Muito Presentimento lle revela.

* Tinta azul. Correccións apógrafas: 4: [Co]a - 7: [a]o.

3: Oriente *IG* - 4: Co a *IG* - 7: q'esta *MS*.

1. *Progne*: *vid.* nota a QP 19.7.

25.5/252

Atanazado e morto d'ansiedade
P'lo mundo revelar qu'en si sentía...,
Espiaba do Ocaso a imensidade
Con ansiosa e irrequieta fantasía,
Cando, vendo do mar na escuridade
A terra aparecer, que tanto ansía...,
Con unha voz qu'os mortos desenterra
Con poderoso acento gritou: «Terra!».

* Tinta azul.

2: Pl'o...q'en *MS*, Pl'o...qu'en *IG* - 4: inquieta *IG* - 6: *om. os puntos IG* - 7: q'os *MS*, que os *IG*.

25.6/253

Ao escuitar tal grito lisongeiro
Hacia a proa fortísima aguzada,
Lasa ja do grandioso derroteiro,
Precipítase a gente alborozada:
Quen a terra ll'amostra ao compañeiro,
Quen a terra saúda desejada,
Quen «terra!, terra!» repercute e clama,
Quen d'alegría bágoas derrama.

* Tinta azul.
1: *A*. Ao oír un tal grito ll[i]songeiro - 3: *r*. No cual ningun quer ser o derradeiro - 4: *r*. + Precipítase a gente alborozada [*A*. *r*. A gente precipítase apresada] - 5: ll'amostra] *A*. senala.

1: Ao oír un tal *IG* - 2: cortante, apresurada *IG* - 3: Ja lasa *IG* - 5: señala *IG* - 8: Que, c'o entusiasmo, pol-as bágoas chama *IG*; vágoas *MS*.

3-4. A redacción dactiloscrita destes versos aparece riscada (no primeiro deles só o seu inicio), aparecendo reescritos de novo os dous versos ao final da oitava.
7. *Repercutir* é un cultismo procedente do lat. REPERCUTERE 'reflectir o son, reproducir sons'.

25.7/254

«Terra!» repiten, cheos d'alegría,
Humildes e devotos s'ajonllando
Por haber terminado a longa vía,
Humildemente a Dios as gracias dando.
«Terra!» toda a gente repetía,
«Terra!» tódolos ecos van soando;
«Terra!», por donde queira que soaban,
Os mares e os ceos retumbaban.

* Tinta azul.
7-8: *r.* Terra! por donde queira que soaban [*A. r.* quer q'os ecos soaban] / Os mares e a terra contestaban [*A.* os ceos resoaban].

1: de alegría *IG* - 2: se ajonllando *IG* - 5: toda la *MS*, todal-a *IG* - 6: todol'os *MS*, todol-os *IG* - 7: onde...zoaban *IG* - 8: Ceos *IG*.

5. A forma *toda la* do mecanoscrito talvez foi inducida por *tódolos* (*vid.* nota a 187.8) do verso seguinte.

25.8/255

Escuitando tamaña novedade
Exulta a leda flota de contento;
O contento despértalle saudade,
Saudade lle desperta o se[n]timento;
Sentimento despértalle ansiedade
De ver, de tocar terra en tal momento;
E p'la terra tocar que tanto ansía
Alas de fogo cada un ter quería.

* Tinta azul.
1: *r.* Ao escuitar {*A.* Escuitando} de ¡terra! a novedade - 8: quería] *a.* querría.

4: setimento *MS*, sentimento *IG* - 6: De ver tocal-a *IG* - 7: pl'a *MS*, *IG* - 8: querría *IG*.

25.9/256

Cal bando de cansados peregrinos
Polos traballos da súa ruta escuros...
Se ven de longe, aos raios matutinos,
Da anhelada Sïón os santos muros,
S'alegran, ledos seus rostros cetrinos
Mostran, e esquecen os seus casos duros...:
Tal estes s'alegraran, pois juzgaran
Qu'os seus longos traballos s'acabaran.

* Tinta azul. Corrección de Pondal: 3: ben > ven.
1: Cal bando] *r.* Calbando - 2: *A.* Pl'os camiños longuísimos escuros - 4: *A.* Erguérse de Sion os santos muros - 5: ledos seus rostros] *r.* e os rostros seus - 6: *r.* De pranto bañan, do seu ben seguros... - 7: pois] *a.* e - 8: longos] *a.* duros.

2: Po-los *MS;* Pl'os camiños larguísimos escuros *IG* - 3: rayos *MS;* Que ao ver de...rayos *IG* - 4: Sion *MS;* Erguerse de Sion o santos muros *IG* - 5-6: Nos seus semblantes, pol-o ar, cetrinos / Brila ledo o esquecer dos casos duros *IG* - 7: se alegraron *IG* - 8: Q'os *MS;* Que os seus feros traballos se acabaran *IG.*

3: Interpretamos *se* como conx. condicional que introduce a forma verbal *ven,* con concordancia *ad sensum* con *peregrinos* en lugar de *bando.* Deste modo, *s'alegran* é o verbo principal (paralelo a *mostran* e *esquecen,* v. 6), con antecipación pronominal anómala, mais relativamente frecuente por razóns rítmicas nos versos pondalianos.
4. *Sión* debe contar como dúas sílabas métricas, permitindo a sinalefa *da anhelada,* como mostra a redacción alternativa deste verso.

25.10/257

Rodrigo de Tríana...! Ti viñestes
Ao siglo rudo ben afortunado:
Cuando o materno claustro ti rompestes,
Fostes a grandes cousas destinado,
Pois, de todos primeiro, o grito destes
De ser un novo mundo revelado,
Anunciando con grito d'alegría
O desejado fin da longa vía.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada (-9- > -10-).

1: *om. os puntos IG* - 4: Fustes *IG* - 7: de alegría *IG.*

1. *Rodrigo de Triana: vid.* nota a 44.2.

S[ección] 26ª

Os Dioses Caen

26.1/258

Os dioses do Ocaso que s'erguían
Nos seus antros antigos e profundos,
Cando daqueles férvidos oían
Os ecos jubilosos e jocundos...,
Con súbito pavor s'estremecían
Nos seus altares sórdidos e inmundos,
E aqueles qu'error e ignavia ergueran
Con formidabre estrépito caeran.

* Tinta azul.
0: Os dioses caen.

3: d'aqueles - 7: q'herror.

7. *Ignavia* é un latinismo (de IGNAUIAM 'preguiza; covardía'), documentado abondosamente na forma adxectiva (*ignavo*) na lírica (QP 45.137, 81.105; PM 26.41, 61.28, 117.20), para alén da súa presenza n'*Os Lusíadas* (IX.92).

26.2/259

Vencido geme o Océano grandioso
Do nome hispano e súa grande gloria,
Da súa prez e esforzo generoso,
Da súa grande e memoranda historia:
Geme baixo do peso ponderoso
Da súa grande epopeia e gran memoria,
E a grande cerviz do jugo opresa
Mostra, e d'España a gloria e fe confesa.

* Tinta azul.
1: *r.* Vencido geme o Atlantico famoso - 1-2: *p. r.* + Já vencido se mostra e temeroso, / O Oceáno, de tanto esforzo e gloria - 2: grande] *A.* inmensa.

6: epopeya - 7: E na...o presa.

* *Cfr.* a oitava 67.
1. Para *Océano* proparoxítono, *vid.* nota a 49.4.
2. Para o valor da prep. *de*, *vid.* nota a 9.4.
5. Sobre o cultismo *ponderoso vid.* nota a PI 3.17.
7. O sentido esixe a corrección de *na* a prol do artigo, en necesario hiato coa conx. *e* inicial.
Opresa é participio irregular de *oprimir.*

26.3/260

Do ignoto mundo a virgen núa e pura,
Que dormía en gentil rede liviana,
De luxuriante e mólida verdura
Tan só tecida, e de frondosa liana...,
Cuando tal voz oío baixo a escura,
Gran selva tropical americana...
Di despertando: «Os días son chegados,
Qu'anunciano os zemíes sublimados».

* Tinta azul.

5: vaixo - 8: Q'anunciano.

1. *Cfr.* o plural *vírges* en 177.3.
5. A *voz* debe ser a do Oceano confesando *d'España a gloria e fe* (259.8). Por outra parte, a desinencia *-ío*, da P3 de Pretérito, conta neste caso como unha única sílaba, a diferenza do que acontece habitualmente na poesía pondaliana (*cfr.* nota a QP 11.12 e 21.1).

26.4/261

O vento e fortes lonas despregadas
Lentos no seu vigor lle parecían,
Por arribar ás praias almejadas
Polas que tanto soportado habían:
E alas, non lonas, destas costumadas,
Para chegar máis pronto unir quer'rían;
E aínda p'ra chegar máis prontamente
Pouco lle parecera fogo ardente.

* Tinta azul.

3: prayas - 4: Po-las - 5: d'estas - 6: querrian - 7: pra.

3. *Almejar* ('desejar con ansia'), semella un derivado de *alma*, que se rexistra en portugués a partir do s. XVII.
6. Se non é un erro do copista por *querían*, *quer'rían* é unha forma semellante ao *quer'rán* de QP 52.20 e ao *querría* da variante alternativa de 255.8.

26.5/262

A súbita alegría e boo contento
D'acharen desejada e doce terra,
E de pór venturoso acabamento
Do temer e esperar á longa guerra:
O duro nojo e longo sufrimento,
E a duda mortal se lle desterra
Do peito, e pola dicha qu'a[l]canzaban
Reiteradamente a Dios gracias daban.

* Tinta azul.

5: noxo - 7: po-la...q'acanzaban - 8: as gracias.

8. Eliminamos o artigo (*cfr.* 263.1) para resolver hipermetría do verso, que presenta o acento métrico na sétima sílaba (*vid.* nota a 15.2), salvo se consideramos un acento secundario na prep. *a*. *Cfr.* 190.4.

26.6/263

Daban gracias a Dios, e razón tiñan
Para tanto facer, qu'os peitos fortes
Do longo navegar cansados viñan,
Sufrindo esquivas e contrarias sortes;
E boa paz e repouso lle conviñan
Por non sufrir no peito eternas mortes,
Por do mar descansar temido e infando,
E o de terra probar sosego brando.

* Tinta azul.

2: q'os - 6: e ternas.

7. *Infando* (tamén en 280.1) é un latinismo (de INFANDUM 'que non se pode ou debe dicir, vergonzoso; cruel, horribel') tamén utilizado n'*Os Lusíadas* (III.106). *Vid.* nota a 133.5.

26.7/264

Mas Alonso Pinzón, nobre e esforzado,
Que con Colón a gloria compartía
Do gran descubrimento, afeizoado
Así con nobre acento lle decía...:
«Ouh boo Colón, teu nome celebrado
Será por sempre, e túa nombradía;
Por ti da fe o grande éxodo ardido
E o mandato dos ceos fora cumprido.

* Tinta azul. A oitava presenta tres cruces iniciais no encabezamento. Corrección apógrafa: 8: comprido > cumprido.

1. *Alonso Pinzón: vid.* nota a 44.2.
3. *Afeizoado* 'amigábel, afectuoso' é utilizado con este mesmo sentido n'*Os Lusíadas* (I.16, I.33, III.141, IX.46).
6. Sobre o castelanismo *nombradía, vid.* nota a 34.3.

26.8/265

»O teu glorioso e celebrado nome
O tempo intentará borrar en vano,
E o teu alto e grandísimo renome
Durará cuanto dure o Oceano,
E aínda será que na forteza dome
O bronce e o ferro. E teu rumor sob'rano
S'oirá da Aurora a donde o sol s'esconde».
Mas Colombo fervente lle responde:

* Tinta azul. Cuartilla renumerada a máquina (-5- > -7-).

2: bano - 6: sobrano - 7: S'oira...adonde.

5. *Forteza* é derivado directo de *forte*, co suf. *-eza*, fronte á forma común *fortaleza* (16.3, 267.8). *Cfr. longueza* en 88.5.
6. Fronte á forma xeral *soberano* (14.6, 68.1, 74.3, 123.8, 166.3), as necesidades métricas, como noutros moitos casos, explican a aparición da forma sincopada *sob'rano*. *Vid.* nota a 16.3.

26.9/266

«Ouh forte e boo Pinzón, a Dios se debe
Todo grande e glorioso acabamento,
E toda cousa grave e cousa leve
Obedece o seu forte mandamento,
E non a min, de quen o ceo non teve
Un singular e gran merecemento:
Muito pudo a iberiana, forte quilla,
Mas [s]ó Dios fijo tanta maravilla.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 4: [o].

7: iberïana - 8: o...fixo.

5. Fronte á raíz *tuv-* no verbo *ter* (*vid.* nota a 14.5), n'*Os Eoas* reaparece a esporádica forma arcaica *teve* (tamén en 261,1d e 2c; 266,1d), xa documentada na lírica. *Vid.* nota a PI 10.3.

26.10/267

»A Dios solo se debe tanta gloria,
A Dios de donde toda forza emana;
Non do que vén da humana, vana gloria,
Non do que vén da fraca forza humana,
Non de toda ousadía transitoria,
De toda empresa e toda forza vana:
Pouco soe facer mortal fraqueza,
Mas solo Dios é guía e fortaleza».

* Tinta azul. O v. 3 aparece entreliñado a máquina.

2: e mana - 8: he.

26.11/268

Quédase a flota, chea d'alegría,
De boa conserva temporejeando,
Conservando prudente largacía,
Nas aferradas lonas s'aguantando,
Esperando o fulgor do novo día,
A dubidosa costa receando,
Que tanto ante unha costa non amiga
Prudencia aos nautas procurar obriga.

* Tinta azul.
7-8: *a.* Q'a propincua [*A.* non cognita] costa non amiga, / Ser cautos e prudentes os obriga.

2. *Temporejear* debe ser adaptación do esp. *temporejar* 'manterse con pouca vela sen se afastar dun punto ou lugar determinado'.
3. Neste contexto, *largacía* é substantivo, explicado polo poeta no seu glosario: «*Largazía, largazúa.* Subst. Amplitud, extensión».[19]
4. No ámbito marítimo, *aferrar* é 'recoller e unir unha vela á súa verga, para que non reciba vento nin este a poida despregar'.

[19] *Cfr.* X. Mª GÓMEZ CLEMENTE, / X. B. ARIAS FREIXEDO, «O 'vocabulario gallego-castellano' de Eduardo Pondal», *Cadernos de Lingua*, Real Academia Galega, nº 3, 1990, 2º semestre, p. 35, s.v.

Sec[ción] 27ª

Un Novo Mundo!

Titulos autógrafos.

27.1/269

Mas cuando o almo sol, e refulgente,
Se levantaba na región eoa,
Eis aparece un vasto continente (1),
Que non distante s'ergue pola proa,
Que, dos mares mostrándose emergente,
Siñal demostra d'esperanza boa:
No aire matutino s'esfumando,
Se vai da escura sombra libertando.

Nota 1ª
No ignora el lector que los Españoles, en su maravillosa |3 epopeya de descubierta, arribaron primeramente a la pequeña Isla de Gua|4nahaní, una de las Lucayas o Bahamas; pero convenía al plan del poeta |5 el prescindir de la verdad histórica en este punto, para presentar en toda su grandeza |6 la visión del continente. |7 N. del A.

* Tinta azul. O número da nota foi acrecentado por Pondal.
0: Un novo mundo! - 3: Eis aparece] *r.* ll' - 6: Siñal demostra d'] *A.* Iris de paz e - 7: No aire] *r.* Que no alre.
5n: prescindir de] *r.* alterar.

4: po-la.

6. *Siñal*, forma híbrida galego-castelá tamén presente en 275.8, é minoritario n'*Os Eoas* fronte ao castelanismo pleno *señal*, con xénero vacilante (131.4, 231.2 e 7, 235.1), aínda que aparece a forma correcta na variación manuscrita (*Boas señas / Boos sinales* en 173,2d), por súa vez maioritaria na lírica (*vid.* nota a PI 13.44). En coherencia con este uso lexical, aparece o verbo *señalar* (161.5, 223.8), neste caso convivindo co frecuente adxectivo *asinalado* (7.7, 34.7, 188.2, 222.3), sen dúbida tirado da literatura portuguesa (*cfr. Os Lusíadas* I.1, II.18, VI.58 etc.).

27.2/270

Qu'á vista ll'aparece delongado,
Cuberto d'altas selvas tropicales:
Selvas de bello aspecto desusado
E dun verdor eterno, e virginales,
Nunca rotas de grave e curvo arado,
Non holladas jamais de pés mortales;
Escurecido muito por antigua
E enmarañada e hórrida manigua.

* Tinta azul.

1: Q'á - 4: d'un - 6: Jamais.

7. A referencia nominal de *escurecido*, o mesmo que *delongado* (v. 1) e *cuberto* (v. 2) é *continente* (269.3).
A forma *antigua* aparece condicionado pola rima con *manigua* (*cfr. antigo* en 3.2, 10.4, 25.4 etc.).
8. *Manigua* é unha voz americana ('terreo cubano cuberto de maleza').

27.3/271

El é bello e sublime, e sai dos mares
Con primitiva e grande magestade,
Coroado de bosques singulares,
De luxuriante e mágica beldade,
De seibas e de cocos e palmares,
Que doce sombra dan e escuridade:
Vegetazón magnífica e esplendente,
Que solo cría o Trópico candente.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-2- > 3).
1: sublime] *r.* grandioso; bello e sublime] *A.* vasto e grandioso - 8: candente] *r.* ardente; *r.* Q'o Tropico animar soi curvo e urgente, *a.* Q'o sello mostra do Trópico [*a.* tropical] ardente - 7-8: *f.* Q'o bello sello tropical ardente / Escrito leva na radiosa frente.

1: he.

1. *Sai* é forma monosilábica, fronte á bisilábica *sae* (225.6). *Vid.* nota a QP 34.8. *Cfr.* nota a 182.6.
5. As *seibas* son unhas árbores americanas, denominadas *ceibas*, da familia das bombacáceas.

27.4/272

Grandes serras ostenta, e grandes ríos,
Vastas sabanas e vistosas aves;
E mil golfos e senos largacíos,
Nunca surcados d'espalmadas naves;
E salvages esteiros e bohíos,
E grandiosos volcáns d'estrondos graves:
Daquela cor súa gente non s'escusa,
Qu'ao mundo deu o irmán de Lampetusa.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 1: (e).

5: boíhos 7: D'aquela - 8: Q'ao...deo o hirman.

3. O castelanismo *senos* é forma única fronte ao xeral *seos*: 71.8, 208.6, 211.2, 212.4, 214.8 e 240.3.
8. Para a forma verbal *deu*, *vid.* nota a 3.2. O *irmán de Lampetusa*, isto é, o Sol (*vid.* nota a 95.5) explica a cor escura dos habitantes do novo continente (v. 7).

27.5/273

Mundo maravilloso!, bello mundo!,
Doutras gentes non visto nin soñado,
E só do genio hispánico fecundo
Das ponentinas tréboas libertado;
Redimido do Océano profundo,
Onde nunca arribou leño espalmado:
Envolto nos vapores ponentinos,
Parez qu'espere os seus grandes de[s]tinos.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-4- > 5)
1: bello] *A.* excelso - 4: tréboas] *r.* trevas.

2: D'outras - 8: q'espere...detinos.

3. Para o valor da prep. *de*, *vid.* nota a 9.4.
5. Sobre o carácter proparoxítono de *Océano* neste verso, esixido pola métrica, *vid.* nota a 49.4.

27.6/274

Sopra de terra un brando e regalado
Sopro, de tropical e prácid'aura,
Qu'aos fortes navegantes o cansado
Peito e o laso ánimo restaura:
Non doutro modo [o] bando fatigado,
Dispois d'atravesar a area maura,
Se reanima, e da súa ruta olvida
O gran traballo e a gran pranura ardida.

* Tinta azul. Cuartilla renumerada por Pondal (-5- > 6).

3: Q'aos - 5: d'outro.

6. A *area maura*, co latinismo *mauro* ('mouro, escuro'), presente tamén n'*Os Lusíadas* (I.6, I.67 etc.), semella facer referencia a unha praia en que descansarían os españois.

27.7/275

Cércano illas sin conto, e se distende
Longamente nos mares, e s'alonga,
E o seu corpo, que grandioso estende,
Cada vez máis da vista se delonga;
E o Trópico e a Liña corta e fende,
E dun ao outro pólo se prolonga,
Desde as algentes vías boreales
A donde o Austro pujo os seus siñales.

* Tinta azul.
1: Cércano illas sin conto] *r.* Este hé grande e sublime, *A.* O cercan illas mil, *B. r.* Hé d'illa, *C.* O cingen illas mil - 7: algentes vías] *r.* fulgentes luces - 7-8: *a.* E se dilata desde as frías Osas, / As Nubes Magallánicas famosas.

6: d'un - 8: poxo.

* A versión seleccionada debe ser a derradeira, á vista da nova numeración xa incorporada no mecanoscrito.
5-8. Alusión á extensión e lonxitude do continente americano.
5. *Liña: vid.* nota a 146.4.
7. *Algente* procede do lat. ALGENTEM, part. pres. de ALGERE 'ter frío'.
8. *Austro: vid.* nota a 221.3.
Sobre *siñal, vid.* nota a 269.6.

27.8/276

Neste mundo por quen tan longamente
P'los mares anduveran peregrinos,
Os males soportando fortemente,
Cual dioses inmortales e divinos...,
Animados tan só de fe fervente
Para cumprir grandísimos destinos...,
Terra toman, e a aqueles qu'esperaban
A novo Dios e nova fe chamaban.

* Tinta azul. Cuartilla numerada e renumerada polo poeta (7 > 8).
3-4: *A*. Os males soportando e noxo urgente / Cual s'inmortales fosen e divinos... - 7-8: *r*. (Terra toman;) e os pobos ignorados / Do Ocaso, fono a nova fé chamados - 8: chamaban] *a*. evocaban.

1: N'este - 2: Pl'os - 7: q'esperaban.

27.9/277

Admiran os indígenas turbados
D'armas cingida a forte gente hispana (2),
E os alígeros leños espalmados,
E o trage e rica pompa iberïana.
Admíranse os desnudos e os armados
Mutuamente, e máis a gente indiana,
Que nota cuanto aqueles coruscantes
Da súa deboleza estén distantes.

Nota 2ª
No hay contradicción alguna entre esta estrofa y la inicial del poe|[3]ma.
Los Españoles se presentan aquí totalmente armados de sus bri|[5]llantes armaduras, no como aparatosa ostentación de fuerza, mas sólo con el noble pro|[6]pósito de celebrar y solemnizar dignamente su [feliz y] glorioso arribo a un nuevo mundo.
Por lo demás, el autor, en este momento de su trabajo poético, se pro|[8]puso únicamente poner de relieve el choque y admirable contraste de dos opuestas ci|[9]vilizaciones. |[10] (N. del A.).

* Tinta azul. Cuartilla numerada e renumerada por Pondal (8 > 9), que tamén numera a nota.

4: ponpa - 7: coruscantes.
4n: totalmente] *r.* completamente - 6n: arribo a un] *r.* desembarco en el.

3. *Alígero* é un cultismo procedente do lat. ALIGERUM 'alado'.
7. *Coruscantes* é un erro do copista por *coruscantes*. *Vid.* nota a 199.5.
8. *Deboleza*, que tamén aparece en diversas redaccións manuscritas desta oitava (4d, 6d, 9d, 11d) constitúe unha forma anaptítica de *debleza*, utilizada na redacción diverxente *Cuanto da sua debleza son distantes* (7d). *Cfr.* nota a 65.1.
Por outra parte, o verbo en presente de subxuntivo resulta anómalo, mais o testemuño das redaccións manuscritas confirma o texto mecanografado.

27.10/278

Ergue Colón o lábaro fervente
Da fe, e os dous da Patria os boos Pinzóns,
Onde son figurados nobremente
E castelos e intrépidos Leóns;
E os fortes, qu'admira toda gente
E admirarán edades e nazóns...,
Os vetos da Visión grande venceran,
E un redimido mundo ao mundo deran.

* Tinta azul.

1: lávaro - 5: q'admira.

* Existe versión manuscrita autógrafa (24c) desta oitava, numerada por erro como 11, aínda que a versión dactilografada concorrente (1a) foi renumerada correctamente polo poeta.
4. Para a anticipación da conx. *e vid.* nota a 45.2.
A referencia aos estandartes de León e Castela (*cfr. os dous da Patria*, v. 2) é obvia, como xa acontecía en PM 61.10.

Sec[ción] 28ª

Un Novo Mundo!
(Epílogo)

Títulos autógrafos.

28.1/279

Así, dispois de tantas dubidanzas,
Tanto tempo probadas e sentidas...,
E de tantas e tantas esperanzas,
Tantas veces adversas e fallidas;
Dispois de tantos mares e triganzas,
Con un peito fortísimo sufridas...,
Deran estes ao mundo testimonio
Das nunca vistas terras do Favonio.

* Tinta azul. Cuartilla con tres cruces como encabezamento.
8: nunca vistas] *r.* apartadas - 7-8: *f.* Por dar da Fe as terras testimonio / Q'as longas alas cobren do Fabonio / Que jacen baixo as alas do Fabonio, / Q'esconde cas suas alas o Fabonio.

4. Sobre *fallidas*, *vid.* nota a 107.6.
8. *Favonio*: *vid.* nota a 40.4.

28.2/280

Así fortes venceran, e os infandos
Vetos da gran Visión foran vencidos;
E con grandes esforzos memorandos
Do Ocaso os camiños redimidos
Fono, e da patria os votos venerandos
Dos altos ceos piadosamente oídos;
E así os votos dos antigos días
Cumpridos fono, e as grandes profecías.

* Tinta azul.

* Existe redacción autógrafa (15d) desta oitava.

5. *Venerando* ('que debe ser venerado') é un cultismo tamén presente n'*Os Lusíadas* (IV.71, IV.86, IV.94 etc.). *Vid.* nota a 133.5.

28.3/281

Tanto uns poucos e intrépidos puderan!
Non de malla cingidos e guardados,
Non de bruñido aceiro..., mas venceran
Por fe, que fai os peitos esforzados;
E co surco radiante que figeran
Nos mares, os seus leños arriscados...
Alumbraran con grande claridade
Non só a patria..., mas toda a humanidade.

* Tinta azul.

5: fixeran.

28.4/282

Tanto puderan os hispanos peitos!
Tanto puderan as hispanas lonas
Qu'os límites da patria achando estreitos
Acharan novos mundos, novas zonas!
Así os Hispanos de robustos feitos
Ben dignos foran d'eternas coronas,
E pobos mil, qu'a súa gran voz oíran,
Das súas lonas intrépidas saíran!

* Tinta azul.

3: Q'os - 7: ca.

6. O acento métrico recae na sétima sílaba. *Vid.* nota a 15.2.
Á vista da sistemática forma *coroar* (na versión definitiva d'*Os Eoas* en 271.3) e de *coroa* (QP 81.85; PM 76.30), o castelanismo *coronas* só se explica pola necesidade de rima con *lonas* e *zonas*.

28.5/283

Así vencío o hispano peito forte,
Por grande esforzo e p'runha fe sin erro;
E de[s]truír seu feito adversa sorte
Non pod'rán, nin o fogo nin o ferro,
Nin a pálida envidia, nin a morte
Escura, nin da historia o gran desterro,
Nin o longo labor do tempo insano,
Nin as aguas do férvido Oceano.

* Tinta azul.

2: pr'unha - 3: detruir - 4: podrán.

* *Cfr.* PA 27.
2. Sobre contracción *p'runha, vid.* nota a 200.5.
4. Sobre *pod'rán vid.* nota a 22.6.

28.6/284

En vano novos leños vagorentos,
En vano novas lonas arriscadas
Enfiarán novos soles radïentos,
Novas terras e praias ignoradas.
Todo en vano! Os hispanos bastimentos
Non deixano, ant'as proas denodadas,
Desde as favonias ás regións Eoas,
Glorioso trunfo a venideiras proas.

* Tinta azul.

4: prayas - 7: fabonias.

* A versión manuscrita autógrafa (11d) da oitava coincide coa redacción mecanografada.
6. Só nesta ocasión se produce a crase da vogal final da prep. *ante*, fronte a 35.6, 68.3, 143.7 e 213.7. *Vid.* nota a 101.5 e 210.3.

28.7/285

Pod'rán as duras Parcas rigurosas
Fïar dos grandes feitos a ventura,
E nas hispanas lonas victoriosas
Rhamnusia executar súa forza dura;
Pod'rán novas nazoes envidiosas,
E os duros fados da Visión escura,
E dos tempos a lei dura e notoria
Seu poder destruír..., mas non súa gloria.

* Tinta azul. Corrección apógrafa: 2: Fian > Fiar.

1: Podrán - 2: Fiar - 4: ejecutar - 5: Podrán - 7: arei.

* Existe versión manuscrita autógrafa (4d) desta oitava.
1. Sobre *pod'rán* (tamén no v. 5) *vid.* nota a 22.6.
Parcas: as tres divindades que decidían o destino do ser humano, cortando o fío da vida (fig. a morte), segundo algúns, fillas de Zeus e de Temis.
4. *Rhamnusia*: sobrenome dado a Némesis, deusa da xustiza, por ser adorada en Ramnús, aldea da Ática.
5. Para a forma plural *nazoes*, *vid.* nota a 41.1.

MATERIAIS COMPLEMENTARIOS

Nota

[1d]

Por lo demas deberian estas estro | fas intitularse {*A.* ser intituladas} Os Fillos do | Sol?, deberían intitularse {*a.* ser intituladas} | Os fillos da Aurora?

El lector podrá de | todos, dárlas el título {*a.* nombre} | que mas le plazca.

[2d]

Debia titularse {*A.* intitularse} este | poema {*A.* Por lo demas, deberia este poema} Los Hijos del Sol?

Debía titularse Los hijos | de la A{u}rora?

Póngale de estos | el lector, el título que mas | le guste {*a.* El lector podrá | ponerle, de estos el que | mas le plazca}.

[3d]

Cuando los Españoles | capitaneados por {*A.* el eternamente el admirable} Cristo- | bal Colon, y ceñidos por | brillantes armaduras {*f.* que revela | ban {refleja{ban}} otra civilizacion} en las | cuales reflejaban y reverberaban | los ardientes rayos del | sol de los Tropicos {rodeandolos | de una estrana [...]}, arriba- | ron {del lado del Oriente} a las costas america | nas, los maravillados {*A.* admirados} in- | digenas exclamaron: | He aquí los Hijos del | Sol!, los hijos de la Auro | ra! {*f.* con los significativos y poe- | ticos nombres de Hijos del Sol, | hijos de la Aurora}.

He aqui el motivo | por que he intitulado este | poema Los hijos del Sol

Le lector dira si | el poeta tuvo motivos {*r.* hubo motivo} para tanto | lar [sic] asi su poema.

[4d]

Nota.

Cuando los Españoles, capitaneados por | nuestro eternamente memorable Cristo|-bal Colon, ceñidos de brillantes armaduras, | que anunciaban otra civilizacion y en | las cuales percutía y centelleaba el ardien|te sol de los Trópicos, arribaron del lado | del Oriente a las costas del Nuevo-|-Mundo, designaronlos los [*r.* los maravillados indígenas] maravilla-|dos indígenas con los bellos y signifi-|cativos nombres de Los hijos del Sol, Los hijos de la Aurora.

Hé aquí la razon por | qué el poeta intituló así estas estrofas. | N. del A.

[5d][1]

Os Fillos do Sol.<Los Hijos del>

[Con este] | Vello y significante y por | todo extremo poetico nombre | designaban [*r.* con que] los maravillados | indigenas americanos, [*r.* designa|ron] a los Españoles, descubri-|dores del nuevo mundo, cuando | estos al aparecer por vez | primera ante sus costas | del lado del Oriente, ceñidos | de sus brillantes arneses y arma|duras, en los cuales el sol de | los tropicos percutía y rever|veraba, los compararon | a dioses inmortales! [*f.* los nombraron de tal modo | comparandoles [*a.* teniendolos] a dioses inmortales].

Y con este nombre | titulo yo el poema que dedico a mis | compatriotas los gallegos.

[6c]

Os Fillos do Sol

Con este bello y por todo | extremo significativo [*A.* sugestivo] nombre, | designaron los maravillados | indígenas americanos a los | Españoles descubridores del | Nuevo-Mundo al ver a estos | arribar a sus costas del lado | de las misteriosas y apartadas [*r.* lejanas] regiones del | sol naciente. | N. del A.

Al lector[2]

[1d]

[es] no solo son capaz<c>es de [tratar] los asun|tos ma[s] breves [*A.* blandos] y afectuosos, sino | tambien de abordar aquellos de mas | ardidos y arriscados empeños.

---

[1] Nun papel grande (170 x 240 mm).

[2] O texto dactilografado é copia exacta de dúas papeletas que presentan o mesmo texto manuscrito.

[2d]

Este trabajo poetico escribi, unicamente | con el objeto de demostrar que nuestro | antiguo cuanto ilustre verbo gallego | es no solo capaz de los mas bellos y | y fugitivos lieds (*A.* asuntos mas tenues), mas (*A.* sino) tambien de | aquellos ~~asuntos~~ de mas árduos ~~intentos~~ | y ~~mas~~ arriscados empeños.

Sección 1ª

1.1/1

[1a][3] *O Poeta*

D'aqueles Héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousáran;
Q'animosos mostrando os peitos rudos,
A tan grandes propostos s'obrigáran;
E por fé ardídos, e de ferro nudos,
Vencéran, e as edades admiráran;
Do olvido para sempre se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[2a][4] *O Poeta*

D'aqueles Héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofrecéran, tanto ousáran;
E de todo indefensos, e desnudos
De ferro, combatéran e luitáran;
E por fé grande, intrépidos e rudos,
Vencéran, e as edades admiráran;
Da morte po-lo feito
Do olvido para sempre se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[3b][5] *Os Eoas* | *O POETA:*

D'aqueles peitos fortes e barudos,
Q'a tanto s'arriscaran
Que tanto cometéran, tanto ousáran;
E de todo indefénsos e desnudos
De ferro cometéran e luitáran;

---

[3] Tinta azul, sen numerar.

[4] Tinta azul, sen numerar.

[5] Oitava numerada (-1-), escrita con tinta negra, agás o número, con tinta azul.

rigentes
E sin petos gulgentes, sin escudos /f
Vencéran, e do olvido se libráran, ...
Direi; se tanto alento me for dado,
D'emular o seu curso celebrado.
~~Cuyos nomes da fama levantados~~

[4b][6]

D'aqueles peitos fortes e barudos,
Q'a tanto s'arriscáran, tanto ousáran;
E de todo indefensos e desnudos
De ferro, combatéran e luitáran;
E sin petos fulgentes, sin escudos,
Venceran, e do olvido se libraran;
levantados
Cuyos nomes da fama ~~subrimados~~,
celebrados
Foran d'eterna morte libertados; ...
+ Foran da lei da morte libertados; ...

[5d] = [1] + [2.1-2, 7-8] *Final de la primera*

~~morosos~~
Non dos peitos imbeles e saudosos
Non dos ánimos mols ao ocio dados;
Non dos espritos brandos e mimosos
morosos
E a brandos ejercicios costumados;
A brandos ejercicios costumados
imbeles
+ Non dos espritos brandos e morosos
+ A indignos ejercicios costumados
Mais de peitos robustos e animosos,
Mais q'en ferro cingidos e dobrados
que de duro ferro ben forjado
Que por traballos duros e rigentes
Famosos mostraran
Ilustres se tornaran e excelentes
Tornaranse inmortales e excelentes

[6] Numerada (-1-), escrita con tinta negra.

Diréi. D'aqueles fortes e barudos
E dos robustos
Mas dos peitos, robustos e barudos
Dos peitos esforzados e barudos
Que muito cometeran, muito ousaran
Diréi, e d'aqueloutros ben barudos
Que muito cometeran, muito ousaran

S'hé que animo e esforzo me for dado
ingente
D'emular o seu curso grande e ousado

[6c]

Barons
D'aqueles heroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
fe solo armados
Que de ~~todo indefensos~~, e desnudos
De ferro, combateran e luitaran;
esforzo
E por ~~fe grande~~ intrepidos e rudos,
Venceran, e do olvido se libraran;
Unha morte sin gloria desdeñando,
A vida coa fama dilatando;...

[7d]

D'aqueles esforzados e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Tan fortes e admirabres cuanto rudos
fulgentes
Que ja Fillos do Sol os nomearan: Con razon do Sol fillos os chamaran
Que de fe armados e de ferro nudos, nomearan
Venceran, e as edades admiraran;
Da<E da> morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando

[8d]

D'aqueles esforzados e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran,
De peitos sufridores cuanto rudos,
Que já Fillos do Sol se nomearan;
E de fé armados, mas de ferro nudos

Venceran, e altas cousas acabaran;
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[9d]
D'aqueles esforzados e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Aos peligros opondo os peitos rudos,
Por descubrir as terras q'ensoñaran;
E de fé armados, e de ferro nudos,
Vencéran, e as edades admiraran;
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[10d] *Mejor*
D'aqueles esforzados e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran,
Q'animosos mostrando os peitos rudos
grandes peligros
A tan longos camiños s'arriscaran;
E por fé ardidos, e de ferro nudos,
Venceran, e as edades admiraran;
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando.

[11d]
D'aqueles esforzados e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran,
Que dispostos a todo os peitos rudos
arriscaran
A tan longos camiños s'obrigaran: + A tan dudosas rutas s'obrigaran
E de fe armados, mas de ferro nudos, temidas
as edades admiraran longincuas
Venceran, e altas cousas acabaran;
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[12d] *1*
D'aqueles esforzados e barudos
D'aqueles H<h>éroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran,

Que cingidos d'esforzo os peitos rudos,
Coas tréboas terráqueas luitaran;
+ Os alongados mares navegaran
Que de fe armados e [de] ferro nudos,
Venceran, e as edades admiraran;
E da morte se foran libertando
~~E pl'o gran feito e gran[de] arriscamento~~
A vida coa fama dilatando
~~Se libraran d'eterno esquecemento;~~

+ Os camiños do Ignoto navegaran;
++ As nunca ousadas rutas navegaran
++ Da morte po-los feitos se librando,
++ A vida coa fama dilatando

[13d] *Definitiva*
D'aqueles esforzados e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Q'animosos mostrando os peitos rudos
++ Tanto sofriran, tanto navegaran;
tan outros traballos s'arriscaran
+ A tamaños peligros s'arriscaran,
+ A tan longos camiños s'obrigaran;
arriscaran
E por fe ardidos, e de ferro nudos
Venceran, e as edades admiraran;
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando

[14d]
+ D'aqueles esforzados e barudos
+ Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran,
males sufridores
+ De peitos admirabres cuanto rudos,
+ E de peitos fortisimos e rudos
+ De peitos potentisimos e rudos
Tal que se
+ Que ja Fillos do Sol os nomearan,
mas
E de fe armados e de ferro nudos
Venceno grandes
Venceran, e altas cousas ¿crearan?
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando

[15d]

heroes fortes e
D'aqueles esforzados e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Q'animosos mostrando os peitos rudos,
s'arriscaran
A tan grandes propostos s'obrigaran;
ardidos
E por fe ~~ardidos~~ e de ferro nudos,
Venceran, e as edades admiraran;
Do olvido para sempre
~~Da morte pl'o gran feito~~ se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[16d]

D'aqueles héroes fortes e barudos
altos
D'aqueles esforzados e barudos,
Q'a tanto s'arriscaran, tanto ousaran;
Que cingidos d'esforzo os peitos rudos, — nunca ousados mares
Mostraran e e [sic] mil males mostraran — Os alongados mares navegaran
Grandes cousas ousaran e acabaran; — Muito sufriran, muito soportaran
e esquivos males soportaran — Mil esquivos traballos soportaran
Que de ferro e d'arnés sendo desnudos,
malla
olvido
Venceran, e da morte se libraran;
Cuyos nomes da fama sublimados
Foran d'escura morte libertados
do esquecemento

[17d][7]

Dos peitos esforzados e barudos
Que muito cometeran, muito ousaran;...
E de todo indefensos e desnudos
De ferro, muito, muito soportaran;
fervidos e rudos
Que resistiran firmes e forzudos
E por armas cruentas non trunfaran,...

[7] Escrita a lapis en 1r, nun papel dobrado e pautado.

Direi, ...se tanto alento me for dado...
Digno de tanto empeño celebrado
Direi, ...se tanto ingenio me for dado,...
Digno de feito forte e denodado
celebrado

[18d]

D'aqueles fortes e robustos peitos
Que tanto cometeran, tanto ousaran;
Os quais juzgando os límites estreitos
Pra hispana gloria muito navegaran
E de malla e d'aceiro non constreitos
Venceran, e da morte se libraran,...
Direi; se tanto alento me for dado
D'emular o seu curso celebrado

Os quais da patria os limites estreitos
Juzgando, muito, muito navegaran:

A nobre gloria hispana
Da patria a gloria hispana navegaran
muito ousaran
Que tanto creran, tanto tanto ousaran
soportaran
Que tanto creran, tanto s'obrigaran

[19d] = [1] + [3.1]

D'aqueles peitos boos e asinal[a]dos
Que tanto cometeran, tanto ousaran,
Que desnudo[s] de todo e despojados
De ferro, combateran e luitaran;
E de fulgente arnes non resguardados
Venceran, e da morte se libraran,...
Direi; se tanto alento me for dado
D'emular o seu curso celebrado

Diosa gentil, do lauro verdecente
da croa

[20d]

D'aqueles peitos boos e asinalados
Que muito cometeran, muito ousaran;
E de brillantes armas despojados
Combateran, e muito soportaran;
E só de fé e d'esforzo resguardados,

Venceran, e do olvido se libraran;
Direi, ...se tanto alento me for dado
D'emular o seu curso celebrado

[21d]

D'aqueles fortes e barudos peitos,
Que tanto cometeran, tanto ousáran;
Q'os límites da pátria achando estreitos
Muito sofreran, muito navegaran;
cabaleiros
E fortes navegantes e perfeitos,
Venceran, e do olvido se libraran;
Direi; se tanto alento me for dado
D'emular o seu curso celebrado

[22d] = [1] + [2.1-2]

[r] *Por (período ¿dionisíaco?)* | *1ª*
D'aqueles peitos fortes e barudos
Que tanto cometeran, tanto ousaran;
E de todo indefensos e desnudos
De ferro combateran e luitaran:
E sin petos fulgentes, sin escudos,
Venceran e do olvido se libraran;
Por cuyo valor
E por valor seus nomes celebrados;...
Foran da escura morte libertados;...
Foran aos altos ceos levantados;...
Por quen ja
E por quen fono en oblibion deitados;...
Os priscos Argonautas celebrados;...
Todol'os Argonautas celebrados;...
Letes
Por cuyo valor no oblibion deitados
Foran os Argonautas celebrados;...

(Vuelta)

[v] Letes
Por cuyo valor no oblibion deitados
Foran tódol-os nautas celebrados.
Foran os Argonautas celebrados;...
+ E por valor seus nomes celebrados
+ Foran aos altos ceos levantados;...

D'aqueles que por grandes alonganzas + E por grandes e ignotas delonganzas
Do escuro Ocaso as nunca ousadas vias + Do escuro Ocaso as nunca ousadas vias
Cometeran

[23d]

D'aqueles peitos fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que por fe grande intrepidos e rudos,
Coas tréboas terráqueas luitaran;
E de fe armados, e de ferro nudos,
Venceran, e as edades admiraran;
E da morte se foran libertando,
A vida coa fama dilatando;

[24d] = [1] + [2.1] *1ª otra*

Barons
D'aqueles peitos fortes e barudos,
Q'a tanto s'arriscaran, tanto ousaran,
E de todo indefensos, e desnudos
De ferro, combateran e luitaran:
Que sin petos fulgentes, sin escudos
Venceran e do olvido se libraran;
No muito ousar ardidos e constantes,
No soportar a dioses somellantes

Que deixando as iberas demoranzas,

[25d] *1ª*

D'aqueles peitos fortes e barudos,
Q'a tanto s'arriscaran
~~Que tanto cometeran~~ tanto ousaran;
Q'a tanto s'obrigaran
E de todo indefensos e desnudos,
De ferro combateran e luitaran:
forjados petos
E sin petos fulgentes, sin escudos,
rigentes
Venceran, e da morte se libraran;
olvido
sublimados
Cuyos nomes da fama celebrados
Foron aos altos ceos levantados;...

~~a eterna gloria~~
+ Foran d'escura morte libertados
eterna
Foran da comun morte libertados

[26d]
D'aqueles Heroes fortes e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que de todo indefensos e desnudos
De ferro, a tanto feito s'arriscaran;
Que sin petos fulgentes, sin escudos,
munidos
E só de fe guardados, s'aprestaran
A mostrar cuanto pode alto e sobrano,
O forte e ilustre peito soberano
iberiano
+ A mostrar canto pode o peito hispano
- En todo intento grande e soberano
En toda empresa ilustre soberano
De quen temera o ferrido Oceano
o duro Mauritano
De quen tanto temera o Mauritano

[27d] *O Poeta 1ª*
D'aqueles Héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que<E> de todo indefensos e desnudos
arrisco s'arriscaran
De ferro a tanto empeño s'obrigaran
E sin petos fulgentes, sin escudos,
Solo de fé cingidos se mostraran;
Mostrando cuanto pode o peito humano
Que s'apoya no ceo soberano
Mostrando cuanto pode humano peito
Por grande fé, pr'esforzo boo constreito
gran louvor

[28d]
D'aqueles Heroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
E de todo indefensos e desnudos
De ferro a tanto arrisco s'obrigaran;

E por detélos dos intentos rudos
Tanto a madres ibericas choraran;
Temendo
Cuidando que por mor dos longos mares
Non tornaran a ver os patrios lares
tornarian
Cuidando que já nunca volverian
~~Volver~~
A ver os campos que deixar querian

[29d] = [1] + [2.1-2]
D'aqueles heroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Q'animosos mostrando os peitos rudos,
propostos
A tan grandes ~~obrigas~~ s'obrigaran;
propostos
Que por detelos dos empeños
Cuyos empeños ~~asperos~~ e rudos,
boas ¿timidas?
Tanto as madres ibericas choraran
campos
Cuidando que por mor dos longos mares, Cuidando que ja nunca volverian
Non tornaran a ver os patrios lares A ver os campos que deixar querian[8]

Que deixando as iberas demoranzas
Do ignoto Ocaso as nunca ousadas vias
Cometeran,

[30d]
D'aqueles héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que cingidos d'esforzo os peitos rudos,
Coas treboas terráqueas luitaran:
nudos
E en fé só armados e de ferro desnudos E so armados de fe, de ferro nudos
Venceran, e as edades admiraran;
Por cuyo feito e grande arriscamento,

[8] A dereita, en vertical cara a baixo.

~~Foran~~
Se libraran d'eterno esquecemento;...

[31d]

D'aqueles heroes fortes e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que cingidos d'esforzo os peitos rudos
As alongadas rutas navegaran:
Os alongados mares
E d'armas despojados e desnudos,
Venceran, e as edades admiraran;
E pl'o tal feito e grande arriscamento
Se libraran d'eterno esquecemento

[32d]

D'aqueles héroes fortes e barudos
Q' tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que de fe e d'esforzo os peitos rudos, Que cingidos d'esforzo os peitos rudos
cas treboas luitaran Coas treboas terraqueas luitaran
Cingiran, e ~~os abismos navegaran~~:
E sin lanzas, sin petos, sin escudos
Venceran e as edades admiraran;
E pl'o tal feito e grande arriscamento
Se libráran d'etérno esquecemento;...

[33d]

D'aqueles Heroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que de fé e d'esforzo os peitos rudos
os abismos navegaran
Cingiran, e mil males soportaran;
E sin lanzas, sin petos, sin escudos
Venceran, e louvor grande alcanzaran
Venceno, e grandes cousas acabaran
inmortal nome
E con tal feito ilustre e roburento
Se libraran d'eterno esquecemento,...
Cuyos nomes, co feito roburento
Se libraran d'eterno esquecemento

[34d] = [1] + [2.1-2]

D'aqueles Héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que de todo indefensos e desnudos
feito
De ferro, a tanto empeño s'arriscaran;
E sin petos fulgentes, sin escudos
munidos
E só de fé cingidos s'aprestaran
guardados
A levar a ensoñado, ignoto mundo,
Da ilustre España
Do hispano verbo o espiritu fecundo;...
Da nobre Iberia

Que deixando as iberas demoranzas
Do escuro Ocaso as nunca ousadas vias
Cometeran

[35d]

fortes
D'aqueles héroes poucos e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que cingidos d'esforzo os peitos rudos
Mostraran e mil males soportaran;
lanzas fulgentes
Que sin armas, sin petos, sin escudos
elmos
Ardidos combatéran, e trunfaran;
Cuyos nomes da fama sublimados
Foran d'escura morte libertados;
D'escura morte foran libertados:...

[36d]

D'aqueles héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Q'armados só d'esforzo os peitos rudos
d'alto
Q'armados de boo esforzo, os peitos rudos
Mostraran, e mil males soportaran;
E sin lanzas, sin petos, sin escudos,
Ardidos combateran, e trunfaran,...

~~Diréi: ...Mas pra cantar un tanto feito~~
~~Un r~~
Cuyos nomes da fama sublimados
Foran d'escura morte libertados

[37d]
D'aqueles héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que cingidos d'esforzo os peitos rudos
Tanto sofreran, tanto soportaran:
E sin lanzas, sin petos, sin escudos,
Venceran, e do olvido se libraran;
Cuyos nomes da fama sublimados,
Foran d'escura morte libertados;
Foran aos altos ceos levantados;

[38d]
peitos
D'aqueles heroes fortes e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
E de todo indefensos e desnudos
De ferro combateran e luitaran;
E por fé grande intrepidos e rudos,
Venceran, e as edades admiraran;
Da morte pl'o gran feito {se} librando,
A vida coa fama dilatando;...

[39c] *1ª (la mejor)*
D'aqueles héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que de todo indefensos e desnudos
De ferro, combateran e luitaran;
E por fe grande intrepidos e rudos
do olvido se libraran,
Venceran e ~~as edades admiraran~~;
A morte generosos desdeñando
valerosos
~~Da morte para sempre se librando~~,
+ A vida coa fama dilatando;...

[40c] *Mejor*
D'aqueles héroes fortes e barudos,
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
Que d'esforzo so armados, e desnudos
armados
De ferro, combateran e luitaran;
E por fé grande intrepidos e rudos
Venceran, e do olvido se libraran;
Unha morte sin gloria desdeñando,
O peligro e a morte desdeñando
A vida coa fama dilatando;...

[41d]
D'aqueles Héroes fortes e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran;
E de todo indefensos e desnudos
De ferro, combateran e luitaran;
E sin lanzas, sin petos, sin escudos
Venceran, e as edades admiraran;
olvido
Da morte pl'o gran feito se librando,
A vida coa fama dilatando;...

[42f] = [v. 1]
nobres
D'aqueles fortes, recios e barudos
D'aqueles héroes, fortes e barudos

[43f] = [vv. 1-4]
D'aqueles esforzados e barudos
Q'a tanto s'ofreceran, tanto ousaran
Que dispostos a todo os peitos rudos
De todo sufridores cuanto rudos
Q'aos peligros opondo os peitos rudos
A tan longos camiños s'obrigaran

[44f] = [vv. 5-8]
E sin petos fulgentes, sin escudos,
movidos
E só de fé cingidos s'aprestaban
guardados

A levar ~~no velamen seu jocundo~~
a ensoñado, ignoto mundo,
~~Da nobre España~~
Do hispano verbo o espírito fecundo;...
pode soberʃano]
Pra mostrar cuanto he forte e soberano
O valeroso peito iberïano
denodado
A mostrar canto pode alto e sobrano
no Oceano
+ A mostrar cuanto pode soberano
no Oceano
+ O valeroso peito iberiano;...

[45e] = [vv. 6-8]
Vencéran, e do olvido se libraran,
Na morte, eterna vida procurando.
A vida coa fama dilatando;...

[46e] = [vv. 7-8] *1ª finales*
E chamáran a boa fé de Cristo,
Maravilloso mundo nunca visto;...
mandamento
E de Pedro e de Paulo ao forte intento
D'a fé estender, lle deron cumprimento;...

[47f] = [vv. 7-8]
[r] Para levar a boa fe de Cristo
A presentido mundo, nunca visto
presentido
Para levar a misterioso mundo
suspeitado
Do hispano verbo o espiritu fecundo
Da hispana fe
Para levar no velame seu rotundo
jocundo
O hispano verbo a misterioso mundo
A hispana fe a presentido mundo
Pra levar no velamen seu jocundo
rotundo
O hispano verbo a misterioso mundo
Para levarar [sic] a misterioso mundo
Do hispano verbo o espiritu fecundo

[v] Cuyos nomes pl'a fama levantados,
Do escuro Letes non serán deitados

[48f] = [vv. 7-8]
Para tentar o Océano profundo
E descubrir un presentido mundo
misterioso

[49f] = [vv. 7-8]
A levar no velâme albo e rotundo
Da ilustre España o espiritu fecundo
insigne
egregia

[50f] = [vv. 7-8]
E pr'estender a fé que recibiran
De Pedro e Paulo os votos cumpriran
a volunta

[51f] = [vv. 7-8]
E
Que foran novos mares navegando,
D'España a fe e o imperio dilatando
e o verbo
o excelso verbo
poeta o ardido pano
Diréi; se do meu genio o ardido pano
Emular o seu curso soberano
almo e lexano
s'he q'o poeta en seus
Direi; se do poeta os boos empeños
Pode emular uns arriscados leños
Emular pode seus ardidos leños,...
os mais ardidos leños...
Direi, s'hé q'o poeta soberanos
Emular pode os mais ardidos panos.
Direi; s'he q'o poeta peregriños
~~Pode emular~~ uns atrevidos liños
Emular pode os mais audaces liños

[52f] = [vv. 7-8]

Direi; s'hé q'o poeta en seus empeños
Emular pode aqueles ferreños
Emular pode os peitos mais ferreños
uns peitos ferreños
Direi; mas como o poeta en seus empeños
Dira do curso d'uns ardidos leños?
Direi; Mas como o poeta en seus empeños
Desteses [sic] dira e d'uns audaces leños
seus ardidos lenos

[53f] = [vv. 7-8]

Diréi; ...Mas pra cantar un tanto feito
Gran sonido hei mister e ferreo peito
Ben mister hei robusto e ferreo peito
Voz sublime hei mister e ferreo peito
robusta

[54f] = [vv. 7-8]

sujeito
Certo tamen diréi. Mas tanto feito
Boa ajuda requer e ferreo peito
Alta
Grande
¡Cuanta ajuda precisa e ferreo peito!
Muita ajuda precisa e ferreo peito
¡Cuan grande voz precisa e ferreo peito

[55f] = [vv. 7-8] + [26.5-6?]

[r] canto
Diréi;... S'ao rudo estro meu for dado
De competir o seu velame alado
D'emular o seu curso celebrado
Seguir tan longe o seu velame alado
se tanto alento me for dado
+ Diréi;... S'ao rudo ingenio meu for dado
+ D'emular seu velame denodado
+ Diréi;... se tanto alento me for dado
+ D'emular [o] seu curso denodado
+ D'emular seu velame forte celebrado
alado
Que pudese emular seu curso ousado

[v] Cuya grande voluntade esta orientada
ligada
A sua area desolada e adusta
Mentres as Parcas
Fadas

[56f] = [vv. 7-8]
Direi tamen, e da sua gran tortura
- Inti[mla e longa, e mais que morte dura
Por longo navegar esquiva e dura
+ Certo direi tamen, e a gran longura
Da sua grande ruta esquiva e dura

[57f] = [vv. 7-8]
obter
Na eterna vida en si juzgando
A morte, ~~vida eterna~~ ¿razoando?
s'abrogando
+ Na morte eterna vida procurando,
A vida coa fama dilatando

[58e] = [vv. 7-8]
Na morte vida eterna procurando,
A vida con fama dilatando

[59e] = [vv. 7-8]
vida
Da vida á eterna gloria s'acercando
Da morte po-la fama s'alongando
se librando

[60e] = [vv. 7-8]
Da morte po-lo feito se librando
A vida coa fama dilatando;...

[61f] = [v. 8]
Ben hei mister infatigabre peito
Forte voz hei mister e forte peito
Ben hei mister robusto e forte peito
Sublimado hei mister, robusto peito

[62f] = [v. 8][9]

Muita voz he mister e ferreo peito
Grande
¡Cuanta voz he mister e ferreo peito
forza forte
Recia voz he mister e recio peito
Forte voz he mister e forte peito

[63f] = [1.1, 7-8] + [2.1-2, 7-8] *1ª Otra*

D'aqueles Barons fortes e barudos

Mil esquivos traballos soportando
A dioses inmortales somellando:...
\+ Por esforzo inmortales se tornando

recordanzas
\- Que por amor das patrias demoranzas
Do escuro Ocaso as nunca ousadas vias
Cometeran ___ ___
_____ _____ _____ _____ _____
Direi; se tanto alento me for dado,
D'emular o seu curso celebrado

[64f] = [1.1, 3-4] + [4.2-4] *1ª. Proposicion. Vária*

D'aqueles esforzados e barudos
D'aqueles heroes fortes e barudos

Que con peitos fortisimos e rudos
Q'animosos mostrando os peitos rudos — Que dispostos a todo os peitos rudos[10]
Q'aos peligros opondo os peitos rudo[s], — A tan grandes peligros s'arriscaran
De peitos sufridores cuanto rudos — A tan longos camiños s'arriscaran
A tan longos camiños s'arriscaran

2ª

4ª Celebraran intrepidos sonidos;
E que por ti, por teus nobres acentos

[9] No reverso aparece o título da sección 26: Os dioses caen. | ó | (se derrumban) | o | Os dioses do Ignoto [*a*. Ocaso].

[10] Estes versos aparecen a continuación da primeira redacción.

Fono os heroes erguidos e subidos,
Fono os antigos heroes subidos
Fono os heroes fortísimos subidos

[65f] = [1.1-6] + [2.7-8]
Dos esforzados e brandos peitos
D'aqueles fortes e robustos peitos
Que tanto cometeran, tanto ousaran;
E os limites da patria achando estreitos
Pra quen os pátrios lindes sendo estreitos
sofriran
Muito luitaran, muito navegaran;
E por fe cabaleiros e perfeitos
E de ferreos arneses non constreitos
E sin ferreos arneses e perfeitos
Venceran, e da morte se libraran,
Diréi;
final 2ª
labor tan ruda
Direi tamen; mas pra tal cousa e ruda
He mister unha grande e forte ajuda
Certo direi tamen; mas sin ajuda
Grande, cumprir non podo a empresa ruda

[66f] = [1.3-4] + [2.1-2]
Que cingidos d'esforzo os peitos rudos
As nunca ousadas rutas navegaran

Que deixando as iberas demoranzas,
Do sol cadente a as [sic] alongadas vias,
Cometeran, delongadas

[67f] = [1.6-8] + [2.7-8]
1ª term.
luz se coroaran
Venceran e de gloria se croaran
E co seu feito grande e roburento
E cuyos nomes co feito roburento
Se libraran d'eterno esquecemento
2ª term.
Diréi; se tanto alento me for dado

D'emular o seu curso denodado
grande e ousado
Otra term.
1ª
Cuyos nomes da fama sublimados
Foran d'escura morte libertados
2ª
Diréi. Mas pra cantar un tanto feito
Ferrea voz hei mister e ferreo peito

[68f] = [1.7-8] + [2.1, 7-8]
[r] Un sublime hei mister e inmortal canto
Un sublime hei mister, robusto canto
Un robusto hei mister e forte canto

1ª final
Cuyos nomes pl'o ¿noento? grande e forte
Non pagaran tributo a lei da morte
renderan

2ª final
Diréi; se tanto ingenio me for [dado]
D'emular o seu curso celebrado

E os alongados mares nav[eg]lando
De sí deixano un nome memorando

[v] Con esforzo os traballos
Mil traballos esquivos soportando
De si deixando un nome memorando

Que deixando as iberas demoranzas

Mil esquivos traballos soportando
Con esforzo os traballos soportando

[69f] = [1.7-8] + [2.1-2]
A levar no velámen seu jocundo
rotundo
A fe d'España a misterioso mundo;...

Que deixando as iberas demoranzas,
Do ignoto Ocaso as nunca ousadas vias,
Cometeran,

[70f] = [1.7-8] + [2.1-2] *1ª final*
E da morte se foran libertando,
A vida coa fama dilatando;...

Q'adios decindo as pátrias demoranzas
Do ignoto Ocaso as nunca ousadas vias
Cometeran;

[71f] = [1.7-8][11] + [2.7-8]
1ª
E soportando mil esquivos males
De mortales tornamos inmortales
Po-lo esforzo
E no olvido os antigos Argonautas
Deitaran, e os futuros grandes nautas;...
2ª
Direi; se tanto alento me for dado
D'emular o seu curso celebrado

[72f] = [1.7-8] + [2.7-8]
1ª
Cuyos nomes da fama sublimados,
Foran d'eterna morte libertados;...
2ª
Diréi. Mas pra cantar tamaño feito
Ben hei mister un forte e férreo peito

1.2/2
[1b][12]
E como con estrénua constanza,
Do escuro Ocaso a nunca ousada via
Cometeran, e d'ardua esperanza,
Lasos e traballados nuite e dia
Foran, e de temor e dubidanza

[11] *Cfr.* var. de 124.7-8.
[12] Oitava numerada (-2-), mecanografada con tinta azul.

o valor tolle e amufia, ...
Pungente, q'os propostos boos enfria,...
Tamen diréi. Mas pra tamaño feito,
Férrea voz hé mister e férreo peito.
Forte

forte
Certo Tamen diréi; mas sin ajuda
Grande me fora empresa esquiva e ruda
fora imposible empresa e ruda
ousadia fora torpe e ruda
insana e

[2b][13]

Que deixando as iberas demoranzas,
Do escuro Ocaso as nunca ousadas vias
Cometéran, e d'árduas esperanzas,
Traballados sin fin nuites e dias
Foran, e de mil dudas e triganzas
Grandes, e mil durezas e vigias, ...
Diréi: Mas para tal e tanto feito,
Forte voz hei mister e férreo peito
Fora mister forte e férreo peito.
+ Mister fora un robusto e férreo peito

+ Diréi; se tanto alento me for dado
